



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X leislatura
Serie Pleno
Número 140

Sesión plenaria
3 de decembro de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Textos lexislativos

1.1 Debate e votación do ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, do Proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario (doc. núm. 52558, 10/PL-000017)

Publicación do Ditame da Comisión, BOPG nº 568, do 26.11.2019

Publicación mantemento emendas, BOPG nº 568, do 26.11.2019

1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G.P. Mixto, de modificación da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido (doc. núm. 57950, 10/PPLC-000018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 556, do 31.10.2019

Punto 2. Comparecencia

2.1 59364 (10/CPP-000117)

Da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, para informar da liña de traballo de cara á negociación de TAC e cotas para 2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 569, do 27.11.2019

Punto 3. Mocións

3.1 59169 (10/MOC-000167)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa atención á diversidade do alumnado nos centros docentes. (Moción consecuencia da Interpelación nº 57774, publicada no BOPG nº 552, do 23.10.2019, e debatida na sesión plenaria do 19.11.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 569, do 27.11.2019

3.2 59273 (10/MOC-000168)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Santos Queiruga, Carmen

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa situación dos xulgados de violencia contra a muller. (Moción consecuencia da Interpelación nº 57403, publicada no BOPG nº 547, do 16.10.2019, e debatida na sesión plenaria do 19.11.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 569, do 27.11.2019



3.3 59299 (10/MOC-000169)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa extracción de berberecho nas rías de Galicia. (Moción consecuencia da Interpelación nº 58055, publicada no BOPG nº 555, do 30.10.2019, e debatida na sesión plenaria do 19.11.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 569, do 27.11.2019

3.4 59301 (10/MOC-000170)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa pobreza e a exclusión social. (Moción consecuencia da Interpelación nº 56678, publicada no BOPG nº 544, do 09.10.2019, e debatida na sesión plenaria do 19.11.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 569, do 27.11.2019

Punto 4. Proposicións non de lei**4.1 33261 (10/PNP-002517)****Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Sánchez García, Antón e Rodríguez Estévez, David**

Sobre a dotación pola Xunta de Galicia dos medios persoais e orzamentarios necesarios ao Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, coa cobertura das vacantes de persoal investigador existentes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 338, do 19.07.2018

4.2 54429 (10/PNP-004029)**Grupo Parlamentario Mixto****Vázquez Verao, Paula e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación de Galicia respecto do cambio climático e a deterioración ambiental

Publicación da iniciativa, BOPG nº 524, do 04.09.2019

4.3 56220 (10/PNP-004156)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas demandas da comunidade hospitalaria referidas ás deficiencias existentes en distintas especialidades e o futuro do servizo de cociña do Hospital Comarcal de Verín

Publicación da iniciativa, BOPG nº 540, do 02.10.2019

4.4 56785 (10/PNP-004192)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e oito deputados/as máis**

Sobre a reiteración polo Goberno galego diante do Goberno central da demanda de retirada da limitación das taxas de reposición de prazas para o sistema sanitario público

Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019



4.5 57625 (10/PNP-004274)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa oferta aos pacientes da sanidade pública da súa intervención cirúrxica nun centro concertado, en cumprimento da Lei de garantías de prestacións sanitarias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 551, do 22.10.2019

4.6 58485 (10/PNP-004353)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias que presentan as instalacións e a carencia de material didáctico axeitado no Centro Superior de Música de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 560, do 13.11.2019

4.7 58855 (10/PNP-004375)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que se deben levar a cabo en relación co drama da emigración

Publicación da iniciativa con correccións, BOPG nº 564, do 19.11.2019

4.8 58957 (10/PNP-004382)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Nóvoa Iglesias, Marta e trece deputados/as máis**

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da convocatoria de novas poxas de enerxías renovables para o aumento da potencia eólica instalada en Galicia, así como da produción dese tipo de enerxías.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 564, do 19.11.2019

Punto 5. Interpelacións**5.1 44596 (10/INT-001471)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre as medidas previstas pola Consellería do Mar para mellorar a seguridade nas costas tras o naufraxio do cerqueiro *Sin Querer Dos* o día 19 de decembro de 2018, así como os datos referidos ao dispositivo mobilizado por Salvamento Marítimo nese sinistro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 423, do 31.01.2019

5.2 54378 (10/INT-001810)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co cambio climático

Publicación da iniciativa, BOPG nº 524, do 04.09.2019



5.3 58810 (10/INT-002016)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Solla Fernández, Eva**

Sobre a política do Goberno galego en materia de atención pediátrica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 564, do 19.11.2019

Punto 6. Preguntas para resposta oral o presidente da Xunta**6.1 59375 (10/POPX-000178)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre as rectificacións que vai realizar o Goberno galego na súa política sanitaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 569, do 27.11.2019

6.2 59376 (10/POPX-000179)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Sánchez García, Antón**

Sobre as razóns do Goberno galego para non situar entre as súas prioridades a protección do patrimonio natural de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 569, do 27.11.2019

6.3 59377 (10/POPX-000180)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa industria naval

Publicación da iniciativa, BOPG nº 569, do 27.11.2019

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.1 58005 (10/POP-006881)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas á existencia dunha nova declaración de impacto ambiental á empresa responsable da construción do parque eólico da serra do Iribio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 555, do 30.10.2019

7.2 57695 (10/POP-006837)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pérez Seco, José Manuel**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do cumprimento do horizonte temporal establecido entre os anos 2015 e 2017 para o remate da actuación denominada VAP Costa Norte, treitos A Coruña e resto dos treitos, prevista no Programa de vías de altas prestacións

Publicación da iniciativa, BOPG nº 552, do 23.10.2019



7.3 58549 (10/POP-006929)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Quinteiro Araújo, Paula e catro deputados/as máis**

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para garantir o futuro da empresa Unifon, en Ourense, co cadro de persoal actual

Publicación da iniciativa, BOPG nº 560, do 13.11.2019

7.4 59342 (10/PUP-000279)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para o desenvolvemento dun plan de futuro que permita garantir os postos de traballo, os dereitos laborais e a actividade nos estaleiros e empresas auxiliares do sector naval da ría de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 569, do 27.11.2019

7.5 59346 (10/PUP-000280)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vega Pérez, Daniel e sete deputados/as máis**

Sobre o mantemento polo Goberno central dalgún contacto coa Xunta de Galicia para presentar algunha solución á problemática existente na factoría de Alcoa, en San Cibrao

Publicación da iniciativa, BOPG nº 569, do 27.11.2019

7.6 55108 (10/POP-006535)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre o mantemento polo Goberno galego, na actualidade, do compromiso de creación do Museo da Romanización de Galicia no cuartel de San Fernando, en Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 528, do 11.09.2019

7.7 56764 (10/POP-006724)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e oito deputados/as máis**

Sobre os datos do Goberno galego respecto do grao de cumprimento da Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, no referido ao apartado correspondente aos tempos máximos de acceso a elas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

7.8 57971 (10/POP-006878)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da perda progresiva de servizos que se vén producindo no Hospital de Verín

Publicación da iniciativa, BOPG nº 555, do 30.10.2019

7.9 59366 (10/PUP-000281)**Grupo Parlamentario Mixto****Vázquez Verao, Paula e tres deputados/as máis**

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para recortar servizos sanitarios no Hospital Comarcal de Verín

Publicación da iniciativa, BOPG nº 569, do 27.11.2019

7.10 55358 (10/POP-006571)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta e sete deputados/as máis

Sobre o balance do Goberno galego respecto da posta en marcha do proxecto Red May, de apoio e mantemento comunitario de persoas maiores no contorno rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 533, do 18.09.2019



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia dunha nova deputada. (Punto preliminar da orde do día.)

Antes de entrar na orde do día, en cumprimento do artigo 7.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, o señor presidente solicita a prestación de xuramento ou promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia da nova deputada dona Encarnación Liñeiro Pouso. (Páx. 14.)

A señora Encarnación Liñeiro Pouso (S) presta a súa promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia. (Páx. 14.)

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 14.)

Presentación do ditame: Sr. presidente da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos (Castiñeira Broz). (Páx. 15.)



Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sr. Rodríguez Estévez (M) (Páx. 16.), Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 20.), Sr. Cal Ogando (GCE) (Páx. 23.), Sr. Álvarez Martínez (S) (Páx. 27.) e Sr. Trenor López (P). (Páx. 31.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Sr. Rodríguez Estévez (M) (Páx. 35.), Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 37.), Sr. Cal Ogando (GCE) (Páx. 38.), Sr. Álvarez Martínez (S) (Páx. 40.) e Sr. Trenor López (P). (Páx. 41.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. Mixto, de modificación da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: Sra. Vázquez Veroa (M). (Páx. 43.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 45.), Sra. Torregrosa Sañudo (GCE) (Páx. 48.), Sra. Porrit Lueiro (S) (Páx. 51.) e Sra. Fernández Macías (P). (Páx. 52.)

Rolda de réplica: Sra. Vázquez Veroa (M). (Páx. 55.)

Votación dos textos lexislativos

Votación das emendas 3, 6, 11, 15, 18, 19, 21 e 27 do G. P. Mixto ao Proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 18 votos a favor, 39 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 56.)

Votación das emendas do G. P. Mixto ao Proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario, agás as xa votadas, non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 56.)

Votación das emendas números 15, 22, 29, 31, 33 e 34 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 18 votos a favor, 39 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 56.)

Votación das emendas G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario, agás as xa votadas, non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 56.)

Votación das emendas números 11, 15, 17 e 18 do G. P. Grupo Común da Esquerda ao Proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situa-



cións de risco sanitario non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 18 votos a favor, 39 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 57.)

Votación das emendas do G. P. Grupo Común da Esquerda ao Proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario, agás as xa votadas, non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 57.)

Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 57.)

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario: *aprobado por 40 votos a favor, 31 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 58.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. Mixto, de modificación da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido: *aprobada por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 58.)

Comparecencia da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, para informar da liña de traballo de cara á negociación de TAC e cotas para 2020. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 58.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Casal Vidal (M)* (Páx. 64.), *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 67.), *Sr. Jove González (GCE)* (Páx. 70.), *Sra. Otero Rodríguez (S)* (Páx. 73.) e *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 76.)

Réplica do Goberno: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 79.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 82.) *Nesta rolda interveñen o señor Casal Vidal (M)* (Páx. 82.), *a señora Prado Cores (BNG)* (Páx. 884.), *o señor Jove González (GCE)* (Páx. 86.), *a señora Otero Rodríguez (S)* (Páx. 87.), *a señora Egerique Mosquera (P)* (Páx. 89.) e *a señora conselleira do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 91.)

Modificación no desenvolvemento da orde do día

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica que a primeira moción que se vai debater é a que figura no punto 3.4 da orde do día. (Páx. 94.)



Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa pobreza e a exclusión social. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 94.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Blanco Rodríguez (S). (Páx. 95.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Vázquez Verao (M) (Páx. 98.) e Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 100.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Quinteiro Araújo (GCE) (Páx. 101.) e Sra. Rodríguez Arias (P). (Páx. 103.)

A señora Blanco Rodríguez (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 105.)

Moción do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa atención á diversidade do alumnado nos centros docentes. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 107.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Cuña Bóveda (GCE). (Páx. 108.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Vázquez Verao (M) (Páx. 110.) e Sr. Álvarez Martínez (S). (Páx. 112.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Rodil Fernández (GCE) (Páx. 114.) e Sra. Antón Vilasánchez (P). (Páx. 115.)

A señora Cuña Bóveda (GCE) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 117.)

Moción do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D^a Carmen Santos Queiruga, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa situación dos xulgados de violencia contra a muller. (Punto terceiro da orde do día.)

A señora presidenta (Solla Fernández) comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 118.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Santos Queiruga (GCE). (Páx. 119.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Pierres López (S) (Páx. 122.) e Sra. Prado del Río (P) (Páx. 124.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Villares Naveira (M) (Páx. 126.) e Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 128.)

A señora Santos Queiruga (GCE) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 131.)



Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa extracción de berberecho nas rías de Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica que a esta moción non se presentaron emendas. (Páx. 132.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 135.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Casal Vidal (M)* (Páx. 136.), *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 137.), *Sr. Jove González (GCE)* (Páx. 139.) e *Sra. Salorio Porral (P).* (Páx. 140.)

Nova intervención do señor Torrado Quintela (S). (Páx. 142.)

Votación das mocións

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa atención á diversidade do alumnado nos centros docentes: *rexeitado por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 143.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D^a Carmen Santos Queiruga, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa situación dos xulgados de violencia contra a muller: *rexeitado por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 144.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa extracción de berberecho nas rías de Galicia: *aprobada por 70 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 144.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa pobreza e a exclusión social: *rexeitada por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 145.)

Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. David Rodríguez Estévez, sobre a dotación pola Xunta de Galicia dos medios persoais e orzamentarios necesarios ao Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, coa cobertura das vacantes de persoal investigador existentes. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 146.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Sánchez García (GCE).* (Páx. 146.)



Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Pérez Seco (S). (Páx. 148.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Rodríguez Estévez (M) (Páx. 150.) Sr. Rivas Cruz (BNG) (Páx. 151.) e Sr. Blanco Pardelo (P). (Páx. 153.)

O señor Sánchez García (GCE) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 154.)

Proposición non de lei do G. P. Mixto, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Vero e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación de Galicia respecto do cambio climático e a deterioración ambiental. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 157.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Rodríguez Estévez (M) (Páx. 1158.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 160.), Sra. Vilán Lorenzo (S). (Páx. 162.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Cal Ogando (GCE) (Páx. 163.) e Sr. Trenor López (P). (Páx. 165.)

O señor Rodríguez Estévez (M) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 167.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas demandas da comunidade hospitalaria referidas ás deficiencias existentes en distintas especialidades e o futuro do servizo de cociña do Hospital Comarcal de Verín. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 168.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 169.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 173.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Rodríguez Estévez (M) (Páx. 174.), Sra. Solla Fernández (GCE) (Páx. 176.) e Sr. Núñez Centeno (P). (Páx. 179.)

A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 180.)

Suspéndese a sesión ás oito e cincuenta e un minutos da noite.



Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Bos días.

Ábrese a sesión do día de hoxe.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non se procede á súa lectura.

Xustificaron a súa inasistencia o presidente do Parlamento, señor Miguel Santalices, e a portavoz do Grupo do BNG, a señora Pontón Mondelo.

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia dunha nova deputada

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Entramos na orde do día, pero temos, como punto preliminar, a prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia da nova deputada, a señora Encarnación Liñeiro Pouso.

Dando cumprimento ao previsto no artigo 7.1.3 do Regulamento, procedo a solicitar a prestación da promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía da nova deputada.

Segundo o procedemento, a fórmula é a de contestar «si, xuro» ou «si, prometo» á pregunta desta Presidencia.

Prégolle que responda dende o escano á pregunta que lle vou formular.

Dona Encarnación Liñeiro Pouso, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia?

A señora LIÑEIRO POUSO: Si, prometo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Unha vez prestada a promesa, adquire a condición plena de deputada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

Pasamos entón ao punto primeiro, o de textos lexislativos

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Mantéñense emendas polo Grupo Parlamentario Mixto, tamén polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, polo do Grupo Común da



Esquerda e polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, que non imos enumerar porque son moitas e xa as teñen vostedes.

Para a presentación do Ditame da Comisión ten a palabra o presidente da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, o señor Castiñeira Broz.

O señor PRESIDENTE DA COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS (Castiñeira Broz): Bos días, señor presidente.

Señorías, o Proxecto de lei de medias de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario tivo entrada no rexistro do Parlamento con data 12 de xullo de 2019. A súa admisión a trámite efectuouse pola Mesa do Parlamento na reunión do 17 de xullo, que procedeu á apertura do prazo de presentación de emendas —que rematou o 18 de setembro e o 5 de outubro de 2019 para as emendas á totalidade e ao articulado respectivamente—.

Concretamente, as tres emendas á totalidade de devolución, presentadas polos grupos parlamentarios Mixto, do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Común da Esquerda, rexeitáronse na sesión plenaria do 8 de outubro de 2019.

Pola súa parte, as emendas ao articulado presentadas e admitidas a trámite foron un total de 183 —62 do Grupo Parlamentario Mixto, 41 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, 23 do Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda, 46 do Grupo dos Socialistas de Galicia e 11 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia—.

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na sesión do 17 de outubro designou a ponencia encargada de elaborar o informe, que se constituíu ao remate desa mesma sesión, cos seguintes relatores titulares: don Gonzalo Trenor López, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia; don Luís Manuel Álvarez Martínez, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia; don Marcos Cal Ogando, do Grupo Común da Esquerda; don Xosé Luís Bará Torres, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego; e don David Rodríguez Estévez, do Grupo Parlamentario Mixto.

Posteriormente, a Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na sesión do 21 de outubro, aprobou o ditame que estou a presentar, por sete votos a favor, un en contra e catro abstencións. Incorporáronse ao texto do proxecto de lei, ademais das correspondentes emendas técnicas, 38 emendas —unha delas, transaccionada—.

Cómpre, pois, rematar hoxe a tramitación deste procedemento legislativo coa aprobación, se é o caso, do Proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario.

Moitas grazas, e grazas aos ponentes polo seu traballo.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Pasamos agora á rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas.



Polo Grupo Parlamentario Mixto, ten a palabra o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Ben, bo día a todos e a todas.

Dende o Grupo Parlamentario Mixto volvemos recalcar que mostramos a nosa preocupación con respecto a algúns aspectos desta nova lei, que pensamos que pode contravir determinadas disposicións normativas articulando un réxime de intervención directa por parte da propia entidade pública Augas de Galicia, cun regulamento aínda hoxe sen desenvolver. Pode contravir tramitacións administrativas que corresponderían, minorando, en consecuencia, o réxime de garantías que a día de hoxe legalmente está establecido.

Dende En Marea, dende o Grupo Parlamentario Mixto, somos conscientes da necesidade de adopción de medidas en orde á protección dos nosos recursos hídricos, e as medidas adoptadas nesta lei teñen que ir precedidas dunha profunda análise para os efectos de evitar accións que puideran afectar de modo irremediable o dominio público hidráulico, unha profunda análise que dende o Grupo Mixto pensamos que non se deu.

Resulta imprescindible que se sigan os procedementos legalmente establecidos coa intervención e o consenso de todas as administracións implicadas, dende as comunidades de augas das parroquias veciñais, dende os propios concellos, dende tamén os grupos ecoloxistas que están a defender os nosos cauces hidrográficos, dende as deputacións e tamén dende a propia Xunta.

Dende o Grupo Parlamentario Mixto rexeitamos a creación dun réxime sancionador. Vemos nesta lei da seca que se recalca moito o de «sanción, sanción, sanción...» aos concellos outra vez máis, e rexeitamos a creación dun réxime sancionador aos concellos en función da existencia de perdas ou fugas nas redes municipais de abastecemento. Porque dicimos: ¿por que, en lugar de sancionar, non habilitamos axudas que realmente sexan efectivas para mellorar estas redes municipais e corrixir as eivas e as perdas que poida haber?

Esta lei, á parte, tamén vai producir contravención das previsións de artigos de distintas leis e reais decretos.

Dende xaneiro do ano 2017 ata o verán deste ano é certo que estivemos con episodios de seca no noso país, episodios de seca agudos, fortes. Isto non foi un feito illado, isto vai volver ocorrer nos vindeiros anos, ou nas vindeiras décadas, por mor do cambio climático que está aí e que é unha realidade. O impacto da seca comezámolo a percibir con intensidade nese ano 2017, cando choveu un 27 % menos que noutros anos, pero foi o resultado de meses de choivas escasas. Naquel 2017 rexistramos a mesma cantidade de choiva que a que precisamos que caía antes de que remate febreiro para evitar que a seca se enquistase, case 650 litros por metro cadrado. Para entender o lonxe que están estas cifras do que debería ser normal, pensemos que en Compostela as precipitacións suelen acadar os 1.500 litros por metro cadrado; ou sexa, que no ano 2017 caeron 1.000 litros menos por metro cadrado.

A escaseza de choivas tivo xa efectos terribles na nosa economía. A recolección de uva das principais denominacións de orixe no ano 2017 mingou un 50 %. Os gandeiros do macizo



central, das comarcas de Viana ou de Trives, tiveron que recorrer aos pastos que estaban gardando para o inverno. E a produción de castaña ese mesmo ano viuse notablemente reducida, acadando máis dun 50 % de perdas.

A seca que padecemos dende o ano 2017 non foi só un fenómeno puntual e extraordinario senón que foi un síntoma dun cambio climático que se está a producir en todo o planeta. O quentamento global é unha realidade cuxos efectos comezamos a sentir agora de xeito máis forte e de xeito máis contundente. Por esta razón é preciso que se adopten medidas preventivas a medio e a longo prazo co fin de atallalo e de minimizar os seus efectos negativos nas nosas vidas e na vida do planeta. Nesta liña manifestouse xa alá no ano 2017 o propio Consello Económico e Social, que no seu informe dese ano instaba a impulsar plans que melloraran a xestión e o uso da auga, a que se clarificaran competencias —algo que nesta lei non ocorre— e que se ordenaran as competencias administrativas no uso deste ben público.

Por unha banda, é preciso levar a cabo campañas de loita contra o cambio climático para evitar que o clima galego extreme aínda máis as súas condicións. O cambio climático xa non é unha ameaza abstracta senón que é unha realidade que ten que ser combatida con políticas a curto e a longo prazo. Isto é algo que lles debemos ás xeracións futuras.

Por outra banda, é necesario constituír unha mesa de diálogo na que —era necesario, agora xa é tarde para constituír esa mesa de diálogo— ..., na que participaran —algo que non ocorreu— os principais actores afectados pola seca, para debater propostas que permitan paliar os seus danos, pero tamén para deseñar estratexias e protocolos que permitan abordar situacións similares nos vindeiros anos.

Creemos que hai razóns dabondo para preocuparse e pensamos que esta lei é necesaria. Dende o Grupo Parlamentario Mixto, dende En Marea, vemos que esta lei é necesaria pero non vemos con bos ollos o trámite que esta lei levou. Vemos moitas eivas nesta lei e vemos unha ocasión perdida para facer ben as cousas.

Non sabemos a que obedece esta présa. Posiblemente é que agora hai que meter leis con calzador para que o comité de propaganda do Partido Popular colla carreira de cara ás vindeiras eleccións. Todo o que non fixemos nos últimos tres anos hai que facelo agora no último. E vemos mal como transcorreu esta nova lei, porque atopamos fallos de fondo moi potentes, algo ao que o propio Goberno galego, no trámite de distintas leis, nos ten acostumados: falta de participación de sectores implicados, coqueteos coa privatización, espolio dos recursos hídricos ou máis carga de traballo para os concellos —outra vez os concellos—.

Esta lei recolle medidas para pór en marcha en caso de seca. Unha delas pois é que Augas de Galicia, un organismo que depende da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, pode ordenar requisar o dereito de augas privadas procedentes de fontes, pozos, chafarices ou minas de captación de augas, entre outras. A Xunta de Galicia, as confederacións e os concellos deben dispor de plans de emerxencia, dotados con indicadores ou alertas que identifiquen a chegada da seca, e ter previstas medidas de aforro e subministracións alternativas.

¿A que se compromete, outra vez, a propia Xunta nesta lei? Pois outra vez a apertar un pouquiño máis os concellos. ¿De que medios técnicos e económicos dispoñen a meirande parte



dos concellos do noso país para facer fronte a estes plans? Non teñen nin recursos técnicos nin recursos económicos para facer outro plan. Recordemos que no ano 2017, na vaga de lumes, obrigouse os concellos a facer eses plans de emerxencia en caso de incendio forestal. E a día de hoxe moi poucos os teñen porque non teñen capacidade nin técnica nin económica para facelos.

A nova norma dota a Administración autonómica de capacidade de actuación para garantir o abastecemento de auga se as entidades locais non son competentes. Iso si, xusto despois fálase das sancións que a Xunta de Galicia pode meterlles aos entes municipais.

Tamén nos preocupa —e moito— a flexibilización de trámites expropiatorios e administrativos que se contempla nun capítulo, xa que, en caso de realizar obra de urxencia, non se garante que esta rapidez, á hora de resolver certos trámites, blinde os dereitos de propiedade de persoas particulares ou de comunidades de montes veciñais en man común, ou que incluso non se respecten os trámites ambientais pertinentes.

Máis grave nos parecen tamén outros aspectos que esta lei recolle, como reducir os caudais ecolóxicos dos ríos. E isto xa o dixemos neste Pleno, cando se presentou, e dixémolo na Comisión. Pensamos que isto é darlles o último golpe aos ecosistemas existentes, que xa a día de hoxe temos moi debilitados no noso país; á parte de que poida dar lugar a que interpretemos que as compañías hidroeléctricas se van beneficiar desta norma. Nós pensamos que tiña que ser ao revés, a Xunta de Galicia ten que facer un plan e cumprilo, un plan que se cumpra e onde, cando menos, se catalogue, se cuantifique, a propia biodiversidade fluvial; que se desenvolvan estratexias de recuperación de especies ameazadas e se controlen as poboacións de especies invasoras, así como, nos ríos da súa competencia, exercer as funcións contempladas na lexislación para o cumprimento dos caudais ecolóxicos das presas hidroeléctricas así como o funcionamento e mantemento do sistema de escadas para as especies migratorias.

A Xunta de Galicia, naquelas zonas nas que non ten competencia, vai obrigar os organismos competentes do Estado a que as grandes presas hidroeléctricas cumpran cos caudais ecolóxicos, e que estes caudais sexan establecidos en volumes diarios, non anuais. Porque medir o caudal ecolóxico dun río, dunha presa, nun tramo dun ano pois supón que pode estar con dous ou con tres meses sen caer unha pinga de auga por ese río, matando ese río, e despois botala toda xunta para cumprir ese caudal.

E referido ás compañías hidroeléctricas, aquí nesta lei di que en caso de seca se lles mandará ordenar o uso das augas rexeneradas en usos industriais ou hidroeléctricos. É curioso que, cando falamos doutras competencias de ríos, de comunidades de auga, etc., falamos xa de reducir, de reducir; pero cando falamos das hidroeléctricas falamos de ordenar.

E despois vemos tamén como moi importante algo que se pasou moi por encima nesta lei, que son as comunidades de augas, as comunidades veciñais. E eu non sei noutros lados, pero no meu concello, a día de hoxe, máis da metade das comunidades de traída da auga son dos veciños e das veciñas, non dos concellos. E moi poucos, ou ninguén, sabe desta lei.



¿Quen fixo esas redes de abastecemento? No seu momento fixéronas as veciñas e os veciños. Nalgunhas vilas que só teñen dúas casas abertas a día de hoxe eles xestionan responsablemente a súa auga, eles e elas manexan as tuberías cando hai perdas, cando hai unha avaría, porque lles interesa, porque o teñen que facer así. ¿Quen vai facer esa auditoría das augas das comunidades? Entendo que os concellos. Pero volvemos ao mesmo: os concellos non teñen capacidade nin técnica nin económica para facelo.

E recalcabamos que non queremos que se nos acuse de non sacar esta lei para adiante, pensamos que esta lei é necesaria pero non así, non como se fixo. Os colexios profesionais, técnicos dos servizos autonómicos e municipais, movementos sociais con interese no sector e, en xeral, os propios usuarios descoñecen esta lei que hoxe estamos aquí a debater. Debeu abrirse un período de reflexión máis longo, máis participativo, onde se convidara estes colectivos a participar; un período de reflexión para redactar esta lei naqueles aspectos que foran necesarios para sermos máis eficaces, máis económicos e facer unha mellor xestión do recurso. No país dos mil ríos non temos auga non só por mor do cambio climático, no país dos mil ríos a Xunta de Galicia é cómplice do lamentable estado que presentan moitos destes —o río Limia, o río Furelos, etc.—. Un sente impotencia ao mirar o lamentable estado no que se atopan os nosos recursos hídricos namentres vostedes venden a bombo e pratos a Galicia verde, cando son vostedes culpables en gran parte dos casos do lamentable estado dos nosos recursos hídricos.

Hai uns meses, un xornal deste país sacaba unha nota de prensa —que ben podería ir redactada por vostedes— que dicía que a gravidade da tesitura do ano 2017 sacou á luz a ausencia de medidas para enfrontarse a un episodio de escaseza de auga, o que obrigou a crear unha lei que non só recollese como actuar ante un caso de seca, senón tamén a que establecese medidas para mellorar a canalización e para optimizar a subministración. E, entre estas medidas que sacaban vostedes nese xornal, vostedes non puxeron quen tiña que asumir estes custos, como o da colocación de contadores homologados para a medición do consumo no prazo dun ano —algo que van ter que facer os particulares—, a redacción da auditoría para cuantificar as perdas —tampouco poñía quen o ía ter que facer, vana ter que facer os concellos—, a aprobación dun plan para minimizar perdas —tampouco dixeron vostedes quen o ten que facer, téñeno que facer os concellos—, ou a realización de obras de mellora na rede para que as fugas de auga non superen o 20 % da subministración, con tres anos de prazo para a súa execución —tamén as van ter que facer os concellos—. ¿Teñen os nosos concellos recursos suficientes para subsanar o que Augas de Galicia ou a propia Xunta non fixo nos últimos anos?

E despois xa veñen os plans de emerxencia, dos que falabamos antes. Pero é que estes plans aos que se refire esta lei que hoxe debatemos aquí xa eran unha imposición que recollía a normativa de Augas de Galicia e que ningún concello fixera. ¿Que fixo a Xunta de Galicia e a que se dedicou Augas de Galicia nos últimos anos? Vostedes saberano.

Nós, dende o Grupo Parlamentario Mixto, presentamos emendas. Algunhas foron aceptadas na Comisión, algunha retirámola, e as outras mantémolas porque pensamos que poden mellorar este texto. Esperemos que hoxe aquí cheguen a bo porto.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rodríguez Estévez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

Este proxecto de lei que se somete hoxe á votación é a constatación dun fracaso. É a constatación de dez anos perdidos por parte do Partido Popular na Xunta de Galiza en materia de augas. E o que vén dicir o Partido Popular con esta lei é que desiste, que non lle toca resolver gran parte dos problemas e que non cumpriu as súas obrigas. E o que fai é poñerlles deberes aos demais; neste caso, fundamentalmente, poñerlles deberes aos concellos. Pero a Xunta non fixo os seus propios deberes previamente. E o mellor exemplo de que non fixo os deberes —hai moitísimos— é que nin sequera executou as partidas destinadas a investimentos en materia hidráulica. E así a partida 542A, planificación e xestión hidráulica, deixou sen executar nos últimos dez anos máis de 200 millóns de euros. E no ano 2018 —do que temos datos completos— resulta que tivo unha redución de 25 millóns de euros do orzamento inicial, que eran 38 millóns e que pasou a 12 millóns. ¿De que están a falar se non son capaces nin sequera de executar a súa propia previsión orzamentaria cando hai, ademais, tantísimas necesidades nesta materia?

E non fixo os deberes o Goberno galego porque, para empezar, non desenvolveu a Directiva marco da auga, que fixa uns criterios e unhas prioridades claras nesta materia, que as fixou xa hai moito tempo e o Partido Popular non se puxo a esa tarefa. Por exemplo, a de traballar nunha cuestión que é fundamental en materia de augas, que é a participación e a responsabilidade, ou na recuperación de custos, ou no uso eficiente e sostible. E tampouco o Partido Popular, a Xunta de Galiza, desenvolveu a chamada «nova cultura da auga», que ten moito que ver con esta directiva marco e que é clave para cambiar o paradigma, ese paradigma consumista, por un novo de eficiencia e aforro, por un paradigma de conservación e protección dos recursos, que é fundamental para falar de políticas de auga; uns criterios que tamén estaban claramente marcados na Lei de protección dos ríos galegos, de 2006, a primeira lei de iniciativa lexislativa popular aprobada neste Parlamento e que o Partido Popular leva dez anos con ela pechada a cal e canto, gardada nun caixón.

Pois, miren, voulles recordar o que di esa lei que está en vigor e que vostedes non cumpriron. Artigo 5, xestión do uso da auga: «As diferentes actuacións relacionadas coa auga e cos ríos basearanse nos principios de xestión da demanda...» —xestión da demanda, non xestión da oferta, como fan vostedes con esta lei— «...recuperación de custos...» —como establece a Directiva marco da auga, que vostedes foron incapaces de aplicar— «...e consideración da auga e dos ríos como un activo ecosocial» —o que non está para nada nas súas políticas. E o artigo 7 desta lei di: «Elaborarase un plan de educación ambiental relacionado cos usos doméstico, industrial e agrogandeiro da auga, no que se priorizará a redución do consumo...» —¡a redución do consumo!, non o que temos agora, que Galiza está moi por riba da media en consumo de auga por habitante, e temos eses datos— «...con atención específica tanto ao medio urbano como ao rural, prevención da contaminación coa finalidade de comezar a construír unha nova cultura da auga». Isto é do 2006 e vostedes estiveron dez anos sen dar pao á auga e levando a auga ao seu muíño, porque si que vostedes se preocuparon moito, na súa planificación e nas súas actuacións, de financiar determinadas obras.



Ben, esta lei tamén falaba dos plans hidrolóxicos e da necesidade de que neses plans se establecesen medidas que non fixeron —e así están— de restauración dos ecosistemas fluviais, de mellora integral dos ecosistemas fluviais, que son fundamentais para todo o ciclo da auga e para a preservación e conservación dos recursos.

E, miren, a mellor e a maior proba do seu fracaso —podemos dicir que non hai unha máis clara— é que foron incapaces en dez anos de crear o Consello para o Uso Sustentábel da Auga que está previsto na Lei de 2010. Eu penso que non é tan difícil crear un consello para o uso sustentábel da auga no que estean todas as entidades e os organismos que teñen algo que dicir nesta materia. E, polo tanto, isto é a proba de que vostedes son un desastre como goberno, porque non son capaces de crear nin sequera o organismo que ten que regular —que tería que informar esta lei, por certo— e que non existe aínda cando no ano 2013 anunciaron que se ía crear no prazo dun ano. Pero, claro, como o anunciou o señor Agustín Hernández, que contou aquí máis trolas que..., non sei..., pois pouco de fiar son.

E, ademais, proba tamén deste fracaso estrepitoso das políticas en materia hidráulica do Partido Popular é que foron incapaces de aprobar o Pacto local da auga, que tamén ten moi-tísimo que ver con este proxecto de lei que estamos debatendo hoxe. Porque ese pacto foi anunciado tamén a bombo e prato polo señor Hernández nesta tribuna do Parlamento nunha comparecencia por petición propia en novembro do 2013, hai seis anos: «*La Xunta se da un año de plazo para pactar un recibo único del agua*», que é unha das cuestións fundamentais do Pacto local da auga e que ten que ver co uso eficiente dos recursos e coa redución do consumo da auga.

«Xunta e Fegamp avanza no desenvolvemento do Pacto local da auga». Esta noticia é do 2014. Para o que avanzaron pouco avanzaron. A conselleira de Medio Ambiente, Beatriz Mato, o 22 de febreiro de 2017 reúne coa Fegamp e di: «Impulso do Pacto local da auga, a unificación tarifaria e mellora do abastecemento e saneamento». *¡Rien de rien!*, ¡nada de nada! Non fixeron nada de nada, de nada, de nada... E por iso a xente lles pon un suspenso. Ponlles un moi deficiente, ponlles un cate estrepitoso ás súas políticas de medio ambiente, que son as peor valoradas —xunto coas de emprego e as políticas sociais— por parte da cidadanía.

Mire, ata chegaron a aprobar aquí por petición súa, por iniciativa súa, un acordo para impulsar o Pacto local da auga e para impulsar dúas actuacións centrais, que son a política tarifaria, a unificación da política tarifaria, que é unha medida necesaria para reducir o consumo —xa lle dixen que estamos no ránking das comunidades que máis consumo de auga teñen por habitante—, e tamén establecer a prioridade á hora de planificar e decidir as obras que se teñen que facer en materia hidráulica. Pero isto a vostedes tampouco lles interesa, e xa sabemos por que: porque queren levar sempre a auga ao seu muíño.

E, se isto non fose suficiente, de todo o que deixaron sen facer teríamoslles que falar tamén da planificación que prevé a Lei de augas que aprobaron vostedes no 2010, e que está tamén prevista no regulamento do 2015, da necesidade de facer un plan galego de abastecemento, que ademais ten unha partida no Plan hidrolóxico de Galicia-costa de 500.000 euros que vostedes foron incapaces de investir. Tería que estar feito xa porque a lei é do 2010, e tería que



estar feito antes de facer este proxecto de lei. Ademais, a lei e o regulamento tamén os obrigan a dispoñer dun programa de accións específicas dirixidas á racionalización do consumo de auga e ao conseguente aforro de recursos hídricos, e non fixeron nada nesta materia. E non nos veñan aquí outra vez a dicir que as competencias do abastecemento de augas son dos concellos, porque iso xa o sabemos. Pero tamén sabemos cales son as competencias do Estado. Por certo, nós pedimos nas nosas emendas que todas as competencias en materia de augas as xestione directamente Galiza, incluídas as concas hidrográficas. Sabemos cales son as competencias do Estado. E sabemos tamén cales son as competencias da Xunta, porque están na Lei de augas e están en toda a normativa que a desenvolve. E unha delas é precisamente traballar nesta dirección. Están tamén na Lei dos ríos galegos, que vostedes non cumpriron. Sobre o programa de accións específicas dirixidas á racionalización do consumo da auga e conseguente aforro de recursos hídricos resulta que vostedes non fan isto, pero agora pídenlles aos concellos que nun tempo récord arranxen todos os problemas. Isto non é serio, isto non é decente; porque, ademais, sen ningún tipo de financiamento, sen ningún tipo de transferencia de recursos para os concellos, agora teñen que ser as deputacións as que salven os concellos. A Xunta non ten nada que ver, pero resulta que vostedes non fixeron os seus deberes.

Miren, o maior problema, o problema de fondo, a maior discrepancia que temos con esta lei, é que é unha lei que aposta por políticas reactivas. É dicir, todo o mundo sabe que temos un problema grave coa seca, co cambio climático, pero aquí apostan por políticas reactivas, de poñer parches, non por políticas globais, integrais e preventivas que analicen toda a complexidade que ten este problema e que o enmarquen tamén no cambio climático. Por certo que non aparece nin mencionado na lei, nin na exposición de motivos nin no texto da lei, como non aparece a Directiva da auga, como no aparece a filosofía e esa nova cultura da auga que fala da conservación e da protección dos recursos e da redución do consumo. Vostedes fan unha lei que está unicamente centrada na oferta, na oferta de máis auga, mediante transvasamentos, mediante novas captacións, pero non en reducir, en conservar, en protexer, en aforrar, en reutilizar a auga —que non aparece practicamente tampouco por ningún lado—. Polo tanto, non ven a globalidade do problema, que ten que ver tamén coas políticas sectoriais que vostedes fan e que levan á destrución dos recursos hídricos; por exemplo, as políticas contra a biodiversidade, as políticas forestais, as políticas da macrominaría, as políticas da depredación, as políticas da xestión dos residuos, ou as políticas de construción de macrocentros comerciais —como o de Mos, que vostedes están promovendo—, que o que promoven precisamente é o despilfarro dos recursos hídricos. Ese é o modelo do Partido Popular. Vostedes son, como lles dixemos noutras ocasións, un condutor kamikaze que vai na dirección contraria á que deberían ir as políticas aliñadas precisamente na loita contra o cambio climático.

E non é tampouco unha lei realista en canto aos prazos e ás medidas para reducir as perdas, que ao final é a gran razón de ser. Por certo, vostedes esquecéranse —tivemos que poñelo a través dunha emenda do BNG— de poñerlles deberes ás empresas, só lles puxeron deberes, no anteprojecto de lei, aos concellos e ás comunidades de augas, pero non ás empresas. Agora tamén están as empresas, xa digo, por unha emenda aceptada do BNG.

Non teñen en conta a realidade dos concellos e das traídas de augas veciñais. Temos 33.000 núcleos de poboación en Galiza, temos unha realidade de miles de comunidades



veciñais que están resolvendo un problema que tiñan que resolver as administracións. E vostedes, en vez de facer un plan masivo de investimentos públicos para mellorar e para modernizar esas traídas de augas, o que fan é poñerlles obrigas para que teñan que facer elas investimentos sen practicamente axudas. Porque si hai algúns concellos que lles están prestando axudas por prestar un servizo que tiñan que prestar os concellos, pero outros moitos non.

E, por se isto non fose suficiente, resulta que é unha lei tramitada tamén cunha participación deficiente, indo precisamente contra ese principio da Directiva marco da auga que fala da importancia da corresponsabilidade e da participación social nesta materia. Porque vostedes —unha vez máis temos que denunciálo publicamente aquí— vetaron o trámite de audiencia parlamentaria prevista polo Regulamento do Parlamento. Vostedes téñenlle alerxia á democracia, téñenlle alerxia á participación. E destes pos veñen despois as lameiras, como por exemplo a da Lei de rehabilitación, na que vostedes vetaron o informe do Consello da Cultura Galega, vetaron a audiencia aquí do Consello da Cultura Galega. E despois o Consello da Cultura Galega —non por petición da Xunta, senón por petición do Icomos— fixo un informe demoledor, absolutamente demoledor, contra esa lei, que pon en risco —dío o Icomos e dío tamén o Consello da Cultura Galega— a protección do patrimonio e mesmo de bens de interese cultural e de cidades que están declaradas patrimonio da humanidade. Iso é o que di ese informe.

E xa digo que lles presentamos unha proposta de comparecencia, no trámite de ponencia, de diversas entidades, de concellos, de comunidades de augas, de representantes de consumidoras e tamén de ecoloxistas. Vostedes vetaron este trámite. E non nos veñan aquí a dicirnos que xa houbo participación previa, porque esa participación previa está regradada e tamén está regradada a participación no Parlamento, que efectivamente é opcional pero que vostedes vetan sistematicamente. Non a permitiron unha vez máis.

Por todas estas razóns, polo tanto, o BNG non vai aprobar este proxecto de lei.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Polo Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda, ten a palabra o señor Cal Ogando.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Como xa coñecen os ponentes desta lei dos distintos grupos, o noso grupo vai votar en contra desta lei. E poderíamos resumir o principal motivo nunha frase moi curta que xustifica sobradamente a nosa posición: é unha lei negacionista e que non ten en conta a emerxencia climática. É unha lei que obvia o contexto de cambio climático no que estamos inmersas, que obvia que a seca veu para quedar, que obvia a seca como un elemento propio da nosa climatoloxía.



¿Quen podería pensar que o Partido Popular traería ao Pleno xusto na semana na que se está a celebrar en España o cumio do clima unha lei negacionista? Pois si, estao a facer. ¿Quen podería pensar que na semana na que os ollos están postos na crise climática, o Partido Popular traería ao Pleno unha lei que fala de xestionar o principal vector de afección social e ambiental do cambio climático, que é a auga, sen ter en conta o propio cambio climático? Pois si, estao a facer. Todo é posible, e precisamente na semana na que a empresa que máis pegada de carbono deixa en Galicia e en todo o Estado é portada da maioría dos xornais ofrecendo solucións. Don diñeiro case todo o pode, dende comprar presidentes e ministros e poñelos ao seu servizo facendo discursos negacionistas ata ser portada dos principais xornais explicándonos o que hai que facer para loitar contra o cambio climático; cando todas sabemos que o que hai que facer para combater o cambio climático é precisamente o contrario do que estivo facendo Endesa, o contrario do que estivo facendo o Partido Popular.

Durante demasiados anos, os diferentes gobernos do Partido Popular veñen eludindo a responsabilidade de abordar as secas como algo propio da nosa climatoloxía, de abordar as secas como unha problemática á que debemos facer fronte, cegados pola súa miopía negacionista, eludindo a responsabilidade da aplicación rigorosa do principio de precaución fronte ao cambio climático. Eludíuse por parte dos sucesivos gobernos do Partido Popular e do señor Feijóo a obriga de abordar as secas como un elemento que debemos e podemos previr; non para evitar o inevitable senón para reducir a vulnerabilidade social e ambiental ante un aumento xeral dos ciclos de seca, agravados polo escenario de cambio climático en curso.

O proxecto de lei que trae hoxe o Partido Popular representa unha estratexia fronte á seca tan anticuada e ineficaz como irresponsable e insensata. Aínda que xa non se atreven a negar o cambio climático dentro desta Cámara, si parece que se atreven a pretender enganarnos unha vez máis relanzando as vellas políticas que nos trouxeron ata aquí, promovendo o formigón, baseado en grandes transvasamentos e máis presas, como única resposta a un problema que precisa fundamentalmente traballos ecosistémicos, pois facer transvasamentos e presas sen ter o recurso en cantidade e calidade é como regalarlle un moedeiro a unha persoa que non ten cartos. Ten un moedeiro pero segue sen ter cartos.

Tampouco ofrece ningunha solución que faga unha lei que pretende facer caer toda a carga da responsabilidade nos concellos, no plano máis local; pois as secas, por se aínda non se enteraron, non son unha problemática local, senón rexional, polo que no momento en que o río Oitavén leve pouca auga e, polo tanto, o embalse das Eiras ameace con deixar Vigo sen abastecemento, o río Verdugo tamén estará en situación de estrés hídrico, Polo tanto, facer un transvasamento servirá para facer unha agresión medioambiental importante, mesmo afectar seriamente as mariscadoras de Ponte Sampaio e Arcade, sen resolver o problema de abastecemento. Polo que neste suposto parece bastante evidente que só gañaría a construtora que fixese o transvasamento e que nos veríamos nunha situación na que o Partido Popular regalaría a Galicia unha infraestrutura de transvasamento sen auga —como xa ten regalado, cos cartos de todos e de todas, aeroportos sen avións e autoestradas sen coches—.

Outro motivo polo que imos votar en contra desta lei é que vai en contra da normativa existente en materia de augas no que ten que ver coa Directiva marco da auga e mesmo coa pro-



pia Lei galega da auga, que si ten unha literalidade máis acorde coas políticas que se deben desenvolver —outra cousa, evidentemente, é a aplicación, unha falta de aplicación que o Partido Popular na Xunta de Galicia reflicte fielmente neste PL—.

A Directiva marco da auga, normativa trasposta no Estado dunha directiva europea e de obrigado cumprimento en Galicia, é moi clara a este respecto. Na lexislación que ten que ver coa auga hai que priorizar a conservación e recuperación do recurso e hai que aplicar o principio de precaución, cuestións que non contempla esta lei.

E, logo, ¿para que serve esta lei? —preguntámonos—. Pois para pouco máis que para que a Xunta de Galicia eluda a responsabilidade nun momento de emerxencia de abastecemento, para que non a acusen de non legislar ao respecto —cuestión que, segundo a propia lei galega, tiña que terse feito hai moitísimos anos—, e, dende logo, para tratar de facer publicidade e propaganda, toda a que poidan; como con Endesa, tratando de facer ver que propoñen solucións, cando vostedes son a parte máis importante do problema. E todo sen poñer en cuestión o modelo privatizador e as receitas de formigón para todo o que nos trouxo ata aquí.

Para falar de seca, para falar de abastecemento, para falar de auga, hai que pasar do superficial, de abordar tan só unha parte do ciclo integral da auga sen ofrecer solucións, para ir á raíz do problema. Se queren falar en serio, nós estamos encantadas e non temos problema en compartir o coñecemento, pois é a nosa responsabilidade como grupo de oposición ofrecer alternativas. Despois vostedes non digan que non se enteraron.

Hai que apostar pola participación, pola transparencia, polos mecanismos de participación pública, para evitar as calamidades da corrupción e a conseguinte deterioración das infraestruturas. É preciso centrar os esforzos en deseñar estratexias de prevención e xestión de novos ciclos, para que a alarma social non faga tomar malas decisións. Como é obrigado, hai que cumprir coa Directiva marco da auga, facendo unha aposta decidida pola recuperación do bo estado ecolóxico de todas as nosas augas. Hai que optar polas estratexias de xestión da demanda, aforro e concienciación dende a racionalidade económica; defender a xestión pública do ciclo integral da auga como un dos grandes retos de país; poñer en marcha medidas de ordenación urbanística e territorial dende criterios de sustentabilidade, e asegurar así o abastecemento; dotar de instrumentos orzamentarios os nosos concellos e aplicar con rigor o principio de precaución fronte ao cambio climático.

Temos a obriga, polo tanto, de apostar por políticas públicas que reduzan a vulnerabilidade social e ambiental ante períodos de seca, políticas públicas presididas polo reto da transición hidrolóxica. Esta transición hidrolóxica convértese en exixencia legal coa transposición da lei estatal e da Directiva marco da auga, e pasa a ser, co cambio climático, unha realidade urxente e inaprazable.

Temos a urxencia de pasar das vellas estratexias da oferta subvencionada ás novas estratexias de xestión da demanda e da conservación dos nosos ecosistemas recuperando os nosos ríos e os nosos acuíferos, que son os nosos pulmóns hídricos que nos brinda a natureza, que son as nosas reservas reais e eficaces de auga de calidade en períodos de seca. Urxe pasar da



vella cultura do formigón á intelixencia ambiental sustentable, do vello produtivismo subvencionado á nova racionalidade económica, dunha aposta insensata pola mercantilización e a privatización da auga a unha aposta pola recuperación do ciclo integral da auga para o ben común, e rematar coa lacra da corrupción crónica asociada á xestión privada da auga e coa ineficacia das redes de abastecemento e saneamento. Hai que primar o aforro, a eficacia, a transparencia e a participación social; e, sobre todo — como dicíamos — pasar da suicida miopía negacionista á aplicación rigorosa do principio de precaución fronte ao cambio climático, un cambio climático que ten como vector xerador principal o vector enerxético, non cabe ningunha dúbida sobre esta cuestión, e é por iso que o reto chave das políticas de mitigación está na transición enerxética. Mais no que se refire aos impactos socioambientais a chave e o vector principal de afección é o vector auga. Por iso as políticas de adaptación deben estar presididas polo reto da transición hidrolóxica.

Na dinámica de cambio climático en curso entre os fenómenos máis relevantes que poderemos prever está o da diminución da escorrentía media causada pola elevación da temperatura media e o consecuente aumento da evapotranspiración vexetal. Por outra banda, a crecente forestación das cabeceiras vén xerando unha forte redución da escorrentía media, que ten aínda un percorrido por desenvolver. E é por isto que a elevada incerteza ante este escenario non pode seguir xustificando unha actitude pasiva. Todo o contrario, tal e como exige a Directiva marco da auga, debemos aplicar de forma rigorosa o principio de precaución ante todos estes riscos; principio que exige previr os escenarios posibles máis desfavorables, e non se trata de ser optimistas ou de ser pesimistas, senón de ser prudentes preparándonos para as peores previsións posibles cuxas posibilidades crecen en probabilidades cando xa se asumen como inevitables os incumprimentos dos acordos de París.

Debemos pasar da xestión da demanda á xestión da oferta. Neste contexto, supón un erro enorme apostar por vellas estratexias da oferta mediante novas presas e novos transvaseamentos en lugar de priorizar novas estratexias de demanda. Débese afrontar a problemática dende unha óptica de escaseza crónica de auga, é dicir, asumir dende a propia planificación hidrolóxica a necesidade de que a demanda non supere a dispoñibilidade do recurso. Hai que priorizar a xestión ecosistémica. A Directiva marco da auga debe ser o marco no que se engloben as políticas públicas de xestión para a seca, pois fixa como obxectivo fundamental a protección e conservación da calidade ambiental de todas as augas, ríos, acuíferos, humidais, lagos e augas costeiras.

Debemos recuperar os nosos ríos e os nosos acuíferos, máxime na vergoñenta situación de contaminación sistemática de ríos e sobreexplotación de acuíferos, que son, en definitiva, os nosos pulmóns hídricos que nos brinda a natureza, que son as nosas reservas reais e eficaces de auga de calidade en períodos de seca. Hai que apostar pola xestión pública. Dispoñer de caudais na cantidade e calidade necesarias está directamente vinculado á eficiencia e á modernización dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración; é dicir, a unha correcta xestión do ciclo integral da auga.

O proceso privatizador dos últimos anos inseriu a xestión da auga nun contexto de prioridade do beneficio privado fronte ao ben común. As consecuencias deste modelo son claras: falta de investimento na rede de abastecemento e, como consecuencia, unha porcentaxe de fugas



inadmisíbel; a obsolescencia dos sistemas de captación, potabilización e depuración de augas; e demasiada corrupción. Cómpre recuperar o ciclo da auga para o ben común dende a xestión cen por cento pública, o que significa aplicar un modelo de xestión baseado en criterios de sustentabilidade e de beneficio social e ambiental abordando a necesaria modernización das redes de abastecemento e saneamento, e apostando pola investigación.

Xa llelo dixemos no primeiro debate desta lei e volvémosllelo dicir —porque por nós non vai quedar—: se queren facer algo útil e previr e paliar os efectos da seca, deixen de incumprir sistematicamente a Directiva marco da auga, tomen en serio o saneamento dos nosos ríos e das nosas rías, aposten pola recuperación das centrais hidroeléctricas, deixen de apostar por proxectos contaminantes, como o da mina de Touro —letais para os nosos ríos—, tomen en serio dunha vez a xestión de residuos e acepten que o modelo de grandes vertedoiros vai facer dos nosos cursos de auga verdadeiras cloacas. E non permitan que os *lobbys* empresariais ditén as políticas forestais e convertan Galicia nun deserto verde. En definitiva, fagan o seu traballo de conservación e de xestión e deixen de ofrecer Galicia como terra de sacrificio para que uns poucos poidan facer negocio.

Por todas estas cuestións, nós imos votar en contra desta lei; por negacionista, por ineficaz e por non cumprir coa normativa existente en materia de augas.

Pola miña banda, de momento, máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Cal Ogando.

Aproveitamos para saudar os alumnos do IES As Insuas, de Muros, os alumnos de cuarto da ESO, que hoxe nos acompañan. Benvidos a este Parlamento.

E ten a palabra polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señorías. E bo día tamén para os alumnos deste instituto que asisten a un debate importante sobre a aprobación ou non dun proxecto de lei para garantir o abastecemento de auga, de algo tan vital para a vida como é a auga.

Falamos hoxe dun proxecto de lei que formaba parte do plan anual normativo do ano 2018, sen que esa previsión fora cumprida en ningún momento, e que agora o Goberno da Xunta de Galicia é quen de aprobar no seu trámite parlamentario en menos de dous meses, o que puidera ser interpretado como unha urxencia ante a seca —nunca mellor dito— lexislativa do propio Goberno; que hoxe mesmo está a falar deste proxecto de lei no Cumio mundial do clima, que se está a celebrar en Madrid. A señora conselleira vai falar deste proxecto de lei e vai presentar esta iniciativa dentro dese cumio.

No debate de totalidade deste proxecto de lei, celebrado no pleno do día 8 de outubro deste mesmo ano, por parte deste grupo parlamentario manifestabamos que entendemos a auga



como un elemento potenciador, dinamizador e de cohesión do territorio para o desenvolvemento económico e social de Galicia; e que a nosa comunidade se caracteriza por unha gran dispersión poboacional —o que é certo— que dificulta en gran medida a chegada destes servizos para toda a poboación. Á mesma vez, o medio presenta unha gran delicadeza —como xa se dixo aquí—, o que é unha obviedade máis alá de posturas negacionistas, postas máis ca nunca en evidencia nestas datas coa celebración dende onte dese Cumio do clima en Madrid. Isto débemos levar a ser tenaces e perseverantes para chegar aos obxectivos que nos marca a Directiva marco da auga, ao que xa fixeron referencia canto portavoz me precedeu. E, nese sentido, o noso grupo parlamentario considera que é necesario, en primeiro lugar, modernizar as redes de abastecemento, concedendo, se fora o caso, axudas ás redes veciñais, que foron en moitos casos —e tamén se dixo repetidamente— construídas e mantidas pola veciñanza sen axudas da Administración. É necesario automatizar, innovar e modernizar as plantas de tratamento de auga potable de novo, con especial axuda aos servizos veciñais. Son necesarios acordos supramunicipais —e isto de «acordos» é extraordinariamente relevante, acordos e non imposicións— co obxectivo de optimizar o aproveitamento das infraestruturas, especialmente no que se refire a depósitos, ás estacións transformadoras de auga potable e bombeos. É necesario tamén homoxeneizar o sistema tarifario no ciclo da auga, segundo se indica no artigo 9 da Directiva marco da auga, que fixa a importancia da recuperación de custos e o feito de que os prezos deben servir como incentivo para mellorar a eficiencia do consumo da auga. É necesaria unha maior progresividade no cobro do canon da auga e non vincular, como se está facendo con insistencia, os usos asimilados aos domésticos unicamente ao volume de auga consumida sen ter en conta a actividade que se realiza por parte do negocio ou empresa. E tamén é necesario mellorar e modernizar as estacións depuradoras de augas residuais existentes, porque en moitos casos o seu funcionamento é deficiente, e os vertidos continuos así o evidencian. Por certo, coñecemos á perfección, grazas a un informe encargado pola Consellería, cal é o réxime de funcionamento das estacións depuradoras de augas residuais de dependencia municipal, pero descoñecemos como están a funcionar as que dependen de Augas de Galicia. Vén sendo algo recorrente cargar a responsabilidade sobre a Administración local. É necesaria a mellora e a automatización dos bombeos, especialmente nas zonas de costa, e a localización e eliminación de puntos de vertido e mellora das redes.

Falouse aquí tamén —e é tamén algo prioritario— do saneamento integral das rías, e dunha implicación na depuración no medio rural, que sabemos á perfección todos os que aquí estamos que é unha asignatura pendente logo de dez anos —como xa se dixo por parte dalgún voceiro que me precedeu— de absoluto abandono na construción de infraestruturas no medio rural. E naquel momento, cando se iniciou a tramitación parlamentaria, o noso grupo parlamentario abstívose na votación posto que, como dixemos, considerabamos que era unha lei necesaria —e seguímolo a considerar— e que tiñamos a firme vocación de mellorar a redacción do proxecto de lei na fase de ponencia. Así o fixemos presentando 45 emendas, das que o grupo maioritario aceptou 14. E isto non é unha cuestión de porcentaxes, é unha cuestión de importancia das emendas que se propoñían, co que a nosa intención inicial de mellora se viu truncada pola escasa vontade de modificar un texto que de seguro vai ter múltiples modificacións ao longo dos próximos anos. E, se non, xa o veremos. E se non estamos aquí, xa o verán outras persoas. Pasou coa Lei de augas de Galicia, que xa entra na trintena avanzada de modificacións.



Entendiamos e entendemos que este texto, esta lei, ten orientacións que parten dun suposto de desconfianza da Xunta de Galicia cara á Administración local, á que moitas veces se lle atribúe —e con razón, evidentemente— un elevado grao de autonomía pero á que se lle impón con este texto unha absoluta tutela, cando non obrigas de moi difícil asunción.

E podemos destacar os aspectos máis relevantes que ao noso xuízo ten este texto. En primeiro lugar, insístease máis —e, de feito, así se regula— nos procedementos coercitivos que nos mecanismos de colaboración e no fomento desa colaboración —fíxose tamén referencia ao réxime sancionador que prevé este texto legal—. Non se amplían as vías de financiamento, que quedan exclusivamente limitadas aos concellos ou a Augas de Galicia. Impónse aos concellos a recepción de obras aínda que existan discrepancias entre as administracións locais e autonómica, posto que as obras pasan a ser responsabilidade dos concellos cunha simple comunicación por parte de Augas de Galicia no caso de que existan discrepancias sobre a recepción desas obras. Non se garante en ningún caso axuda financeira aos concellos para un paso tan elemental, previo e imprescindible como son as auditorías previas; nin, por suposto, para as actuacións necesarias para acadar os obxectivos dun máximo dun 20 % de perdas nas redes de abastecemento —obxectivo que, por certo, compartimos e que ningún cuestionou—. Tamén se perde a oportunidade —apelando a esa autonomía local que o propio texto parece ignorar— de harmonizar as contías das sancións nos casos de incumprimento do réxime regulador de abastecemento ou saneamento —unha oportunidade perdida importante—. Resulta particularmente taxativa e imperativa impoñendo prazos de moi difícil cumprimento para os concellos e deputacións provinciais á vez que é máis laxa coa propia Xunta de Galicia. Introduce de forma definitiva un gravame sobre as perdas nas redes que superen o 20 %. E nós non nos opoñemos a que ese gravame poida implantarse, pero consideramos que primeiro sería bastante máis pertinente e eficaz desenvolver un plan que promovese as actuacións precisas para que ese 20 % non se superase ou que fose minoritario ou mesmo residual. Estaría moi ben, por certo, que o grupo maioritario clarificase neste debate quen vai ser o suxeito pasivo dese novo gravame. Tememos que sexa a cidadanía.

Tampouco se admitiu por parte do grupo maioritario que fose obrigatorio que se elaborase un informe anual sobre as obras e actuacións levadas a cabo por Augas de Galicia. E pediamos isto porque entendemos que, ademais de ser necesario, a propia Administración hidráulica de Galicia o tería moi doado; en primeiro lugar, porque na Memoria anual de orzamentos figuran as actuacións que están en curso e as outras que están previstas.

Temos —e xa se fixo tamén referencia a isto— unha xestión moi cuestionable respecto dos fondos europeos que veñen destinados para facer obras hidráulicas. Porque só nos tres últimos anos, 2016, 2017 e 2018 —dos que temos información completa—, dunha partida inicial de 161 millóns de euros para realizar investimentos, Augas de Galicia só executou obras por un importe de 50 millóns; é dicir, deixaron sen executar 111 millóns de euros. Iso si, coa xustificación de que os fondos europeos resultan moi complexos na súa xestión.

Igualmente sabemos todos que os investimentos levados a cabo por Augas de Galicia teñen —permítanme o eufemismo— un alto grao de opacidade no relativo á súa decisión, podendo mencionarse que en moitas ocasións parecen obedecer a criterios máis políticos que técnicos.



E tampouco existe unha planificación coñecida para valorar os criterios prioritarios de actuación e que puideran servir de referencia para algún tipo de control.

En definitiva, señorías, todo o anterior, por claridade e transparencia, debe ser posto en contraste coas emendas que o noso grupo parlamentario presentou na fase de ponencia, e que vou resumir, posto que, evidentemente, o tempo do que dispoño é absolutamente insuficiente e tampouco é o obxectivo —posto que para iso está a ponencia— falar de determinadas emendas. Pero si me gustaría facer mención soamente a unhas poucas.

En primeiro lugar, respecto do Plan de seca da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, que é onde evidentemente o texto incide con maior intensidade, nós pediamos que ese plan de seca fóra remitido previamente a este Parlamento de Galicia para o seu pronunciamento. E non se trata de vetar ou aprobar, posto que admitimos que sexa competencia do Consello da Xunta de Galicia a súa aprobación. Pero creo que, tratándose dun asunto da máxima transcendencia para toda a comunidade autónoma, o Parlamento de Galicia —que é o máximo órgano de representación de todos os galegos e galegas— debería ter coñecemento dese plan e pronunciarse sobre a súa pertinencia.

Tamén pediamos que no plan de seca da demarcación hidrográfica se indicase o financiamento e a temporalización dos investimentos necesarios para tal finalidade. Creo que nunha lei desta envergadura, sen ningún tipo de compromiso orzamentario, sen admitir a máis mínima transparencia na planificación de todas as actuacións que será necesario levar a cabo para acadar ese obxectivo de reducir a un 20 % como máximo todas as perdas na rede de abastecemento, toda esa claridade sería necesaria; polo tanto, sería necesario tamén indicar a temporalización e os investimentos necesarios.

Non se nos permitiu, non se nos aceptou, que, para levar a cabo todas as actuacións necesarias, as administracións locais puideran ter axudas ou achegas financeiras doutras entidades, ben públicas ou ben privadas.

En canto ao prazo máximo que establece a lei para levar a cabo todas as actuacións necesarias, poderíamos deducir unha regra mnemotécnica da «regra 1, 2, 3» que prevé esta lei: un ano desde a súa entrada en vigor para a instalación de contadores homologados en alta e en baixa; dous anos para realizar as auditorías e o plan de actuacións; e tres anos para levar a cabo as obras que consigan reducir ao 20 % como máximo esas perdas. Esa é a regra 1, 2, 3. E nós, francamente, entendemos que esta lei —unha de dúas— ou ten vocación de ser útil e, polo tanto, ser capaz de ser cumprida ou é unha lei máis para que ao final esteamos todos pendentes de por que non se executaron as cousas como estaba previsto no propio texto. Parécenos que tres anos é un prazo insuficiente para que moitos concellos da nosa comunidade autónoma —a maior parte deles cunha poboación non só escasa, senón minguante e, polo tanto, cunha capacidade financeira moi limitada— poidan facer fronte a todas esas obras. E, polo tanto, pediamos que, en vez deses tres anos, foran catro, o cal tampouco foi aceptado polo grupo maioritario.

Sobre o gravame que se prevé introducir nós propoñiamos, en primeiro lugar, a súa supresión. Pero aínda así, conscientes de que evidentemente o grupo maioritario sustentando o



Goberno non ía admitir esa supresión, pediamos que se elaborara un plan co fin de promover en primeiro lugar as actuacións necesarias e que despois o Consello da Xunta puidera proceder á aprobación dese gravame e á súa aprobación despois no Parlamento.

En definitiva, señorías, entendemos que esta lei segue sendo necesaria, pero entendemos que non vai dar resposta ás necesidades e expectativas que xerou no momento da súa presentación. E, polo tanto, con independencia de que tamén estamos seguros, en primeiro lugar, de que vai ser aprobada e, en segundo lugar, de que vai ser modificada substancialmente ao longo dos próximos anos, o noso grupo parlamentario vaise opoñer á súa aprobación.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Álvarez Martínez.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Trenor López.

O señor TRENOR LÓPEZ: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Bos días tamén aos invitados que están aí na tribuna.

Hoxe penso que é un bo día para facer unha reflexión. En política, señorías, non vale todo, e ás veces dinse cousas cunha finalidade puramente partidista. Hoxe o señor Cal chamounos «negacionistas». Eu, francamente, entendo que se poidan introducir matices, entendo que vostede non estea de acordo coa política que representa este partido político, incluso entendo que vostede ás veces exaxere certas cousas. Pero é que o mesmo día— como lle estaba a recordar o señor Álvarez— que a conselleira está a participar precisamente no Cumio mundial do clima, organizado polas Nacións Unidas, e presentando esta lei, precisamente esta lei, e que nos está escoitando todo o mundo para saber o que se está facendo aquí para combater precisamente unha consecuencia, un efecto, do cambio climático, cando nos están escoitando todos o que estamos facendo aquí, resulta que o señor Cal nos chama negacionistas. Por certo, vai falar desta lei e vai falar tamén da empresa pública de xestión do ciclo da auga, que tampouco lle gusta a toda a oposición. E é o mesmo partido que tamén presentou a Estratexia 2050 contra o cambio climático, e o mesmo partido que tamén aprobou a proposta de resolución no debate do estado da Autonomía para declarar en Galicia o estado de emerxencia climática.

Claro, con todo isto vostede vén aquí a piñón fixo e defende as súas ideas, que están unicamente motivadas por un maniqueísmo absurdo. Vostede entende que a sociedade é vostede contra o resto, é dicir, non hai matices, non hai cores, e entón por iso fai as acusacións que fai, sen preocuparlle.

Mire, si que hai unha cousa que polo menos quedou clara: que todos estamos de acordo en que esta lei é necesaria. Todos os portavoces que me precederon así o dixeron. E tamén, ade-



mais —pola experiencia que temos todos polo que ocorre a diario tamén en moitos concellos—, nos din que para garantir a subministración de auga é imprescindible un marco de coordinación entre todas as administracións; un marco de colaboración no que a Xunta de Galicia asuma de forma directa a responsabilidade de velar por que se cumpran eses obxectivos e garanta ademais o apoio técnico e financeiro aos concellos, que son os responsables legais do deber de proporcionar auga á poboación.

Esta lei respecta a autonomía local como entidade responsable e competente do sistema de abastecemento. E respecta a autonomía local porque as competencias en materia de abastecemento son fundamentalmente municipais —así o di a Lei de bases de réxime local—, e ademais tamén di que, onde non cheguen os concellos, as deputacións provinciais deben de apoialos. Tamén o establece a Lei reguladora de bases de réxime local e a Lei de racionalización e sostibilidade da Administración local, que reforza precisamente este papel de asistencia, de axuda e de apoio que teñen que ter as deputacións.

Pero, pese a ese papel que lles corresponde ás deputacións, é a Xunta de Galicia a que dá apoio técnico e financeiro aos concellos. Dende o 2009 foron máis de 300 actuacións en materia de abastecemento, das que se beneficiaron 186 concellos. Todo isto sen falar dos plans de saneamentos locais, da creación de consorcios, das EDAR, das infinitas infraestruturas que está a levar a cabo a Xunta de Galicia.

Polo tanto, garantir a subministración de auga en cantidade e calidade á poboación pasa pola necesaria colaboración entre todas as administracións. É necesaria a colaboración e tamén é necesario ser responsable. Non se trata de contar só coas infraestruturas, trátase de manter e de investir os importes das taxas que se están a cobrar pola prestación dos servizos en manter e en repoñer esas infraestruturas. Son os concellos os responsables das súas redes, son os coñecedores delas, e, por moito que se queira axudalos, se non toman en serio esta tarefa, non hai nada que facer.

Preguntaba o señor Rodríguez Estévez se tiñan recursos os concellos. Si, señor Rodríguez, claro que teñen recursos. Se utilizan todo aquilo que están a recadar polas taxas de saneamento, de depuración e de abastecemento, teñen recursos. Se se utilizan precisamente estas taxas pagar as luces de Navidad, para pagar as festas e para pagar calquera outra cousa que non ten que ver precisamente co abastecemento, claro que non hai recursos, claro que non hai recursos. (*Murmurios.*) Pero que utilicen —que ademais é o que di precisamente a Directiva marco da auga— todos estes recursos para arranxar os problemas que teñen nas súas redes.

Con carácter xeral hai unha regulación, existe unha regulación, que é eficaz, que permitiu mellorar a xestión dos sistemas de abastecemento e a construción de importantes infraestruturas. Pero nos últimos anos os períodos de escaseza de precipitacións e, derivado diso, de diminución dos recursos hídricos dispoñibles, e tamén a existencia de certos eventos que poden reducir puntualmente a cantidade de auga destinada ao consumo humano, e os efectos, señorías —si, tamén— do cambio climático, puxeron de manifesto a existencia de situacións nas que a garantía do abastecemento podería estar comprometida.

Hoxe votamos unha lei que está destinada a mellorar o funcionamento dos sistemas de abastecemento de auga e a coordinar de forma responsable as actuacións en período de seca.



Este proxecto de lei buscar blindar o abastecemento de auga á poboación. Para iso, por un lado, ordénase e delimítase con detalle o alcance dos instrumentos de planificación e, por outro, utilízase un marco normativo que regula as medidas que hai que aplicar para garantir este abastecemento. Tendo en conta isto, o noso grupo, o grupo maioritario, o Grupo do Partido Popular, aceptou todas as emendas que dalgunha forma entendiamos que podían enriquecer, que precisaban ou que profundaban na finalidade da lei. Para iso incorporamos no informe da ponencia, 38 emendas. A maiores, retiráronse outras 34 emendas. E, en xeral, hai que dicir que se aprobaron emendas de todos os grupos da oposición, agás do Grupo de En Común, de Podemos. E, claro, eu aquí tamén lles digo que fagan unha reflexión. Xa non digo que pensen que o Partido Popular fai algo bo, pero quero dicir que, se, do resto dos grupos que están aquí presentes, tres presentaron emendas que se puideron incorporar ao texto e vostedes presentaron emendas que non se puideron incorporar —nin unha soa—, imaxino que calquera persoa con dous dedos de fronte pensará que algo mal fixeron. E, claro, vostedes fixeron mal moitas cousas. Eu xa llelo dixen no debate de totalidade: confundíronse de lei, confundíronse de ámbito de aplicación, confundíronse na finalidade da lei, confundíronse o contexto, incluso vostedes se confundiron na realidade territorial. Xa lles sinalei que toda a argumentación que fixo o Grupo de Podemos para a súa emenda á totalidade foi realizada para opoñerse ao transvasamento do Ebro e ao Plan hidrolóxico nacional. E, en vez de rectificar, señorías, vostedes optaron por manter as emendas ao articulado na mesma liña. Polo tanto, señorías, eu entendo que, se esta lei quixera construír 145 presas, se quixera transvasar máis de 1.000 hectómetros cúbicos da conca do Ebro para o litoral mediterráneo, ao mellor as súas emendas poderían ter certo sentido, pero non é o caso.

E o peor de todo é que isto amosa unha forma de facer política non só afastada da realidade, senón que tamén amosa un descoñecemento absoluto da lexislación e de como está estruturada a normativa en materia de augas e da finalidade do proxecto de lei que se está a debater.

Miren, as medidas de prevención que vostede comentaba están establecidas na planificación hidrolóxica. Non se esperou a que vostede viñera a esta Cámara para facer planificación hidrolóxica, non se esperou. Ten vostede un adanismo que pensa que hai que esperar a que vostede entre aquí ou a que vostede nos poida ensinar como se fai para que a planificación hidrolóxica se faga. Se fixeramos cousas que non están de acordo coa lexislación nacional, ou coa Directiva marco, sería recorrido todo o noso regulamento, a Lei de augas, todo o que se fixo na última década en Galicia. Non é así, non é así, por moito que vostede me faga xestos.

Miren, é preciso regular situacións que poidan xurdir se as previsións fallan ou se se dan situacións extremas. E diso é do que se trata nesta lei, non de construír presas e facer transvasamentos. Descoñecen, señorías, o traballo efectuado en materia de augas, así como a normativa existente e as diferenzas e particularidades da ditas normas xurídicas e de planificación. Descoñecen a nosa propia lexislación e tamén a lexislación básica en materia de auga, e por iso nós non podemos incorporar moitas das emendas que vostede presentou, porque vulneraban a lexislación básica nesta materia.

Logo, señorías, falan vostedes de participación. Eu xa llelo dixen na ponencia e o volvíñ re-saltar na comisión: hai un grupo de emendas que presentaron diferentes grupos que nós non podíamos aceptar porque implicaba romper consensos anteriores. O anteproxecto de lei



foi publicado no Portal de transparencia da Xunta de Galicia, foi posto á disposición de todas as persoas interesadas, foi sometido ao trámite de audiencia. Remitiuse o texto lexislativo a diferentes administracións implicadas, a diferentes colectivos, asociacións e organizacións sindicais co obxecto de que puidesen facer as súas achegas e enriquecer o texto. Entre elas, acordouse coa Fegamp os prazos establecidos na lei no relativo a auditar e cuantificar as perdas nas redes de todos os sistemas de abastecemento municipais. Logo de todo este proceso de participación pública, de incorporar ao texto alegacións e suxerencias de moitas entidades, veñen vostedes aquí cunhas emendas para que non aceptemos esas propostas. É un mecanismo de participación —como dicía o señor Bará— regrado. ¡Claro, é un mecanismo regrado! É un mecanismo polo que aquelas persoas que queren participar poden facelo, polo que a aquelas persoas que fan achegas se lles responde e polo que aquelas aportacións que se incorporan son coñecidas por todos. E, aínda así, aínda a pesar de que a Xunta de Galicia acepta propostas destes colectivos e destas entidades, vostedes presentan emendas en contra destes consensos, en contra da participación —que a vostede lle gusta tanto—. Claro, ¿de que participación me fala vostede?, ¿do parlamento paralelo que facían aquí detrás, onde vostede considera que, levando os seus amigos, pode substituír a lexitimidade deste Parlamento? Ese é o seu modelo participativo, un modelo de participación que se converta nun *show*, que se utilice como ariete contra o resultado das urnas. Ese é o seu modelo de participación. O noso é un modelo de participación das persoas, que poden participar, que poden facer aportacións, poden facer alegacións, polo que se lles dá unha resposta e todos coñecemos esa resposta. Pero son dúas formas diferentes de traballar.

Señorías, esta lei establece medidas para garantir o abastecemento de augas durante episodios de seca e en situacións de risco sanitario. Regula tamén o réxime de execución e financiamento das obras de infraestruturas hidráulicas nun episodio de seca ou de risco sanitario, o réxime das obras promovidas polas entidades locais e executadas tamén coa colaboración da Administración galega. Establece o réxime de contratación de obras dos servizos de subministración e do réxime xurídico dos mesmos.

Ademais, deben executarse as actuacións identificadas como necesarias para garantir o abastecemento. A Administración hidráulica de Galicia, pola súa banda, colaborará na avaliación dos riscos, na elaboración de medidas e, en caso de incumprimento, cando os concellos non o fagan, poderá actuar subsidiariamente co fin de asegurar a subministración de auga á poboación, quedando habilitada a autoridade sanitaria tamén a través desta lei para realizar os controis oportunos da calidade da auga nas distintas infraestruturas de abastecemento.

Concrétanse tamén as funcións do Consello Reitor de Augas de Galicia e regúlanse medidas relacionadas co réxime de caudais ecolóxicos, co uso de augas procedentes de estacións depuradoras de augas residuais e coa redistribución de recursos procedentes de concas reguladas, e outras específicas en materia de garantía da subministración.

Obrígase as administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento urbano a realizar auditorías e plans de actuación sobre as perdas na rede de abastecemento co obxectivo de minimizalas. Modifícanse algúns artigos da Lei de augas para que estas perdas tamén se incorporen á configuración do canon da auga co fin de incrementar a eficiencia na



xestión da rede de abastecemento. Incrementar a eficiencia na xestión das redes é o que vostedes chaman «medidas punitivas». E non o podemos admitir, porque, ademais, o máis parecido ao que vostedes din é que se establece un mecanismo disuasorio para fomentar o uso responsable da auga e para contribuír a un uso eficiente do recurso. O obxectivo é situar as fugas de auga das redes de abastecemento por debaixo do 20 % fronte ao 40 % que se estima de perdas na actualidade. Señor Bará, esta é unha auténtica política da oferta. ¡Fíxese se o é reducir un 20 %, un 20 %, as fugas de auga que hai nas redes de abastecemento! A lei establece que vai ser obrigatorio dispoñer de contadores homologados de caudal tanto nos puntos de captación de auga como nos puntos de subministración. Estes contadores son mecanismos imprescindibles para coñecer as perdas da rede e para actuar e prepararnos para as situacións extremas.

Piden vostedes prazos máis amplos para a instalación de contadores, pero esta medida trátouse en particular coa Fegamp, e co resto dos axentes relacionados co sector da auga, e foron escoitados e adaptados os prazos segundo as súas demandas e propostas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Trenor.

Pasamos á rolda dos grupos parlamentarios para que se definan sobre as emendas mantidas polos demais grupos.

Polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, de novo, presidente.

Benvidos a esta Cámara os convidados.

«Proceso participativo que se converte nun *show*». Señor Trenor, un proceso participativo é un proceso participativo, é un proceso para aportar ideas, para aportar solucións, non é que se converta nun *show*. O que non se pode é publicar algo nun boletín sen que se entere case ninguén. E iso para vostedes pois é un proceso participativo.

Nós vemos nesta lei, neste proxecto, negocio. E vostedes converteron o noso dereito á auga nun negocio. Permitiron coa aprobación da Lei de augas que empresas privadas cobraran por este dereito humano e básico para a vida. Temos que facer un uso responsable da auga, por suposto, pero a auga é un ben público, é un ben da propia natureza, e, polo tanto, non pode ser obxecto de negocio para ningún tipo de empresa. Ademais, a auga debe ser un ben para a vida das persoas, para os animais e para a sociedade, e ese dereito non queda blindado nesta lei. Xa no seu tempo denunciámos que non se pode dicir por lei que sexa unha empresa —dereito privado— a que pase a xestionar un recurso básico para a vida como pode ser a propia auga. E cando falamos de privatizar non é que se privatice a subministración ou unha depuración ou un servizo —que tampouco somos partidarios diso—, é que aquí estamos falando de privatizar o propio elemento en si, que é a auga. E iso é o verdadeiramente grave. É dicir, privatízase, danse servizos de explotación e de cobro sobre a utilización da auga da choiva ou da auga do mar, e isto pensamos que é verdadeiramente abraiante.



Fala vostede de que esta non é unha lei recadatoria. Alá polo ano 2012 publicouse un decreto polo que se aprobou o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura para sistemas públicos de depuración de augas residuais. Aínda que o propio presidente da Xunta, o señor Feijóo, anunciou no seu día que estarían exentos os titulares de pozos e traídas particulares e que tamén habería exclusión do canon da auga para as augas con fins agrogandeiros, demostrouse que a Xunta e o seu presidente mentiron de novo nesta cuestión, porque vemos como algunhas explotacións agrogandeiras tiveron que botar a chave porque non daban pagado estes canons.

Nesta lei que debatemos hoxe tamén atopamos omisións importantes e que deberían estar moi presentes, como a minaría, que compromete o acceso das xeracións futuras a este recurso. A actividade extractiva de transformación de recursos xeolóxicos, e particularmente a minaría, consome tamén grandes cantidades de auga e non se ve por aquí ningún tipo de gravame a maiores nesta lei. A fractura hidráulica é unha actividade sobre a auga que supón unha das maiores agresións de contaminación do solo e dos acuíferos do noso país. Tam pouco se contemplan gravames a maiores nesta lei. E hai máis casos, pero, en resumo, pouco se fala nesta lei do que ten que ser obrigatorio, ou de sancións, para as empresas que exercen este tipo de actividades no noso país.

A auga é un patrimonio das comunidades, dos pobos e da humanidade, da natureza. Non é unha mercadoría. E vostedes, outra vez máis, veñen aquí a facer negocio. Por iso, dende En Marea, á parte de que imos votar en contra, imos defender sempre que a xestión da auga debe de ficar sempre no espazo público, é dicir, no espazo comunitario. E isto realizárase con participación, con equidade e con control social. A auga non pode ser un negocio, e o principio organizador debe ser o da recuperación do custo, hai que repercutir os custos sobre o consumidor. E a recadación debe ser destinada á xestión da auga co obxectivo de facer un uso máis eficaz, para que sexa máis reducido o seu custo de obtención, distribución e tratamento; pero non para beneficiar as empresas.

Pola súa banda, Augas de Galicia debe ter capacidade técnica suficiente e non depender en case toda a súa xestión de asistencias técnicas carísimas e externas. Ademais, dentro de Augas de Galicia tamén pensamos que se deberían separar as funcións de control de calidade das augas e as da planificación hidrolóxica.

Falouse aquí da grande cantidade de orzamento que quedou sen executar. Iso pensamos que é algo moi grave. Non podemos vir aquí a querer aprobar unha lei cando despois a propia Xunta non a executa, non cumpre a súas obrigas económicas.

Pensamos que a Xunta tamén debe modificar o marco normativo que regula a auga, e debe deseñar un plan plurianual de saneamento que combine diferentes solucións tecnolóxicas para o coidado ambiental das rías e dos ríos galegos. E outra solución que pesamos que sería tamén moi positiva sería pór en marcha unha campaña para a conservación e uso...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: ...das fontes públicas, dos milleiros e milleiros de fontes públicas que temos espalladas polo noso país.



En resumo, pensamos que hoxe perdemos unha importante ocasión para poder avanzar cara á remunicipalización dos servizos de subministración das augas. No noso país déixase toda a xestión a Augas de Galicia. Pero a nova lei o que supón é unha aberración absoluta que vai en contra dos dereitos humanos, porque a auga é un dereito humano, como así o establece a propia ONU.

Nada máis e moita grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: ¿Estamos de acordo na necesidade dunha lei nova? Poderíamos estar, pero non así. Porque xa lles dixemos que antes habería que asinar o Pacto local da auga, que non se asinou, e chegar a un acordo con todas as administracións que teñen competencias na materia. Antes habería que actualizar o Plan da seca, que é do 2010. Levamos nove anos sen actualizar este plan cando hai un contexto de seca e un contexto de ameazas relacionadas co cambio climático. Iso habería que facelo antes. Habería que facer antes a creación do Consello para o Uso Sustentable da Auga. Habería que facer antes un plan galego de abastecemento. Todas estas cuestións habería que traballalas e debatelas antes, habería que aplicar en Galiza a nova cultura da auga e a Directiva marco da auga, que fala da necesidade de preservar, de conservar e de protexer os recursos. E os recursos son os ríos, as lagoas, os humidais que están desprotexidos, que están contaminados, señor Trenor. E non o fixeron. Esa directiva e esa nova cultura da auga tamén di que hai que estudar e analizar cales son os recursos dispoñibles, as augas superficiais e tamén as augas subterráneas, e como temos que xestionalos para que sexan recursos duradeiros.

E tamén hai necesidade de facer estratexias de redución do consumo, de aforro do consumo da auga, o que vostedes non plantexan neste texto; igual que medidas de reutilización das augas usadas, que é un recurso tamén que é necesario aproveitar e que se está desbaldindo.

E vostedes, como lles dixemos, non teñen en conta as ameazas derivadas do cambio climático, porque esa realidade non aparece nin citada na lei. E iso ten que ver coas necesidades para o abastecemento humano pero tamén coas necesidades de consumo de auga para as actividades económicas, para a agricultura, para a gandaría, para a industria. Vimos nestes anos pasados episodios críticos de falta de recursos que puxeron en risco as colleitas ou o funcionamento de granxas gandeiras. E vostedes isto non o plantexan tampouco aquí.

É unha lei que está centrada exclusivamente nunha cuestión —que se podería, por certo, resolver doutra maneira—, que é a redución de perdas por debaixo do 20 %. Por certo, contradínse co que puxeron no Programa de economía circular 2030, que fixan ese obxectivo para o ano 2030. Resulta que nesta lei establecen un prazo de tres anos coa ameaza posterior de multas para quen non o cumpra, e ese prazo é tanto para os concellos como para as traídas de augas veciñais. Vostedes non sei se é que viven noutro mundo, se non coñecen a realidade do país ou se plantexan que este é un obxectivo viábel. Xa sabemos as deficiencias de financiamento que teñen os concellos e como vostedes os están sobrecargando constantemente



de novas competencias. Pero é que as traídas veciñais non teñen recursos para poder abordar en tres anos todas estas obrigas que vostedes lles poñen con esta lei.

Con respecto á participación e que non se puido facer o trámite de audiencia previsto no Regulamento do Parlamento porque había acordos previos que non se podían saltar, nós tamén lemos a documentación da tramitación desta lei, tamén lemos o debate que houbo no Consello Reitor de Augas de Galicia —porque non hai o Consello para o Uso Sustentable da Auga—. E sabemos o que dixeron alí os representantes da Fegamp, o que dixeron os representantes de Coxapo, o que dixeron representantes de Gestagua, e as obxeccións que puxeron aí. En todo caso, ese é un trámite que ten ver co diálogo, coa participación que estableceu o Executivo cos interlocutores sociais. Pero aquí estamos no Lexislativo, e o Lexislativo, despois dese trámite que fai o Executivo, ten a capacidade, a potestade, a obriga e a necesidade de que debatan os grupos parlamentarios con todos os interlocutores sociais e de escoitalos. E vostedes vetaron esa oportunidade porque vostedes lle teñen alerxia á democracia e á participación. *(Aplausos.)*

E respecto das competencias, vostedes o que pretenden con esta lei é pasar por riba das competencias municipais; por un lado, pasarlles obrigas e gastos, e, despois, pasar por riba das competencias municipais. Porque esta lei, entre outras cuestións, é unha resposta ao que pasou con Eiras hai dous anos, que vostedes non foron capaces de facer o que pretendían e agora poñen unha lei para poder facelo pasando por riba das competencias municipais e mesmo do que estea posto nos plans de ordenación municipal, que lles permite esta lei saltalos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: E xa me dirán como van resolver, por certo, o caso do abastecemento desde Eiras a Vilaboa, a Soutomaior, a Vigo, a Redondela, a Moaña...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas.

O señor BARÁ TORRES: ...ou a Cangas, e quen se vai encargar da xestión das perdas, xa que é unha rede que abastece a todos estes concellos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Pensamos que hai razóns máis que suficientes para non apoiar esta lei.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Polo Grupo Común da Esquerda ten a palabra o señor Cal Ogando.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.



Nós, nas nosas votacións, imos votar favorablemente as emendas de todos os grupos da oposición, aínda que temos matices e algunhas diferenzas con algunhas cuestións. Pero votaremos favorablemente a todas e votaremos en contra das emendas do Partido Popular.

As nosas emendas, que non podía aceptalas o Partido Popular, centráronse na necesaria nova cultura da auga e na necesaria transición hidrolóxica, en respectar a Directiva marco da auga e a lexislación en materia de augas, que prioriza conservar o recurso e o principio de precaución. Din vostedes que non as podían aceptar. Porque unha lei negacionista, evidentemente, non pode aceptar estas cuestións.

Di vostede que exaxero, igual que dicía o outro día Aznar que somos moi alarmistas. Pero, claro, o señor Aznar defendía os intereses de Endesa, a empresa que máis pegada de carbono deixa en Galicia e no Estado. Non sei que intereses defende vostede dicindo que estou exaxerando.

E, claro, non debeu vostede sacar o tema da conselleira. Non sei se pretende rirse de nós. É que moi mal exemplo pon. ¿Sabe en que expositor está falando a conselleira de conservación da auga? Sabe en que expositor está, ¿verdade? Está no expositor do Grupo Suez, o principal axente privatizador do mundo. Con eses son cos que vostedes se entenden, con eses son cos que vostedes se entenden de auga. Eles están encantados, claro, porque poden seguir facendo negocio coa mercantilización da auga. Por iso escoitan a señora conselleira, porque esta lei parécelles fantástica. ¿Sabe quen é o Grupo Suez? Voulles ler unha nova respecto de con quen está a conselleira falando de augas: «Cuatro detenidos del Grupo Suez dentro de la trama de corrupción. La Guardia Civil ha detenido a cuatro altos cargos de la empresa, uno de los centros de la trama de corrupción investigado en la “operación Púnica”, al entender que a través de esta sociedad los ayuntamientos implicados contrataban servicios a cambio de adjudicaciones.» Con estas persoas estase reunindo a señora conselleira. «Fuentes de la investigación han indicado a EFE que los agentes han detenido a los directores general y comercial de la citada empresa, radicada en Madrid. Se trataría —según las mismas fuentes— de una de las empresas donde pivotaría toda la trama de corrupción municipal y autonómica investigada en la “operación púnica”, en la que han sido 51 las personas detenidas.» Con esta xente está reunida a señora conselleira (Aplausos.) e falando desta lei, unha lei que lles vén fantástica a estes que mercantilizan a auga e que fan negocio coa auga a través das tramas de corrupción. Ese é o exemplo que dá a señora conselleira e os negocios que fai a señora conselleira.

Mire, señor Trenor, quen está confundido de lei é vostede. Nós non nos confundimos de lei, quen se confunde de lei é vostede. Para vostedes nunca é un bo momento para afrontar o cambio climático, para vostedes nunca é un bo momento para facer leis que afecten o principal vector de afección do cambio climático, como é a auga. E cren que non é momento para aplicar o principio de precaución nin para aplicar a normativa existente. Precisamente a lei existente, e mesmo a lei galega, como vostede dicía, ten unha literalidade aceptable diante desa cuestión. Pero vostedes veñen agora, con esta lei, dando un paso atrás, cun retroceso nesa literalidade, que lles vai servir para, cando haxa un problema de abastecemento, pisar a lei que si ten unha literalidade que podía ser máis acorde e utilizar esta, que é totalmente agresiva.

Mire, señor Trenor, con vostedes, evidentemente, non hai solución diante do cambio climático, non hai ningunha solución. Vostedes forman parte do problema e por iso se reúnen



cos que están facendo negocio cos problemas do cambio climático. Polo tanto, evidentemente, nós non temos ningunha confianza. Cando metemos as iniciativas, todas as iniciativas eran para que realmente a lei servira para algo. Nós non metemos emendas noutras cuestións. Por iso vostedes non aceptaron ningunha. Centrámonos nesa cuestión que nos parecía fundamental, non queriamos pararnos noutras cuestións. E vostedes non aceptaron nin van aceptar nin van aplicar todos estes principios de precaución. Nin van cumprir coa normativa (...) (*Inintelixible.*) nin van asumir a realidade do cambio climático. A única esperanza que temos, evidentemente, é que dentro dun ano vostedes xa non gobernen e haxa un goberno que si tome en serio o cambio climático, que non sexa negacionista e que poña solucións aos problemas da xente.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Cal Ogando.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Si, moitas grazas, señor presidente.

De novo, señor Trenor, como xa se lle indicou con maior ou menor virulencia, ou mesmo intensidade, por parte dos voceiros que me precederon, imos perder unha oportunidade histórica de facer unha lei cunha planificación, cunha visión, máis ampla do que contempla esta. Xa lle dixen na miña primeira intervención que é unha lei que desconfía sistematicamente das administracións locais. E, ademais, vostedes teñen unha dobre mensaxe. Por un lado, sempre invocan a Lei de bases de réxime local, a autonomía local, as competencias locais, pero a realidade, xa saben vostedes, como sabe calquera goberno, é que hai determinadas actuacións que deben ser declaradas de interese público porque transcenden a capacidade de financiamento das propias entidades locais. E vostedes negáronse, nas emendas que presentou este grupo parlamentario, a incluír dentro deste texto legal, deste proxecto de lei, non só o relativo a un mínimo financiamento, a unha mínima consignación de cantidades necesarias para auxiliar a esas administracións locais, deixando toda a competencia practicamente en mans das deputacións provinciais, que tamén forman parte dese entorno da Lei de bases de réxime local —como así e é certo, iso non o discutimos nunca—. Pero, insisto, vostedes saben perfectamente que é necesaria a complicidade e a colaboración dos gobernos autonómicos, ou, nalgún caso, do propio Goberno do Estado, para levar a cabo determinadas actuacións. Néganse tamén vostedes a planificar de forma pública as actuacións necesarias, néganse vostedes a falar de financiamento para as administracións locais; e, polo tanto, insisto, imos ver no futuro —como xa dixen antes— todas as modificacións que van ser necesarias. Porque, como se acaba de recordar, cando no propio texto se establece que, unha vez que entre en vigor e nun horizonte máximo de tres anos, vai ser necesario ter todas as actuacións necesarias para reducir ao nivel do 20 % as perdas nas redes de abastecemento, por outro lado vostedes, nun macrodocumento de macroplanificación, de macrobuenismo, elaboran un horizonte temporal totalmente distinto, que supera en sete anos ese horizonte que vostedes plasman nesta lei. Polo tanto, hai aquí unha falta de concordancia máis que relevante entre a intención política e a intención do Goberno, que ten moita présa en sacar adiante un texto legislativo cuns períodos que van ser de imposible cumprimento.



E respecto das propostas de emendas mantidas polo resto dos grupos parlamentarios, o noso grupo solicitou —co acordo e, evidentemente, co permiso do resto dos grupos proponentes— a votación separada dunha serie de emendas, xa que entendemos que ou ben requirirían dun debate máis profundo ou mesmo que algunhas desas emendas poderían formar parte doutro contexto normativo distinto a este no que estamos.

E, por resumir, porque evidentemente non teño tempo, si que nos parece cuestionable que se elimine da definición do episodio de seca o relativo a un risco certo de diminución de recursos. Hai algunha que propón que a Lei da auga se aplique con carácter supletorio e non formando parte do marco común desta lexislación. Algunha propón a eliminación de sancións nos períodos de normalidade, salvo nos casos de empresas que contaminen sabéndoo. Introdúcense —e preocúpanos porque cremos que aí hai un espazo necesario de consenso e de encontro coas comunidades veciñais que levaron a cabo as actuacións necesarias para ter unha rede de abastecemento que depende delas e sobre o que é certo que existe unha incerteza importante, tanto en canto ao abastecemento como ao propio control sanitario sobre a calidade desas augas—, pero introdúcense as comunidades veciñais en pé de igualdade coas administracións públicas; ou que propón que o parecer das comunidades de augas e traídas veciñais sexa de obrigado cumprimento. Parécenos cuestionable isto porque evidentemente partimos da concepción —creo que compartida por todos os grupos parlamentarios— de que a auga é un ben común; polo tanto, non pode haber ningún escenario no que non se pague o que se chegue a acordar por ese uso dese ben común.

Tamén se pide nalgunha emenda a transferencia á Xunta das competencias sobre as actuais confederacións hidrográficas. Aí hai un problema, evidentemente, non só de horizonte de autogoberno senón de como quedarían esas concas unha vez definidas, porque as hai que son intercomunitarias. E hai outras, como vincular o monocultivo e a política de defensa contra os incendios dentro desta lei. Evidentemente, hai unha vinculación importante, claro que si, que a hai, entre esa existencia de determinados monocultivos e os incendios forestais na política da auga, pero cremos que iso sería parte doutro texto lexislativo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNTEZ: Remato, señor presidente.

E hai algunha que nos preocupa particularmente, porque vincula a autorización de novos asentamentos urbanísticos á existencia de auga, o cal parece razoable pero esa proposta tampouco distingue se ese asentamento urbanístico é froito dunha situación urbanística ou ben, por exemplo, de vivendas sociais.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Álvarez.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Trenor López.

O señor TRENOR LÓPEZ: Si, señorías.



Eu quero, antes de nada, agradecer o traballo da maioría dos voceiros da oposición. Todos fixeron un traballo —bueno, imos dicir todos— acorde coas súas posibilidades, co seu coñecemento e coas súas capacidades. (*Fortes murmurios.*) Nese senso, quero agradecer a todos os portavoces que fixeran posible chegar a algún tipo de acordo. Pero, señor Cal, o único que tivo vostede desta lei foi o aplauso do seu grupo. É o único, é o único. Aplaudíronlle por plaxiar o texto de Pedro Arrojo. Aplaudíronlle por ofender, por verter insidias nesta Cámara. Aplaudíronlle a vostede pola súa incapacidade para aportar algo bo para Galicia, e aplaudíronlle a vostede que non fora capaz de chegar a ningún punto de acordo co partido da maioría, o que representa a maioría dos galegos. Iso é o único que vai obter vostede desta Cámara, (*Aplausos.*) o aplauso.

Hoxe, señorías, imos aprobar unha lei que vai garantir a subministración de auga á poboación, vai reducir a vulnerabilidade dos sistemas e vai protexer a saúde pública fronte situacións adversas como pode ser a seca.

Señorías, vostedes creo que confundiron unha lei para situacións de emerxencia extrema de seca, como é o caso, con situacións de normalidade de abastecemento, onde os procedementos para actuar deben ser distintos. Unha seca é unha situación extraordinaria que require actuacións extraordinarias, como así o define a propia lei, xunto coas correspondentes de prevención e planificación como pode ser evitar as perdas nas redes e os plans da seca.

Parece que vostedes ignoraron a propósito a figura da planificación hidrolóxica, que é o máximo expoñente da planificación e que engloba a planificación e os obxectivos de saneamento e abastecemento. Esta planificación hidrolóxica está vixente, está en vigor, en permanente revisión. Cada seis anos, cada un dos plans se modifica e se adapta á nova realidade. É o que nos indican tamén desde Europa e o marco normativo estatal, e para a súa elaboración faise un grande esforzo de participación pública e social.

Señorías, esta lei non ten como finalidade sancionar nin establece procedemento punitivo ningún, o único que se establecen son obrigas de adopción de medidas que deberían estar na súa maioría executadas xa, e soamente busca acadar unha mellora na xestión que repercuta na consecución de obxectivos medioambientais; medidas que tiñan que estar executadas xa, como o deber de que todos os concellos ou entidades titulares de sistemas de abastecemento con máis de 20.000 habitantes se doten dun plan de emerxencia fronte á seca.

Señorías, esta norma clarifica tamén as responsabilidades de cada administración e os protocolos de actuación entre os diferentes escenarios de alerta por seca ou risco sanitario. Finalmente, e xa para rematar, señorías, o texto proporciona as ferramentas xurídicas necesarias para actuar con axilidade ante situacións que comprometan o abastecemento de auga. Desa forma, as medidas que sexa necesario adoptar en situación de seca ou risco sanitario levarán implícita a declaración de utilidade pública, a necesidade de urxente ocupación dos terreos e prevalecerán sobre outras normativas, porque a prioridade, señorías, é o abastecemento da nosa poboación.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moita grazas, señor Trenor.

Pasamos ao segundo punto.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. Mixto, de modificación da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para a presentación da proposición non de lei polo Grupo Mixto, ten a palabra a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos, tamén ás convidadas que están hoxe aquí.

Enmarcamos esta proposta no marco da igualdade, dado que as mulleres, polo feito de selo, usamos determinados produtos de hixiene que constitúen en moitas ocasións un importante desembolso económico. Así pois, dicimos que é unha cuestión de igualdade porque partimos dunha desigualdade de base polo feito de sermos mulleres. É de xustiza social que estes produtos de hixiene feminina que usamos as mulleres sexan gravados co tipo superreducido do IVE do 4 %, fronte ao reducido do 10 % actual. Isto, ademais, nun contexto non só de non superación da fenda salarial, dese diferencial de ingresos que as mulleres de media temos en relación cos homes, senón de agravamento desta.

A fenda salarial medra dende 2014, fenda que continúa nas pensións. Así pois, as mulleres soportamos maior carga económica en relación con estes produtos de hixiene íntima polo mero feito de sermos bioloxicamente mulleres, e, ao mesmo tempo, temos unha situación, en canto a niveis de pobreza e niveis de ingresos salariais, inferior aos homes de media.

É un debate que se está dando a nivel europeo, o da redución dos tipos do IVE nos produtos de hixiene feminina, e entendemos que hai consenso social en relación con esta medida. Tamén o houbo no Congreso cunha maioría, e outras cámaras teñen instado o Goberno estatal a legislar no mesmo sentido, como as Corts Valencianas, que aprobaron unha PNL na que chegaban a falar de machismo financeiro.

Así pois, falamos duns produtos —se falamos estritamente dos usados para a menstruación— que usamos as mulleres uns trinta e cinco ou corenta anos de media e que en moitos casos poden ter uns custos moi elevados ao mes. Só falando destes, falamos ás veces duns 20 euros mensuais, que para mozas ou persoas sen emprego, ou persoas en risco de exclusión social, son uns custos moi elevados.

Hai un estudo de Plan internacional no cal unha de cada dez mozas británicas de entre 14 e 20 anos non pode comprar tampóns e compresas, e que a metade perdeu un día de clase a causa da menstruación, datos que confirman unha realidade — sinala esta organización— observada por docentes do país. Ademais, aquí mesmo, no Estado español, hai asociacións de solidariedade que advirten da necesidade de compresas e tampóns por parte de familias



con poucos recursos. Sinala, por exemplo, Mensajeros de la Paz, que son un dos produtos máis demandados neste tipo de asociacións de solidariedade. Comézase así a falar de pobreza menstrual para definir este fenómeno, ligado, é certo tamén, a un persistente tabú sobre a menstruación, á falta de educación sexual, e cabe aquí tamén sinalar que esta situación é especialmente grave nos países empobrecidos.

Pero é que non só se trata deste diferencial durante a etapa fértil en canto ao uso de produtos de hixiene íntima, senón que este uso diferencial continúa tamén en mulleres maiores, no caso de perdas de orina na ancianidade. Así é que, dende que unha muller ten a súa menarquía ata o final da vida, usa moitos máis produtos de hixiene íntima que os homes, é unha evidencia, e, polo tanto, esta proposta de reducir o IVE destes produtos é de xustiza social e igualdade, e consideramos que ten un amplo consenso social. De feito, os orzamentos negociados entre PSOE e Unidas Podemos para a lexislatura pasada —xa non sei cantas lexislaturas levamos (*Risos.*)— contiñan esta disposición, que xa fora trasladada mesmo á Unión Europea, recollían a redución do gravame nos produtos de hixiene feminina en aras dunha fiscalidade ao servizo da igualdade entre mulleres e homes, e onde se introduce por primeira vez unha visión de xénero coa rebaixa do IVE para os produtos de hixiene feminina. Isto era literal.

Dicía que é unha medida, polo tanto, con consenso social e permitida polas normas da Unión Europea dende 2007. O que propoñemos coa nosa proposta é directamente modificar a lei e levar ao Congreso unha proposta de modificación da Lei 37/1992, do imposto do valor engadido, para blindar esta medida como estrutural e perdurable no tempo. É unha medida coñecida no entorno europeo e atlántico. Hai estados onde estes produtos están totalmente exentos de impostos, como pode ser Canada, Irlanda ou mesmo Australia, que tamén aplicou esta exención de impostos. Outros teñen taxas moi reducidas, como Francia ou Reino Unido, e o Estado español ten a oportunidade de avanzar tamén nesa senda.

Creemos, ademais, que cómpre avanzar no abaratamento e posta en coñecemento das alternativas ecolóxicas a estes produtos, como pode ser a copa menstrual, e incluímolas así na nosa proposta, gravando tamén estes produtos co tipo superreducido, porque é un xeito de avanzar na loita contra os residuos e a sustentabilidade ambiental. É certo que estes produtos son un dos grandes xeradores de residuos plásticos no medio. Un menor custo destes, incentiva escoller estas opcións de carácter biodegradable, que xeralmente soen ser máis caras, ou por opcións como a copa menstrual.

Incluimos así —como dicía— non só compresas, tampóns, salvaslips, que xa están contempladas ata o de agora co IVE reducido, senón tamén novos produtos reutilizables e mesmo xeles de uso íntimo. Todos son usados por mulleres polo mero feito de selo, usados con asiduidade, e tamén mesmo cabería ter en conta, no caso de maiores custos soportados polas mulleres, que hai produtos de hixiene feminina, poñamos por caso este tipo de xeles, que custan máis que o seu equivalente masculino polo mero feito de ser para mulleres. As grandes empresas aproveítanse da maior necesidade de uso de produtos de hixiene por parte das mulleres para elevar os seus custos, é a coñecida como taxa rosa, que se está a analizar.

A medida de redución do IVE dos produtos de hixiene feminina ten, certamente, un impacto económico moi pequeno a nivel global, pero un importante retorno positivo, sobre todo para



mulleres de ingresos medios e baixos e para o benestar e saúde. As estimacións que se facían nes orzamentos estaban en torno a 18 ou 19 millóns de euros, que son o 0,03 % do ingresado por IVE no 2017. Certamente é moi pouco, pero pode supor un retorno social para as mulleres con menores ingresos. Aproveitamos a modificación que conleva pasar do IVE reducido ao superreducido estes produtos para que o artigo 6b), onde se incluían, inclúa tamén especificamente con gravame reducido, e o determine así, tanto preservativos masculinos como femininos.

É moi simple a nosa proposta, non vou usar os quince minutos. Entendendo que os produtos de hixiene feminina son de primeira necesidade. Entendo que se produce desigualdade no acceso aos mesmos por ser de obrigada necesidade por parte das mulleres en tanto que mulleres, consideramos que a aplicación do imposto pode, polo tanto, considerarse discriminatorio, polo que o gravame destes produtos debería estar no mesmo rango que outros de primeira necesidade. Aínda así, consideramos que é unha medida insuficiente, porque debería conlevar tamén medidas como a repartición gratuíta deste tipo de produtos entre mozas en centros educativos e institutos, e, por suposto, atender o que é o fenómeno da pobreza menstrual nas mulleres en risco de exclusión e atender esta demanda detectada polas asociacións de solidariedade, pero pensamos que é unha medida xusta, que compensa esa desigualdade de partida no uso diferencial de produtos de hixiene por parte de homes e mulleres, e agardamos o voto favorable da Cámara. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vázquez Verao.

Na rolda dos restantes grupos parlamentarios ten a palabra, en representación do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Dende o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por suposto, imos votar favorablemente esta iniciativa do Grupo Mixto porque é unha proposta coa que concordamos ao cen por cento e ademais xa a temos traído a esta Cámara en repetidas ocasións. Témolos dito moitas veces, e hoxe queremos volver insistir: a desigualdade que sufrimos as mulleres na sociedade actual ten moitas caras, dáse en moitos ámbitos, pero hai un que é absolutamente elemental e que inflúe en todos os demais, que é o económico, é un ámbito determinante. E cando falamos de economía, falamos tamén da política impositiva. Non podemos negar que ten un sesgo profundamente patriarcal e que ten un claro sesgo de xénero en exemplos como o que hoxe se presenta.

Ademais, hai que ter en conta que é unha discriminación por riba doutras discriminacións. Como tamén dicía a señora Verao, é unha discriminación engadida sobre a desigualdade económica que xa recae sobre as mulleres de forma máis directa, pois queda aínda moito que traballar a prol de que esa igualdade lexislada sexa traducida nunha igualdade real, e temos numerosos exemplos, como, por exemplo, a discriminación salarial.



Hai que recordar que as traballadoras galegas cobramos de media case 5.000 euros menos ao ano do que os homes, unha fenda salarial que, malia que hai moitos anos que é ilegal, non só está vixente, senón que é tamén crecente. Dende o ano 2009 esta fenda salarial entre homes e mulleres no noso país incrementouse xa en 1.000 euros, un forte incremento, superior ao 22 %.

Tamén temos, ademais, unha fenda no noso país co resto do Estado. Hai que recordar que as traballadoras galegas obtemos unhas ganancias salariais de ata 1.700 euros menos do que a medida estatal, e a isto hai que sumar outras consecuencias económicas como as derivadas de ocupar nós, maioritariamente, as xornadas parciais, sermos nós quen, maioritariamente, nos acolleamos ás reducións de xornada ou excedencias por conciliación, e poderíamos seguir poñendo moitos máis exemplos. A conclusión é sinxela, este é o caldo de cultivo que fai que despois falemos da constante, crecente e estable feminización da pobreza, máis que constatada. Podemos poñer aquí enriba da mesa os datos do recente informe Foessa, onde se constataba unha maior feminización da pobreza, especialmente naqueles fogares que eran sustentados por mulleres, e un 20 % en situación de pobreza, ou os datos tamén da propia Rede galega contra a pobreza, que sitúa no 24,4 % o nivel de risco de pobreza das mulleres en exclusión social, fronte a un 20,7 % no caso dos homes.

É dicir, podemos concluír que de forma obxectiva as desigualdades de xénero están directamente relacionadas con esta consolidación da pobreza e que a pobreza das mulleres nace da desigualdade. Polo tanto, soste unha desigualdade a través de algo como o IVE é profundar nesta liña e necesita unha corrección. Ademais, estamos a falar —hai que telo en conta— dun imposto que é indirecto na transacción comercial; é dicir, que repercute en todos e todas con independencia de cal sexa o noso nivel de renda, e iso o que fai é agravar a situación das persoas que menos renda teñen. Polo tanto, para nós isto é a todas luces inxusto e concordamos en que o IVE deba ser o IVE superreducido.

Todos e todas entendemos que é lóxico que unha barra de pan teña menos IVE que unha botella de whisky ou que unha caixa de tabaco. Pois tamén carece de todo sentido, por unha cuestión elemental, que produtos necesarios para nós polo mero feito de sermos mulleres teñan o mesmo IVE que, por exemplo, un ramo de rosas ou unha lata de caviar, é unha desigualdade absurda e inexplicable a esta altura. Ademais, xa quedou dito que ao longo de toda a nosa vida isto supón un impacto económico moi importante, por non entrar en que nunha sociedade avanzada deba entrar no ben común e no interese xeral que máis da metade da poboación teñamos servizos para facer máis cómoda e hixiénica a nosa vida, non ser algo que en pleno século XXI continuemos a reivindicar. Por non falar do negativo que é afondar nunha diferenciación que, ao fin e ao cabo, é exclusivamente biolóxica e que contradí o principio de non discriminación por razón de sexo ou calquera outra condición persoal ou social.

En todo caso, eu quería tamén facer unha reflexión sobre que este asunto nos recorda dúas cousas que non podemos esquecer, porque se a situación no ano 2019 é esta, é por algo. Primeiro, pola inutilidade das forzas políticas estatais. Xa se falou aquí deses orzamentos de 2019, pero quero recordar que gobernando aínda o señor Rajoy houbo numerosos consensos no Congreso, nesas circunstancias de non maioría absoluta, respecto desta cuestión. E tamén



hai desidia do Partido Popular de Galiza á hora de defender isto que interesa a todas as mulleres galegas.

Aquí recordáronse iniciativas e consensos doutros parlamentos, pero eu quero recordar os que houbo nesta mesma Cámara na anterior lexislatura, na que nos precede a todos e todas os que estamos aquí. O anterior Grupo Mixto impulsou, a través de Carmen Iglesias Sueiro, unha iniciativa que tivo o consenso o pasado 24 de febreiro de 2016. ¡Imaxinen se choveu desde entón! De feito, dous anos despois dese acordo, do que o meu grupo parlamentario tamén participara, visto que non había ningún movemento, este grupo parlamentario trouxo unha nova iniciativa á Comisión 3ª desta Cámara, engadindo ademais dúas cuestións que nos parecían importantes: unha, que a Xunta presentara un informe sobre que actuacións estaba a desenvolver neste sentido —seguimos esperando por ese informe—; e tamén desenvolver, dentro das propias competencias que ten a Xunta de Galiza, a promoción e a información doutros métodos alternativos ás compresas, aos tampóns e a todos eses elementos que —como xa se dicía aquí— teñen outros inconvenientes. E desde entón nós descoñecemos unha soa campaña da Xunta de Galiza a prol de difundir e explicar o que é, por exemplo, a copa menstrual, ou a prol de regalárllelos ás mulleres máis novas, que poden ter dificultade á hora de experimentar con estes produtos que teñen un investimento inicial máis alto que un paquete de compresas, e seguen sen facelo; algo tan sinxelo e tan elemental e que non constitúe tampouco nada do outro mundo.

Tamén en xuño de 2018 —xa iniciado o novo Goberno do Estado— volvemos preguntarlle á Xunta de Galiza, e en abril de 2019, por esta cuestión, tendo un pouco de esperanza de que como agora se dedican só a defender aquelas cuestións que van contra o Goberno central, lles entrara tamén unha ínfula de defender con maior garbo este tipo de cuestións, pero seguimos esperando. E mentres seguimos esperando, as mulleres galegas vemos como a nosa lista da compra todos os meses é maior porque pagamos unha barbaridade por estes produtos.

Eu quixera deixar tamén un par de reflexións enriba da mesa. Nisto que falamos, como en tantas outras cousas, tampouco é indiferente a nosa soberanía fiscal. Eu quero recordar que, por exemplo, o Goberno canario —que ten o seu particular imposto de valor engadido— puido facer isto hai moito tempo xa porque, precisamente, ten soberanía respecto da súa facenda, da súa autoorganización económica. Este é un aspecto máis no que a nosa dependencia do Estado nos lastra.

Tamén hai que poñer outras dúas cuestións enriba da mesa. Unha vez que consiga isto, é necesario tamén que os propios organismos —como o Consello Galego da Competencia, como a propia CNMC e outros organismos que hai de ámbito estatal e mesmo europeo— fiscalicen que realmente a baixada do IVE non vai acompañada por parte destas empresas dun incremento do prezo base, porque se non estaremos outra vez na mesma. Nese sentido, eu creo que, unha vez se consiga esta cuestión, outro reto que temos por diante —e algo avanzaba tamén a señora Verao— é desmontar esa realidade da taxa rosa, porque, efectivamente, o capitalismo non é un aliado feminista, o capitalismo o que busca é o seu propio beneficio, e a día de hoxe está máis que demostrado con estudos e datos obxectivos que hai numerosos produtos nos que a versión feminina ten un prezo moito máis elevado que a ver-



sión masculina. Por exemplo, asociacións de consumidores como a propia FACUA fixeron un estudo sobre maquiñas de afeitar e, de sete marcas que estudaron, todas, excepto dúas, tiñan un prezo de ata un 171 % máis caro na versión feminina do que ese mesmo produto para homes, tratándose exclusivamente dun package diferente ou dunha cor diferente. Tamén Idealo fixo o mesmo respecto de fragancias, e indicaba que nun 73 % as fragancias destinadas a público feminino eran máis caras. Máis recentemente, a propia Generalitat Valenciana impulsou un estudo para presentar no VI Congreso de economía feminista que se celebra na Universidade de Valencia, no que testificaba que un 7 % máis era a media do que custaban aqueles produtos que foran testados para saber cal era o seu prezo para o público masculino ou para o público feminino.

Polo tanto, en conclusión, imos votar favorablemente a esta proposición de lei. Entendemos que sería un paso máis para presionar desde Galiza o Goberno do Estado para tomar medidas urxentes neste aspecto, un paso máis para poñer o foco sobre esta situación, e tamén un recordatorio de que este é o primeiro paso de moitos deberes...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...que nos quedan para desmontar esas pequenas alianzas que ten o noso sistema fiscal impositivo e económico co patriarcado.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Polo Grupo Común da Esquerda ten a palabra a señora Torregrosa Sañudo.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Moitas grazas e bo día, presidente.

Señoras e señores deputados, a proposición de lei que presenta o Grupo Mixto parécenos máis ben —para facer unha reflexión— unha busca de consenso entre os diferentes grupos desta Cámara nun tema que consideramos —claro que si— que é un tema necesario e imprescindible. Tanto é así que xa estivo acordado no Programa de estabilidade 2019-2022 dende o Goberno central, e incluso se comunicou á Comunidade Europea, coa intención de introducir as modificacións precisas na regulación estatal do IVE para aplicarlles o tipo superreducido do 4 % aos produtos de hixiene persoal feminina.

Polo tanto, claro que dende o Grupo Común da Esquerda imos dar o noso voto favorable, pero non sen engadir que, se esta proposición pasase a trámite, pensamos que habería que completala, en todo caso, e que debería ser máis ambiciosa, xa que nos parece excesivamente moderada, pois pouco máis aporta deste acordo que xa quedou pendente da aprobación dos orzamentos do Estado pero que xa está dalgunha maneira aceptado, o do IVE superreducido.

De todas maneiras, parécenos que é un tema que merece absolutamente a reflexión deste espazo, desta Cámara, xa que, a pesar de afectar a máis da metade da poboación, segue a



ser unha cuestión considerada aínda como un tabú, como un luxo, e non como unha necesidade, o que produce unha clara discriminación dunha parte da sociedade, que lastra con problemas psicolóxicos e funcionais as mulleres e que demostra unha evidente falta de empatía.

Comeza xa pola nula valoración feita polas administracións públicas, tanto no Estado como no noso país. Tampouco hai outras valoracións e institucións oficiais en relación coas limitacións que supón o acceso aos produtos de hixiene menstrual en relación con contextos socioeconómicos, culturais, territoriais, de formación, de idade, etc.

Parécenos tamén que hai grandes baleiros entre o que son as organizacións non gobernamentais, que evidencian en diferentes estudos e denuncian a importancia e as prioridades que teñen para poder aportar este tipo de produtos aos contornos —como xa dixéramos— de mulleres que, desgraciadamente, aínda na nosa sociedade, son dos sectores máis febles, causados claramente pola fenda económica, a fenda salarial e as diferenzas que hai nas condicións tanto de emprego como de coidados e cargas persoais. Entre estas organizacións —xa o valorou a voceira do Grupo Mixto— poderíamos falar da Cruz Vermella, da Rede de pobreza española e outras. Sen embargo, podemos ver que nos estatutos da Federación Española de Bancos de Alimentos non se considera aínda que se teñan que repartir este tipo de produtos entre os sectores desfavorecidos, senón que se limitan a cuestións puramente alimentarias, a pesar de que estes bancos se financian con fondos da Unión Europea e de que está claro o posicionamento que xa tivo a Unión Europea ao respecto.

Outro tema que nos parece importante é traer tamén a debate a esta Cámara —como apuntou a señora Verao— o tema dos anticonceptivos. Para nós, en todo caso, esta iniciativa é unha parte do global, do que se debería propor, xa que sería necesario que tamén se pedira a modificación do IVE destes produtos, que tamén son de primeira necesidade, porque —insistimos— o tema da taxa do IVE superreducido para os produtos menstruais xa está acordado tal cal se pide nesta iniciativa, e cremos que habería que dar un paso adiante e ser un pouco máis valentes pedindo cousas que non se pediron xa ou que non se acordaron; como foi este acordo pendente dos orzamentos definitivos entre Pedro Sánchez e o Grupo Confederal de Unidas Podemos.

Entón, insistindo no tema europeo, xa se aprobou na Eurocámara no 2017 unha proposición non vinculante que ten como obxectivo rematar coa desigualdade de xénero e conseguir unha distribución máis equitativa da riqueza entre homes e mulleres grazas á política fiscal, porque vemos que a política fiscal é unha das diferenzas grandes que hai e que axudan a esta fenda de xénero que estamos a sufrir. A ausencia dunha perspectiva de xénero neste ámbito, tanto a escala comunitaria como nacional, reforza a disparidade nos ámbitos, como tamén xa se remarcou aquí, porque estamos sempre coincidindo nos mesmos temas: o emprego, as pensións ou a riqueza.

É innegable, ademais, que esta situación desincentiva a entrada e a permanencia das mulleres no mercado laboral e contribúe a perpetuar os estereotipos heteropatriarcais. Nese marco, no marco do informe sobre a igualdade de xénero e as políticas fiscais da Unión Europea, condénase que os produtos hixiénicos menstruais aínda non se consideren produtos



básicos en todos os estados membros, e insta a todos os países da Unión Europea a eliminar o chamado *tampon tax*, aplicando un tipo de IVE do 0 % aos seus produtos esenciais. Con esta proposición, o Parlamento Europeo anima os estados membros a fomentar a dispoñibilidade xeneralizada dos produtos sanitarios e a ofrecer estes produtos de hixiene menstrual en determinados espazos públicos como son as escolas, as universidades, os refuxios para persoas sen fogar, xa que a pobreza menstrual é unha cuestión presente na Unión, onde 1 de cada 10 nenas non pode permitirse produtos sanitarios segundo a organización *Plan International*. Por iso, insistimos en que non acabamos de ver por que esta iniciativa súa, que apoiamos, non aproveita para solicitar, para facer unha proposta de IVE cero tanto para os produtos de hixiene menstrual como para os anticonceptivos, tal como se recomenda no informe citado.

De feito, dende o noso grupo presentouse nestes días unha iniciativa, a través da Comisión 4ª, na que, efectivamente, o que se pide é que se incorpore a entrega gratuíta de copas menstruais nos centros de secundaria, co fin de achegar a todas as mozas unha alternativa ecolóxica e económica aos produtos menstruais. Con isto engádese unha perspectiva medioambiental —que tamén se apuntou aquí pero non vén incluída—, incorporando o respecto ao medio ambiente e o control de xeración de residuos a unha medida aplicada tamén hai uns meses polo Goberno de Escocia, que foi pioneira en Europa, onde xa se falaba e se insistía no tema da pobreza menstrual e se fornecía gratuitamente de produtos de hixiene menstrual a unhas 400.000 nenas e adolescentes que sofren este tipo de pobreza, unha pobreza que sempre existiu, pero non temos que ter vergoña de falalo publicamente.

Xa non me queda moito tempo, vou ir rematando. Cremos que hai dous aspectos engadidos que teñen pouca importancia na proposta e que se terían que reforzar, que son o tema socioeconómico e de exclusión e o tema medioambiental.

Por un lado, a necesidade de reflexionar tamén sobre o impacto destes produtos no medio ambiente e insistir sobre a gratuidade; é dicir, reducir o IVE non a un IVE superreducido, senón apoiar un IVE cero para produtos que non só apoiem a fenda que hai e o tema tabú que segue a ser a hixiene menstrual, senón tamén os temas de anticoncepción, xa que nos parece que todo o que sexa relativo a unha cuestión de necesidade e de saúde non debería estar gravado por impostos.

Remato xa, xa pasarei na réplica para completar. Simplemente dicir que acabamos de conmemorar o Día internacional da loita contra a sida. Creo que este tamén é un tema básico para reincidir...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: ...nese aspecto que ten que ter esta iniciativa. E insistimos en que hai que ser máis...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: ...valentes cando traíamos proposicións de lei á Cámara.



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas...

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Xa que aproveitamos a ferramenta para ter máis visibilidade, ten que ser tamén moito máis reivindicativa.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Torregrosa.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Porrit Lueiro.

A señora PORRIT LUEIRO: Grazas, presidente.

Señorías, bo día a todas e todos.

Un pleno máis, seguimos falando de fiscalidade e de igualdade. Se no pleno do 19 de novembro debatemos sobre o imposto de patrimonio, imposto directo que, en principio, debería gravar o patrimonio neto do suxeito pasivo, no caso da Xunta de Galicia moito patrimonio non se grava con ese mínimo dos 700.000 euros. Hoxe, con esta proposición de lei facémolo sobre o IVE. O IVE, tal e como di a exposición de motivos desta iniciativa, é un imposto directo que grava o consumo e que, en principio, como tal imposto indirecto, poderíamos supoñer que non é o máis axeitado para aplicar un modelo acorde cos principios de igualdade, xeneralidade e progresividade recollidos no artigo 31 da Constitución española, modelo polo que apostamos desde o PSdeG.

Pero, precisamente a existencia de distintos tipos impositivos en función do produto e o servizo prestado, permite afirmar que o IVE pode ser progresivo. Así, por exemplo, igual que existe un tipo superreducido para os produtos de primeira necesidade, ¿por que non subir o IVE ás chuches? Talvez poderíamos evitar problemas de obesidade na infancia. Ou ¿por que non subir o IVE a determinados produtos e servizos como vehículos de alta gama, inmobles dun certo tamaño e características, certos hoteis, produtos alimenticios e bebidas de custo máis elevado? É dicir, ¿por que non subir o IVE ao que chamamos produtos de luxo?

O IVE é un imposto indirecto e, como tal, podemos supoñer que non ten en conta as características persoais do chamado suxeito pasivo, aínda que a modificación que esta proposición de lei pretende desmonta a dita crenza, dado que afecta ao tipo de IVE a aplicar a produtos femininos, produtos que utilizamos as mulleres durante moitos anos da nosa vida e produtos que facilitan a nosa vida diaria nun contexto onde as mulleres estamos e imos seguir estando —pese a que moitos non queren— presentes en todos os sectores da sociedade.

Falamos, polo tanto, de igualdade e falamos dunha cuestión de xénero, desa chamada taxa rosa, que é como se denomina ao incremento do prezo dun mesmo produto cando se trata dunha versión feminina.



Dende o noso grupo non é que vaiamos apoiar esta proposición, é que forma parte do noso programa político. A dita modificación aparecía recollida no programa electoral do Partido Socialista para as eleccións xerais do 28 de abril deste ano. En relación coa taxa rosa, dicía: abordaremos a desactivación da taxa rosa, que é como se denomina o incremento do prezo dun mesmo produto cando se trata dunha versión feminina, e reduciremos o IVE dos produtos de hixiene feminina ao 4 % porque son artigos de primeira necesidade.

Como xa dixo a señora Vázquez Verao, era unha modificación que tamén aparecía recollida no Proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2019, publicado o 16 de xaneiro no Boletín Oficial das Cortes. No dito proxecto incluíanse dúas modificacións no artigo 91 da lei reguladora do IVE, e no apartado b) do número 1.6 pasaba de aplicarse o tipo do 10 % a compresas, tampóns, protexe slips, preservativos e outros anticonceptivos non medicinais, modificábase e reducíase a aplicación do 10 % aos preservativos e outros anticonceptivos non medicinais. E ao mesmo tempo, engadíase no punto número 2 un apartado 7, que quedaría redactado do seguinte xeito: Aplicarase o tipo do 4 % ás operacións seguintes, que neste caso serían: compresas, tampóns e protexe slips. E novamente unha modificación que tamén aparecía recollida no noso programa electoral do pasado 10 de novembro.

Comparto absolutamente o que dixeron as voceiras que me precederon. Este é un primeiro paso, penso que temos que seguir avanzando na procura de igualdade en todos os ámbitos da nosa vida, tamén na tributaria. Comparto absolutamente a necesidade de informar ás nenas e ás adolescentes dos distintos métodos que poden facilitar a súa vida no día a día. Polo tanto, non sei se hoxe se aprobará esta modificación da Lei 37/1992, reguladora do IVE, pero tan pronto como se forme o Goberno progresista do Estado, encabezado por Pedro Sánchez, esta modificación, que é unha cuestión de igualdade tributaria e de xustiza social —porque, aínda que resulte incomprensible, ás mulleres trátasenos como desiguais tamén en materia impositiva—, levarase a efecto.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Porrit.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra a señora Fernández Macías.

A señora FERNÁNDEZ MACÍAS: Grazas, presidente.

Unha vez máis, volvemos debater nesta Cámara sobre a redución do tipo impositivo do IVE que grava os produtos de hixiene íntima feminina, e, antes de entrar na miña argumentación, xa lle adianto, señora Verao, e para o resto dos grupos da oposición, para que estean tranquilos, que o Grupo Popular votará unha vez máis, como o fixo ata o de agora en todas estas iniciativas, a favor desta proposición de lei para presentala ante o Congreso dos Deputados, porque se trata de produtos de primeira necesidade, señora Porrit, e non se poden comparar con outros produtos, como vostede mencionou, como, por exemplo, as chuches.

O feito de que esteamos a falar de novo deste tema ten unha connotación maioritariamente negativa, pois isto implica que a día de hoxe aínda non se conseguiu que esta demanda, tan



necesaria como imprescindible para nós as mulleres, se converta a día de hoxe nunha realidade.

Pero por ver algo positivo, se é que é posible neste caso e neste aspecto, gustaríame salientar que polo menos nestes temas tan importantes os grupos parlamentarios desta Cámara están á altura das circunstancias e entre todos somos capaces de poñernos de acordo, como así o demostramos en todas as ocasións que veu esta iniciativa a esta Cámara, xa sexa en pleno ou en comisión, e como parece que así será tamén nesta ocasión. E, sobre todo, paréceme moi salientable que sexamos capaces de poñernos de acordo para loitar contra este tipo de barreiras que xeran unha desigualdade para as mulleres.

Precisamente en base á consecución dunha igualdade de xénero real, e con respecto a esta proposición de lei, a Xunta de Galicia xa se pronunciou favorablemente a esta iniciativa, pois así o demostra o Informe de impacto de xénero realizado pola Secretaría Xeral de Igualdade, no que di —e cito textualmente— que a modificación da Lei 37/1992, do imposto do valor engadido, para aplicarlle o gravame reducido do 10 % aos preservativos femininos e o gravame superreducido do 4 % aos produtos de hixiene íntima feminina, ten un impacto positivo dende o punto de vista da consecución da igualdade por razón de xénero, xa que eliminará unha carga impositiva que ata agora viñan soportando as mulleres na adquisición deste tipo de produtos.

Tamén vemos que é certo que esta consecución da igualdade de xénero está presente en moitos outros ámbitos políticos. Por exemplo, a nivel europeo temos o Tratado da Comunidade, onde se pon de manifesto a necesidade de incorporar esta perspectiva de xénero en todas as políticas públicas, para recoñecer a igualdade entre homes e mulleres como un dereito de alcance transversal a todo o ordenamento e políticas da Comunidade Europea.

Por outro lado, no ámbito estatal tamén temos a Lei orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de homes e mulleres. Pero, sen embargo, e a pesar da regulación en todos estes ámbitos, vemos que aínda non se fixo realidade esta demanda social que logre terminar dunha vez por todas con esta situación discriminatoria para as mulleres.

Aínda así, e estando de acordo no fondo da cuestión con todos os grupos parlamentarios da oposición, considero necesario facer unha pequena cronoloxía tanto do imposto como da iniciativa nesta Cámara, para facer fincapé en certos aspectos que se obvian e porque non todo vale para criticar o Partido Popular.

No ano 2002 os produtos de hixiene íntima feminina estaban gravados a un tipo impositivo xeral, que daquela era do 16 %. Pois ben, nese mesmo ano 2002 é cando se baixou a un tipo impositivo reducido do 7 %, e para a súa información, por se non o saben ou o queren obviar, esta baixada realizouna un goberno do Partido Popular. (*Aplausos.*) É certo que non é suficiente, pero foi un primeiro paso moi importante dado —repítolle— polo Partido Popular, gústelles ou non lles guste. Nos últimos anos, este tipo reducido pasou do 7 % ao 10 % como consecuencia da subida de todos os tipos impositivos pola crise económica.

En canto ao percorrido da iniciativa neste Parlamento, no ano 2016 presentouse unha proposición non de lei para o seu debate en pleno, na que se instaba a Xunta de Galicia a nego-



ciar co Estado, que foi aprobada por unanimidade. Señora Presas, por unanimidade, incluído o Partido Popular e incluída eu mesma, que fun a voceira nese debate. Polo tanto, deuse traslado ao Goberno central deste acordo, á Secretaría de Facenda, como xa llo comentou tamén a secretaria xeral de Igualdade en comisión.

E, finalmente, no ano 2018 tamén se trouxo á Comisión 3ª esta demanda polo Bloque Nacionalista Galego, que, segundo a Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias, non tivo resposta a ningunha destas solicitudes e instancias. Pero do que si temos constancia, señora Presas, é de que, gobernando o Partido Popular, durante o último mandato do noso partido, o Instituto da Muller xa realizara diversos estudos sobre esta situación de discriminación e a súa directora xa tomara a decisión de sacar un contrato para facer un estudo de impacto a este respecto. Entón foi cando chegou a moción de censura, e, curiosamente, despois desa moción, en xullo do 2018, o Partido Socialista establece esta mesma medida, xa aprobada e que xa ía sacar adiante o Partido Popular na súa folla de ruta, xunto coa posible redución do imposto. Sexa como fora, casualidade ou oportunidade, o certo é que a día de hoxe estamos aínda sen darlle solución a este tipo de problema que dende o Partido Popular consideramos imprescindible e fundamental subsanar.

Di a señora Presas tamén que a Xunta de Galicia non fai nada. ¡Oia! a Xunta de Galicia, na última proposición non de lei presentada por vostede mesma na Comisión 3ª, deu traslado deste acordo ao Goberno central, e se non se sabe nada é porque o Goberno central non deu ningunha resposta. E a única información que lle deu a vostede a secretaria xeral de Igualdade en comisión foi a recollida a través do *Diario de Sesións*, porque ese goberno progresista do que falaba a señora Porrit non foi capaz de dar ningunha resposta a este aspecto. (*Aplausos.*)

É máis, o Partido Popular de Galicia xa tivo en consideración esta medida, pois así estaba especificado no noso programa electoral do ano 2016, onde se dicía —e cito textualmente—: «Apoiaremos e solicitaremos ao Goberno de España, como fixemos na pasada lexislatura, que rebaixe o IVE dos produtos sen glute, dos produtos de hixiene íntima feminina e dos cueiros dos nenos e nenas recen nados». Polo tanto, e como así o demostramos en anteriores ocasións, o Partido Popular está a favor de acabar con esta discriminación. Por un lado, modificar —como se di nesta proposición de lei— o artigo 91 para incluír entre os produtos do tipo reducido do 10 % os preservativos femininos de xeito específico, como dicía a señora Verao. E por outro lado, engadir un novo ordinal sétimo tamén no artigo 91 para incluír entre os produtos do tipo superreducido do 4 % os produtos de hixiene íntima feminina, os que estaban e tamén todos os que se nomean nesta proposición de lei.

Por todo o exposto, o Grupo Popular votará a favor da toma en consideración desta proposición, porque a consideramos xusta e totalmente necesaria.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Fernández Macías.

Para a rolda de réplica do grupo autor da proposición non de lei, por parte do Grupo Parlamentario Mixto, ten a palabra a señora Vázquez Verao.



A señora VÁZQUEZ VERAO: Celebramos e agradecemos o apoio dos grupos a esta proposta, porque nos parece fundamental que vaia en forma de proposición de lei para que a Cámara galega exerza a súa capacidade de propoñer modificacións de leis estatais e porque, como dixeron varias das voceiras, é un primeiro paso, un acordo de mínimos, para poñer isto definitivamente na axenda. Porque aínda que haxa consensos sobre esta medida, o certo é que aínda non se aplicou.

Persoalmente, agardo que haxa goberno antes de que o trámite desta lei se debata no Congreso, pero o certo é que levamos anos en que non hai un avance neste sentido, e, apelando ao consenso que hai nesta cámara, eu considero que o debería haber no Congreso na mesma medida.

No trámite e no debate podemos e debemos debater sobre cuestións como a idea de camiñar cara a esa redución de imposición a determinados produtos, na cuestión dos preservativos e na dos cueiros, que é tremendo o que lles custan cada mes eses cueiros gravados cun 21 % ás familias máis desfavorecidas. Pero consideramos importante este avance, nun contexto de cuestionamento por parte de determinadas forzas políticas e de determinados altavoces sociais de que exista o machismo, e que esta cámara teña un acordo para dicir que o imposto do IVE é discriminatorio porque está impondo ás mulleres, que polo mero feito de sermos mulleres usamos produtos de hixiene feminina con moita maior asiduidade durante gran parte da vida, que teñamos ese diferencial.

Insistimos, ademais —como xa todas as voceiras o fixeron—, na necesidade de ter en conta tamén o marco global de maior educación sexual e hixiénico-sanitaria sobre o ciclo menstrual no ámbito educativo, a repartición en centros educativos destes produtos e tamén utilizar esta modificación legal como un xeito de incentivar a aposta por alternativas sustentables, que é algo posible facelo.

En fin, agradecemos que esta Cámara recoñeza novamente que existe unha discriminación, esta vez en forma de proposta de modificación lexislativa, que existe unha discriminación ás mulleres polo feito de selo na imposición do IVE aos produtos de hixiene feminina, e agardamos que isto, máis cedo que tarde, se leve a cabo no marco do Estado. (Aplausos.)

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Vázquez Verao.

Pasamos agora á votación dos textos lexislativos. Comezamos a votación das emendas mantidas e do Ditame emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario.

Hai unha petición por parte do Grupo Socialista para separar algunhas das emendas que permanecen vivas, o resto dos grupos non facían ningunha petición neste sentido. Entón, comezamos coas emendas do Grupo Parlamentario Mixto, das cales separamos nunha pri-



meira votación, por petición do Grupo Socialista, a 3, a 6, a 11, a 15, a 18, a 19, a 21 e a 27. Votamos, en primeiro lugar, estas emendas.

Votación das emendas 3, 6, 11, 15, 18, 19, 21 e 27 do G. P. Mixto ao Proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario, non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 39; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Votamos agora as emendas restantes do Grupo Parlamentario Mixto.

Votación das emendas do G. P. Mixto ao Proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario, agás as xa votadas, non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos agora ás emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, e tamén hai unha petición para facer dous grupos. Votamos por separado, en primeiro lugar, as emendas 15, 22, 29, 31, 33 e 34.

Votación das emendas números 15, 22, 29, 31, 33 e 34 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario, non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 39; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): E agora votamos o resto de emendas que mantíña vivas o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación das emendas G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario, agás as xa votadas, non incorporadas ao ditame da comisión.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos agora ás emendas do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda. Tamén hai unha petición para separar neste caso catro emendas, que son as que votamos en primeiro lugar: a 11, a 15, a 17 e a 18.

Votación das emendas números 11, 15, 17 e 18 do G. P. Grupo Común da Esquerda ao Proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario, non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 39; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): E agora votamos o resto de emendas do Grupo Común da Esquerda que mantiña vivas.

Votación das emendas do G. P. Grupo Común da Esquerda ao Proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario, agás as xa votadas, non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): E agora votamos todas as emendas que mantiña vivas o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario, non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Agora temos que votar o ditame da comisión. Se é o caso, coas emendas aprobadas incorporadas. Como non se aprobou ningunha, votamos só o ditame da comisión.



Votación do Ditame, emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, sobre o Proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 31.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este ditame.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos agora á votación da toma en consideración da proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados do Grupo Parlamentario Mixto.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. Mixto, de modificación da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda aprobada a toma en consideración desta proposición non de lei por 71 votos a favor, e continuará a súa tramitación parlamentaria.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos ao seguinte punto da orde do día, de comparencias.

Comparencia da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, para informar da liña de traballo de cara á negociación de TAC e cotas para 2020

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Ten a palabra a conselleira do Mar, señora Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías, moi bo día.

Comparezo hoxe neste Parlamento para dar conta dun envite no que a nosa frota e a nosa estrutura marítimo-pesqueira en global se xogan moito. A definición e establecemento dos TAC e cotas para o 2020 revélase crucial para o seu porvir, e especialmente para a súa sustentabilidade. É ben certo que cada ano neste mes de decembro a cita co Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea é un feito fundamental para a mantenza da actividade pesqueira, mais neste ano, por varias circunstancias que relatarei de seguido, parece ser unha cita na que se realza a súa importancia. Neste senso, é clave incorporar neste proceso decisorio un elemento que para Galicia e para o seu sector pesqueiro constitúe a clave de bóveda que sos-



tén a ponte para o futuro da pesca. Fálolles da importancia de recoñecer o necesario equilibrio entre os aspectos ambientais, sociais e económicos das pesqueiras.

Se tomamos en perspectiva temporal a evolución biolóxica dos recursos pesqueiros no Atlántico, vemos que desde o ano 2003 a biomasa global se recuperou nun 36 % e que desde a entrada en vigor da actual política común de pesca se acadou unha situación onde o 78 % das cotas se establecen en niveis de rendemento máximo sostible. Mais agora entendemos que quen está en risco son as dimensións sociais e económicas da pesca, e neste senso é onde debemos traballar, procurando acadar uns termos económicos que sosteñan a viabilidade e unha poboación de pescadores sostible. É dicir, temos que acadar un rendemento mínimo sostible na economía e no emprego.

Temos unha cuestión básica que debemos asumir antes de sinalar que nos xogamos e como nos xogamos ese futuro para o 2020, o plantexamento co que afrontamos este proceso decisorio no que se van marcar as cifras das nosas posibilidades de pesca. Falamos dunha situación onde existe unha proposta na que 40 dos 72 TAC para o Atlántico baixan respecto das cifras para este ano e na que temos un precedente, o da definición dos TAC do Báltico, onde os recortes, a pesar de non ser homologables á nosa zona, foron drásticos e inasumibles. A entrada en vigor da obriga de desembarque fai que non só nos xoguemos o futuro nas especies obxectivo, senón tamén naquelas especies secundarias para a nosa frota e mesmo de forma especial naquelas onde nin sequera tiñamos cota anteriormente pero que forman parte, aínda que sexa con cifras ínfimas ou anecdóticas, da composición das capturas. Esta difícil situación de partida que nos apunta a proposta da Comisión Europea sobre os totais admisibles de capturas e cotas de pesca para o 2020, aínda sendo negativa, non é definitiva.

Para intentar revertir esta proposta e traer resultados netamente positivos debemos de traballar, e estamos traballando, porque boa parte desa saída positiva ten que comezar moito antes da cita ministerial europea. Non é un traballo de horas nin un mercadeo persa, como pensan algúns, senón o froito de moito traballo anterior a eses meses e a este ano.

Este traballo ten para nós tres claves fundamentais: a primeira é manter unha base na cogobernanza e na participación e implicación do sector. Ambas son practicadas en Galicia e exemplificadas en dous feitos, como son, para a cogobernanza, a aprobación unánime por parte do Consello Galego de Pesca do Ditame sobre a comunicación da Comisión sobre a situación da política pesqueira común e a consulta sobre as posibilidades de pesca para o ano 2020. Amais, esa necesaria implicación do sector queda plasmada na elaboración por parte de entidades pesqueiras e na aprobación polo mesmo órgano de representación sectorial do informe que pon de relevo a afectación das normas administrativas de xestión sobre a evolución da pesqueira da cigala no Cantábrico Noroeste.

A segunda clave é facer que os argumentos científicos e técnicos sexan os alicerces de todas as accións diante de Madrid e de Bruxelas. Por iso, xa fomos alí da man do sector con informes e estudos económicos de impacto para defender as nosas pesqueiras de pescada, xurelo e cigala e por iso levaremos de novo ao Consello Consultivo para Asuntos Comunitarios un documento no que, con base na análise de varios ámbitos, se sosteñan as nosas demandas ante este proceso decisorio.



A terceira clave é manter a lealdade e a unidade de acción co Goberno central e coas restantes comunidades autónomas. Sabemos que para ter éxito temos que facer un traballo conxunto. Por iso, e na condición que Galicia mantén como representante das autonomías, sabemos que só ese respecto que demandamos que sexa recíproco é o elemento adherente para forxar a actuación ante Europa.

Señorías, como ben dicía antes, estamos ante un ano difícil e no que nos xogamos moito. A proposta que a Comisión Europea formulou semanas atrás é substancialmente negativa, tanto a nivel xeral como no que atinxe especificamente aos TAC nos que España, e consecuentemente Galicia, ten parte. Dos 72 que se establecen para o Atlántico e o Mar do Norte tan só 13 medran, en 19 casos mantéñense as cifras do ano pasado e en 40 casos as cotas vense recortadas, o que constitúe, como comprenderán, un duro punto de partida sobre o que negociar. Mesmo en moitos casos aínda non temos proposta de cifra en canto a que están supeditadas a unha negociación con Noruega ou dentro da NEAFC, que afecta todo o Atlántico Nordeste, se ben temos xa algunha boa noticia como a da suba da cota da xarda nun 41 % ou a de recomendar a suba do lirio nun 2 %.

No caso das cotas para España, dos 36 TAC principais dos que dispoñemos de cota temos que ter en conta que para 7 se propón unha suba, entre a que contabilizamos a do lirio e a da xarda —xa coñecidas, pero oficialmente aínda non comunicadas—, en 4 manteríamos os TAC respecto dos do 2019 e en 18 proponse unha rebaixa, algunha da cal, como no caso do xurelo ou da pescada, afecta as especies máis importantes nas nosas lonxas tanto en facturación como en descargas. É dicir, esta proposta duplica os recortes e divide á metade os incrementos con respecto ao ano pasado.

Arestora faltarían por coñecer sete propostas, das cales teñen respectable incidencia as correspondentes á anchoa ou ao bocarte, tanto no Cantábrico como na área de Fisterra cara ao sur, e á cigala do Gran Sol, especialmente no que fai referencia ao que se podía capturar na área do banco de Porcupine.

Polo tanto, trátase dunha proposta que, polo que podemos comprobar, ten máis sombras ca luces. Sombras porque propón como máis destacado reducir un 20 % a cota de pescada no sur, un 19 % a cota de pescada no Gran Sol, recortar o xurelo un 41 % entre Fisterra e o golfo de Biscaia e un 50 % entre Fisterra e o golfo de Cádiz e manter pechada a cigala no Cantábrico, unha decisión que choca cos informes dos que dispomos, que mostran que a situación da especie é mellor do que reconece Bruxelas. E luces porque propón aumentar un 8 % o peixe sapo no golfo de Biscaia e un 7 % desta especie no oeste de Irlanda e un 12 % o rapante en augas ibéricas e un 3 % no Gran Sol. A cota da xarda non está contida na proposta, pero dela sabemos de boas novas saídas do marco da Comisión de Pesqueiras do Atlántico Nordeste, NEAFC.

No caso da pescada, no marco da recomendación científica, observamos como hai serias discrepancias nesta proposta, xa que no caso da pescada do norte esta establece, pese a recoñecer o ICES que a biomasa se incrementou dende o 2006 e que a mortalidade por pesca diminuíu notablemente entre os anos 2005 e 2012, que se mantén estable e por debaixo do rendemento máximo sostible dende entón. Amais, no caso da pescada do Cantábrico, vemos



como existen alternativas dentro do informe do ICES nas que se podería obter un resultado claramente positivo, cun aumento da biomasa do 50 %, axustando moito menos a cota ou mesmo mantendo case estable a do ano pasado.

Con estas cuestións sobre a mesa e tendo en conta que non se prevé aumentar o esforzo pesqueiro, Galicia ten realizado informes que apuntan ao alto impacto social que estes recortes terían nas cotas de pescada, primeira especie en facturación nas nosas lonxas.

Desde a Consellería realizouse unha análise na que se recolle ese impacto económico dunha rebaixa media do 20 %, tendo sinalado este documento a importancia por afectación na frota galega do Cantábrico Noroeste e Gran Sol en 15 millóns de euros, cantidade que ascende aos 22,8 millóns se tomamos a facturación total das lonxas. Indo máis alí, é doadamente observable que os impactos específicos amosan que non estamos ante un impacto distribuído de forma uniforme, senón que vemos como existen severos recortes en lonxas e frotas como as da Mariña, xa que máis do 70 % da minoración a sufrirían Burela e Celeiro.

Amais, observamos con preocupación o segmento das artes menores, onde 128 barcos dos 3.900 que temos acumulan o 90 % das descargas desa modalidade e multiplican por 19 o impacto medio deste recorte na frota artesanal. Tamén na volanta e no palangre de fondo habería impacto, xa que teñen a pescada como especie fundamental e poderían acumular un recorte do 53 % dende o ano 2015.

No caso do xurelo, temos que contemplar de forma separada os TAC nos que Galicia pesca, xa que para o do norte non existen alternativas viables de mantenza sen comprometer a saúde do recurso, namentres que no de Fisterra cara ao sur existen numerosas recomendacións do ICES conducentes á suba das cotas. Tanto é así que xa demandamos do Ministerio que reclame da Comisión que este TAC se ataña á recomendación do ICES de incremento dun 24 % e non ás cifras do plan de xestión emanadas do Consello Consultivo de Peláxicos, que, aínda que foi avaliado como precautorio polo ICES, non foi aprobado por normativa comunitaria ningunha. Amais, é coñecido que o Ditame do Consello de Peláxicos outorgaba a posibilidade aos estados principais que capturan este TAC —é dicir, a España e Portugal— de opinar sobre a recomendación, tendo así oportunidade de decidir sobre o ditame, toda vez que a escasa participación de ambos os estados e dos seus sectores neste Consello Consultivo minora a capacidade de opinión previa.

Xa que logo, e ante esta pretensión da Comisión, realizamos outro informe de impacto con igual fórmula que o da pescada e atendendo á importancia do xurelo como primeira especie en lonxa por quilos desembarcados. Así, cunha afectación media dunha minoración do 48 %, tendo en conta que a proposta é de -41 no Cantábrico e de -50 na zona IXa, vemos como a cifra de axuste económico acadaría os 13 millóns de euros na nosa frota, namentres que nas lonxas esta se elevaría a 13,8 millóns se engadimos as descargas dos barcos doutras comunidades autónomas.

Do mesmo xeito que na pescada tamén se observa un impacto desigual, sufrindo as frotas da Costa da Morte e Portosín un recorte que acada para cada unha das zonas máis do 20 % sobre o total, e tendo as lonxas da Coruña, Arousa e Ribeira as maiores minoracións na facturación.



Nesta especie existe unha especial preocupación polos segmentos de artes menores e cerco. No primeiro caso este receo vén dado en canto a que 19 barcos de racú acumulan o 45 % das descargas, namentres que no caso do cerco esta inquedaanza xorde sabendo que temos o 98 % da cota e que esta especie é sustento fundamental para a nosa frota.

Capítulo á parte merece, no caso destas especies, o caso do arrastre litoral, xa que ambas as minoracións de cota impactan sobre esta modalidade, podendo facer que haxa unha suma de perdas por ambos os recortes que se eleva a 46.000 euros por barco, o que pode causar que se eliminen os beneficios dos mesmos, cifrados polas táboas *input-output* en 26.000 euros.

Mesmo tomando ese cálculo económico das táboas *input-output* e empregando a ratio de arrastre ao resto da economía de cada euro perdido en primeira venda que foi utilizada en anteriores casos de recortes, como foi o caso do lirio, vemos como esta perda potencial é de case 37 millóns de euros de facturación, que se poden converter en máis de 86 millóns de euros de impacto na economía galega. Mais non só temos ese menoscabo nas 64 ramas das 81 existentes na economía galega relacionadas coa pesca, senón que 3.700 tripulantes verían recortados os seus ingresos, cuestión certamente gravosa e negativa para moitas áreas costeiras, sabendo amais que este recorte afecta as nove áreas nas que se divide a costa para os efectos pesqueiros en Galicia.

Por último, e alén destas propostas sumamente negativas, temos outra que en termos económicos non o é tanto, pero que mantén unha afectación sobre a frota e que constitúe xa un agravio, por canto é unha especie símbolo para algúns portos e unidades de frota. Fálolles do peche da cigala no Cantábrico Noroeste. Para reverter esta situación e a modo de chave para esa porta pechada, contamos cun informe de Pescagalicia-Arpega-O Barco e do OPP-7, de Lugo, realizado coa colaboración da Consellería e referendado polo Consello Galego de Pesca. Este informe sinala as posibles eivas na contabilización dos datos de capturas nos anos previos ao peche con base en tres cuestións fundamentais e que teñen máis que ver coa ordenación da pesqueira que co estado biolóxico do recurso. Neste estudo cítase a importancia da redución do esforzo pesqueiro por despezoamento e pola entrada en vigor do Plan de recuperación da pescada sur e da cigala, cuxos efectos ata o ICES sinala que se descoñecen. Amais, tamén se apuntan os cambios no método de contabilización do esforzo e das capturas, o que fai difícil sistematizar datos, xa que se pasa dunha determinación de existencias por desembarques a outra por observación.

Por último, cabe reseñar tamén a diferente operativa instaurada a través da xestión mediante cotas individuais repartidas por barco e a necesidade de adaptarse a elas e ao modelo que isto conleva, o que supuxo unha rebaixa substancial nos desembarques no ano 2012, que foron recuperándose ata o ano 2016.

Señorías, máis alá destes retos que se presentan de forma específica neste ano, seguimos tendo outros que conforman un bloque de continuidade no traballo por canto son aspectos de xestión das pesqueiras que inflúen sobremaneira nelas e nos que temos que seguir traballando. Neste senso, a posta en vigor da obriga de desembarque de todas as capturas neste 2019 supuxo un reto no que se debeu conformar un bloque de medidas para evitar a parali-



zación da frota, especialmente pola afectación que puideran ter especies de estrangulamento para as que España non tiña cota suficiente ou mesmo non tiña ningunha cota.

Neste ano debemos seguir traballando para que esa bolsa de especies con TAC se manteña, facendo que a nosa frota poida traballar. Sabemos que é difícil manter esta bolsa por canto existen recomendacións negativas para algunhas das especies, como é o caso do bacallau, pero confiamos nesa negociación.

Amais, seguiremos demandando eliminar aqueles TAC de especies de capturas accesorias para a nosa frota e que poden converterse —estas si— en especies de estrangulamento. Trátase, como sinalamos noutras ocasións, de 9 TAC sobre os que non se exerce un esforzo pesqueiro dirixido, con escasos desembarques e con redución do esforzo sobre eles. Neste senso, a mantenza estable do volume de desembarques e a escaseza do mesmo fai procedente esta petición. Amais, existen precedentes de eliminación de TAC con base neste risco e conforme estes criterios no caso da bertorella ou da platija en certas zonas. Neste caso, a nosa proposta vai dirixida ao abadexo, ao linguado, ao peixe pau, ao merlán e á solla. Alén do reto da minoración dos descartes, existen outros retos de xestión que deberemos abordar nesta negociación e que se dividen en varios bloques. Un é o bloque da flexibilidade, no que entra en xogo a posible separación ou superposición de diferentes TAC de especies peláxicas, tal como é o caso do xurelo e do bocarte, e no que avogamos por secundar a postura non explícita do ICES ao facer separación dos TAC de anchoa na zona sur e na zona norte de augas da zona IX entre Fisterra e Xibraltar.

A maiores, volvemos defender que se permite ampliar o 25 % a flexibilidade de intercambio de xurelo e anchoa entre as zonas do Cantábrico e de Fisterra cara ao sur, hoxe cifrada nun 5 %, cunha proposta do 10 % para o ano 2020. Isto xa constitúe un avance, pero aínda así seguimos demandando o 25 %.

O segundo é o bloque da previsibilidade, na que entra na axenda a necesidade de evitar cambios substanciais nas cotas en cada un dos anos, como é o caso do xurelo na zona IXa en avances e retrocesos superiores ao 50 %. Concordamos e sempre defendemos unha proposta de que as rebaixas ou ampliacións de cotas non superen o 15 %, facendo unha aproximación máis suave aos niveis a acadar, sendo así máis asumibles para a frota.

E o terceiro bloque sería o da especificidade, no que hai que facer valer a diferente fórmula de xestión e patrón de pesqueiras do lirio e da xarda que faga que as cotas de ambas as especies, alén de constituír un TAC separado, dispoñan de diferentes recomendacións, facendo posible unha máis axeitada recomendación da cota.

Queremos, xa que logo, que se sigan dando pasos na mellora da xestión das pesqueiras, facendo máis acaídos os modelos de previsión e as propostas de TAC ao rumbo que foron tomando outras cuestións que abordamos e debatemos en anos pasados, como a inclusión de angula nas medidas de protección da anguía ou a eliminación do tope de días de esforzo pesqueiro para o arrastre litoral.

Mais, señorías, non todo o que ten que ver coas posibilidades e xestión das pesqueiras que afectan a Galicia se decide nesta cita ministerial. Existen medidas que sobordan o ámbito da



Unión Europea, como é o caso das negociacións en NEAFC, que afectan o lirio e a xarda, con Noruega e que teñen que ver co bacallau ou coa gallineta, ou con organizacións rexionais de pesca, onde entran casos como os do peixe espada, os tiburóns ou o bonito.

Existen tamén medidas que teñen que ver co ámbito dos estados, como o caso da xestión da pesca do ollomol ou da raias, que se define dentro de España, ou como o da sardiña, con outros estados membros, que se establece de acordo con Portugal.

Neste caso, cómpre lembrar que estas situacións antes eran abordadas con claves que marcan cada un dos casos, mais teño unha constante, o interese de traballo de Galicia para que sexan positivos para a nosa frota e para o noso sector pesqueiro.

Tampouco debemos esquecer que neste ano unha cuestión que pode facer de elemento desestabilizador de todo este conglomerado de elementos é o caso do *Brexit*. Para que iso non aconteza débese negociar neste tempo de prórroga un acordo pesqueiro co Reino Unido que manteña o *statu quo* en canto ao acceso recíproco a augas e a mercados, e nesa tese tanto a Unión Europea como o Goberno de España vannos ter de aliado.

Por último, señorías, amais das comunicacións realizadas ao Goberno central e a Bruxelas, quero sinalarlles que esta consellería vai ir máis alá, e pretende amosar da man do sector e con eles como protagonistas o valor social que o noso entramado marítimo-pesqueiro ten. Certo é que con sentimento non se gañan cotas, pero tamén é certo que debemos seguir despertando consciencias, especialmente en Europa.

Se moitas entidades non gobernamentais buscan a sostibilidade e a estabilidade dos peixes, cremos que nós debemos de buscar asemade a dos pescadores e a das mariscadoras porque de todo iso, de todo, depende a continuidade da actividade que dá de comer en Galicia de forma directa ao redor de 50.000 persoas. (*Aplausos.*)

Por iso, remato apuntando a realización de máis accións a prol de amosar ese valor e esa importancia social da pesca en Galicia, e con ese principio pídolles a vostedes que, da man do sector e ao xeito de como vimos facendo, se sumen a esta vontade dos profesionais para salvagardar os seus intereses e facer viable a súa actividade en todos os termos da mesma, no medioambiental, no social e no económico.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Moitas grazas, señora Quintana.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra o señor Casal Vidal.

O señor CASAL VIDAL: Grazas, señora presidenta.

Grazas, señora conselleira.



A verdade é que nos preocupa un pouco esa —na que parece que incidiu sobre todo ao final— teórica dicotomía entre a sostibilidade socioeconómica e a sostibilidade medioambiental. Nós consideramos que ir por ese camiño non ten sentido. Consideramos que o porvir da pesca vai cada vez máis ligado á sostibilidade medioambiental. Non vai haber sostibilidade para os pescadores e as mariscadoras sen sostibilidade das pesqueiras; é o único camiño. Ademais, vostede recoñeceu durante a súa intervención e moitos informes certifican que o traballo realizado durante todos estes anos levou a que, de feito, o ano pasado os TAC se puideran incrementar en moitas especies. Ou sexa, parece que a pesar da deterioración do medio ambiente mariño, que é un feito cientificamente comprobado, as actuacións levadas a cabo por todas as administracións e polo sector pesqueiro si conseguiron un efecto positivo. Consideramos que hai que seguir nese camiño, porque é unha realidade. A biomasa recupearouse nos últimos anos, e iso, xa digo, certifica todo, aínda que quizais non de maneira suficiente. Hai que seguir traballando nesa liña.

A realidade é que chegamos a 2020 —practicamente xa se conseguiu no 2019—, e neste ano 2020, pola información —xa sabe vostede que eu non son un experto no sector—, todas as pesqueiras teñen que estar en rendemento máximo sostible. ¿Como ligar ese rendemento máximo sostible dende o punto de vista medioambiental ao rendemento mínimo, como vostede dicía, socioeconomicamente sostible? Pois nós pensamos que seguir incidindo na sostibilidade das especies é o único camiño, porque é o único que vai conseguir que realmente os mares sigan cheos de peixes e que se manteña o emprego nas comunidades costeiras. Evidentemente, iso xera tensións, xera disfuncións, e aí é onde entra a política e onde entra a súa xestión.

Nós consideramos que o camiño para garantir ese mínimo de sostibilidade socioeconómica vai por un apoio moito máis decidido da pesca artesanal e de proximidade. Consideramos que o camiño vai pola forte valorización dos produtos dese sector pesqueiro, que xa se está a facer, e recoñecemos, pero hai que facer moito máis, porque realmente durante moitos anos a discriminación cara a este sector foi moi forte, e así se ve nos datos que hai publicados. Consideramos que hai que facer unha discriminación positiva cara á pesca artesanal, protexela de maneira moito máis importante, porque consideramos que aí está o camiño da valorización. É evidente que a solución non é pescar moito máis con técnicas doutros recursos alimenticios para que a pesca fora máis barata e máis accesible para a poboación. Nós pensamos que é unha realidade que a cidadanía recoñece que a proteína procedente dos peixes é de moitísima máis calidade que a doutros animais e ademais dise que ten un impacto incluso vinte veces inferior ao da carne de tenreira, por exemplo, seis veces inferior ao da carne de porco e tres veces inferior ao da carne de aves.

Bueno, pois pensamos que iso vai condicionar a cidadanía a estar disposta a facer un esforzo, viámolo todos estes días nas enquisas que se están a facer en toda Europa. Toda a cidadanía móstrase factible a rascar un pouco o bolsillo en prol da sostibilidade. Pois aproveitemos iso e consideremos que o mellor camiño é a través do fortalecemento da pesca de proximidade artesanal.

Pero é evidente que iso non mantén un dos sectores máis fortes, como é o sector pesqueiro e marisqueiro galego. Hai que ir máis alá, e ir máis alá é xusto incrementar o esforzo en in-



investigación. Xa o falamos en comisión e xa o falamos cando se debateu o orzamento. Consideramos que a posición de Galicia ten que ser moito máis forte, tamén de cara ao Estado, porque xa non é a consecución das cotas, senón despois como se reparten, e aí chegamos a situacións verdadeiramente inxustas que hai que solucionar. ¿E como se solucionan? ¿Por que o 94% —que saíu onte o dato— de españolas e españois consideran que o cambio climático é unha realidade? Por evidencias científicas. É verdade que si que queda un reduto de persoas que seguen pensando que a terra é plana e que tamén din que o cambio climático non existe. Pero a evidencia científica é o que levou a unha inmensa maioría da poboación a ese convencemento. Pois consideramos que a evidencia científica é a que pode mellorar a situación cara ao Estado e sobre todo a situación cara ás entidades europeas.

¿E como se obtén evidencia científica? Pois investindo de maneira moitísimo máis decidida en investigación. Temos uns institutos cun fortísimo prestixio, como son o Intecmar e o Cima, e, como xa plantexamos nós nas nosas emendas ao orzamento, hai que reforzar de maneira exponencial os orzamentos destes institutos para que vostede poida ir a Bruxelas con información moitísimo máis solvente, non porque a que hai non sexa solvente, senón porque habería que incrementala dunha maneira moito máis forte. E na ciencia e na investigación o orzamento é igual a resultados, sobre todo porque para chegar a resultados ás veces hai que investir en moitas cousas que non dan resultado, precisamente. Isto coñéceno todos os sectores innovadores de I+D+i. O risco é imprescindible, e o risco leva en moitas ocasións a ter que investir en cousas que despois non chegan a bo porto, pero a única maneira de ter verdadeiramente datos solventes e de que realmente sexan impactantes e innovadores é cun incremento decisivo.

Por iso, e tendo en conta, ademais, que de maneira reiterada a súa consellería non consegue executar os orzamentos, plantexamos armas para conseguir uns mellores resultados, que pensamos que van ser mellores dos que se plantexan agora. Parece, polos estudos que podemos consultar, que os informes científicos avalan que a primeira proposta da Comisión Europea poida ser mellorada, sobre todo no caso do xurelo, como vostede dicía. Non sei se será posible na nosa zona no caso da cigala e da xarda. No caso do xurelo, polo que eu puideren ler, está case garantido que se vai poder incrementar. Vese como un bo resultado o incremento na xarda, que era unha evidencia científica. Pero, xa digo, apoio á pesca artesanal para poder valorizala máis e crear emprego, moito máis emprego nese sector, e aposta decidida pola investigación, polos institutos de investigación mariña que ten Galicia, que deberían de ter incrementado moitísimo máis os seus orzamentos. Iso daríalle a vostede moitísimas máis armas para que Galicia non saíra prexudicada, tanto na cota total como na repartición que despois vai chegar a Galicia.

Estas son as nosas pequenas aportacións. Esperemos que as teñan en conta e que así verdadeiramente sigamos na liña de acercarnos á sostibilidade medioambiental, que será a única maneira de manter a sostibilidade socioeconómica do sector pesqueiro.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Casal.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Prado Cores.



A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Moi bo día, señora Quintana.

Se non fora porque hai hemeroteca e porque están os *Diarios de Sesións* calquera diría que vostede é a mesma conselleira que leva dez anos á fronte da Consellería do Mar. Eu hoxe o primeiro que pensei escoitándoa é que vostede debeu de caer do cabalo camiño de Damasco e que acaba de facer unha emenda á totalidade á política pesqueira do Partido Popular, do Partido Popular na Xunta de Galiza, do Partido Popular no Estado español e do Partido Popular no Parlamento Europeo. Porque, claro, o primeiro que lle tiña que dicir é que este marco onde se deciden eses TAC e cotas tan lesivos —que, de consolidarse ou de confirmarse esa proposta, vai ser tremendo para todos os segmentos da nosa frota, para miles de persoas— é o da aplicación da política pesqueira común, ¿verdade? ¿E que votou o Partido Popular na política pesqueira común? Que eu saiba, a favor. É consecuencia do principio de estabilidade relativa que estaba en vigor cando entrou o Estado español, con Galiza incluída, evidentemente, e que en anos de goberno do Partido Socialista e do Partido Popular non se cambiou. E o que establece ese principio de estabilidade relativa é que aqueles estados que teñan unhas condicións para protexer as súas cotas e o seu mar as seguen tendo, a pesar de que non está acorde coas súas capacidades pesqueiras nin co que supón para a súa poboación. E segue estando aí.

En Galiza, zona altamente dependente da pesca, ¿conseguiuse ou fíxose traballo para que iso fora así? ¿E, consecuentemente, desa clasificación como Galiza altamente dependente da pesca temos unhas condicións mellores e uns recursos mellores? Que eu saiba, non. Entón, en dez anos de conselleira do Mar, señora Quintana, ¿que problemas solucionou vostede? Dígoo porque o modelo imposto pola Unión Europea —noutro Mercado Común Europeo— segue totalmente en vigor, o que significou eliminación dunha parte importantísima da nosa frota, perda de persoas traballando no mar, o mantemento dun modelo de repartición discriminatorio —esa escaseza de cotas—, problemas coa pesca artesanal: xeito, sardiña, bocarte, cigala, xarda...

A min estráñame que hoxe vostede aquí non veña co discurso que leva mantido durante os últimos tempos de que desde que vostede é conselleira aumentaron as posibilidades de pesca e os TAC en Galiza. Claro... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, ben, ¡claro! Na xarda, desde o ano 2009 había 24.000 toneladas e a finais do mes de novembro hai 5.000 —queda un mes, igual aumenta un pouco, pero 5.000—; no rapante, 7.500, a finais de novembro 5.700 —estou falando de miles de toneladas—; na castañeta, de 4.100 toneladas a 2.700; na sardiña, de 13.800 toneladas a 2.300; o bonito está un pouco por debaixo; na cigala, de 647.000 —neste caso non toneladas, senón quilos— a 152.000; na quenlla, de 2.500 toneladas a 995.000 —neste caso, non toneladas—; na pota, de 2.800 millóns a... É dicir, todo así. Claro, aumentaron en cuestións como a xarda pintada, esa especie que non ten valor, pero a maioría das realmente fundamentais para a nosa frota diminuíron. E, de confirmarse a intención da Unión Europea, pois iso irá a maiores.

Vostede rematou a súa intervención dicindo que ían seguir actuando porque había que seguir espertando consciencias en Europa, e tamén para que Europa se dera conta de que para Galiza



a pesca é tamén un problema medioambiental —é dicir, é unha cuestión medioambiental—, pero fundamentalmente socioeconómico. ¿Cantos anos levamos dicindo que hai que primar a cuestión e o elemento socioeconómico? Para Galiza é fundamental, e por iso esa necesidade de declarar a Galiza zona altamente dependente da pesca. (*Aplausos.*) E vostedes aí, nin mu. (*Aplausos.*) ¡Claro! (*Aplausos.*)

Pero vostede igual cre que espertar conciencias en Europa é dicirlles: ¡oíde, que nos estades maltratando! Igual cre que con iso vai espertar conciencias. Non, señora Quintana, as conciencias espértanse tendo voz directa, tendo voto —que non o temos— e tendo veto. ¡E non temos nin voz, nin voto, nin veto! Ese é o problema da pesca galega. (*Aplausos.*) ¡Ese é o problema! (*Aplausos.*) E ese é o xeito de como se espertan conciencias, con capacidade política: voz, voto e veto. E nesas cuestións o Partido Popular non fixo absolutamente nada para que eses elementos estiveran encima da mesa para defender a nosa pesca. E, claro, cun modelo de política pesqueira baseado nun modelo de TAC que se ten verificado como nefasto para a nosa frota alonxan a toma de decisións a Bruxelas, están lonxe da realidade; non teñen en conta a diferenza entre a pesca artesanal e industrial, cuns criterios onde se tratan igual, co cal, pois xa sabemos quen sae continuamente beneficiado, e cun modelo que non protexe as comunidades pesqueiras para as que a pesca é un elemento fundamental. É un modelo que non protexe a pesca artesanal, que é fundamental en Galiza, porque é a que xera riqueza, a que reparte emprego e a que asenta poboación na costa. Levámosllelo dicindo anos e vostedes seguen votando en contra sistematicamente nas propostas que trouxemos a este Parlamento, votando en contra —está no *Diario de Sesións*; é unha lástima— (*Aplausos.*) todas as veces que trouxemos propostas para a defensa da pesca artesanal.

E, mire, claro, o principal problema é que non hai unha cota acorde co tamaño da frota por ese principio de estabilidade relativa. E o Estado español —e, dentro do Estado español, Galiza, que é a comunidade onde a pesca é máis importante—, dende logo, non ten as cotas acordes con ese tamaño, senón que se reparten con base en criterios políticos. Francia representa por embarcacións o 10,6 %, e resulta que en cota ten moitísimo máis. Podemos falar de Bélxica, que ten asignadas o 1,65 % das capturas, cando só representa o 0,9 %. Nós é ao revés, o que representamos en frota, as capturas, son inversamente proporcionais.

Pero voulle poñer un exemplo práctico para que todos nos entendamos: a xarda e as illas Feroe. Pois resulta que as illas Feroe non son parte da Unión Europea fundamentalmente para efectos de pesca. ¿Por que? Porque así poden negociar e ter as cotas que lles conveñen. Entón, encontrámonos con que Noruega, illas Feroe e a Unión Europea fan un acordo para repartir a cota da xarda —estou falando deste ano 2019—. ¿E como queda esa repartición? Pois con que os 28 estados da Unión quedan con 454.000 toneladas, as illas Feroe —con 57.000 habitantes— con 116.000 toneladas e Noruega con 207.000 toneladas. Esa é a proposta para a xarda. ¿Moi equitativo, verdade?, en función de criterios medioambientais e socioeconómicos.

Diante diso, ¿que fixo o Goberno do Partido Popular? ¿Que fixo o Partido Popular no Parlamento Europeo para reverter esa situación? Que nós saibamos, dende logo, *poquita cosa*: dicir que leva informes, *que sean buenos, que a ver si se dan cuenta de que para Galicia esto es un problema*, pero medidas reais... E non soamente iso, o ano pasado Noruega deixou de pescar



140.000 toneladas de xarda e as illas Feroe 20.000. Resulta que ¿sabe vostede, efectivamente, canta cota tivo Galiza no ano 2019? 25.000 toneladas; ou sexa, menos que os restos doutras frota que pescan o que lles dá a gana, e que fai que as súas economías —como é o caso das illas Feroe, con 57.000 habitantes— teñan un desenvolvemento económico nos últimos anos —por esa decisión de saír da Unión Europea por ser unha zona altamente dependente da pesca— e que lles vaia estupendamente.

Entón, está moi contenta e dixo vostede que hai —aínda non está comunicado— a proposta de que se suba o 41 % esa cota; suporía subir a 35.000. ¿Que significaría? Que os que teñen moito, teñen moito máis e os que teñen un pouco, pois teñen un chisquiño máis, pero que se mantén exactamente o mesmo criterio de repartición tan nefasto para a frota do noso país.

Polo tanto, señora conselleira, a cuestión é que esta proposta da Comisión, evidentemente, é nefasta, como o foron outras practicamente en todos os anos. Porque a ver se alguén é capaz de explicarme como é posible que digan que agora van propoñer que a variabilidade non pase do 15 %. ¡Claro, pero é que iso o tiñan que ter feito desde hai moito tempo! ¿Cal é a xustificación...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Vaia rematando.

A señora PRADO CORES: ...para que un ano suba o 25 %, para o ano seguinte baixe o 40 %, para o outro suba o 4 %...? ¿Que criterios científicos avalan semellante barbaridade? Ningún. ¡Criterio político, voz, voto e veto, señora Quintana! Os criterios políticos son os que pesan á hora de tomar esas decisións.

Polo tanto, o BNG —vou volver repetilo— estamos totalmente en contra deste modelo de repartición...,

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...estamos totalmente en contra de que decidan outros por nós, estamos totalmente en contra de entregar un sector fundamental para o noso país, atado de pés e mans, que supuxo que os barcos...,

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Ten que rematar.

A señora PRADO CORES: ...a nosa frota, se reducira nun 30 % nos últimos anos, que a diminución fose practicamente de 1.000 en artes menores, de 50 no palangre, do 30 % no arrastre no litoral, do 70 % no Gran Sol, ou en persoas en máis de 3.500 persoas menos no réxime especial do mar. Esas son as consecuencias desta política pesqueira na que o Partido Popular...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...ten votado a favor, que ten avalado. Está ben que se fagan informes, que xa sabemos cal é a situación deses informes, pero estaría moito mellor que se ocuparan de plantarse e realmente exixir o que nos corresponde como país.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Prado.

Por parte do Grupo Común da Esquerda ten a palabra o señor Jove González.

O señor JOVE GONZÁLEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Para comezar, vou dar dúas benvidas aquí. Primeiro, doulles a benvida aos compañeiros e compañeiras da Asociación Acerga, de Portosín, que están hoxe aquí; especialmente ao patrón do *Divina do Mar*. Lamentamos o falecemento e esperamos aínda unha investigación de como puido ser tan desastroso o salvamento dese barco e de como puido acontecer para que aínda a día de hoxe estea alí para o desguace, cando todo o mundo pensa, desde a xente do mar, que se podía ter evitado. A segunda benvida eu quero darlla á señora conselleira porque acaba de chegar aquí a impugnar radicalmente a súa década de política pesqueira. É algo, desde logo, fascinante. ¡Benvida á oposición! Supoño que nesta bancada cada vez máis se situarán na oposición; cada vez estarán máis mentalmente nese momento.

E voulle dicir unha cousa. Nós, por suposto, estamos onde sempre estivemos, ao lado do sector, e alí seguiremos estando, ¡por suposto que si! E alí seguiremos estando e estaremos apoiándoo, si, nas súas reivindicacións, porque entendemos que, desde logo, son xustas. Pero son xustas este ano e deberían ter sido xustas nos anos anteriores. Nós tamén revisamos os informes do ICES e non entendemos as propostas da Comisión Europea.

Cando gobernaba o seu Goberno amigo, desde logo, para nós era exactamente igual de preocupante que o é hoxe en día. Unha perspectiva de redución do 41 % do xurelo, do 21 % da pescada e do 5 % do abadexo supoñen de facto un dos últimos estrangulamentos que podería aguantar a nosa frota. Preocúpanos tamén a pescada e a xarda, aínda que xa anunciou vos-
tede que esta corrección estaba en marcha. Porque eu entendo que esta comparecencia ten máis de preparar o triunfalismo posterior das correccións que todo o mundo sabe que se van efectuar. Todo o mundo sabe que se van corrixir, só hai que ver os informes do ICES para darse conta de que se van corrixir. Bueno, xa o acaba de dicir, precisamente no tema da xarda xa se vai corrixir.

No tema da imposibilidade de abrir a cigala, nós queremos ver eses informes, non temos por que dubidar. Nós, de verdade, estaríamos encantados e encantadas, no Grupo Común da Esquerda, de poder valorar eses informes e de estar totalmente de acordo con esa proposta de volver abrir a cigala do Cantábrico.

Estas reducións únense xa ás sufridas no 2019, onde se reduciu o 6,8 % o rape e un 20 % a xarda. Imos ver se agora o recuperamos. Pero curiosamente teño unhas declaracións de vos-
tede nas que o ano pasado con estas reducións se declarou satisfeita; veremos este ano esa satisfacción a onde chega.

Sabemos que as propostas non son definitivas. Para nós é moi importante non só canto se pesca. As cotas están moi ben, pero máis nos importa como, quen, cando se pesca e canto



valor engadido ten esa pesca. De nada serve pescar máis se iso, ao final, vai ser un valor menor no mercado. A todo isto, ademais, temos que engadir a deficiente xestión das cotas, como se ten visualizado no acontecido a semana pasada co peche do xurelo —hai xa uns días— ou en xullo co peche do bonito e o anuncio da súa reapertura 74 días despois, logo de se descubrir inexactitudes nos cálculos da mesma. Penso que estamos de acordo en que hai que articular mecanismos de forma urxente para que isto non poida volver acontecer porque é algo que afecta, obviamente, a vida de moitas persoas.

Tamén hai unha cousa que nos preocupa, e é realmente a guerra que hai contra o sector extractivo da pesca. Agora que se están reformando os criterios do FEMP e xa se vai chamar FEMPA, incluíndo directamente a acuicultura, nós non estamos de acordo con ese criterio de meter todo nun saco, todo o relacionado co mar, coma se fora o sector da pesca. A pesca é a pesca; e o sector de elaboración de produtos pesqueiros é pesca, pero non é exactamente pesca. E digo isto porque me parece —e parécenos— realmente preocupante o que nós estamos a vivir, que é a expulsión dos pescadores e das pescadoras e dos mariscadores e das mariscadoras do mar porque entendemos que hai outros intereses que buscan a súa desaparición, que xa teñen decidido que non sexa para os pescadores, pero si para a piscicultura intensiva, os espazos que agora ocupa a xente, como os que temos aquí hoxe na tribuna, que están intentando sacar adiante unha pesca que ten séculos de historia.

No concreto sobre as especies, sobre o tema do xurelo, claro, tampouco nós entendemos a proposta da Unión Europea. Revisando documentación aportada polo ICES, no informe do 28 de xuño, este instituto incluso chega a recoñecer que sería o momento posible, o momento considerable, sen afectar o RMS, estamos de acordo. Nese mesmo informe, aplicando todo tipo de coeficientes proteccionistas a medio e longo prazo, recoñécese unha posibilidade de aumento do 47 % en comparación co 2018 e dun 24 % respecto do 2019. Polo cal entendemos que aí temos que estar moi de acordo en reclamar que isto non vaia así.

Unha cousa na que estamos moi de acordo —e pensamos que o sector do cerco o ten moi claro— é na posta en marcha dos plans plurianuais. Isto tamén o comentou por encima, benvida a ese criterio. Desde logo, nós estamos de acordo en que se lle dea estabilidade ao sector e en que saiban non só o que se vai pescar este ano, senón que poidan facer unha previsión de se van poder vivir ou non disto nos seguintes anos.

E concretamente respecto do xurelo, gustaríame facerlle aquí unha pregunta, porque, claro, nós temos coñecemento do escrito onde o sector do cerco se autorregula, fixándose en 750 quilos por tripulante e embarcación ao día. Sabemos que foi acordado e respaldado pola Federación Galega de Confrarías na súa xuntanza do 15 de xuño deste ano. Pregúntome que ten feito a Xunta nese sentido. ¿Que ten feito a Xunta no sentido de apoiar propostas que buscan a sustentabilidade do sector, a sustentabilidade do recurso que emerxe da propia xente do mar, que busca precisamente regularse para que o recurso sexa máis sustentábel? Porque, insistimos, non é canto se pesca; é como, cando e a que prezo se vende. Non serve de nada pescar xurelo a prezo de fariña de peixe, saturar o mercado sen existir demanda. Este ano, por exemplo, na lonxa de Portosín, ingresaron 2 millóns de euros menos. No caso concreto do xurelo, pescando practicamente o mesmo que o ano pasado, véñense ingresando 700.000 euros menos que no 2018; un prezo do xurelo oscilante —¡atención!— entre o cén-



timo por quilo ata os 7 euros por quilo neste mesmo ano. Estaremos de acordo en que non é só canto pesco, senón cando o pesco e como o pesco.

Sobre iso a Xunta de Galicia ten toda a competencia e toda a responsabilidade, porque son políticas que teñen que afectar a demanda, son políticas que teñen que poñer en valor o noso produto, non o montante global da cota, senón cando se pesca e quen o pesca, e a iso darlle un valor engadido propio.

Tema á parte é o do famoso mercadeo das ITQ, as cotas individualizadas. A nós preocúpanos moitísimo o que está a acontecer, e á parte que nos recorda ao que aconteceu precisamente co leite nos anos noventa do século pasado, onde se foi cada vez máis reducindo a menos empresas, e hoxe en día temos embarcacións que teñen que comprar cota a grandes empresas que cada vez acumulan máis esa cota. Entendemos que iso hai que cambialo radicalmente porque é un camiño moi negativo, porque á parte de aumentar os custos de produción, posto que teño que pagarlle ao intermediario que ten que vivir tamén diso, repercute negativamente na xestión do propio recurso. Non pode ser que as empresas que acumulen cota creen unha especie de administración paralela onde se pesca cando a elas lles dá a gana de pescar. Iso non pode ser. Desde logo, nós temos unha proposta sobre iso: a transferencia de cotas e cupos entre segmentos de frota ten que ser baixo o control, xestión e dirección das administracións. Iso é o que entendemos.

No caso da xarda, non me quero estender porque xa dixo vostede, xa anticipou, que se ía recuperar. Ben, iso parécenos unha boa noticia. Probablemente virán outras nese sentido. Oxalá sexan moitas máis.

O caso da sardiña daría para outra comparencia integramente. Nós aquí tamén temos que dicir o que sempre defendemos: desde logo, se falamos de medio ambiente, de sostibilidade, se falamos de sostemento do recurso e falamos de valor engadido, non podemos obviar, por exemplo, no caso da sardiña, que o que está recollido para o sector do xeito —que é o que ten menos impacto sobre o recurso— é o 2,57 % das posibilidades de captura, ¡o 2,57! Nós polo menos sabemos o que se di da situación do recurso. Gustaríanos tamén, por certo, recuperar as augas interiores, podería ser unha solución. Como dixo vostede, ten varios informes, que nos gustaría velos —supoño que non terá ningún problema en entregarllos a este grupo—, respecto, precisamente, da sardiña. Nós sabemos a situación —que está publicada— sobre o stock da sardiña, sen embargo, non nos cadra coa realidade dos pescadores e das pescadoras da sardiña. Entón, instamos, como xa fixemos outras veces, a Xunta de Galicia a que elabore os seus propios informes do estado do sector. E claro, ¿como vai elaborar os seus propios informes non digo xa da influencia só económica, senón do estado do propio recurso? ¿Como vai elaborar os seus propios informes —a pesar de nós desde aquí mandar un saúdo ás persoas...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Ten que ir rematando.

O señor JOVE GONZÁLEZ: ...profesionais do Intecmar e do Cetmar— se no ano 2018, no programa 723A, competitividade e mellora da calidade pesqueira e acuicultura, deixou sen executar 56 dos 66 millóns orzados? ¡Só gastou 10 de 66!



Entendemos que hai moito por facer, entendemos que hai recursos dabondo...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Remate, señor Jove.

O señor JOVE GONZÁLEZ: ...e entendemos que temos argumentos. Desde logo, na réplica continuarei con este asunto.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Moitas grazas, señor Jove.

Por parte do Grupo dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Otero Rodríguez.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Bos días, señorías.

Benvida, conselleira, e benvidos tamén os representantes de Acerga.

Coincidimos con vostede en que, no tocante á aprobación do Regulamento de TAC e cotas para o ano 2020, que se aprobará no vindeiro consello de ministros que se celebrará neste mes de decembro en Bruxelas, nos xogamos moito para a nosa frota galega. Eu quero quedar cunhas palabras súas nas que dicía que sería fundamental esa lealdade institucional tanto por parte da Consellería do Mar como do propio Ministerio de Pesca, porque cremos que é fundamental ir da man, con argumentos, e tamén, dende logo, co propio sector para lograr mellorar estes TAC e cotas.

Coincidimos tamén con vostede en que o camiño a percorrer para conseguir mellores TAC e cotas pode basearse en tres principios que vostede dixo, como son, a cogobernanza co sector —aquí queremos incidir en que debe ser con todo o sector e non con parte do sector—, a lealdade entre administracións e tamén que as bases para que se teñan en conta os nosos argumentos teñen que estar baseadas neses argumentos científicos e técnicos.

Tanto nese consello que se vai celebrar como nas reunións que xa se estiveron a facer, nas reunións preparatorias deste consello, eses informes técnicos son fundamentais para poder, como dicía, fundamentar as nosas pretensións. Neste marco de preparación, a semana pasada a Secretaría Xeral de Pesca e o DG Mare mantiñan unha reunión preparatoria deste consello de ministros na que se presentou un dossier técnico que demostra con números algo no que se incidiu ao longo das distintas intervencións: na importancia socioeconómica da actividade pesqueira, acompañada tamén de consideracións científicas aprobadas polo IEO que sustentan as peticións das administracións, autonómica e española, da que se pode deducir a existencia de marxes de mellora sobre a proposta da Comisión. Demandas que pasan pola existencia de acadar en 2020 o rendemento máximo sostible en todos os stocks, pero tendo en conta outro dos obxectivos prioritarios da política común pesqueira, como é a sostibilidade económica e social, de forma que se proporcione ao sector pesqueiro unha mínima estabilidade, evitando algo ao que tamén se aludiu xa aquí hoxe pola mañá, esas variacións bruscas do TAC dun ano para outro.



Polo tanto, nesas negociacións será prioritario para o Ministerio de Pesca defender a sosti- bilidade económica e social das distintas pesqueiras e a necesaria estabilidade para o sector dos niveis de TAC que se van aprobar.

O Ministerio de Pesca abandeirá a sostiabilidade social para corrixir as reducións propostas, co fin de consolidar os altos estándares acadados pola frota galega e tamén pola española no coñecemento científico e na aplicación de medidas de carácter medioambiental, e sería necesario mellorar o coñecemento do compoñente socioeconómico da pesca. Por iso enten- demos que os indicadores económicos da actividade pesqueira deben de integrar a informa- ción de toda a cadea de valor e ter en conta todos os parámetros das industrias auxiliares que tamén dependen da pesca. Nese senso é fundamental traballar de forma conxunta, ad- ministracións e sector, para ser quen de trasladar unha visión obxectiva e real da actividade pesqueira, poñendo en valor os aspectos positivos aos que contribúe a pesca e trasladarlló a unha sociedade que cada día demanda máis información sobre os produtos que consome.

Ademais, como tamén se dixo, no 2020 será necesario continuar traballando nun dos maio- res retos da política común pesqueira, como é na plena aplicación por segundo ano conse- cutivo da obriga de desembarque para todos os stock con TAC e cota, así tamén como na necesidade de continuar buscando solucións permanentes para as denominadas especies de estrangulamento, así como na conveniencia de manter o uso de excepcións, como o «de minimis» ou de alta supervivencia, para garantir a actividade en determinadas pesqueiras.

O ano pasado, cando vostede compareceu para falar dos TAC e das cotas para o ano 2019, este grupo xa incidía na necesidade de escoitar o sector para que aportaran solucións aos casos concretos e para que a prohibición de descartes e a obriga de desembarque tiveran o menor impacto na operatividade das nosas frotas, solventando problemas que se poden plantexar como o risco de que teñan que quedar amarrados os nosos barcos ao peirao por acabar con cota polo tema dos descartes, ou tamén por problemas de operatividade polo es- pazo nas nosas embarcacións. Vemos como a día de hoxe descartes e desembarque son un dos maiores retos da política común pesqueira e que se debe seguir traballando nelas para que teñan, como dixen, o menor impacto nos nosos barcos.

Coincidimos en cualificar de preocupante o punto de partida da Comisión Europea, xa que se plantexan descensos importantes nos niveis de cotas para varias das especies de interese para a nosa frota, como xa se dixo aquí, por exemplo, a pescada e o xurelo.

Hai marxe de manobra. Non se trata, como vostede ben dixo, dun documento definitivo, hai que traballar, hai que dotarse de informes técnicos que avalen as nosas pretensións e tamén, dende logo, debater e negociar. Porque, miren, o ano pasado nas negociacións de TAC e cotas para o ano 2019 España obtivo cotas de pesca por un valor de 503,8 millóns de euros para o 2019, o que supuxo un incremento de 26 millóns de euros, ou o que é o mesmo, un 5 % res- pecto das de 2018 —cálculos realizados tendo en conta o prezo do peixe en primeira venda nas lonxas—.

A frota galega saíu ben parada das negociacións de 2019. Dende logo que todo é mellorable, pero, en verbas do propio sector, a súa meirande parte estaba satisfeito polo repartición de



cotas. Non se malinterpreten as miñas verbas, hai que seguir traballando, non é un feito para felicitarse, hai que seguir intentando conseguir un maior nivel posible de cotas, pero no 2019 mellorouse ese documento orixinal da Comisión.

Por ir facendo algunha alusión a algunha das especies que aquí se referenciaron, no tocante á pescada, coincidimos coa preocupación expresada pola conselleira polo descenso na facturación das lonxas de Galicia que este recorte para o 2020 proposto pola Comisión provocaría nesta especie. Nos recortes previstos para a pescada tanto no Gran Sol como no Cantábrico e no golfo de Cádiz non compartimos esta redución, xa que ambas se están explotando en rendemento máximo sostible, e as recomendacións científicas permitirían continuar a súa explotación cumprindo o dito obxectivo da política pesqueira común, incluso cun descenso menor de TAC. Polo tanto, non entendemos e tampouco compartimos este recorte na pescada, xa que, estando a explotarse a rendemento máximo sostible, consideramos que exixir máis sacrificios á frota en forma de recortes suporía rozar case a crueldade.

No tocante ao xurelo, non entendemos tampouco a redución do 41 % da cota de xurelo no Cantábrico e menos explicación lle topamos á redución do 50 % do TAC na zona IXa porque esta rebaixa do 50 %, segundo a Comisión, se baseou no Ditame do Consello Consultivo de Especies Peláxicas, o que resulta pouco coherente coa recomendación científica, que, curiosamente, suxería un incremento, ademais de sinalar que neste consello non estamos representados nin os españois nin os portugueses.

No referente á cigala, para a unidade funcional 25, na zona de Galicia debe de traballarse e mellorar a información científica para defender a reapertura desta pesqueira, actualmente pechada desde o ano 2017 e para a que só está dispoñible unha pequena cantidade para campañas científicas. Para iso pediúselle ao ICES unha revisión da súa avaliación, tendo en conta os datos das últimas campañas científicas dos anos 2017, 2018 e 2019, para que sexan tidas en conta ante a posibilidade de modificar o TAC ao longo do próximo ano e con iso reabrir a pesqueira.

En resumo, no tocante a estas especies, existe —repito— marxe de manobra e mellora, existen argumentos técnicos e científicos que así o avalan e é fundamental esa lealdade —da que falabamos anteriormente— entre administracións.

Tamén se falou hoxe aquí da cabala, e neste senso é preciso sinalar que, como se dixo tamén, a nosa frota terá en 2020 máis cabala tras o acordo acadado para subir a cota ao 41 %, tras converterse en 2018 esta nunha das pesqueiras máis polémicas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ... —vou rematando, señor presidente— pola escaseza de cota. Entón, este acordo tomámolo como benvido e o que esperamos é que, dende logo, esa marxe de manobra que existe...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.



A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...sexa aproveitada e que exista esa lealdade institucional entre as distintas administracións para que a nosa frota galega saia o mellor parada posible.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a señora Egerique Mosquera.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Bos días.

Grazas, presidente.

Bos días, señora Quintana.

A verdade é que nós agradecemos que vostede veña a petición propia cada ano a plantexar a política pesqueira que quere levar a cabo a Xunta de Galicia, da que vostede ten, ademais, experiencia e que non faga política coa pesca, como se fai en moitas ocasións desde esta tribuna. Nós agradecemos o rigor. Sabemos que isto é unha cuestión, como dixo vostede, de lealdade, de unidade con outras administracións, e nós aquí, dende o Grupo Parlamentario Popular, agradecemos e avalamos a súa experiencia en diferentes negociacións, ao longo dos anos, en Bruxelas.

Falou vostede da importancia que ten a cogobernanza. A verdade é que tamén é un tema que temos debatido en moitas ocasións na Comisión 8ª e cada vez é máis importante, polos temas e polas imposicións que veñen neste caso dos ditames e de Bruxelas. Nós sabemos que a sostibilidade do ámbito social tamén é un punto importante que dende o Partido Popular de Galicia sempre se defendeu á hora de levar as negociacións a Bruxelas e de defender sempre a pesca, porque, por moito que se diga aquí que se maltrata a pesca, nós non estamos de acordo nesta circunstancia. Nós sabemos no marco no que estamos actuando, no marco no que nos movemos e cremos que, ademais, a conselleira, e a Xunta de Galicia neste caso, defende sempre os intereses dos pescadores e os intereses da pesca galega.

Falou doutros factores e ameazas, como o *Brexit*, os descartes, a obriga de desembarco... Vostede fixo aquí eu creo que un relatorio moi claro. Quero, ademais, agradecer a transparencia coa que vostede fala sempre destes temas e gustaríame engadir que vostede xa mantivo algunha reunión en Bruxelas, xa entregou algúns informes, e neste caso podemos falar tamén do tema da cigala. Xustifica, ademais, vostede o dano que se lle faría a semellante recorte da pesca en Galicia. Polo tanto, nós temos plena confianza en vostede, conselleira. Diranme aquí que eu saio aquí facerlle a pelota. Non me importa, sempre que o sector pesqueiro vaia ben. Eu quero dicir que o que non podo permitir é que moitos deputados, os voceiros que me precederon, digan algunhas cousas que non son correctas ou ademais engadan algúns temas ou algunhas ameazas que eu creo que non están dentro do debate.

Eu, señor Xove, o que lle teño que dicir é que o que acaba de chegar aquí é vostede, non é a conselleira; a conselleira leva dez anos traballando na Consellería de Pesca, en contacto co



sector, cuns momentos, ademais, complicados, defendendo sempre a Galicia e o xeito de traballar en Galicia. Polo tanto, que diga vostede que a conselleira acaba de chegar, pois creo que non é o máis afortunado, (*Aplausos.*) porque a señora Quintana, como digo, cada día e cada ano, ademais, está preto do sector. Creo que aquí o fixo. E a que vostede insista e diga en tantas ocasións —por iso digo que acaba de chegar— que o importante é quen, como se pesca e cal é o valor dese peixe, dese produto, dígolle que é o que leva defendendo este Grupo Parlamentario Popular, esa Xunta de Galicia, dende hai moitísimo anos. E, precisamente, a persoa que a precedía, que era a señora Santos, en ocasións, ou algún outro compañeiro do seu grupo —porque pasaron varios voceiros de Pesca—, criticaban permanentemente esta teoría que tiñamos e que a propia directora xeral de Pesca dixo na Comisión 8ª tanto tempo. Decía ela para simplificar: hai que pescar cartos. Iso é o importante, é o que temos que ir defender a Bruxelas. Realmente, vostede vén acusarnos a nós de facer esa afirmación cando, realmente, si é verdade que o valor das especies que teríamos que defender é moi importante para o sustento das persoas que se dedican ao mar e para fixar poboación nas diferentes vilas que se dedican ao peixe, tanto de altura como de baixura.

Porque, ademais, eu digo unha cousa, aquí non se está ameazando nin se vai en contra da pesca artesanal, que esa tamén é outra —perdóeme a expresión— cantilena, señora Prado, que vostede tamén permanentemente está dicindo. Sempre nos está acusando de que estamos permanentemente indo en contra ou ameazando a pesca artesanal, e non é certo.

Señor Xove, eu creo que no Partido Popular de Galicia, e precisamente a señora Quintana, somos amigos da pesca, do sector pesqueiro; non somos inimigos, nin imos en contra. Eu creo que vostede se confunde aquí nesa afirmación porque eu creo que hai que partir dunha base e construír. E creo que dende este Parlamento de Galicia, para defender os intereses de Galicia, deberíamos estar unidos. Hai moitas cousas e afirmacións, e podemos discrepar en diferentes temas, pero eu creo que a señora Quintana claramente expuxo por que é importante defender determinadas cotas e a situación clara e real da que partimos.

Non vai a menos a pesca. Mire, Galicia rompeu en 2017 o teito dos 500 millóns de euros en primeira venda de peixes e mariscos, xa que fala vostede tamén da importancia que teñen as lonxas e os ingresos e o incremento do custo. Canto máis demanden os nosos produtos e canto máis demostramos que mellor os pescamos nas nosas rías, pois, entón, estaremos moito mellor e co sector aínda máis en auxe.

Polo tanto, creo que non vai a menos a pesca, insisto, e que no ano 2017 se rompeu ese teito, e o ano 2018 ofrece ademais datos positivos tamén, sendo xa o terceiro mellor da serie histórica en vendas, 478 millóns de euros, e o mellor ano da serie histórica en valor medio por quilo. Polo tanto, o valor do produto é moi importante.

E, señora Quintana, como decía, non temos nada que reprocharlle. Eu quería dicirlles algo aos voceiros porque ás veces din: vostede contesta aquí aos voceiros. Pois ás veces hai que aclarar determinadas cousas. Si é verdade que moitas preguntas saberá a conselleira contestalas moito mellor ca min. Mire, señor Casal, vostede di que o porvir da pesca vai ligado á sostibilidade, pero, claro, iso tamén teñen que sabelo en Bruxelas. Eu digo moitas veces que hai unha liña moi fina entre defender o medio ambiente e defender a pesca, e é o que



levamos facendo anos alí; é dicir, deben saber exactamente como aquí, en Galicia, somos capaces perfectamente de manter ese equilibrio e como, ademais, somos capaces de respectalo. E xa co tempo se viu o tema da mellora das especies, dos aumentos, da mellora da calidade das augas das rías...; é dicir, nós estamos cumprindo, intentando facer infraestruturas e levalas adiante. Nos orzamentos da Xunta destes dez anos están reflectidas todas as medidas posibles para que as nosas augas sexan depuradas e sostibles, os nosos produtos sexan mellores e que se vexa como o xeito de pescar tamén é sostible, económico e social.

Por suposto, ademais, é un emprego feminino. A maioría das mariscadoras son mulleres. É dicir, temos un montón..., e ademais non porque o inventara o Partido Popular, senón porque tradicionalmente foi así en Galicia. A señora Quintana é a bandeira que leva sempre a Bruxelas, e, insisto, non soamente ademais á Unión Europea, tamén a fóra de Europa; é bo que saiban exactamente como é a nosa pesca.

E digo que hai moito camiño andado, moito traballo. Non é unha cousa de tres días e que de repente vaia inventarse aquí unha consellería. Como digo, lévase moitísimos anos traballando da man do sector, porque hai moitas decisións que se toman no Consello de Pesca, hai moitas decisións que están perfectamente consensuadas e, ao final, tamén se fan uns orzamentos. Alguén falaba aquí da importancia da investigación. Este ano aumentou o orzamento da Consellería do Mar, precisamente no Intecmar, en I+D+i. Está aumentando tamén. Por suposto que o orzamento é tamén importante, e dígo tamén porque nas emendas parciais, por exemplo, o Partido Socialista reduce 2 millóns de euros da Consellería do Mar. Eu creo que tamén ás veces poñer negro sobre branco é interesante e é importante.

E dentro das competencias que ten Galicia e da marxe de movemento que pode ter a Consellería de Pesca tamén na distribución dun orzamento, a Xunta de Galicia tamén sabe como distribuír e primar o sector pesqueiro. Polo tanto, non está en ningún caso discriminada a pesca artesanal. Eu sempre que saio aquí teño que negar a maior.

Señora Prado, vostede rematou dicindo que está en contra, en contra, en contra, en contra de todo, sempre, porque eu digo: imos ver, fala vostede xa do Mercado Común, de antano, do escenario no que estamos, de decisións que hai... Pero, xa partindo de aquí, ¿que ofrece?, ¿que propón vostede?, ¿que propón? Porque, claro, pode dicir vostede, fenomenal, pero, mire, a voz, o voto e o veto é por parte dos partidos políticos e da representación que obteñen despois das eleccións. Eu quero dicir que este Grupo Parlamentario Popular de Galicia leva tres maiorías absolutas, e nestes últimos dez anos dos que falan vostedes esa voz e ese voto tamén lla outorgan os galegos e imaxino que tamén as persoas do sector pesqueiro para decidir. E, insisto, iso non quere dicir que sexa un partido ou unha consellería sectaria, porque, como digo, fala con todo o sector e sabe moi ben, ademais, neste caso — porque agora xa estamos desviando, segundo as súas intervencións, un pouco o tema —, o que ten que facer e o que hai que defender en Bruxelas. Á parte está sempre aberta a calquera aportación.

Nós insistimos en que vostede tamén, señora Prado, moitas veces aquí frivoliza coas negociacións: bueno, van alí e están horas... Pois si, hai que ir alí, hai que estar horas, hai que falar coas persoas que hai que falar, hai que entregar os informes que previamente houbo que en-



cargar —porque este non é un traballo, como digo, que se faga da noite para a mañá—, e os informes xa levan tempo encargándose para demostrar que o que dicimos non é ningún capricho.

Polo tanto, eu creo que hoxe a conselleira comezou dicindo que temos unha situación negativa pero non definitiva, e nós, primeiro, agradecemos moito que veña a este Parlamento a expoñer diante de todos os deputados de Galicia este plan e as diferentes medidas que vai negociar en Bruxelas. E, como dixo, non é definitiva, é unha situación negativa que nós dende o Grupo Parlamentario Popular agardamos que poida acadar os resultados, como mínimo, que aquí se poñen enriba da mesa, porque sabemos que non son situacións sinxelas e que a competencia é grande. Vostede aquí pon, señora Prado, o exemplo de Feroe, que non está na Unión Europea, e fala de xarda, pero non teñen, por exemplo, pescada, que tamén...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: ...ten máis valor. É o que digo eu, tamén estamos falando, temos que ter unha liña clara. A señora Quintana ten unha liña clara de traballo, referendada por este Grupo Parlamentario Popular, e nós agradecemoslle moito que hoxe viñera expoñela aquí, ao Parlamento.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Egerique.

Para o turno de réplica ten a palabra a conselleira do Mar, a señora Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías, a verdade é que despois de escoitar os grupos da oposición falar, non sei moi ben por onde empezar.

Saúdo tamén, por suposto, os representantes de Acerga, que se atopan hoxe con nós.

Non sei moito por onde empezar, porque empezou o señor Casal falando da sostibilidade medioambiental e do necesario que era este aspecto na xestión das pesqueiras, poñendo nun segundo nivel os impactos sociais e os económicos. E a señora Prado acusoume de que parece que caín do cabalo e que veño hoxe aquí cos aspectos sociais e económicos sobre os aspectos medioambientais.

Mire, señora Prado, eu levo 32 anos traballando na Consellería de Pesca en diferentes postos e teño o honor de poder dicir que hoxe non teño que agachar a cabeza diante de ninguén porque nunca dixen unha mentira nin nunca me aparteí do meu rumbo. (*Aplausos.*) E se vostede recolle o documento que presentou Galicia no ano 2009 para a reforma da política pesqueira común, un documento que se elaborou na Consellería de Pesca, que se levou ao Pleno do Consello Galego de Pesca, un pleno que está integrado por 50 representantes do sector, elixidos polo propio sector e onde están absolutamente todos os subsectores da cadea mar-



industria, pois verá que ese ditame elaborado co consenso de absolutamente todo o sector se trouxo ao Parlamento e se negociou cos diferentes grupos naquel momento. Ao Partido Socialista aprobáronselle todas as suxerencias que fixo; ao Bloque Nacionalista Galego aprobáronselle todas as suxerencias que fixo, excepto o apartado que tiña que ver coa piscicultura, e aínda así foron capaces de votar en contra dos intereses do sector pesqueiro galego. E naquel documento do ano 2009 —ano no que eu entrei na Consellería— falouse por primeira vez na historia da Unión Europea de poñer en equilibrio os aspectos sociais, os económicos e os medioambientais, e a partir de aí a política pesqueira común de toda a Unión Europea reconece estes tres aspectos fundamentais.

Polo tanto, nós non variamos, nós sempre dixemos que eses tres eixos tiñan que ser fundamentais e estar en equilibrio, e así o vimos mantendo dende o ano 2009. Con esa liña e con ese horizonte traballamos. (*Aplausos.*)

Entón, señor Casal, reitérolle que os primeiros en querer que o aspecto medioambiental sexa base son os propios representantes do sector pesqueiro, porque sen peixes eles non poderán sobrevivir. Nós o único que pedimos —o mesmo que fai o sector pesqueiro— é que para recuperar todos os stocks como hai que recuperalos se poidan adoptar diferentes medidas, unhas a curto prazo e outras a longo prazo. Dende Galicia sempre defendemos a recuperación dos aspectos medioambientais a longo prazo, de tal xeito que se permitira ir recuperando os stocks sen perder capacidade pesqueira, que é o que nós vimos defendendo dende o ano 2009, e así o seguimos a facer. Porque nos informes, eu sempre digo —e son bióloga mariña— que é moi fácil entrar a unha cuadra e contar cochos ou contar vacas. É moito máis difícil aplicar unha serie de logaritmos matemáticos para calcular como está a situación dos diferentes recursos pesqueiros. Por iso nos informes científicos, aínda que os científicos que traballen o fagan moi ben, hai veces que algún dos logaritmos que utilizan non é fiel á realidade da situación na que se atopa ese recurso nese momento. (*Aplausos.*) Polo tanto, nós sempre defendemos que a observación que os propios mariñeiros fan da situación dos recursos debe de ser un elemento que complementa os logaritmos matemáticos que se aplican na identificación da situación biolóxica dos diferentes recursos, e nesa liña estamos a traballar.

Claro, a verdade é que á señora Prado eu non sei que dicirlle. Señora Prado, vostede está nun «no», como dicía a señora Egerique, a todo o que eu poida dicir, e con ese «no» pois non imos a ningún sitio. Porque vostede me atribúe a min cousas, que ¡home! daquela eu case aínda nin rematara a carreira. Cando España entra na Unión Europea, non fun eu a que tomei as decisións de en que condicións entraba España na Unión Europea. O mal chamado principio de estabilidade relativa adoptouse no ano 1982 cando España entra na Unión Europea, e a partir de aí temos que negociar, e pódolle asegurar que nós como imos a Europa é con voz, con voto e con informes. Nunca fomos alí sen voz, sen voto e sen informes. Acabamos de estar agora mesmo en Madrid aportándolle os documentos dos informes que fixemos dende o punto de vista socioeconómico para a defensa do caso do xurelo e do caso da pesca; informes elaborados pola propia Consellería, e a maiores levamos outro informe, elaborado entre o sector pesqueiro, Pesca de Galicia e a OPP-07 —que fixen referencia a ela na miña primeira intervención— coa Consellería de Pesca, sobre o tema e a situación da cigala. Eses informes aportáronselle a Madrid, eses informes fóronse defender diante do director xeral da DG Mare, e con esas fórmulas nós traballamos.



É moi fácil para vostede chegar aquí e, como está hoxe o sector diante, dicir: en Europa hai que ir con voz, con veto e... E bueno, preguntolle: ¿e a súa voz en Europa onde está? ¿E o seu veto en Europa onde está? Porque cando vostede tivo a oportunidade —vostede non, a súa representante en Europa— de votar o Plan de augas occidentais, non apareceron nin sequera na votación, señora Prado. Non foron nin á votación, e para ter veto hai que saber construír e negociar con outros países, e para ser construtivos e negociar con outros países hai que levar informes, que é como nós traballamos dende o minuto un. É máis, na reunión que mantiven a semana pasada co director xeral da DG Mare non estaba eu soa, estaban representantes do sector. Pódelles preguntar aos representantes do sector o que dixo o director xeral da DG Mare con respecto a como estabamos facendo as cousas en Galicia. ¿Sabe o que dixo? Eu sentínme moi orgullosa, porque nos felicitaba aos galegos polo ben que estamos facendo as cousas e polo exemplo que somos para o resto das rexións da Unión Europea. (Aplausos.) E con iso quedo, señora Prado.

Porque, claro, aquí cambiar de criterio, cambiar de decisión, cambiar de opinión en función de quen temos diante é moi cómodo, pero non é o que máis rendibilidade lle dá ao meu sector. Porque aquí houbo un momento en que se nos acusaba de ter poucas posibilidades de pesca, houbo un momento en que se nos acusaba de que nós cederamos máis actividade pesqueira para o País Vasco. ¿Pero de que estamos a falar? Agora díseme: non é tanto a cantidade de quilos que se pesquen, senón como se vendan. *Oiga, lo que llevo diciendo yo desde el año 2009.* Ao mar non hai que ir só a por quilos, hai que ir a por euros, e hai que saber comercializar máis, (Aplausos.) e hai que saber poñer en valor as nosas capturas. Nesa liña estamos traballando, sen rendernos nunca, a pesar de non ter nunca o apoio da oposición, a pesar de ter uns grupos da oposición que nun porto lle din unha cousa ao sector e noutro porto lle din a contraria. A pesar de todo iso, nós seguimos traballando coa mesma liña de ruta, e así o acreditamos. Dende o ano 2009, un 90 % de incremento nas posibilidades de pesca; dende o ano 2009, un incremento continuo ano tras ano de facturación nas nosas lonxas; dende o ano 2009, maior presenza en Europa; dende o ano 2009 maior credibilidade en Europa.

Esa é a nosa folla de ruta, e así temos que seguir. ¿Estamos satisfeitos? Non, e por iso seguimos traballando. Temos acordos e convenios de colaboración con todos os departamentos de todas as universidades de Galicia que traballan nos diferentes aspectos que teñen que ver co mar e coa industria.

E, claro, o que non se pode é mezclar as cousas. Eu podo, ou ben dende Galicia ou ben dende a propia Consellería ou ben a través dos departamentos de economía aplicada da universidade, facer estudos de impacto socioeconómico. A min non me pode pedir que eu dende Galicia faga un informe da situación biolóxica da sardiña, porque a sardiña é unha especie migratoria e vai máis alá das augas competencia da comunidade autónoma. Polo tanto, eu o que me poño é á disposición —como sempre fixen— do Goberno central para, se nós desde aquí podemos apoiar con máis cartos e investigación, facelo; estamos dispostos a dalos. Non se me pode vir aquí dicir que non executo non sei que partida, cando é unha partida que vai á disposición do sector e cando é o propio sector o que ten que presentar proxectos se queren facer innovación directamente con algún centro de investigación. E mezclar iso coas partidas presupostarias do Intecmar e do Cetmar, dous centros que todos os anos medran nas súas



dotacións presupostarias, dous centros que son exemplo en toda Europa... ¿Pero de que estamos a falar? Non mintan tanto, por favor.

Eu o que necesito é a axuda da oposición para trasladarlle ao sector que todos temos que ir na mesma liña e na mesma dirección, e nesa liña e nesa dirección é na que imos. Cada ano estamos conseguindo mellores prezos. Non se pode vir aquí dicirme a min que é o que entendo eu por sector pesqueiro. Está moi definido o que entende Galicia por sector pesqueiro. O sector pesqueiro intégrano desde a mariscadora ata a redeira que prepara os aparellos, porque sen un bo aparello un barco de pesca non serve para nada, independentemente do tamaño ou da zona dos mares do mundo onde estea traballando. E sector pesqueiro tamén é a cadea mar-industria, que se dedica a darlles valor tamén na transformación aos nosos produtos. A todos e a cada un deles é a quen intento todos os días defender.

Polo tanto, non me veñan aquí dicir que defenda un sector fronte aos outros. Todos teñen cabida, e todos son capaces e foron capaces, cando presentamos a nosa proposta para a reforma da política pesqueira común, de renunciar cada un a parte do seu para que Galicia saíra gañando, e iso eu téño moi en conta.

Cando se fala da repartición dos TAC e cotas en Bruxelas e da frota artesanal, hai que saber ben o que se di. A frota artesanal unicamente depende das especies suxeitas a TAC e a cotas nun 14 % da súa facturación. Das embarcacións de pesca de artes menores que temos en Galicia —3.900—, 128 son as que se van ver afectadas maioritariamente polo impacto desta decisión da merluza e do xurelo, e esas 128 preocupanme tanto como as 3.900, pero as 3.900 teñen un ingreso de facturación procedente dos plans de xestión cos que traballamos en augas interiores, dos plans das nasas, do plan de marisqueo e do plan do trasmallo. Esas son as especies que lle están dando valor, e por suposto concordo con todos vostedes en que temos que seguir mellorando na xestión das cotas. Non nos poden pasar cousas como as que nos pasan, de deixar o 32 % da pescada sen consumir, o 36 % do gallo sen consumir, o 42 % do lirio sen consumir, e así unha serie de especies máis. Temos que ser capaces de seguir mellorando a xestión das posibilidades de pesca que temos, ter maior flexibilidade para que haxa un traspaso entre os diferentes segmentos de frota e se poidan aproveitar mellor todos os recursos. E nesa liña e nesa lealdade é na que, dende logo, estou empeñada en seguir traballando.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleira.

Abrimos unha rolda especial de aclaracións con dúplica do Goberno.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, ten a palabra o señor Casal Vidal.

O señor CASAL VIDAL: Bo día de novo a todos.

Señora conselleira, teño que insistir, o negacionismo da evidencia científica non vai a ningún lado. En absoluto dixen que puxera en segundo termo a sostibilidade socioeconómica da



pesca; non dixen iso. Dixen que unha sen a outra non ten futuro nin viabilidade. Iso foi o que dixen. E a maior maneira de protexer o noso sector pesqueiro vai polo camiño de incrementar os investimentos científicos para poder aportar informes que poidan contrastar con solvencia os dos outros organismos, tanto sexan estatais ou europeos.

Vostede é bióloga, e sabe moito máis ca min disto, pero eu son un apaixonado das matemáticas, e para que un algoritmo —non logaritmo, os biólogos en temas de logaritmos parece que non están...; non é un logaritmo, é un algoritmo— sexa solvente necesita a inxesta masiva de datos, que deberían ser obtidos, neste caso, polos propios pescadores, pero iso hai que pagalo. Ou sexa, non se lle pode pedir ao sector que faga pola súa conta ese traballo. E a maior complexidade de avaliación —é verdade que é moito máis difícil contar sardiñas que contar porcos— calquera algoritmo necesita un maior número de datos masivos e de depuración científica precisamente dos propios algoritmos, porque o que lemos sempre en moitas declaracións é que os pescadores de tal zona consideran que a biomasa se recuperou... Bueno, todo isto, evidentemente, ten moito valor, porque son xente experta, pero cientificamente ten moito menos valor que se de verdade se inviste masivamente en que tanto eses datos como eses algoritmos que os poidan manexar sexan solventes e poidan contrastar cos da propia Unión Europea, que probablemente os algoritmos estean ben deseñados, pero a información, o *big data* que se lles implementa para poder sacar conclusións, puidera ser de moitísima máis calidade aquí.

Invistan nese eido, porque que deixen sen executar millóns de euros tendo esta eiva que é así... Parece que non podemos competir contra os informes que elaboran os tecnócratas da Unión Europea.

Despois dicía a señora Egerique que se incrementa un pouco o orzamento. Bueno, pois, pola experiencia dos anos anteriores, o que vai pasar é que van deixar sen investir máis millóns de euros, porque o orzamento segue incrementándose todos os anos e a execución segue baixando todos os anos. Iso non é moi coherente.

Vai tamén o futuro deste sector pola clara discriminación positiva —xa o dixen— cara á pesca artesanal, que proporcionalmente podería aportar moito máis emprego e un traslado de rendas moito máis xusto. Como xa comentei tamén antes, para min a estratexia fundamental é a do incremento da valorización económica da proteína procedente do peixe, e iso vén pola valorización social. Aí o traballo dunha administración como a súa é decisivo por calidade e por saúde, e, como xa dixen antes, polo seu moito máis baixo aporte á crise climática, que, como se ve, cada vez vai ser máis valorado pola sociedade. A proteína de peixe ten un problema climático vinte veces menor que a da carne de vaca, nove veces menor que a da carne de porco e tres veces menor que a da carne de aves. Con este dato, ¿como é posible e entendible que a proteína procedente dun porco se pague moito máis que a procedente dun xurelo? É incomprendible. É un problema de percepción social que pode ser mudado cunha estratexia adecuada.

Tamén facemos unha decisiva aposta pola protección medioambiental das nosas costas e dos mares en xeral, con investimentos e actuacións moi contundentes. Evidentemente, hai que empezar pola casa.



Dicía a señora Egerique que están facendo todo o posible para a sostibilidade e a calidade das augas e dos fondos mariños. ¿Díó realmente en serio? ¿Diríallelo vostede realmente en serio aos mariñeiros e aos mariscadores da ría de Ferrol, da ría do Burgo ou da ría de Pontevedra? ¿De verdade llelo diría en serio, que están facendo todo o posible?

E, finalmente, é necesaria unha política cunha repartición social moito máis xusta das cotas dispoñibles. E, sobre todo, para conseguir isto, é absolutamente imprescindible moita máis forza na representación política, un moito máis forte peso político do Goberno da Xunta de Galicia, porque eu estou de acordo —aínda que, ao mellor, ao resto dos meus compañeiros e compañeiras de oposición non lles pareza ben o que vou dicir— en que vostede é unha das conselleiras máis competentes, como non pode ser menos, no país máis forte de Europa en pesca...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CASAL VIDAL: ...pero o que pasa é que despois non ten peso político. Non pode ser que o País Vasco en pesca teña moito máis peso político ca nós. Iso vese na repartición das cotas para unha persoa que, evidentemente, non ten a experiencia que ten vostede. Pero cando se ve a repartición das cotas, vese que un sector moitísimo máis feble que o galego está moito mellor tratado, sobre todo...

O PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Casal. *(O señor Casal Vidal pronuncia palabras que non se perciben.)*

O PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Casal.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Eu tamén lle quero dar a benvinda aos compañeiros de Acerga.

Señora Egerique, xa a o dicía Franco: *non vos metades en política, como fagho eu, ¿verdade?* Aquí non vimos facer política e non somos partidos políticos, somos unha ONG. *(Aplausos.)* Isto non é un Parlamento onde reside a soberanía popular e onde vimos tomar decisións. Non vos metades en política, que para iso xa estamos nós. Xa sei que para iso están vostedes.

Eu non sei como se lle pode chamar, porque di que eu sempre digo que a pesca artesanal, a pesca de baixura, é a gran prexudicada. Entón, en dez anos, que desapareceron 1.000 barcos, ¿iso non é un prexuízo para a pesca artesanal? Iso debe de ser unha bendición divina. ¡Con 1.000 barcos menos significa que non hai menos xente que poida traballar no mar...! É unha bendición divina, señora deputada do Partido Popular.

Vostede tamén tivo a valentía de dicir que a aposta do Partido Popular pola pesca xa se ve nos orzamentos; uns orzamentos que no ano 2019 son o trinta e sete e medio por cento máis baixos que hai dez anos, que no 2009, e dese trinta e sete e medio por cento máis baixos non executan nin o 50 %. Resulta que ese é o compromiso do Partido Popular. Pois, efecti-



vamente, moi visual; ese é o compromiso do Partido Popular. Un sector tan estratéxico para o país como é a pesca, dez anos despois, ten de orzamento o trinta e sete e medio por cento menos e non executa nin o 50 %. ¡Un compromiso fantástico! Eu non teño máis que aplaudir esa posición.

Igual que ten a valentía de dicir que é unha aposta polo emprego feminino. Temos 1.165 mariscadoras menos en dez anos, señora deputada do Partido Popular, grazas á xestión impresionante da conselleira do Mar; ¡unha xestión fantástica que fai que en dez anos da súa xestión haxa 1.165 mariscadoras menos!

Mire, eu non vou poder estar máis de acordo con vostede no que dixó de que en máis de trinta anos traballando pola pesca nunca se apartou da súa folla de ruta. Non podo estar máis de acordo con vostede. Claro, a súa folla de ruta é actuar para consolidar a desaparición do modelo tradicional de pesca galega e substituílo por un modelo de pesca industrial en mans de capital foráneo. Esa é a súa folla de ruta, que non abandonou en todo o tempo que vostede é conselleira. Efectivamente, estou de acordo con vostede en que mantén a súa folla de ruta incólume.

E o problema non é que ao BNG lle pareza un teatrillo que cada decembro haxa esta escenificación da repartición de cotas na Unión Europea, no Consello de Ministros; o problema é que llo parece ao sector, e cando remate, señora Quintana —ten aí os representantes—, vaia preguntarlles que lles parece, que lles parece esa actuación, que ano tras ano veñan co mesmo. A proposta é tremenda, uns recortes brutais: vannos cortar por aquí, á altura do pescozo, pero despois, como só nos cortan pola cintura, imos ter que aplaudir coas orellas. Porque esa é a escenificación que fan todos os anos: unhas propostas moi elevadas para que logo pareza que co esforzo inconmesurable que fai da combinación do Goberno galego co Goberno central, co Goberno español, as cousas melloran, cando o que fan ano tras ano é recortarnos.

E eu teño que dicirlle á deputada do Partido Socialista que se a proposta non ten ningunha explicación e é tan mala, que o Goberno español se plante, que é quen negocia; que se plante e que non acepte estes recortes para a pesca galega, porque non vale dicir que a proposta é inaceptable se despois non se plantan, se despois aceptan e din que, bueno, é un pouco mala pero podía ser peor. Non, é que para Galiza non pode ser peor.

E xa que me pedían propostas, se realmente o Partido Popular con vostede, señora Quintana, á cabeza, quere defender o aspecto socioeconómico fundamental da pesca para Galiza faga o que lle levamos demandando dende hai moito tempo:

Primeiro, exixa un cambio de modelo. Este modelo de cotas é nefasto para o noso sector.

Segundo, exixa a eliminación dos TAC e cotas en augas interiores. Faga valer o dereito que lle dá o Estatuto de autonomía de Galiza, que ten competencias exclusivas en materia de pesca en augas interiores.

Terceiro, exixa rematar con esa indefensión que supón que nos nosos caladoiros, a frota portuguesa, por exemplo, teña máis dereitos que a propia frota galega, ou que na pesca do



bonito haxa frotas como a francesa ou como a irlandesa que usen artes peláxicas que están prohibidas. Faga iso.

Cuarto, modifique o plan de explotación da sardiña, exixa esa modificación, que é nefasta para o sector do cerco, ou que practicamente deixa sen ningún tipo de posibilidade o sector do xeito. Faga, señora conselleira, que aquel acordo polo que vostede, en combinación co secretario xeral de Pesca, lle entregou o 98,8 % da cota do bocarte a Andalucía, se reverta, que se reverta esa situación, porque ía ser temporal e resulta que agora xa queda aí no papel. Pois faga tamén iso...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...actúe para que Galiza se declare zona altamente dependente da pesca. Actúe combinadamente con todos os deputados que ten no Parlamento galego e no Estado español para que iso sexa unha prioridade, e que non chegue con vir aquí dicir que foi levar os papeis. Moi ben, pero, á parte de levar os papeis, hai que exercer esa voz e ese voto alí onde se decide, e solicite a transferencia do IEO... *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Xa rematou o seu tempo. Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ten a palabra o señor Jove González.

O señor JOVE GONZÁLEZ: Grazas, señor presidente.

Efectivamente, o PP leva demasiados anos aquí; esperemos que isto xa mude dentro de pouco tempo. Grazas por recordalo, porque sempre é importante sabelo; sempre é importante recordar eses trinta anos, esa década perdida, e esperemos —insisto— que, desde logo, sexa xa a fin desa lamentable era, porque, como ben dicía a conselleira, pescar poboacións de peixe non é como pescar vacas, como dicía, pero si que hai cousas que son tanxibles e cuantificables... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, perdoe contar vacas. Pero si podemos contar, por exemplo, dende o ano 2009 como se perderon 482 buques pesqueiros, o que vén sendo unha embarcación á semana. Pero non me mire, eses son datos oficiais, que están publicados, non é que os invente eu. 2.789 postos de traballo directos perdidos, segundo os datos da Seguridade Social, 7.000 indirectos. Estes son os datos publicados desde o 2009. Supoño que vostede terá algo que ver con iso. ¿Ou só ten que ver coa fantástica negociación de non sei que? Pois terá algo que ver tamén con isto, co desmantelamento do sector. Algo terá que ver a Xunta de Galicia. 488 permisos de marisqueo menos que hai dez anos.

E, claro, efectivamente, os criterios socioeconómicos son importantes, claro que son importantes, por iso nós estamos de acordo e estamos a favor de que os TAC e as cotas se distribúan internamente despois tendo en conta estes pesos socioeconómicos nas actividades clave das economías locais. As reparticións actuais o único que consolidan son modelos in-



sostibles que só benefician as grandes frotas industriais e comprometen o futuro do sector, das pequenas familias e das pequenas embarcacións. Iso é o que hai que facer.

Despois, é fascinante, claro: —aquí hai xente do sector— que a Administración, que a Xunta de Galicia, que a Consellería de Pesca diga que non executa 56 dos 66 millóns da partida do programa 723A porque o sector non o pide a min paréceme unha mostra de tal desfachatez, de tal asunción propia da incapacidade... Porque, claro, se a Administración ten recursos que non é capaz de colocar para os seus obxectivos e non logra os seus resultados, di que non o pediu o sector. Bueno, pois o que ten que facer a Xunta é ser proactiva, buscar como e por que o sector non cre nesas programas, buscar —se é que ese sector non encontra a capacidade para xestionalo— o que sexa e non simplemente conformarse con, á causa do sector, nós deixamos sen investir 56 dos 66 millóns que estaban previstos. É a diferenza, o pequeno matiz entre investir e embestir, que, por desgraza, é o que está facendo a Xunta de Galicia cara ao sector artesanal da pesca, burocratizando constantemente e poñendo cada día máis trabas e máis dificultades na xestión dos seus recursos pesqueiros.

Claro, fala do Intecmar. Eu non vou comparar o Intecmar con outros organismos como os vascos. Di que medrou 3,3 millóns o ano pasado; 3,6, este ano. Desde logo, si, claro, iso é un crecemento, ¿pero parécelle, de verdade, suficiente? Si, ese é o problema, que lle parece suficiente. Ao Grupo Común da Esquerda, obviamente, non lle parece suficiente, e desde logo nós estamos a favor de que se fagan moitos máis proxectos de investigacións a ver se é posible xustificar que haxa stocks propios, a ver se é posible, dalgunha maneira, averiguar definitivamente por que a *Marteilia* está acabando co berberecho galego. Pero non, é suficiente. Contratamos dúas persoas máis e compramos un... Non lembro como dicía na comparecencia, creo que falaba da compra dun pequeno material para o laboratorio. ¡Non é suficiente! ¡Non é suficiente!, e así o dixo a directora do Intecmar na súa comparecencia. Dixo para que ían utilizar eses fondos.

Nós, desde logo, vemos que hai moitas cousas que mellorar, vemos que a Xunta de Galicia non emprega os recursos, vemos que o orzamento é pequeno. Desde logo, imos estar de acordo no que teña razón, na defensa dos TAC. Estamos de acordo en que cada ano vemos esta representación aquí, e estamos de acordo con que isto é un pouco como aquilo de «susto o muerte». Esperemos —por suposto para o sector, porque vai a vida de moitas persoas niso— que quede en susto, e niso nos terán ao seu lado. Pero cumpran, utilicen os recursos galegos a favor da pesca galega tradicional, fágano, porque non é certo o que están dicindo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Jove.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Otero Rodríguez.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bos días de novo.



Mire, señora Prado, do que estamos a falar hoxe aquí non é de se o modelo de TAC e cotas é o máis axeitado, do que estamos a falar agora mesmo aquí é de sacar o mellor rendemento a ese borrador que presentou a Comisión Europea, e de que nosa frota non saia prexudicada e saia o máis beneficiada posible. Coincidirá comigo en que o mellor plantexamento non é que o propio ministro de Pesca se plante e diga que non nestas negociacións, o que haberá que facer será negociar porque alí vaise tamén negociar, vanse levar tamén eses informes técnicos e científicos dos que estivemos a falar para fundamentar as nosas pretensións e negociar para que, como eu digo, a nosa frota saia o máis beneficiada. (*Aplausos.*) O momento procedemental será outro, e hai que ver se este sistema de TAC e cotas é o que máis beneficia a nosa frota.

Falaba a señora Egerique —e eu non podo estar máis en desacordo— de que é unha aposta polo traballo feminino, cando nós e todos sabemos —vostede tamén o sabe— que hai máis de 1.000 mariscadoras menos dende o ano 2009. ¿E que me di tamén desa perda de permex dende o ano 2009? Polo tanto, aposta polo emprego feminino creo que moita non hai.

A conselleira tamén falaba de que para iso o sector pesqueiro incluía mariñeiros, redeiras, mariscadoras... Pois aquí quero facer un inciso. Se tamén mira polas redeiras alí na Mariña, levámoslle trasladado moito tempo que é necesaria formación para esas redeiras, porque había demanda de empregos para que puideran ocuparse, tanto por conta propia como por conta allea, tendo esa titulación de redeiras, ese certificado que acredite esas competencias, e a propia Xunta de Galicia non deu esa formación, tivo que vir a Deputación Provincial de Lugo suplir esa ausencia de formación.

Vostede, señora conselleira, tamén falaba de que non cambiaron a folla de ruta, de que non cambiaron posicionamentos. Pois, mire, na súa primeira intervención falaba da cota da anchoa, da necesidade de incrementar esa cota. Pero, mire, é que o Partido Popular de Galicia non sempre pediu ese incremento de cota; empezou a pedilo, paradoxalmente, a partir de xuño de 2018 porque houbo un cambio de goberno en Madrid. Réviseo, anteriormente non pedían ese aumento da cota da anchoa. Ademais, a frota galega que faena ao sur de Fisterra leva anos estancada no 1,14 % do total dende aquel recorte de cota acadado polo señor Domínguez, nomeado polo ministro popular Arias Cañete. E, dende aquela, non son... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Bueno, está no 1,14 %. ¿E quen acadou ese 1,14 %? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Claro!, non. E tamén se lle dixo ao sector do cerco que ían incrementar esta cota que nunca chegou. Polo tanto, pediamos lealdade institucional, pois imos tela entre todos. (*Aplausos.*)

Falaba o voceiro do Grupo Común da Esquerda —e eu non podo estar máis de acordo porque é unha reivindicación do Grupo Socialista ao longo de toda esta lexislatura— desa falla de execución orzamentaria do programa 723A. E nós xa non lle preguntamos por esa escasa execución orzamentaria, porque a resposta sempre é a mesma, a resposta sempre é que o sector non solicita esas axudas. E nós sempre lle dicimos —e concordamos co Grupo Común da Esquerda— que aí a Consellería do Mar non pode ser unha mera oficina tramitadora de axudas e subvencións do FEMP, que ten que ir máis aló, que ten que trasladarlle ao sector, recomendalo e axudalo á hora de tramitar esas subvencións.



E xa para rematar co tema do que estabamos a falar, co que empezaba a conselleira e co que a traía hoxe aquí comparecer neste Parlamento, nós cremos —e niso coincidimos en que é fundamental, ¿vale?— no equilibrio entre os criterios medioambientais e os criterios socioeconómicos. Para iso é importante saber trasladar aquí que nós pescamos con artes de pesca respectables co medio e que tamén é necesario mellorar o coñecemento socioeconómico da pesca para dar a coñecer a importancia socioeconómica da pesca na nosa comunidade.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Por tanto, nesas negociacións será prioritario defender a sostiabilidade económica e social das distintas pesqueiras...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...e a necesaria estabilidade para o sector dos niveis de TAC que se aproben.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra a señora Egerique Mosquera.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Quero saudar os membros da tribuna, que antes creo que non os saudei. Descúlpenme, saúdos tamén para vostedes.

A verdade é que estamos en Europa para todo. Eu creo que ás veces aos grupos da oposición lles vale Europa para algunhas cousas e despois para outras non. Creo que estamos nun marco e nunhas regras do xogo que, como xa dixo a señora Quintana, xa veñen de hai tempo. Señora Prado, vostede antes falaba do Mercado Común, e hoxe tivo que saír retrotraerse a tempos aínda máis pasados para facer alusión ás intervencións de agora.

Eu creo que o peso político de Galicia está ademais máis que comprobado porque vostedes saben que a representación da delegación española é rotatoria. Galicia tivo a súa oportunidade e agora vai en delegación doutra comunidade autónoma; é dicir, confían en nós. E aquí poñen vostedes sempre o País Vasco coma se fora o non vai máis, pero outras comunidades autónomas delegan en Galicia as negociacións e a representación de España porque saben que a señora Quintana sabe perfectamente, ten experiencia dabondo, e ademais ten negociado e ten acadado acordos moi beneficiosos para Galicia. Polo tanto, iso é a nivel de todo o país, de España, *(Aplausos.)* non poden vostedes negar isto. *(Aplausos.)*

Ademais, Galicia ten moitas cotas en acordos internacionais. En España temos o 11,9 % das cotas co 10 % da frota. É que vostedes pintan unha Galicia que parece que é a cousa máis



negra dentro do panorama europeo ou español, e non é certo. Somos exemplo, temos que presumir, e temos, ademais, que loitar dende aquí, como o fai a Xunta e como o fai a señora Quintana, pola defensa do noso sector.

Mire, señora Otero, nós non nos movemos; sexa quen sexa o ministro e sexa quen sexa o Goberno, defendemos os intereses de Galicia sempre, e ademais sen estar en batallas políticas permanentes —digo—, facendo política coa pesca con outras comunidades autónomas. ¿E non se lembra vostede dos permex que se perdían no Bipartito, cando animaban vostedes tamén as mariscadoras a non cotizar? Hai unha aposta clara polo emprego feminino, ademais é unha consellería profundamente feminina, que eu creo que tamén iso é importante na toma de decisións.

Miren, as zonas das rías, señor Casal —por contestar a cousas que ás veces creo que merecen un argumento claro—, melloraron moito, e pasamos dun 16 % de zonas C a un 6 %; e ata que sexa dun 0 % por suposto que non imos parar, pero si que melloraron. Vostede non pode dicir aquí que non melloraron as zonas e que non se traballa de maneira transversal dende a Xunta de Galicia pola mellora e depuración das nosas augas.

Señora Prado, como lle dixen, a vostede o 1972 non lle pareceu suficiente, foi máis para atrás. Eu creo e confío en que seguramente estaremos de acordo en moitas cousas, e teremos que tirar para diante. Polo tanto, eu creo que, ademais, o voto hai que telo, hai que exercelo. E, como lle dixen antes a señora Quintana, cando hai que estar. hai que estar, e se non se está nos momentos importantes para votar determinadas decisións, bueno, pois ás veces tamén hai que responder ante os cidadáns. Eu creo, ademais, que o veto hai que construílo e para iso hai que negociar e hai que saber onde nos movemos e que é o que pedimos e solicitamos para Galicia.

En canto ao emprego, quero dar tamén un dato, o número de afiliados ao réxime especial do mar mantense estable —mesmo á alza— dende xaneiro de 2015. A cifra volve superar, ademais, os 21.000 afiliados, que son 1.000 afiliados máis que hai dous anos. Polo tanto, vostedes sigan pintando ese panorama negro e nós seguiremos traballando por obter os mellores resultados e as mellores negociacións para o sector; e, ademais, neste momento e neste debate, segundo os TAC e as cotas, porque tamén falamos aquí diso e saímos un pouco do debate. Eu creo que, ademais —como dixen antes—, a señora Quintana foi moi clara, foi moi concisa e transparente e explica claramente por que é máis beneficioso solicitar e onde hai marxe de traballo segundo o ICES ou segundo o Consello, que ás veces pode dar recomendacións que non son afortunadas ou que non son beneficiosas para Galicia.

Estamos ante unha proposta complicada —xa o dixen nada máis comezar—, pero nós non imos negar iso e non imos dicir que é todo negativo, porque sabemos que co traballo común —e ademais explicamos as características de como se pesca en Galicia, temos experiencia dabondo e temos, ademais, resultados de medidas que se tomaron anteriormente— se podería reverter esta situación.

Polo tanto, señora Quintana, nós animámola a que vaia con espírito construtivo, dende o rigor sempre, porque, como ben dixen vostede, por exemplo no caso da pescada, non cadran



os datos e as cifras; e vostede ten enriba da mesa estudos, datos e cifras. Nós defenderemos sempre —insisto—, malia que ás veces sexa difícil, o sector pesqueiro de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Egerique.

Para o turno de dúplica ten a palabra a conselleira do Mar, a señora Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Casal, se dixen logaritmo, dende logo, trabuqueime. Sei perfectamente diferenciar —aínda que os biólogos non somos moitos— o que é un logaritmo do que é un algoritmo; pero é evidente que tiven que equivocarme, e por iso pido perdón.

Polo que si non lle vou pedir perdón é polo resto das cousas que dixo. Non lle podo permitir dicir que no sistema de reparticións Galicia quedou moi mal porque non ten peso político. Tenme que desculpar vostede, pero os datos son os datos e entón —como digo eu sempre— «*lo que es medible no es opinable*»; e cada ano vaise cerciorando un deses razoamentos que nós utilizabamos.

Mire, cando os criterios de repartición se fan de acordo co que establece a lexislación vixente, o que hai é o que hai. E resulta que o País Vasco é unha comunidade autónoma onde fundamentalmente traballaban a xarda, e nós fundamentalmente traballamos o xurelo. ¿Cales son as especies principais para o cerco de Galicia? A sardiña, o xurelo e xa, en terceiro lugar, a xarda. Para o País Vasco é distinto. Se co mesmo criterio de repartición —absolutamente o mesmo criterio de repartición— na xarda levamos o 26 % e no xurelo, o 98 %, significará isto que non ten nada que ver co peso político, senón que terá que ver máis ben coa disposición da frota para traballar tradicionalmente cunhas especies fronte a outras. O que conseguimos con esa repartición foi empezar a mellorar a xestión do caladoiro nacional e olvidar aquelas vellas etapas onde se ía á pesca olímpica e o que primeiro chegaba e o que máis collía era o que máis rápido viña para a casa, e vendiamos a calquera prezo; pasamos a facer unha xestión onde agora a pesqueira se distribúe mellor, e os galegos tamén podemos acceder a esa pesqueira. Porque antigamente, cando a xarda chegaba ás augas de Galicia, xa España tiña esgotada a súa cota. Iso é o que pasa. Había barcos grandes de Galicia, ou outros máis pequenos que se transportaban ou ben en camións ou por carretera, e podían pescar xarda, pero había a inmensa maioría da nosa frota que quedaba sen posibilidade de pesca.

Cando se fixo ese criterio de repartición, o propio sector —que foi o que foi negocialo a Madrid— recoñecía que se traíamos o 21 % de posibilidades de xarda, viñamos ben; viñamos co 26. Logo, tan mal non nos foi. E os datos así o acreditan porque precisamente as embarcacións, o segmento da frota do cerco, é un segmento de frota onde se teñen construído embarcacións novas, se teñen alargado as embarcacións, e sen axudas. Iso significa que a situación da actividade pesqueira dese segmento de frota mellorou e, polo tanto, eu alé-



grome. Así é que os criterios de repartición nada teñen que ver co peso político, senón coa da dedicación especial que unha frota tiña sobre unha especie determinada.

Enlázoo co que dicía a señora Otero da máxima lealdade: toda. Independentemente da cor política que governe en Madrid, Galicia sempre defendeu o mesmo. Cando se pecharon as posibilidades de pesca no acordo de reparticións coas comunidades autónomas, como en Galicia tradicionalmente non chegaba o bocarte, non tiñamos históricos de captura de anchoa para poder xustificar, e por iso, por regra matemática, correspondíanos o 1,14 %. É certo que naquel momento o secretario xeral de Pesca era o señor Domínguez, que logo marchou, pero acadou un compromiso tanto coa comunidade autónoma como con todo o sector de que se nalgún momento aparecía exceso de bocarte nas augas de Galicia se revisarían esas posibilidades de pesca para que puideramos acceder a esa pesqueira. E iso lévao defendendo Galicia diante dos gobernos do Partido Popular e diante dos gobernos do Partido Socialista, e ímolo seguir defendendo, porque os acordos están para cumprilos. *(Aplausos.)* Goberne quen governe en Madrid, os acordos están para cumprilos. *(Aplausos.)*

Señora Prado, mire, ás veces eu creo que vostede non entende o que eu lle digo. Eu digo que levo 32 anos traballando na Consellería e que en 32 anos nunca tiven que baixar a cabeza diante de ninguén porque a ninguén lle mentín. Non dixen que levara 32 anos marcando a folla de ruta; levo marcando a folla de ruta do sector pesqueiro dende o ano 2009. E esa folla de ruta está dando os resultados que está dando e os datos que está dando, aínda que vostede non os queira recoñecer. Pero dáme igual o que vostede queira recoñecer ou non, porque os datos están aí e falan por si sós. Que veña aquí a señora Prado, deputada do Bloque Nacionalista Galego, dicirme o que é estratéxico para Galicia e o sector pesqueiro, cando tivo a oportunidade o Bloque Nacionalista Galego de pedir a Consellería de Pesca para eles e non o fixo, déixaa totalmente desacreditada. *(Aplausos.)* *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Es que no me vale eso! ¡*(Aplausos.)* ¡Es que no me vale! *(Aplausos.)* ¡Vostede, cariño á pesca, ningún!, porque, sendo de Cambados, ¡home!, algo máis podía saber.

E vir aquí dicirme que eu defendo a todos os sectores fronte ao de artes menores, pois, mire, non. Para non trabucarme e que logo non se me poida dicir que minto, vou ler: «Sector de artes menores: en 2018 facturou 111 millóns de euros», un 30 % máis que no ano 2009, cando eu cheguei ao Goberno, ¡un 30 % máis de facturación! Dende o 2015 ganamos 826 tripulantes en artes menores, é dicir, aumentamos o emprego no sector de artes menores un 14,4 %. A facturación media por tripulante en artes menores incrementou un 44 % desde o 2009. ¡Oxalá vostedes defenderan o sector de artes menores como o está defendendo o Goberno do Partido Popular, señora Prado, *(Aplausos.)* porque mellor nos irían as cousas! *(Aplausos.)*

Dos desguaces xa non lle vou falar, ten vostede os datos —xa o teño dito moitas veces—, e eu non quero falar aquí sempre das referencias co Bipartito. Pero dóeme singularmente a min porque o pasei mal, aquel ano 2005, cando estaban o PSOE e o Bloque repartíndose as consellerías, pero eu non vía que ningún deles tivera ningunha apetencia pola a Consellería de Pesca. É máis, repartíronse todas as consellerías, e a de Pesca foi no último minuto do xogo do partido, *(Murmurios.)* e vostedes ben claro tiñan que non a querían.



Mire, preguntábanme tamén polo tema do xeito. Os datos desde que hai plan dinnos que o xeito non quedou desamparado no... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Arre mi madre! Si, pois ¡arre mi madre llo vou dicir! Datos de descarga: a media de capturas desde que hai plan é superior un 12 % a antes da existencia do plan. Os datos de facturación: a media de facturación desde que hai plan é só un 25 % superior a cando non había plan. E os datos de prezo medio son só superiores un 16,6 % a cando non había plan. Así é que non me diga que deixamos o xeito abandonado. (*Aplausos.*) Cos representantes do xeito sentou a Concellería de Pesca, fixemos un plan, falamos co sector do cerco e tiveron a ben chegar a un acordo para que a xente do xeito puidera dedicarse á sardiña nun momento en que realmente o stock da sardiña non se atopaba nunha boa situación.

¿Que se pode achacar ao sector a perda de abundancia no recurso sardiña? Eu sinceramente creo que non. Eu creo que as especies pesqueiras tamén teñen os seus ciclos; de feito, eu recordo sempre que o Instituto Español de Oceanografía de Vigo se creou hai 101 anos, coincidindo coa crise da sardiña, para darlles aos investigadores a capacidade de que averiguaran que era o que pasaba coa sardiña. Pois despois volveu haber anos de gran abundancia desta especie e outros de menos abundancia. É o que pasa ao traballar con organismos que están nun medio aberto e que se poden ver afectados por múltiples condicións que non teñen única e exclusivamente que ver co sector pesqueiro. Por iso eu sempre digo que o equilibrio ambiental tamén o temos que levar equilibrado coa parte social e económica deste sector, porque non sempre a situación dos recursos é atribuíble á situación ou ao esforzo pesqueiro ao que se están sometendo esas poboacións.

Non sei se me queda moito máis que aclarar. Simplemente, señor Xove, quero dicir que a min me gustaría que ás veces non intente enganar a xente. Mire, o Intecmar non é un centro de investigación puramente dito. O Intecmar é un centro de control da calidade das zonas de produción de Galicia. E ese centro ten exactamente os cartos que necesita para funcionar dunha maneira excelente, revalidando ano tras ano as súas acreditacións ante a ENAC e sendo exemplo para toda a Unión Europea de como se traballa e se fai un bo traballo. E no momento en que ese centro necesite máis dotación orzamentaria por suposto que se lle dará. Ese centro está dotado cos mellores medios, os máis avanzados, e conta cos mellores profesionais. Ás veces non é que nos sobren os cartos.

Logo, con respecto á non execución desa partida en concreto, eu teño que dicir que si, que a min tamén me preocupa; é unha partida que aparece no Fondo Europeo Marítimo da Pesca, onde hai pouca presentación de proxectos por parte do sector. Estamos traballando co sector e cos diferentes departamentos da universidade para intentar buscar proxectos comúns que solucionen determinados problemas que ten o sector e para que os investigadores das universidades poidan aportar os seus coñecementos. Nesa liña imos seguir traballando.

En investigación, en documentación científica, en estudos de impacto socioeconómico, dende logo poden estar vostedes todos ben tranquilos porque non hai ninguén que lle gañe a Galicia. Iso si, digo que os nosos deberes chegan a onde chegan. E facer estudos científicos de especies migratorias que van máis alá do que son as nosas competencias, aí pónnemo moi difícil. O que si estou é á disposición das administracións competentes para que todo o que se poida aportar de Galicia seguilo aportando.



Eu pouco máis teño que dicir, simplemente quero trasladar que seguiremos ata o día 16-17 de decembro traballando con rigor. Faremos máis medidas para que se vexa a importancia social e económica deste sector e iremos sempre da man do sector. Señora Prado, quede tranquila, aquilo non é un mercadeo, aquilo non é un teatrillo, aquilo é negociar, a cara de perro, con datos, con informes e así ser capaces de traer mellores resultados. Non lle dea así á cabeza. Outros que pensaban coma vostede foron alí e viron como se negocia. Hai que ter moitos argumentos para tirar os informes; non vale facer un teatrillo como o que vén vostede facer aquí, intentando enganar a alguén.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Suspendemos a sesión ata as 16.30.

Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta e tres minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Reiniciamos a sesión, porque, se non, váisenos o comido polo servido.

Modificación no desenvolvemento da orde do día

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Hai unha alteración da orde do día. Comezamos polas mocións, pero pola 3.4.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa pobreza e a exclusión social

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta moción presentáronse dúas emendas, do Grupo Parlamentario Mixto e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. Mixto, por iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao, a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta moción, núm. 59301 (10/MOC-000170).

Emenda núm. 1, de adición.

Débase engadir un punto co seguinte texto:

“6. Impulsar un plan de apoio específico, con obxectivos e dotación orzamentaria, de apoio ás familias monomarentais/monoparentais.”

Emenda núm. 2, de adición.

Débase engadir un novo punto, co seguinte texto:



“7. Diseñar un paquete de medidas de loita contra a pobreza da xente maior de 65 anos, que inclúa: aumento dos complementos para as perceptoras de PNC, aumento de recursos sociosanitarios de proximidade (centros de día, recursos na Atención Primaria de saúde, Servizos Sociais Comunitarios), especialmente do Servizo de Axuda no Fogar, e solicitude ao Goberno do Estado da defensa do sistema público de pensións e a súa actualización conforme ao IPC.”)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción, doc. núm. 59301 [10/MOC-000170].

Emenda de adición.

No punto 2 engadir un novo apartado e), co seguinte texto:

“e) O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno español e demandarlle:

- O pago dos máis de 198 millóns de euros correspondentes aos recortes acumulados con Galiza, derivado da aplicación do RD-L 20/2012 de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupostaria e de fomento da competitividade.

- O financiamento acordado do 50% dos gastos de atención á dependencia.”

Emenda de adición.

No punto 4 engadir un novo apartado d), co seguinte texto:

“d) O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno español para que proceda á derogación das reformas laborais, e en especial: Real Decreto Lei 10/2010, de 16 de xuño, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, a Lei 35/2010, de 17 de setembro de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo, Real Decreto-Lei 20/2012 do 19 de xullo, Real Decreto-lei 3/2012 de 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, o Real Decreto-lei 5/2013 de 15 de marzo de medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo, o Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.”)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a moción, ten a palabra a señora Blanco Rodríguez.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde, señorías.

Hoxe formulamos esta moción, que é resultado da interpelación que se substanciou no anterior pleno. É unha moción sobre a loita contra a pobreza, a exclusión social e tamén contra a aporofobia. O que pretendemos con ela é poñer solucións a este problema, onde a Xunta de Galicia está poñendo pedras. Non é admisible, ademais, que nunha sociedade democrática



en pleno século XXI teñan cabida esas manifestacións de odio cara ás persoas pobres, como tampouco é —aínda menos— incluso que haxa líderes políticos que se poñen, que se abalanzan incluso ante as portas deses centros de menores estranxeiros non acompañados para insultalos e para denigralos.

Coa extrema dereita, señorías do Partido Popular, non caben medias tintas: ou se condenan as súas actitudes e se illa, como se fai practicamente en todos os países da Unión Europea, ou se está con eles, como están facendo vostedes agora mesmo. Hoxe teñen a oportunidade de rexeitar eses pactos da indignidade co partido Vox votando a favor do punto primeiro desta moción. Poden volver poñerse ao lado desta forza política, poden seguir enganchados do ganchete dunha forza política que é xenófoba, que é racista e que denigra os menores estranxeiros non acompañados, ou poden dunha vez por todas darlle as costas.

Esta é unha moción extensa, porque consideramos que a loita contra a pobreza é unha cuestión transversal, que non pode estar circunscrita ao ámbito da Consellería de Política Social, non pode estar illada. O propio informe Foessa recalca que dúas das dimensións que máis inflúen en que haxa persoas que caen en risco de pobreza ou de exclusión social son precisamente o emprego e a vivenda.

Nós consideramos que hai neste goberno un auténtico fallo multiorgánico para atallar este grave problema, hai descoordinación entre as diferentes áreas do Goberno galego, tanto na toma de medidas como tamén na posta en marcha das mesmas. Pretendemos, pois, poñer en marcha unha verdadeira estratexia de loita contra a pobreza e contra a exclusión social para que saian desta situación máis de cento vinte e oito mil galegos e galegas, que son os que se atopan agora mesmo neste risco, pero tamén para evitar que esa cifra siga subindo, para colocar un auténtico colchón social aos máis de trescentos mil cidadáns e cidadás que hai neste país que ante calquera alteración que haxa na propia economía do país se verían abocados a caer no abismo da extrema necesidade.

Unha renda de integración social que co sistema que temos na nosa comunidade autónoma non está funcionando, que nin se consegue compatibilizar de maneira correcta con empregos precarios nin acadar novos horizontes para esa integración laboral. Só así se explica que, mentres hai agora mesmo un repunte da taxa AROPE, se vai o número de solicitantes desta renda de integración, e incluso haxa agora mesmo corenta e sete concellos onde non hai nin unha soa persoa que a requirira; e tamén que, tres meses despois de poñerse en marcha, só dispoñan dese novo tramo de transición ao emprego trescentas persoas e que só un 16,5 % das persoas que deixan de percibir esta renda de integración accedan a outros recursos económicos.

Nós propoñemos poñer en marcha un auténtico programa de renda mínima, compatible co salario, que amplíe esa axuda aos menores de familias con necesidades e que o faga de xeito progresivo, co obxectivo de chegar no ano 2020 ata os 6 anos e ata os 15 nun horizonte definido.

Mentres non se poña en marcha esta renda mínima, propoñemos tamén que se fagan campañas divulgativas naquelas zonas da nosa comunidade autónoma onde haxa maiores bolsas de pobreza, e tamén un plan de choque auténtico para os fogares sen ningún ingreso.



Nós consideramos tamén nesta moción a educación infantil non soamente un recurso imprescindible para a conciliación da vida laboral e familiar, senón tamén unha ferramenta de compensación desas tremendas desigualdades que existen, un medio para garantir a superación das desvantaxes coas que algúns nenos e nenas chegan, como todos e todas xa sabemos, á educación formal. E pedimos, polo tanto, fornecer esa fráxil rede de escolas infantís públicas ata que o acceso constitúa un dereito subxectivo e universal, incrementando ese número de prazas públicas que temos reclamado en numerosas ocasións nesta cámara, pero garantindo tamén que no horizonte do ano 2024 o 50 % dos nenos e nenas da nosa comunidade autónoma non paguen escola infantil.

A falta de emprego ou a inestabilidade e a precariedade laboral é outro dos factores que, segundo Cáritas, inflúe de maneira negativa, que empuxa os galegos e as galegas a caer no pozo da pobreza. Hai que ter en conta que hoxe en Galicia, a respecto do ano 2008, hai trinta e catro mil persoas máis con salarios inferiores aos 370 euros. Este eido ten que ser clave na loita contra a pobreza, dando prioridade aos colectivos máis desfavorecidos: a xente nova, as mulleres, os parados de longa duración.

Para isto o que pedimos nesta moción é incentivar esa contratación indefinida, impulsar un plan de control contra os abusos laborais, fornecer tamén o Servizo Público de Emprego e incluír tamén un plan galego de dinamización e de apoio ás persoas traballadoras autónomas, así como, a maiores, poñer en marcha un auténtico plan galego de relevo xeracional.

A outra dimensión que máis afecta, segundo o propio informe de Cáritas, a caer en risco de exclusión social ou de pobreza, a saír desa integración plena, é a vivenda. En materia de vivenda, estamos nesta comunidade autónoma realmente mal. Nun ano a Xunta de Galicia fixo exactamente oito vivendas públicas, cando a demanda se incrementou nese ano; o incremento foi de dúas mil cincocentas persoas ao ano. É preciso, polo tanto, multiplicar por dous o parque de vivenda actual a cinco anos vista. Non dicimos ningunha novidade, isto foi aprobado no debate do estado da Autonomía do ano 2018 e resulta que nos atopamos con que, como soe ser habitual, non se está cumprindo, o Goberno galego non está cumprindo unha resolución desta cámara.

E tamén atender todas as demandas de axuda de vivenda en alugueiro para colectivos vulnerables, que contempla o propio Plan estatal de vivenda. Galicia soamente cobre o 12,5 % das solicitudes de alugueiro que se rexistran nesta comunidade autónoma.

Se dicimos que a vivenda é importante, a punta do iceberg da falta de vivenda, quizais tamén da propia situación de exclusión social, é o senfogarismo. Hai que mellorar a atención a estas persoas. Galicia está na cola en investimento en centros e servizos de atención ás persoas sen fogar, tanto nisto como na implantación da metodoloxía do senfogarismo. Así que pedimos un incremento dese investimento tamén e que se contemple a posta ao dispor deste programa de polo menos vinte vivendas antes de que remate esta lexislatura. Porque a estratexia, que aínda non se puxo en marcha pero que si se publicou nesta materia, non é en absoluto ambiciosa; é todo o contrario, é un parche que non vén solucionar a gravísima eiva que ten esta comunidade autónoma con estas persoas.



En resumo, máis recursos para combater o fallo multiorgánico que hai na Xunta de Galicia para loitar contra a pobreza, contra a exclusión social, e tamén, por suposto, como dicía ao principio da miña intervención, contra a aporofobia, por suposto que si. Un novo deseño de políticas públicas global, non centrado en exclusiva na Consellería de Política Social, que involucre todas as áreas do Goberno galego, onde o emprego digno, o acceso á vivenda e as axudas directas, efectivas, para as persoas que peor o están pasando deixen de ser unha utopía e pasen a ser unha realidade.

Nada máis polo de agora e moitas grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Blanco.

Pasamos aos grupos.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Mixto, a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Adiantamos o noso voto a favor desta moción, independentemente do que suceda coas emendas.

Para nós o discurso do odio contra as persoas empobrecidas, e na súa versión máis infame, que é contra nenos e nenas estranxeiras non acompañadas, flota sobre un fondo real de desigualdade social que a saída da crise en termos macroeconómicos non solucionou; ao contrario, consolidouse a desigualdade social e a precariedade.

Certamente, unha democracia non debería permitir actuacións que son de verdadeiro odio cara a estes colectivos, pero tampouco debería tolerar a pobreza. Este é un debate, ademais, sobre o carácter da democracia que canto menos se remonta a 1792.

Para nós, no noso país hai un elemento esencial que dá medida do impacto da desigualdade e inxustiza, que é o peso da remuneración do traballo asalariado no conxunto do PIB, que minguou de xeito brutal nunha década. Se en 2009 no país representaba case a metade do PIB, en 2018 é o 42,4 %, e é un dos niveis máis baixos do Estado. Reducíronse, pois, as rendas do traballo.

Xa hai numerosos informes que dan conta desta realidade. En 2017 o propio Consello Económico e Social dicía que os efectos do crecemento da economía a nivel macro dende 2014 non se fan notar nunha gran bolsa de persoas en risco de pobreza e exclusión no país, especialmente mulleres, fogares con menores a cargo, infancia e mocidade.

Deste xeito, vendo tamén os últimos datos da Rede galega contra a pobreza, vemos que Galicia pois é unha anomalía do norte peninsular, é a comunidade autónoma con maior risco de pobreza. O risco de pobreza —é certo— é inferior á media estatal, pero, mirando no lugar xeográfico onde nos emprazamos, temos que dicir que segue sendo unha anomalía do norte, xunto con Cantabria, e chega a taxa de risco de pobreza, segundo o indicador AROPE, en 2018 ao 23 %; falamos de 622.294 persoas, e que se ten incrementado a respecto do ano anterior.



Así pois, concordamos en que é un fenómeno estrutural. Cómpren medidas de calado, mobilización clara de recursos públicos, unha estratexia global de loita contra a desigualdade e unha estratexia, por suposto, integral, que debe abarcar todas as consellerías.

Certamente, os dous últimos informes tanto da Rede galega contra a pobreza como ese informe Foessa pois seguen abondando en que se confirma esta desigualdade. O informe Foessa confirma claramente o avance desta desigualdade. O aumento da poboación en situación de integración precaria —que se denomina— pasou ao 41,6 %. Case unha de cada cinco persoas, máis ou menos catrocentas setenta mil, en 2019 estaban en exclusión moderada ou severa. Cifra de Cáritas neste informe unhas trescentas mil persoas que ante unha nova crise están totalmente desamparadas.

Neste sentido, as medidas que se propoñen son unha serie de puntos cos que concordamos, e, de feito, xa temos traído iniciativas no mesmo sentido. Sobre ese ingreso mínimo vital, nós concordamos en que hai que mudar o modelo da Risga cara a un modelo que sexa realmente compatible co emprego. Porque lembremos que ata marzo de 2019 non entrou en vigor o decreto que facía compatible a Risga con empregos, pero é que os datos fannos pensar que vai seguir a Risga sen cubrir todas as persoas que o precisan, é insuficiente e ineficaz. Vendo os datos de 2018, coas solicitudes que houbo, a Risga só cubriu o 1,6 % da poboación en risco de pobreza. E lembramos que a prestación segue deixando fóra persoas migrantes en situación de irregularidade administrativa.

Ademais, outro dos datos da Risga confirma esa feminización da pobreza, que se ve tamén en todos os informes, que reflicten que as mulleres son case un 62,3 % das beneficiarias, son as principais beneficiarias; e, especificamente, teñen máis risco aquelas familias monomarentais.

É esencial un plan de choque para fogares sen ingresos. En 2017 34.700 fogares estaban nesta situación. A pobreza severa é maior que en 2008. É esencial ter en conta que o noso país ten unha das taxas máis elevadas de persoas sen fogar e que aínda, a pesar de que desde o 2015 hai un marco que obriga a avanzar nesa metodoloxía de *housing first*, neses plans de vivenda para quen non a ten, para quen está máis excluído da vivenda, estamos a finais de 2019 e seguimos estando á cola neste servizo.

En xeral, na vivenda as políticas son de inanición. O 35,3 % das persoas teñen dificultades no acceso á vivenda. E isto hai que relacionalo tamén coa precariedade da mocidade, a precariedade no emprego, a tardanza na emancipación e a imposibilidade de facer un proxecto de vida.

En fin, a emenda que...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VÁZQUEZ VERAO: ...introducimos ten que ver coa necesidade de plans específicos para familias monomarentais, e tamén para a pobreza das persoas maiores, que aumentou tremendamente nos últimos anos. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vázquez Verao.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

Saudamos o representante da Rede de loita contra a pobreza, que vexo que nos está acompañando desde a tribuna.

Efectivamente, a pobreza, lonxe de ser un problema conxuntural, estase convertendo nun problema estrutural, polo cal é preciso actuar tamén con medidas estruturais.

Empezando polo primeiro punto desta moción que presenta hoxe o Partido Socialista, efectivamente, coincidimos en que é importante dicir, alto e claro, que hai que loitar contra todos aqueles e aquelas que pretenden criminalizar as vítimas da pobreza, lonxe de actuar contra os responsables desa pobreza, e culpabilizar os que sofren as consecuencias das medidas políticas que se toman e que fan que cada vez sexan miles as persoas que caen nesa situación de pobreza. Convertelos no foco do albo das críticas pode servir como válvula de escape para determinados grupos sociais, mais, desde logo, desde o BNG sempre combateremos ese tipo de actuacións sen ningún tipo de paliativos.

Dicía a propoñente que hai que poñer un colchón social para loitar contra a pobreza. E nós, desde logo, desde o BNG defendemos e traemos en moitas ocasións medidas estruturais para solucionar esa cuestión.

Estamos de acordo co contido da moción en termos xerais, porque, efectivamente, a pobreza é unha cuestión transversal. E a veces, cando parcializamos a pobreza, parece que é menos pobreza; cando falamos de pobreza enerxética, parece que é unha pobreza menos pobre; cando falamos de persoas sen vivenda, parece que é outro colectivo; pero, en realidade, son persoas que non teñen recursos para ter unha vida digna; e, se non teñen recursos, non poden acender a calefacción; se non teñen recursos, non poden ter vivenda; e, se non teñen recursos, non poden ter unha alimentación adecuada. E, entón, esa transversalidade é necesaria.

Presentamos dúas emendas, porque queremos poñer o foco en dúas cuestións. Todos os datos dos informes que temos —ben sexa do CES, ben sexa o informe AROPE, ou ben sexa de Foessa— seguen mantendo os niveis de pobreza en niveis, desde logo, que no BNG consideramos inasumíbeis: o 23 % de persoas en risco de pobreza ou exclusión en Galiza; que a pobreza severa se incrementara en 1,4 puntos desde o 2008 ao 2018, e que sexan cento vinte e oito mil persoas é un auténtico drama. Como indicaba, efectivamente, o informe Foessa, se ben é certo que hai unha serie de persoas que nesta fase de morna recuperación tras a crise están minimamente integradas, están integradas dun xeito tan inestábel que calquera mínima variación as vai levar por diante. Calcúlase que poden ser trescentas mil persoas que están nesa situación.

E dentro das persoas en risco están dun xeito moi claro as persoas maiores de 65 anos; xunto coa mocidade e xunto coas mulleres, son os que están en máis risco de estar nesta situación.



Por iso a nosa primeira emenda vai complementando a que presenta o Partido Socialista no sentido de reclamarlle ao Goberno español o pago de máis de 198 millóns de euros correspondentes aos recortes acumulados con Galiza, da aplicación do Real decreto 20/2012, aprobado polo Partido Popular, mais que as medidas e a falta de pagos mantéñense aí.

E, efectivamente, hai unha política do Partido Popular de atender persoas en situación de risco, en situación de dependencia, con recursos de baixo custo, mais é certo que hai unha débeda moi importante. Igual que hai o compromiso, recoñecido por lei, de que o Estado ten que financiar o 50 % da atención á dependencia, e non o está a facer. Por iso reclamamos esta cuestión. E non soamente non o está a facer, senón que, por parte do Estado, gobernen tirios ou troianos, pois pon 91 millóns para a dependencia, recada polo sistema vía IRPF, recadación do IVE e demais, 156,9 millóns; é dicir, que por encima fai caixa coa dependencia en Galiza, recada 65,9 millóns. É dicir, parécenos que esta situación non se pode manter.

E logo tamén presentamos unha emenda no sentido de que a mellor loita e o mellor colchón social...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...é o tema de ter un salario digno, un salario que permita ás persoas desenvolver o seu proxecto de vida. E para iso é preciso derrogar as reformas laborais que permiten...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: ...un marco lexislativo que favorece non ter eses salarios dignos senón un marco de salarios precarios e de miseria.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Xa rematou o seu tempo.

A señora PRADO CORES: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Por parte do Grupo Parlamentario Común da Esquerda, ten a palabra a señora Quinteiro Araújo.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas.

Nós imos apoiar esta moción.

En relación tamén co primeiro punto, non podemos deixar de sinalar a necesidade de que o Partido Popular clarifique e se separe dunha vez por todas e de maneira clara con quen está facendo discursos racistas, discursos que están favorecendo o odio e mesmo as agresións coas persoas máis desfavorecidas. Non se pode estar, como dicía a voceira do PSdeG, nos dous lados.

E tamén cremos que cando falamos de exclusión e de pobreza debería ser unha das urxencias e das prioridades máis importantes do Goberno galego. E, por tanto, para atallar esta situa-



ción necesitamos medidas transversais e non unicamente parches. Levamos moitos anos vendo como sobre todo a mal chamada crise económica serviu unicamente para afondar nestas desigualdades que xa existían. E levamos tamén unha década dun montón de políticas públicas que o único que están facendo é deixar cada vez máis persoas atrás, deixar fóra, excluídas, dunha maneira máis grave, moitas persoas.

E os datos non deixan lugar a dúbidas. Cada vez temos no noso país máis fogares nos que nin unha soa persoa percibe ingresos, máis do 20 % da poboación galega está en risco de pobreza e exclusión social. E ademais vemos este novo fenómeno do que tamén falamos en moitas ocasións, que son as traballadoras pobres, persoas que teñen un emprego, que teñen incluso ás veces dous empregos e que non acadan o salario mínimo para subsistir, para pagar unha vivenda, para pagar as facturas, para ter unha alimentación. Porque a realidade do mercado laboral galego, e en xeral, está atravesada pola precariedade dunha maneira absoluta e por uns salarios que son totalmente imposibles para chegar a fin de mes.

Cada vez hai máis empregos a tempo parcial, cada vez é máis habitual que as persoas sexan contratadas por meses, por semanas e incluso por días; e, realmente, ¿como imos esperar que o mercado privado teña outro modelo de contratación cando temos estas dúas últimas reformas laborais e cando temos sobre todo exemplos dentro da propia Administración que favorecen e perpetúan un modelo de contratación exactamente igual de contratos diarios?

O tema da vivenda tamén é un tema recorrente neste parlamento. E é unha vergonza que o Partido Popular veña aquí, como fai ás veces, sacar peito da súa política de vivenda. Hai moitas persoas no noso país que non teñen un acceso a unha vivenda digna. Ningún dos programas da Xunta de Galicia está sendo efectivo. Hai unha subida dos prezos dos alugueiros brutal, e a única medida do Partido Popular é non facer absolutamente nada e dicir que non se pode regular. Non mobilizan vivenda baleira, e os datos que dan son cifras ridículas en comparación coa demanda que existe. E detrás destes datos hai moitas persoas, persoas con nomes e apelidos, que teñen vidas moi diferentes pero atravesadas por este denominador común que é a desigualdade e a exclusión.

Segue acontecendo —e é un fracaso absoluto como sociedade— que persoas morran sen ter un lugar onde vivir, que persoas estean malnutridas por non ter diñeiro para poder alimentarse de maneira saudable. Na nosa opinión hai que reformular o actual modelo de apoio ás persoas sen fogar, non está chegando. Hai que fomentar tamén un modelo que favoreza a autonomía; non estamos facendo caridade, é que o dereito a unha vivenda digna, o dereito aos servizos públicos son iso, dereitos, non é caridade. E non se están garantindo no noso país estes dereitos.

O mesmo cando falamos da Risga, que é para outro debate que daría para falar moito máis de cinco minutos. Hai que reformular o modelo actual. Pero, dende logo, nunha axuda de emerxencia para a xente que non ten recursos, dous-tres meses de tramitación ou máis, ¿que fan esas persoas tres meses? Porque pode parecer nos pouco, pero cando unha persoa queda sen un euro, porque por iso poden acceder á Risga, ¿que fan durante eses tres meses? Ten que haber algún mecanismo de urxencia para que non haxa ningunha persoa que afronte dificultades ningún día.



E ao Partido Popular encántalle falar e dicir que defende as familias, pero eu a verdade preguntome: ¿que familias? Porque deixan excluídas moitas familias, como as familias monoparentais. Por todas as decisións que levan tomando nos últimos tempos, como, por suposto, o tema do hospital de Verín, a verdade é que non está moi claro que familias están defendendo.

Falan tamén da defensa dos colectivos máis vulnerables, como poden ser as mulleres e a mocidade, pero todas as políticas dos últimos anos aumentaron as desigualdades de xénero dunha maneira moi alarmante. As mulleres estamos traballando de maneira moito máis precaria que os homes, as mulleres seguímonos facéndonos cargo de todo ese traballo de coidados de maneira gratuíta. E iso fai tamén que as mulleres teñamos despois pensións máis baixas, pensións coas que tampouco se pode chegar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: ...a fin de mes, etc.

En resumo —como dicía—, por suposto, imos apoiar esta iniciativa...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Xa acabo, que o presidente é moi estrito. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra a señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todos.

Esta moción que presenta hoxe o Grupo Parlamentario dos Socialistas ten, concretamente, dezaseis puntos: quince puntos relativos á política social, un punto relativo a unha cuestión política —concretamente, á cuestión de pactos—. E, dende logo, nós hoxe queremos deixar algo ben claro, penso que o deixamos xa noutras ocasións, pero, dende logo, hoxe queremos deixar claro que nunca estaremos nun goberno que fomente o racismo, a xenofobia e a aporofobia; que nunca estaremos nun goberno que estigmatice e criminalice os menores estranxeiros non acompañados. Tampouco imos estar nun goberno con aqueles que representan a política da xenofobia e o racismo en España e que considera que os españois somos bestas carroñeiras con taras graves no ADN. E, por suposto, non imos estar nun goberno con aqueles que foron condenados por terrorismo e que agora se converteron en homes de paz. *(Aplausos.)* E, como estamos seguros de que vostedes tampouco, esperamos que nos permitan votar a favor deste punto, porque consideramos que todos os grupos parlamentarios que estamos nesta cámara representados pensamos o mesmo.

O que é curioso é que o Partido Socialista hoxe volva falar do ganchete de Vox cando vén de renunciar a ese cordón sanitario para asegurarse a vicepresidencia primeira do Congreso



dos Deputados. (*Murmurios.*) Pode ser, pode ser... Nós sospeitamos que poida ser que cando lles convén adoptan a tese do señor Méndez Romeu, de máis política e menos cordón sanitario, e cando non lles convén volven rescatar o famoso cordón sanitario e veñen falar aquí do ganchete de Vox. Debe de ser que hoxe non lles convén falar do cordón sanitario, pode ser. (*Aplausos.*)

Porque miren, para falar de loitar contra a pobreza e a exclusión social o que temos que falar fundamentalmente é de orzamentos. E a Xunta de Galicia destina este ano 120 millóns de euros para loitar contra a pobreza e a exclusión social. Galicia é a única comunidade que conta cunha axenda social única, que foi asinada pola Xunta de Galicia, pola Fegamp e pola Rede galega de loita contra a pobreza.

Para loitar contra a pobreza e a exclusión social tamén é fundamental o compromiso do Goberno do Estado, cuestión que non acontece con Galicia. Porque miren, acaban de recortar 400.000 euros para os fondos de loita contra a pobreza infantil e de 423.000 euros pasaron a cero euros para atender os menores estranxeiros non acompañados. (*Murmurios.*) Pero hoxe traemos aquí unha moción para solicitar que a Xunta de Galicia incremente eses fondos para menores estranxeiros non acompañados, cando dende o seu Goberno estatal o que fan é recortar a cero estes fondos.

Hoxe en Galicia hai máis recursos que nunca para a Risga, concretamente case sesenta e cinco millóns de euros, tres veces máis do que había hai dez anos. E hai un cambio de tendencia, que é algo do que a oposición non quere falar. Dende o ano 2017 apréciase unha diminución do número de solicitudes da Risga nun 11 %. Por primeira vez dende o ano 2015 o número de persoas perceptoras sitúase por baixo das dez mil persoas. O novo decreto da Risga incrementa a súa contía e facilita o camiño cara ao emprego. Pero hoxe o Partido Socialista o que quere é que en Galicia nos olvidemos desta Risga e que implantemos o ingreso mínimo vital, que, segundo o Partido Socialista, é só para as persoas ou as familias sen ingresos que non perciban ningunha prestación. Dende logo estamos seguros de que os galegos que necesitan e perciben esa Risga prefiren cobrar unha renda de inclusión social garantida pola Xunta de Galicia para poder encontrar un emprego que cobrar soamente as persoas e as familias que non perciben ningún ingreso. Iso si, póñanse vostedes de acordo en se o que queren é o ingreso mínimo vital ou a renda universal esa que pedían vostedes non hai tanto tempo.

E o que necesitamos é máis recursos para as familias e para a conciliación. Miren, Galicia é a primeira, a primeira comunidade autónoma que introduce a gratuidade do 100 % a todas as familias con dous ou máis fillos e para o 100 % das escolas infantís, e sen ningún tipo de cofinanciamento por parte do Estado, a única comunidade autónoma en España coa gratuidade para o 100 % das familias con dous ou máis fillos.

¿O obxectivo? Efectivamente, o que pide o Partido Socialista: gratuidade total para todas as familias en Galicia. Por iso é necesario o compromiso do Goberno central, que no seu programa dicía que ía establecer a universalización...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.



A señora RODRÍGUEZ ARIAS: ...—remato, señor presidente— da educación infantil de 0 a 3 anos.

Por iso, traballen conxuntamente coas comunidades autónomas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: ...para que todas as familias teñan gratis a escola infantil dos seus nenos.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Polo grupo autor da moción, ten a palabra a señora Blanco Rodríguez.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, agradecer o apoio do Grupo Común da Esquerda. Intentaremos, señora Prado, transaccionar a través da emenda que presentou vostede e aceptamos a emenda do Grupo Mixto.

Ben, aquí dixo a voceira do Partido Popular, ben, dixo moitas mentiras, as cousas como son. (*Murmurios.*) Eu creo que os datos sempre son interpretables, pero dixo que eles non pactaban con partidos xenófobos. Andalucía, Madrid e Murcia. Vostede é do Partido Popular, ¿non? (*Murmurios.*) Vostede é do Partido Popular. Hoxe cúmprese un ano do goberno de Andalucía.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Un ano dun goberno... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, silencio.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...con persoas xenófobas, machistas e que están agredindo menores estranxeiros... (*A señora Romero Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, señora Romero.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...non acompañados, como a súa socia, a súa socia (*Aplausos.*), que non a nosa, a súa, na Comunidade de Madrid, a señora Monasterio..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...insultando menores estranxeiros non acompañados.



Por certo, menores estranxeiros non acompañados, outra mentira do Partido Popular, gravísima. Señorías, a primeira vez na historia deste país que o Goberno de España colaborou coas comunidades autónomas para acoller menores estranxeiros non acompañados foi co Goberno socialista do señor Pedro Sánchez. *(Murmurios.) (Aplausos.)* Foron corenta millóns de euros...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...para as comunidades autónomas a través dun real decreto, ao que a Galicia lle tocaron exactamente 426.063,4 euros. Así que, señora deputada, debería rectificar a súa afirmación. *(Murmurios.)*

Por certo, menores estranxeiros non acompañados que evidentemente se acollen máis nas comunidades do sur, por suposto que si; non imos facer esa comparación. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Xa, claro, pero coas do norte tamén estamos á cola. Hai máis menores estranxeiros non acompañados acollidos en Cantabria, en Navarra e en Euskadi que nesta comunidade autónoma. Así que deixen de presumir disto, porque non poden. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

E despois vén o Partido Popular aquí dar leccións... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...de combater a pobreza infantil, que xa é o colmo, cando o señor Rajoy deixou este país cun 28,3 % de taxa de pobreza infantil, oito puntos máis que a media europea e soamente por debaixo de países tan modelo en materia social como son Romanía e Bulgaria; soamente estabamos por detrás deles cando collemos o Goberno de España. Precisamente por iso tivemos que poñer en marcha nos primeiros meses do verán unha axuda para que puideran comer moitos nenos e nenas neste país tres veces ao día e abrir eses comedores escolares. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Así que leccións de combater a pobreza infantil, nin unha, nin a primeira. *(Aplausos.)*

Mire..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, ¡xa está!

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...señora Rodríguez Arias, non se pode soprar e sorber á vez, non é compatible. Non é compatible estar gobernando con forzas de extrema dereita, estarse collendo, e xa non vou dicir tonteando, é que vostedes xa se deitan directamente coa extrema dereita en moitas comunidades autónomas e tamén o farían aquí e o farán se teñen a posibilidade. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Non enganan a ninguén, porque xa hai antecedentes, e eses son os seus compañeiros de partido por moito que ás veces intenten renegar deles, pero son...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

Silencio.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...membros do Partido Popular, e estamos convencidos, porque así ten ocorrido sempre, de que, se lles dan os números, farán o mesmo aquí.

Nada máis e moitas grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Pasamos á seguinte moción.

Moción do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa atención á diversidade do alumnado nos centros docentes

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Presentáronse dúas emendas, do Grupo Parlamentario Mixto e do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

(O G. P. Mixto, por iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción, doc. nº 59169 (10/MOC-000167).

Emenda nº 1, de engádega.

Débase engadir un novo punto co seguinte texto:

“- Impulsar, de acordo coa comunidade educativa, un Plan Galego de Atención Integral á Diversidade.”)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, portavoz-adxunto, Luís Manuel Álvarez Martínez, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción (59169).

Emenda de modificación.

Proponse unha nova redacción para o terceiro parágrafo, que terá o seguinte contido:

“- Os centros de educación especial actúen como centros de recursos e apoio aos centros ordinarios, complementando as competencias dos Equipos de Orientación Específicos.”

Emenda de modificación.

O contido do sexto parágrafo débese substituír polo seguinte:



“- Establecer protocolos que garantan un tratamento uniforme da participación das familias na determinación da resposta educativa máis acaída para o alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo.”)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a moción, ten a palabra a señora Cuña Bóveda.

A señora CUÑA BÓVEDA: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías.

Hoxe non sei se saben —non sei se hai casualidades ou non— que celebramos un día que dende o noso grupo consideramos un día importantísimo; hai vinte e sete anos que a ONU decidiu dedicar o 3 de decembro ao Día Internacional das Persoas con Discapacidade. Fago fincapé nas «persoas» porque de persoas falamos, non falamos de enfermidades. Entender que falamos de persoas significa que podemos entender moito. Se falamos de Arturo, se falamos de Tamara, se falamos de Eva, se falamos de Xano, se lles poñemos cara, se lles poñemos corpo, se lles poñemos dereitos, os mesmos ca a nós, a todas estas persoas, o enfoque da atención á diversidade e o enfoque, a necesidade e o dereito da inclusión cambian.

A Axenda 2030, da que falamos xa na interpelación e da que a conselleira expresou que si estaba interesada en comprometerse, comprométenos a todos os estados. Fíxense que hai cento oitenta países que asinaron a Convención internacional dos dereitos das persoas con discapacidade.

¿Que significa —repito— un tratado internacional? Pois ben, significa na xerarquía legal que só ten por riba a Constitución. Isto significa que, se o Estado español, se todas as comunidades temos a obriga por lei de cumprir este acordo internacional, debemos adaptar as nosas leis a estas directrices.

Cada persoa é única, merece respecto, merece valoración. O concepto de inclusión vai máis aló, moito máis aló que o concepto de integración. Non se trata soamente de incluír, de meter, de fisicamente levar os nenos con necesidades educativas especiais, que simplemente é unha variación do que entendemos por necesidades especiais de atención educativa —e pido xa desculpas aquí porque hai unha gralla na moción: pon «neea» e tiña que poñer «neae», quere dicir, necesidades especiais de atención educativa—, isto é do que falamos. E falamos dun dereito, o mesmo dereito que teñen os nosos nenos e nenas, mozos e mozas con e sen discapacidade, son os mesmos dereitos.

Isto naturalmente supón unha modificación moi profunda do propio sistema para garantir eses dereitos. Aínda que o acceso está recollido por lei, é unha batalla que vai alén da propia lei. É unha batalla que temos que librar tamén coa sensibilización social e dotar de recursos. É moi importante que este obrigado cumprimento se desenvolva. Eu creo que todo isto, este slogan deste ano que é «non deixar ningúen atrás» e que se empodere a xente, as persoas con discapacidade, deba ser común a todos os grupos políticos. É un dos retos sociais de primeira envergadura.



En fin, nós establecemos oito puntos na nosa moción. O primeiro é evitar a discriminación. A discriminación existe, é unha realidade constatada e constatable. ¿Como se elimina a discriminación? Garantindo os apoios. E ¿como se garanten os apoios? Co que está ben concibido como axuste razoable, está perfectamente definido. Consiste na determinación individualizada. ¿Que quere dicir individualizada? Que os mozos e mozas, nenos e nenas non se teñen que adaptar ao sistema, é o sistema o que debe facer un traxe á medida atendendo as individualidades, poñendo os recursos materiais, facendo accesibilidade real, adaptación real e facendo apoio individualizado —isto é posible— e garantindo asemade a dotación aos centros en función desas necesidades individuais. Non, temos tantos centros e ¡ala!, facemos unha táboa aritmética. Non, é dependendo exacta e estritamente desas necesidades.

Non só hai que atender, que dende logo é o que nos obriga a propia lei, en rango a segunda máis importante, por riba da LOE, por riba do noso decreto e por riba de calquera das outras leis.

Temos que ter en consideración tamén dúas cuestións que consideramos dende o Grupo Común da Esquerda vitais. Unha, as avaliacións e as valoracións que por parte das Nacións Unidas fai o Comité dos Dereitos das Persoas con Discapacidade, que é o encargado por parte das Nacións Unidas de controlar o cumprimento e que realmente fixo informes demoledores —e Galicia non zafa, Galicia tamén está dentro deste marco— a nivel do incumprimento, realmente unha condena por discriminación sistemática e por discriminación institucional contra as persoas con discapacidade.

Enumerando rapidiño: fálase de prevalencia dun modelo clínico, que está obsoleto, que non debe ser; de falla de dereitos; de necesidade de abolir leis e modificalas; de progresos moi pouco avanzados, moi limitados; da igualdade e da necesidade real de capacitación profesional de especialistas dunha política que realmente garanta o pleno respecto.

Isto hai que incorporalo ao ordenamento xurídico e aplicalo, non só chega con incorporalo. Este concepto que poñemos é de axuste razoable, está perfectamente definido nunha lei que nos beneficia a todas e a todos, que é a Lei de igualdade, non discriminación e accesibilidade universal. Todas somos beneficiarias, porque calquera de nós pode mañá ter un accidente e realmente necesitar desta lei; é dicir, todos e todas somos beneficiarios deste lei de accesibilidade universal. Aí está perfectamente definido na LIONDAU.

Actualizar o decreto é unha obviedade. O decreto ten cousas que están ben con respecto á inclusión, pero hai eivas, e a primeira eiva está no primeiro artigo, que di que a inclusión é un principio, e o que di a Convención é que é un dereito. Isto hai que transformalo, porque, aínda que a batalla haxa que librala en moitísimas fronteas, isto é unha necesidade. Cremos que estamos pedindo algo absolutamente congruente e profundo, e non é superficial, e vén fundamentado e ademais con rigor, como din vostedes habitualmente: é rigorosa a análise. Porén, o Decreto 229/2011 ten que ser modificado.

A clave non é destinar aos nenos con esa argumentación que din: temos o 90 % de alumnos con necesidades educativas especiais, non de necesidades especiais —que é distinto—, de atención educativa —que é do que falamos, coa auténtica inclusión—, escolarizados. Non



abonda. Non é o número, é a realidade; e a realidade pasa pola participación real en todos os niveis do sistema.

Tamén propomos crear un Observatorio Galego de Inclusión, porque cun observatorio si teríamos datos empíricos, e temos realmente as competencias plenas en educación. Entón teríamos datos obxectivos para avaliar se realmente somos a comunidade máis inclusiva, constatando que a inclusión en España está de *pena mora*; é dicir, non o dicimos nós, dío a ONU. Eliminar as diferenzas territoriais é lóxico e así se fai noutros países da contorna e a pedagogía comparativa realmente guinda luz sobre este asunto. E hai países que avanzaron moito agrupando recursos e persoal.

Elaborar plans de formación permanente, incluír as familias na toma de decisión, e non só as familias, senón tamén os colectivos que traballan pola inclusión.

Xeneralizar a detección de atención temperá é outra das cuestións importantísimas.

E, dende logo, ir transformando os centros especiais, que cumpren unha función moi importante.

Pero é o propio comité o que di que non se debe segregar os alumnos, que en todas as valoracións e todos os estudos cando os nenos e nenas son segregados de pequenos as consecuencias de maiores son nefastas para toda a sociedade.

Polo tanto, valorando estes centros de educación especial que desenvolveron e seguen desenvolvendo un labor encomiable, o que se recomenda é a progresiva transformación, que é viable.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: Ata aquí chegamos. Despois falamos tres minutos máis.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Acuña.

Ten a palabra, polo Grupo Mixto, a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Por suposto, imos apoiar a moción.

É un absoluto reto a inclusión educativa, e recalcamos esa palabra; efectivamente, a inclusión vai máis aló da integración e trátase de desenvolver un traballo global en relación coa integración real da diversidade.

Como o fai a moción, hai que enmarcar todas estas medidas na Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade —hoxe é o día mundial destas persoas tamén, por certo—, que enmarca os obxectivos da inclusión social de todas as persoas, do



dereito de todas as persoas, sexan como sexan, á cidadanía plena, no que ten que ver co ensino no dereito a desenvolver as súas potencialidades.

Concordamos pois coa iniciativa en que a inclusión é un dereito e que para garantir dereitos cómpren recursos e cómpre planificación. E entre as medidas que cómpren concordamos coas que propón a moción, e explico tamén por que presentamos a emenda.

A realidade que ten que ver coa atención ás necesidades educativas especiais destacouno este inicio de curso, pois vimos esas numerosas queixas de ANPA por unha falta de planificación na dotación de persoal suficiente. Mesmo tamén o vimos no informe da Valedora do Pobo recente, e esta é unha das principais queixas. E quen está a pé de rúa —digamos— ve continuamente que o que hai detrás é unha falta de planificación das necesidades educativas especiais; non todas son sobrevidas en cada curso, gran parte das mesmas poderían planificarse.

E tamén o que detectamos e compartimos coa iniciativa é que, en canto aos criterios, pois non sempre chega unha persoa cuidadora para cinco alumnos ou alumnas con necesidades especiais. E hai que atender esas realidades individualizadas —como sinalaba a proponente—, porque a integración plena, a inclusión, é precisamente iso: garantir que cadaquén poida desenvolver as súas potencialidades segundo as súas capacidades.

En fin, tamén destaca o persoal de atención a necesidades educativas especiais por unha falta total de estabilidade. Hai que garantir a estabilidade deste persoal, e isto é esencial.

Viu ademais este curso nacer unha ANPA específica para alumnado con necesidades educativas especiais. Parécenos unha loita e unha iniciativa moi loable. Cremos que o Goberno galego debe responder asistindo realmente a cumprir esa convención da ONU en relación coas persoas con discapacidade. Non vale gabarse de ser teoricamente a comunidade autónoma con ensino máis inclusivo por ter a maior parte de alumnado escolarizado cando hai incluso ocasións en que son os pais e nais os que asumen labores para garantir a inclusión. Hai que dotar de recursos o sistema educativo.

Deste xeito, é tamén esencial avanzar na detección temperá; por iso é esencial reforzar a Rede comunitaria de atención temperá. Aí neste aspecto é onde destaca a desigualdade do territorio, porque hai lugares —e a provincia de Lugo é un exemplo— onde hai unha carencia total de servizos de proximidade.

Tamén faltan máis profesionais neses equipos de orientación específica para garantir os diagnósticos o máis temperáns posibles —valla a redundancia—, porque isto tamén é esencial logo na activación dos mecanismos que permitan ao alumnado esa inclusión canto máis temperá mellor. E tamén dáse a situación de que a falta destes recursos o que fai é que as familias deriven precisamente a recursos privados.

O que propoñiamos na emenda —dicía— é que cumpriría enmarcar todas estas medidas —como propoñen as ANPA galegas— nun Plan galego de atención educativa á diversidade, e por iso facemos esa emenda de engádega, porque así se vehiculizarían nun mecanismo



que permitiría o que propón a moción tamén: incluír tanto as familias como o alumnado, toda a comunidade educativa, na toma de decisións.

Pero, en resumo, estamos de acordo coas medidas propostas e votaremos a favor. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Verao.

Por parte do Grupo dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Sobre esta moción, en primeiro lugar —e sen ningún ánimo máis que de clarear—, ¿de que estamos a falar cando nos referimos ao alumnado con diversidade? Porque hai moitas veces que se nos enche a boca de falar de conceptos como se os coñeceramos con profundidade, nisto e noutras cousas, e en realidade estamos a falar simple e llanamente de alumnado que require e debora recibir unha atención educativa diferente da ordinaria. Diferente da ordinaria porque presenta necesidades educativas especiais —ás que vostede fixo referencia— por dificultades específicas de aprendizaxe, por TDAH, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo —que tamén é unha porcentaxe non moi relevante nesta comunidade autónoma pero si relevante no contexto do Estado— ou polas súas condicións persoais ou de historia escolar.

E garantir a igualdade de oportunidades para todos en materia de educación segue sendo un desafío a escala mundial, ao que fixo referencia con absoluta claridade a señora Cuña. De feito, forma parte dun dos obxectivos de desenvolvemento sustentable, en concreto o número 4, cando prevé que de aquí ao ano 2030 —cando digo de aquí non me refiro ao de hoxe senón a cando foron establecidos— se eliminen as disparidades de xénero na educación e se asegure un proceso e acceso igualitario en todos os niveis de ensino e da formación profesional para as persoas vulnerables, incluídas as persoas con discapacidade, en concreto —aínda que aquí non nos afecta— os pobos indíxenas e os nenos en situacións de vulnerabilidade.

E a Convención relativa á loita contra as discriminacións na esfera do ensino, xa en 1960 —polo tanto, hai cincuenta e nove anos—, e outros tratados internacionais en materia de dereitos humanos prohiben toda forma de exclusión ou de restrición das oportunidades na esfera do ensino, fundada en diferenzas sociais aceptadas ou percibidas —que son cousas distintas—, tales como o sexo, a orixe étnica ou social, o idioma, a relixión, a nacionalidade, a posición económica ou mesmo as actitudes de cada un deles. E é necesario chegar aos grupos de excluídos por unha vía ou outra, e, polo tanto, é indispensable elaborar e aplicar políticas e programas educativos adecuados.

E o avance de cara ás prácticas máis inclusivas —que, como ben se dixo aquí, non é o mesmo que integradas, nin de lonxe— é un asunto extraordinariamente complexo, non é un proceso nin rápido nin está exento de dificultades. E por iso é importante realizar cambios nas prácticas educativas (a distintos niveis: nos centros, nas aulas e a nivel individual co alumnado) que se desenvolven a diario nos centros educativos.



Non vou falar aquí da extensa literatura científica que recolle cuestións e experimentos e experiencias exitosas —e, polo tanto, as que deberan ser referentes— para iluminarnos —no mellor do sentido do termo— a todos os demais cando se trata de poñer en práctica algún tipo de política específica.

E temos que ser conscientes de que hai unha porcentaxe —algúns estudos cífrana nun 10 %, outros consideran que esta cifra é excesiva— de poboación escolar que pode presentar distintos trastornos de desenvolvemento ou da aprendizaxe, e na que a investigación demostrou que en moitos casos esas pequenas deficiencias ou dificultades están relacionadas con certas disfuncións cerebrais que tampouco son particularmente graves e, polo tanto, son evitables cunha resposta educativa axeitada.

Pero tamén —e indo ao caso concreto de España, e despois falarei de Galicia— a porcentaxe de alumnado con necesidades educativas especiais que recibe apoio é un 2,7 % do alumnado, segundo o Sistema estatal de indicadores da educación, publicado recentemente polo Ministerio de Educación e Formación Profesional, presentándose as maiores porcentaxes en centros públicos, un 2,9 %, e un 2,7 % do alumnado con respecto ao ensino concertado.

E seguramente oiremos aquí que Galicia é a comunidade educativa máis inclusiva, pero —repito— non é o mesmo ser a máis inclusiva que ser a que máis alumnos integra. Porque, evidentemente, está cun 92,4 % —nove puntos máis que a media estatal—, pero —repito— tampouco está tan lonxe de comunidades autónomas como Valencia, como Murcia ou como Navarra, que teñen adicionalmente unha porcentaxe de alumnado estranxeiro moi relevante e que, polo tanto, require unha resposta educativa distinta.

Problemas aos que xa se fixo referencia aquí, como os recursos humanos, esa tensión que cada curso, en concreto, vemos para conseguir profesores especialistas en Pedagogía Terapéutica ou en Audición e Linguaxe, que se acaban resolvendo cando transcenden publicamente ou a presión pública é elevada. Polo tanto, se eran necesarios antes, ségueno sendo despois; e se non eran necesarios, non o son despois. Se os departamentos de orientación dos centros están integrados por profesionais de cuxa valía ningún dubida, tamén son válidos...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Vaia rematando, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...—remato, presidenta— cando demandan máis recursos.

En todo caso, a nosa emenda coñécena, e refírese, en primeiro lugar, aos centros de educación especial para que actúen como centros de recursos, e despois que se estableza un protocolo para que a participación das familias do alumnado con este tipo de necesidades sexa idéntica en todos os centros.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Álvarez Martínez.



Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todas e a todos.

Vou intentar non reiterarme. Hai moitísimas cuestións que foron saíndo ao longo das intervencións coas que desde o noso grupo coincidimos, sobre todo no que ten a ver con esa diferenza entre inclusión e integración. O que non pode ser en ningún caso —e collendo o fío diso— é que a integración sexa concibida como unha rúa de sentido único. E, tomando as palabras da señora Cuña na súa exposición oral, cando falaba de que máis do 90 % do alumnado con necesidades educativas específicas está hoxe matriculado no noso país —e así debe ser— en centros ordinarios, o simple feito de que se incorpore o alumnado a centros ordinarios, se non se dota dos recursos humanos necesarios de apoio, persoal de Pedagogía Terapéutica, de Audición e Linguaxe, ou calquera outra figura ou especialista que sexa necesaria, se non se garanten eses recursos humanos e eses recursos materiais, esa integración será iso: unha rúa de sentido único, pero non garantirá unha verdadeira inclusión.

E a atención á diversidade nun sentido amplo —como a señora Cuña o formulaba tamén na súa intervención—, ademais dun dereito, por suposto, é unha condición *sine qua non*, absolutamente, se queremos garantir unha sociedade que sexa xusta, unha sociedade que sexa equitativa e verdadeiramente democrática. E o certo é que no noso país isto, con todo o que se ten avanzado —que creo é bo recoñecer—, aínda non se ten conseguido tamén, como explicaba o señor Álvarez. *De facto* creo que esta foi unha das cuestións que máis centrou, polo menos por parte do BNG, a comparecencia da conselleira de Educación con motivo do inicio do curso escolar, e os demais grupos da oposición tamén formularon cuestións a respecto diso. Non se está a garantir esa inclusión real e efectiva do conxunto do alumnado para atender as diversidades que existen no noso país actualmente nos centros de ensino. De feito viamos como a semana pasada, se non lembro mal, a finais do mes de novembro, volvían saltar outra vez as denuncias da comunidade educativa, das organizacións sindicais e das familias, porque hai centros de ensino que, tendo recoñecido no noso país dentro do catálogo as figuras destas especialidades, especialmente de PT e de AL, e —insisto nisto—, a pesar de ter recoñecidas no seu catálogo estes especialistas, non contaban con el. Foi o caso por exemplo do CEIP Wenceslao Fernández Flórez, en Cambre, ou do CEIP Alfredo Brañas, de Paiosaco, na Laracha.

E isto contravén, primeiro, o que asinou a Consellería de Educación coas organizacións sindicais en materia de diversidade no ano 2007, pero tamén o decreto que regula a atención á diversidade do alumnado nos centros educativos do noso país, o Decreto 229/2011, aprobado xa cun goberno do Partido Popular. Artigo 38, por exemplo, onde se fala dos recursos humanos, de garantir esas prazas que están catalogadas e de levalo, aínda que non se contemple nos catálogos, a aqueles centros educativos onde, existindo alumnado con diversidade que necesite deses profesionais e deses especialistas, contén con el.

Nós coincidimos en que hai que actualizar o marco normativo, pero, sobre todo, desde o BNG o que cremos é que hai que cumprir, hai que executar aquel que xa está aprobado desde



hai anos. E insisto: por exemplo, ese decreto 229 prevé formación continuada, permanente, para o conxunto do profesorado do noso país para atender esa diversidade que atopamos nas aulas. Tamén —artigo 42— se prevé a participación das familias ao longo de todo o proceso do conxunto da comunidade educativa para garantir precisamente esa inclusión, pero o que vemos é que a realidade vai en moitos casos nun sentido completamente contrario.

Nós imos apoiar a moción. Parécenos importante falar desta cuestión e seguir avanzando nunha sociedade, nun ensino público deste país máis inclusivo —e volvo ao principio—, por unha cuestión de dereitos individuais e colectivos das distintas persoas que poidamos ter distintas diversidades, pero sobre todo na construción dunha sociedade xusta, equitativa e, sobre todo, democrática.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Moitas grazas, señora Rodil.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra a señora Antón Vilasánchez.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

Señora Cuña, eu escoitei con atención a súa interpelación o outro día á conselleira e concordo con vostede en dúas cuestións. A primeira, que a atención á diversidade é complexa e, a segunda, que é un tema prioritario ao tempo que é un reto para calquera goberno, pero, a partir de aí, señora Cuña, permítame discrepar.

Vostede pediu informes e cando aquí se dan datos, que son alleos ao Goberno galego, como son positivos, vostedes en conxunto, en xeral, rexéitanos. Falan de que o Goberno se gaba, e, efectivamente, é para gabarse e eu teño que dicilo aquí: a Comunidade Autónoma de Galicia, en datos do Ministerio de Educación, demostra que é a comunidade que ten maior porcentaxe de alumnos con necesidades educativas especiais integrados en centros ordinarios. E este dato hai que dicilo, porque indica que se está favorecendo a igualdade de oportunidades, e vostedes queren minimizar este feito.

E é para gabarse tamén que o *Informe sobre equidad educativa en España, comparación regional* conclúa que Galicia é a rexión máis equitativa de España, con mellores resultados que outros países da OCDE como Finlandia, Canadá ou Noruega, que normalmente son referentes.

Señora Cuña, señorías, hoxe mesmo coñecemos os datos do Informe PISA 2018 e o Sistema educativo galego sae reforzado. Polo tanto, hai que recoñecer os bos datos, e iso non quere dicir que sexamos compracentes, porque somos conscientes de que hai moito que facer.

Miren, a conselleira xa explicou polo miúdo que o modelo de Galicia para atender a diversidade parte dun enfoque integral, onde se conxuga a normativa coa innovación educativa, coa formación dos corpos docentes e coa posta á disposición de máis recursos. Recursos,



unha palabra que vostedes tamén nomearon moito aquí esta tarde. E hai máis recursos que hai unha década. Os profesionais especializados en atención á diversidade hoxe no ensino público galego son máis de tres mil cincocentos; é dicir, un de cada dez profesionais do ensino están dedicados á formación especializada.

Señora Cuña, señorías, a conselleira na súa intervención avanzou que a consellería está traballando na Estratexia de inclusión 2020-2025, que incluírá medidas como as que vostede pedía hoxe aquí, porque vostede hoxe mudou un pouquiño o seu discurso. Medidas que van na actualización e normativa referida á atención á diversidade —o famoso decreto—. Medidas para favorecer a escolarización do alumnado de necesidades específicas de apoio educativo en centros ordinarios ou en escolarización combinada, pero tamén medidas para impulsar a especialización dos centros de educación especial como centros de atención ás necesidades educativas especiais e como centros de recursos educativos, pero sen esquecer que os pais e as nais deben de ter a liberdade de elección; mesmo ás veces o alumnado é o que elixe o tipo de centro no que se sente mellor. Medidas como un plan de choque formativo para as persoas especialistas en atención á diversidade, particularmente os coidadores. E medidas de colaboración coa comunidade educativa e o tecido asociativo para reforzar a cultura inclusiva, para visibilizar. Premio ás boas prácticas educativas ou ao fomento do deporte, ás actividades deportivas como parte da formación persoal e educativa do alumnado de educación especial.

Señora Cuña, esta visión integral afecta outros departamentos da Administración autonómica. O esforzo da Xunta permitiu a posta en marcha de dezaseis unidades de atención temperá, que dan servizo en noventa e dous concellos. E a Consellería de Política Social puxo neste exercicio 2019 á disposición dos concellos 1,6 millóns de euros, un 17 % máis, porque a atención temperá é unha tarefa de todos e a Administración municipal, por ser a que está máis preto do cidadán, tamén ten o seu papel, como deben de ter as entidades de iniciativa social do ámbito da discapacidade, coas que se colabora estreitamente, por exemplo coa Asociación Galega de Atención Temperá, que puxo en marcha tres unidades de atención nas comarcas do Deza, O Salnés e Bergantiños, grazas a un convenio asinado coa Consellería de Política Social.

E isto non significa comercializar senón traballar, tecer redes e cooperar no ámbito da inclusión. E vostedes entenden que hai que seguir as indicacións da Unesco —nós tamén—, pero vostedes enténdeno só naquilo que lles interesa. ¿Que me poden dicir da estratexia indicativa 34, que pide o deseño de avaliacións formativas como parte integral dos procesos de ensino e aprendizaxe en todos os niveis? Iso non lles interesa, iso hai que erradicalo, suprimilo da lei.

Señoría, recoñezamos o que temos e a partir de aí, como fixo a señora Rodil, fagamos políticas educativas consensuadas e estables, que permitan formar o futuro do país na senda da igualdade, da equidade e da inclusión.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Antón Vilasánchez.



Por parte do grupo autor da moción, ten a palabra a señora Cuña Bóveda.

A señora CUÑA BÓVEDA: Grazas, señora presidenta.

¡Que mágoa, non temos día de celebración!

Dende logo, primeiro, antes de nada agradecer aos tres grupos, ao Grupo Mixto, ao Partido Socialista de Galicia e ao BNG, a súa visión complementaria. E creo que, ademais, é interesante sentir a sintonía con respecto á defensa dos dereitos, que debera ser común. Que non sexa ten un nome e ten unha explicación, aquí non hai intereses espurios, señora Antón Vilasánchez, nin hai cambio, é congruente coa interpelación.

Nós coñecemos a situación real, hai moitos centros afectados e, dende logo, vou dar pequenas respostas ou matices ao que xa dixeron as miñas compañeiras e compañeiro.

Moitas persoas, moitas prazas que houbo ao comezo de curso sen adxudicar. Despois das demandas, si, como resultado, convocaron interinidades, algunhas a media xornada. E que haxa camiño andado non quere dicir que o camiño estea acabado e, dende logo, hai moito que facer. Que non recoñezan isto dende logo para nós ten un sentido, claro. Vostedes están interpretando torticeiramente os ditames de escolarización, por exemplo. Hai que dicir que hai unha diferenza entre as necesidades educativas especiais, que son unhas das casuísticas dentro das necesidades específicas de atención educativa, están relatadas, están nomeadas, non imos agora aquí dicilas de novo. E aínda que se lle recoñeza a AT no ditame, non se lles adxudica aos nenos. Por exemplo, no tema dos cuidadores e das cuidadoras, a Administración galega está exercendo discriminación contra o alumnado de necesidades de atención educativa, necesidades específicas. Está habendo un ataque sostido ao alumno e á alumna con dificultades. Este goberno cre que os nenos e nenas non teñen os mesmos dereitos que os que non teñen discapacidade. Gabarse, gabarse de que o 90 % dos alumnos de necesidades educativas especiais —que é un matiz— está escolarizado é un dato baleiro de significado, cando desde a propia consellería eliminan os medios para que esta atención sexa precisa e individualizada.

Hai falta de recursos obvia. Aínda que puxesen recursos, hai moita máis falta de recursos. Esa é a demanda, esa é a realidade. Hai insuficiencia de especialistas, non só de profesores de Pedagogía Terapéutica, de Audición e Linguaxe, tamén necesidade de logopedas e de equipos. Hai un capacitismo que vai en contra da inclusión, vai en contra, a flexibilidade, a transformación dos criterios de obtención do título. Se fosen un pouquiño máis realistas, un pouquiño máis humildes e menos triunfalistas —como os boxeadores...:

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Remate, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: ...somos os mellores—, mellor lle iría á inclusión, mellor lle iría a este país e á nosa sociedade. Esperemos que lles dure pouco.

Máis nada, grazas.

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Señora Cuña, ¿as emendas?



A señora CUÑA BÓVEDA: ¡Ah!, perdón, si.

Aceptamos as emendas do Grupo Mixto e do Partido Socialista. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Moitas grazas.

Continuamos coa orde do día, coa seguinte moción.

Moción do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D^a Carmen Santos Queiruga, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa situación dos xulgados de violencia contra a muller

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Presentáronse emendas do Grupo dos Socialistas de Galicia e do Grupo Popular de Galicia.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada María Luisa Pierres López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción (10/MOC-000168, doc. núm. 59273).

Emenda de modificación do punto 3.

Débase substituír o punto 3 da parte resolutive da moción polo seguinte contido:

“3-Facilitar a comparecencia por videoconferencia desde salas anexas no caso das denunciantes e dos menores.”)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Paula Prado del Río, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción, 59273 (10/MOC-000168).

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutive polo que segue a continuación:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1-Instar ao Goberno de España a incrementar o número de xulgados exclusivos en materia de violencia machista que a Comisión Mixta Xunta de Galicia-Tribunal Superior de Xustiza consensúe como necesarios, en cumprimento co acordado no Pacto de Estado e cas recomendacións do Consello Xeral do Poder Xudicial.

2-Reformar as instalacións xudiciais existentes en Galicia, na medida en que a estrutura dos edificios o posibiliten, para que conten con dependencias separadas e axeitadas para que denunciantes e menores, denunciados e familiares non se crucen.

3-Facilitar a comparecencia por videoconferencia desde salas anexas no caso das denunciantes.



4-Habilitar dependencias de agarda, para menores nas instalacións, apropiadas á súa propia condición de menores, segundo a dispoñibilidade de medios existentes en cada edificio xudicial.

5-Continuar coas medidas para mellorar as condicións laborais e formativas do persoal dos xulgados de violencia contra a muller”.)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Para formular a moción, ten a palabra a señora Santos Queiruga.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Moitas grazas, señora presidenta.

Señores deputados e deputadas, estamos aquí de novo cun tema que é a continuación dunha interpelación que se deu no pleno de hai dúas semanas, no marco do 25 de novembro, o Día contra as Violencias Machistas, onde se falou moito do orzamento, onde se falou de moitas cousas, onde tamén se deu un debate político moi á altura das circunstancias, e tamén deputados e deputadas estiveron en total fóra da realidade e en contra do sentir maioritario das mulleres do noso país e do noso Estado, e ademais non estiveron á altura do gran drama que sufrimos no noso país.

Dende logo, volvemos traer unha moción cunha serie de puntos, algúns dos cales xa se trataron en sesións anteriores; algúns incluso practicamente idénticos foron aprobados xa. E vemos que hai unha práctica política que dende logo nós queremos analizar máis alá de chegar a algún tipo de consenso, porque parece que agora está de moda ter consensos nesta cámara e nesta materia, o cal nós alabamos e saudamos, pero dende logo o que queremos é máis feitos e menos consensos, consensos que se executen, consensos e acordos que se leven a cabo, consensos e acordos que sirvan para combater e para erradicar a violencia machista, non para dicir que estamos só en contra dela.

Vemos como cada 25 de novembro o Partido Popular se engalana contra a violencia machista dende que as mulleres nos botamos á rúa e reclamamos que non queremos que nos asasinen. Cada 8 de marzo fan o mesmo: primeiro atacan as mobilizacións, néganos e despois engalánanse, case se visten de violeta, para dicir que son os máis feministas e están contra a violencia machista.

Cando asasinan, por desgraza, unha muller, son os primeiros que reclaman minutos de silencio. Pois eu voules dicir unha cousa como muller, como cidadá: quero menos minutos de silencio, quero menos lazos violetas, quero menos camiñatas solidarias, quero que non nos asasinen, quero non ter medo e quero que deixemos de ter minutos de silencio. E para iso queremos máis accións, máis execución de acordos, e para iso necesitamos máis cartos, máis compromiso real para levar a cabo eses acordos.

E por iso estamos aquí con esta moción, con varios puntos, que imos empezar a analizar, xa que o señor Rueda tamén recoñeceu en parte na interpelación do pleno anterior que tiñamos moita razón nas cuestións que estabamos denunciando, ademais despois dos asasinatos terribles, horripilantes que vivimos en Galicia nos últimos, meses como o último de Valga, onde en moitos casos non existiu nin denuncia previa.



Nós, en primeiro lugar, instamos o Goberno do Estado para que se incremente o número de xulgados exclusivos en materia de violencia machista ata completar o seu número nas cinco principais cidades galegas, en cumprimento do acordado no pacto de Estado e das recomendacións do Consello Xeral do Poder Xudicial, de xeito consensuado, na Comisión Mixta, co Tribunal Superior de Xustiza.

Porque, señorías, estamos fartas de pactos grandilocuentes, dos que se autodenominan a si mesmos partidos de Estado, que só dotan co 20 % do orzamento. Porque así é imposible cumprir os compromisos do pacto de Estado. Por iso nós tivemos un voto crítico, que tanto nos critican, porque nós non lle mentimos á cidadanía, nós dicimos a verdade. É como dicir que podemos construír unha casa de cen millóns con vinte millóns e que por riba non podemos dicir que non nos parece ben, correcto e inviable. E sobre todo porque nos vai a vida niso —non frivolicen—, porque nos vai a vida niso.

Estamos fartas, nós e as nosas familias, de acordos nesta cámara que non se cumpren, que quedan nos consensos, nos acordos, en papel mollado. Estamos fartas de que o Partido Popular diga que pactan e que reclaman moitas cousas. Reclaman e enchen portadas cos setecentos millóns que se nos deben a Galicia, co que nós estamos de acordo. Pero para reclamar os xulgados exclusivos en materia de violencia machista, acordados nese pacto de Estado contra a violencia machista, que faltan, non vemos que enchan portadas nin vemos o señor Feijóo nin o señor Rueda, nin as voceiras do Partido Popular, enarborar as bandeiras da patria, de España e dos xestores, e da seriedade, e da preocupación dos galegos e galegas. Vemos palabras e portadas para o que lles interesa.

En segundo lugar, pedimos reformar as instalacións xudiciais existentes no noso país, para que estas contén coas dependencias separadas e axeitadas para que denunciante e menores denunciados e familiares non se crucen, para non incorrer en dobre violencia contra as vítimas.

Número tres. Facilitar a comparecencia por videoconferencia desde salas anexas no caso das denunciante. Cremos que non fai falta explicar que unha vítima de violencia machista non quere cruzarse nas declaracións que teña que facer nunha dependencia xudicial co seu agresor.

Número catro. Habilitar dependencias de garda para menores nas instalacións apropiadas á súa propia condición de menores.

E, en quinto lugar, adoptar medidas reais para mellorar as condicións laborais e formativas do persoal dos xulgados de violencia contra a muller. Incrementar o persoal e garantir un carácter estable ao persoal do Imelga, algo que negou o vicepresidente Rueda e que o persoal do Imelga nos traslada vez tras vez: a súa situación de precariedade, de inestabilidade, que lles impide darlle o tratamento axeitado ás vítimas en violencia machista.

Non obstante, señor Rueda, cando nós lle dicimos cousas tan simples como ter un biombo e micros inalámbricos para poder facer as declaracións sen veren as vítimas o seu agresor, dicíanos, nun exercicio inaudito de desleixo das súas funcións, que fixeramos emendas a



ese orzamento se nós considerabamos que estaba incompleto. Pero choca que diga iso, señor Rueda, en primeiro lugar porque vostedes son goberno, e entón digo eu que o Goberno terá que saber cales son as necesidades das mulleres e de todos os colectivos e de todas as necesidades que temos os galegos e galegas, e non pretenderán que lle fagamos a oposición o seu traballo. Pero como, dende logo, sempre nós intentamos ser coherentes co que propoñemos, lembrarlles aos señores e señoras do Partido Popular e ao señor Rueda que nós fixemos unha emenda á totalidade para que movan recursos entre distintas seccións e consellerías do orzamento —que, por certo, o Partido Popular votou en contra—, cun plan de choque contra a violencia machista que ascendía a 42 millóns de euros, que dependía da Secretaría Xeral de Igualdade, da señora Susana López Abella, que algo terá que dicir cando lle trasladan, igual ca a nós, que hai falla de biombos, que hai falla de pilas, que hai falla de recursos, e dá igual, nun xulgado, nunha escola, nun instituto, nunha asociación de veciñas, nun hospital. E a secretaria xeral de Igualdade, que está na mesma consellería que o señor Rueda, terá que falar e terán que derivar e facer as translacións orzamentarias e o traspaso de recursos necesarios, onde sexa necesario poñer recursos. Porque, evidentemente, nun ano non temos unha bóla de cristal para saber onde pode xurdir a necesidade, aínda que si que hai que ter unha previsión, que está claro que o Goberno da Xunta, nin quere nin está capacitado para facer.

Polo tanto, se queren que sexamos a oposición os que fagamos as emendas das cousas que necesita o noso país, deixen as consellerías e deixen entón á oposición gobernar. Porque se ese é o seu contraargumento, dende logo o que están demostrando é que non están capacitados nin teñen o máis mínimo escrúpulo de evidenciar as súas carencias e a súa falta de capacitación.

Dende logo, non sabemos que van votar, imos escoitar as emendas e o sentido das emendas, e lembrar que nós, 42 millóns de euros no plan de choque contra a violencia machista; o Partido Popular, 8,2 millóns; imos ver nas emendas parciais que fan vostedes. Pero temos claro e as mulleres temos claro o que queremos. E repítolles: queremos menos bos desexos e menos condescendencia, queremos máis feitos, queremos máis recursos e queremos que realmente sexan coherentes co que vostedes defenden.

Agora hai unha nova revolución en Verín. Chámana xa en titulares de prensa «a revolución das embarazadas». Os lazos, os minutos de silencio e as camiñatas están moi ben, pero é unha gran falsidade e incoherencia facer isto mentres se decide dende a Xunta suprimir o paritorio do hospital de Verín, do que xa se falará noutras intervencións, que é para nós e para min outra forma de violencia contra a muller. É moi incoherente dicir que están contra a violencia machista e pactar con Vox. Porque para nós pactar cun partido que nega a violencia machista e que nega a existencia da violencia contra a muller é permitir e fomentar a violencia machista, aínda que a vostedes por iso lles permitan gobernar, aínda que non senten nun sillón. No momento en que acordan e teñen pactos de goberno con estes señores, están fomentando o que eles defenden. E dicir que un parto non é un infarto é violencia contra a muller e contra os futuros nenos e nenas que van nacer; estamos falando de vidas.

E eu preguntolles o mesmo que lles berraron nas rúas de Verín a pasada fin de semana —para rematar—: ¿vostedes asumirán o risco se perdo o meu fillo de camiño a Ourense? Eu pregunt-



tolles: ¿vostedes asumirán o risco e a responsabilidade de que nos sigan asasinando ás mulleres, que sigamos tendo medo e que nos sigan agredindo?

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Vaia rematando.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ¿Van asumir o risco e responsabilidade como goberno? (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Silencio.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Porque, se non o van asumir, deixen o seu escano e deixen a súa responsabilidade de goberno.

Moitas grazas, máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Santos.

Por parte do Grupo dos Socialista de Galicia, ten a palabra a señora Pierres López.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todos e a todas.

Hai apenas, efectivamente, dúas semanas, debatíamos xa o fondo da cuestión que hoxe plantea esta iniciativa, e o noso grupo non só amosou o seu apoio nesa ocasión, senón que o fixo tamén varias veces nesta lexislatura, incluso con iniciativas propias, como fixemos coa petición de reforzo dos recursos e servizos do Imelga en toda Galicia.

A realidade é que, se esta iniciativa acode a esta cámara unha e outra vez, é porque o ritmo na execución das medidas acordadas e tamén aprobadas non é o desexable. E talvez o ritmo pode entenderse lento no que ten que ver especialmente coas medidas que requiren dun maior investimento, como é o aumento dos xulgados exclusivos, pero non se explica tanto no que se refire ás modificacións ou reestruturacións dos xulgados actuais, uns cambios que responden a unha cuestión principal, que é garantir os dereitos da vítimas de violencia.

E é que non se pode animar a ninguén a saltar ao baleiro se logo non se lle facilita a rede sobre a que aterrar con seguridade. Pensemos, polo tanto, máis nas vítimas, no seu camiño, dende a súa denuncia. Tratemos de entender que a súa é unha historia de terror, un terror que as ten paralizadas durante tempo, porque cada intento de alonxarse do seu agresor ten recibido unha contestación inmediata, en forma de agresión, de illamento e de ameaza. Entendamos que a súa protección ten que ser eficaz e real, especialmente real, porque, de non selo, seguirá favorecendo que sexa un 80 % a porcentaxe de mulleres asasinadas no noso país que non tiñan interposta denuncia ningunha sobre as súas parellas ou exparellas. O que nos está a revelar é que realmente só un 20 % das mulleres que padecen algún tipo de violencia de xénero a denuncian, un dato que é totalmente desesperanzador e totalmente tamén revelador.



Algo falla. Moitas pequenas cousas fallan. Dino as estatísticas, dino as propias vítimas e díto tamén o pacto de Estado con esas preto de trescentas medidas, algunhas tamén do ámbito xudicial, que é o que hoxe nos toca, onde se detecta que seguen a acontecer moitas cuestións que son moi mellorables.

A exposición das vítimas aos seus agresores nas comparecencias en sala segue a ser unha das cuestións máis sensibles. Volver atoparse con quen foi o teu agresor durante tempo, con quen te vexou, te humillou e te agrediu provoca unha parálise da vítima, que é moitas veces un dos motivos das desistencias das demandas. Porque son moitas as vítimas que só queren pasar páxina, e o feito de non volver atoparse co seu agresor é o único e o máis fin inmediato que perseguen. A súa necesidade é moito máis urxente.

Por iso, son as pequenas accións das que hoxe falamos, as que precisan de pouco orzamento, como é, por exemplo, un sistema de videoconferencia, as que poden provocar precisamente un cambio substancial no traxecto da vítima durante un proceso xudicial. Os sistemas de biombo pois non son máis que un parcheado realmente dun sistema que debera ser moitísimo máis garantista.

Entendemos, de feito, que as recomendacións da guía de boas prácticas para toma de declaración de vítimas de violencia de xénero, que se aprobou precisamente en novembro de 2018 por parte do grupo de expertas e expertos do Consello Xeral do Poder Xudicial en materia de violencia doméstica e de xénero, debera ser o modelo a seguir e a perseguir.

Porque nese documento recóllense perfectamente os dereitos das vítimas que deberan preservarse e garantirse, tanto antes como durante o día do xuízo. E garantirse completamente, non a medias, como, por exemplo, no tratamento e exploración dos menores durante a fase de instrución. Nese documento, de feito, recoméndase realizar a toma de declaración dos nenos e nenas nun ambiente que sexa amigable e o menos invasivo posible, sempre en compañía ademais dun profesional da psicoloxía, gravando as declaracións, que serán presenciadas polo resto de actores do proceso, xuíces ou xuízas, os fiscais, avogadas e avogados. Unha declaración que, ademais, vai quedar como proba preconstituída e que vai evitar que o menor teña que repetila durante a vista oral e, polo tanto, evitando, como xa se falaba aquí, da revitimización.

Isto é factible. De feito, grazas as cámaras Gesell, ese recurso xudicial, que acostumamos de feito a ver en moitas películas americanas pero que en España, por desgraza, é un recurso específico especialmente para menores vítimas de violencia sexual, segue a ser unha anécdota e cóntase aínda cos dedos da man; en Galicia só se conta con un, recente, apenas cun mes, en Ourense.

Polo tanto, desde o noso grupo de feito presentamos unha emenda para garantir a comparecencia tamén dos menores desde esa sala anexa, pero, se non, tamén presentamos de modo especial e hoxe, como reflexión que hoxe queremos compartir, trasladar a idoneidade do feito de garantir a presenza desas cámaras na totalidade dos xulgados exclusivos de violencia.

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Remate, por favor.



A señora PIERRES LÓPEZ: Un recurso que permitiría esa rebaixa da carga psicolóxica de todos os nenos e nenas vítimas de abusos ou violencia sexual.

A nosa postura de apoio a esta iniciativa é, polo tanto, moi clara: apostar por dar cumprimento ao articulado, por suposto, do convenio de Istambul, pero tamén ao propio pacto de Estado, e amosar menos desidia e máis vontade e cando menos afrontar as modificacións nos xulgados actuais, que sendo moi pequenas en investimentos pois poden supoñer grandes melloras especialmente para a vida das vítimas.

Pola nosa banda, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Moitas grazas, señora Pierres.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, presidenta.

Señora Santos, como cuestión previa, é ao revés: a Xunta asumiría un risco importantísimo se seguira mantendo o paritorio de Verín a pesar de ter as advertencias dos especialistas tanto en xinecoloxía como de pediatría de que corrían un grave risco para a vida das nais e dos bebés que naceran se se seguía mantendo. (*Aplausos.*)

Pero mire, hoxe era un bo día, señora Santos, para, en materia de sanidade, pedir desculpas polo que teñen dito da hepatitis C, como dixeron vostedes: a Xunta decidiu deixar morrer uns pacientes cando na farmacia había medicamentos para salvarlos. Agora pasamos da hepatitis C ao paritorio de Verín.

Mire, señora Santos, eu non vou entrar no fango no que vostede chapotea moi comodamente nas intervencións. Eu vou falar das vítimas de violencia de xénero, porque me merecen moitísimo máis respecto que a vostede, e non vou desviar o debate, que é o que a vostede lle interesa. (*Aplausos.*)

Mire, efectivamente, como xulgados exclusivos de violencia de xénero, vou dar os datos, porque a señora Santos o outro día dixo algúns datos que non se corresponden coa realidade. En España hai 106 xulgados exclusivos de violencia sobre a muller, e 2 están en Galicia (na Coruña e en Vigo). Hai 355 xulgados compatibles; en Galicia son 43; 38 atópanse en vilas e 5 son xulgados de instrución en cidades. E hai 31 xulgados do penal especializados; en Galicia hai 2: o número 6 da Coruña e o Xulgado número 2 do Penal de Pontevedra.

Parece que a competencia en determinación de unidades xudiciais é da Xunta de Galicia. Sinceramente, señora Santos, vostede é bastante incoherente porque, por unha banda, di que, efectivamente, é a Comisión Mixta a que ten que decidir cales son as unidades xudiciais que lle corresponden a Galicia e, pola outra, di que xa está farta de que o Partido Popular de Galicia non cumpra os acordos que se adoptan neste Parlamento. Mire, quen non os cumpre é o Goberno central, e vostedes están gobernando cos señores socialistas no Goberno de España, señora Santos. ¡Ah, non!, agora aínda non. ¡Claro, o abrazo con «la azotaría hasta que sangrase» aínda non é efectivo! (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)



A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Silencio.

A señora PRADO DEL RÍO: Vostedes facilitaron a presidencia do Goberno do señor Sánchez e vostedes veñen aquí reclamar isto, pero cando hai un incumprimento de algo que, efectivamente, deberían de reclamar, como é unha decisión da Comisión Mixta, como foi o Xulgado do Social para Lugo, ningún grupo dos que están nesa bancada presentou nin unha soa iniciativa reclamando ese xulgado. No día de hoxe, Lugo segue sen o Xulgado do Social, que si se adoptou por consenso na Comisión Mixta. Así que aquí o único que incumpre os acordos da Comisión Mixta é o Goberno Socialista do señor Sánchez coa complicidade de todos vostedes. *(Aplausos.) (Aplausos.)*

Aínda que non se dediquen en exclusiva á violencia de xénero, si hai órganos especializados, e nós aquí —vostede xa o dixo—, efectivamente, chegamos a varios acordos nesa materia. Vou falar rapidamente punto por punto.

Sobre a posibilidade de incrementar xulgados nas cinco cidades galegas, é unha competencia do Estado, señora Santos, vostede xa o sabe. A Xunta de Galicia o único que fai é un informe, que non é vinculante, para que se tramite a través do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e se faga unha proposta da Comisión Mixta. O resultado desa proposta que fai a Comisión Mixta remíteselle a Madrid para que sexa o Ministerio o que decida. O Ministerio pode decidir facer caso ou non facer caso. Polo que se ve, ultimamente non fai caso. É a primeira vez na historia de España onde o Goberno central non atende a demanda da Comisión Mixta do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e da Xunta de Galicia.

Nunha entrevista que se fixo recentemente —o 6 de outubro, para ser máis exactos— ao señor José María Gómez y Díaz-Castroverde, que é o presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sobre a cuestión concreta dos xulgados especializados en violencia de xénero, dixo: *«También hay juzgados especializados en la materia, pero compartida con otras. Yo he planteado la posibilidad de generar entornos de comarcalización de forma que pueda atender con juzgados especializados no solo en un partido judicial sino en varios»*.

Efectivamente, nós estamos de acordo na comarcalización, e este grupo ten presentado moitas iniciativas nese sentido. Vostede o outro día manifestouse aquí a favor da comarcalización. Entón, señora Santos, eu non entendo como, por unha banda, pode estar de acordo coa comarcalización e, por outra banda, vén pedir aquí cinco xulgados específicos para as cidades. Sinceramente, pónase de acordo consigo mesma porque unha cousa non é compatible coa outra e a coherencia en política é fundamental. É fundamental que, se vostede vén aquí falar das súas emendas aos orzamentos, sexa coherente e diga que deixou en cero euros a Dirección Xeral de Xustiza...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Vaia rematando.

A señora PRADO DEL RÍO: ...que o seu grupo a deixou en cero euros para facer esas obras que vostede agora está demandando aquí para separar as vítimas dos agresores. Ademais, o señor Rueda díxolle o outro día o número de xulgados nos que se teñen feito esas obras e as que está previsto facer. O que pasa é que vostede di que o pacto de Estado é papel mollado porque agora vén xustificar que non votaron a favor do pacto de Estado...



A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Remate, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: ...e, pola contra, na súa iniciativa pide que se cumpra o pacto de Estado. Sexa coherente, señora Santos: ou está co pacto de Estado ou non está co pacto de Estado, ou quere xulgados comarcalizados ou quere xulgados especializados, ou está de acordo coa Comisión Mixta ou quere que sexa o Parlamento o que lle indique ao Goberno central que xulgados se queren para Galicia.

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Sinceramente, señora Santos, a súa coherencia deixa moito que desexar.

Nós, desde logo, imos seguir na mesma liña de sempre, reivindicando que sexa a Comisión Mixta dos xuíces e da Xunta de Galicia quen decida cales son as unidades xudiciais que precisa Galicia porque son os xuíces os que realmente saben cales son as necesidades. Agora ben, se vostede quere...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Remate, por favor, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: ...que o legislativo substitúa o xudicial dígao claramente, porque xa é un paso máis no seu avance...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Ten que rematar, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: ...de cara a destruír a democracia neste país.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Prado.

Por parte do Grupo Mixto ten a palabra o señor Villares Naveira.

O señor VILLARES NAVEIRA: Boas tardes, señorías.

Vou comezar por facer un par de precisións á intervención da señora Prado.

A primeira delas ten que ver coa demanda do Xulgado do Social en Lugo. Se a señora Prado recorda ben, na Comisión 1ª posicionámonos neste tema varias veces por unanimidade a instancia de varios grupos, nunha das veces do Grupo En Marea, do que formaba parte hai tempo a señora proponente. Debateuse varias veces, falamos varias veces deste asunto e, polo tanto, non hai tampouco necesidade de intentar poñer en evidencia a proponente por circunstancias que nada teñen que ver neste caso coa proposta dos Xulgados de Violencia sobre a Muller.

En segundo lugar, está a cuestión relativa á especialización por exclusivos. Tamén mesturou vostede —permítame de novo que teña que corrixila, señora Prado— porque a pouco que



lea a Lei orgánica do poder xudicial, no seu artigo 87 bis)... (A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.) — non, vese que non o leu demasiado ben —, podería comprobar a compatibilidade entre as dúas afirmacións que se fixeron aquí e que vostede di que non son incompatibles; que son as derivadas tamén — que utilizou, eu creo, de forma inexacta, por non dicir outra cousa — do presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre o tema da comarcalización. O que vostede chama «comarcalización» é unha ferramenta prevista no artigo 87 bis).2, que di: «Sen prexuízo do previsto na lexislación vixente sobre demarcación e planta, o Goberno, a proposta do Consello e no seu caso con informe da Comunidade Autónoma con competencias en materia de xustiza, poderá establecer mediante real decreto que os xulgados de violencia sobre a muller que se determinen estendan a súa xurisdición a dous ou máis partidos da provincia». Pero isto non ten nada que ver co apartado terceiro. Son perfectamente compatibles. O apartado terceiro, como vostedes saben — case todos menos a señora Prado —, di que onde sexa conveniente, en función da carga de traballo existente, poidan coñecer en exclusiva este tipo de materias.

Polo tanto, cabe a especialización en exclusiva, e compatible co feito de facelos comarcais; ou sexa, que abrangan máis dun partido xudicial. De feito, é a maneira para que dean os módulos que establece o propio Consello Xeral do Poder Xudicial..., (Murmurios.)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Silencio.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...que se poidan establecer xulgados exclusivos en materia de violencia. Sen violentar e sen cambiar, polo tanto, nin a lexislación vixente nin tampouco os regulamentos nin os números. Deste xeito, a pouco que tivese vostede estudada a materia, podería facer unha intervención completamente diferente sen que interesase o seu dereito.

Polo tanto, nós imos apoiar esta proposta... (A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Silencio, señora Prado.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...porque o apartado primeiro — como acabo de explicar —, nos artigos 87 bis). 2 e 3, así prevé esta posibilidade, de tal maneira que é algo que melloraría a eficiencia, os recursos...

Ademais, hai unha cousa, que a especialización con carácter exclusivo para máis alá dun partido xudicial, nesta moción concreta, dispensaría de ter que realizar determinadas reformas porque xa esas reformas se focalizarían naqueles xulgados, atendendo cara a si estas competencias. Polo tanto, non serían necesarias esas reformas dado que xa non terían as competencias as outras sedes dos outros partidos xudiciais.

A partir de aquí, evidentemente, nós tamén amosamos o noso apoio ao resto dos puntos.

E con relación aos xulgados que coñezo bastante ben, os de Lugo, lembro cando no ano 2006, facendo alí as prácticas, viamos como o Xulgado de Violencia sobre a Muller non tiña ningún tipo de dependencia especializada, e, para evitar esa confrontación entre vítima e agresor,



había que ter as mulleres nun departamento específico, que era o arquivo, para ser máis específicos. Apenas sete anos máis tarde, cando volvín estar tamén como titular nesas xulgados, vía como os espazos eran os mesmos e como dependencias que poderían servir para iso estaban ocupadas tamén cos arquivos; situación que non mellorou nos últimos anos polo que estivemos indagando antes de comparecer nesta proposta.

Con relación ao tema das cámaras Gesell e ao tema da comparecencia en salas anexas mediante sistemas de videoconferencia, hai unha cousa que chama a atención, e é que o *hardware* existe. Hoxe en día todos os xulgados do país están dotados de sistemas que permitirían facelo, outra cousa é que o *software* instalado non permita ou non estea conectado a un sistema de videoconferencia interior que de sala a sala permita facer isto, ou, no caso de que estea, que non estea o funcionariado ou non estean os programas preparados para facer ese volcado de sala a sala en tempo real. Isto realmente ten un custo moi baixo porque o que é caro, que é toda a instalación de todo o *hardware*, xa existe en todos os xulgados de Galicia. Polo tanto, debería ser fácil de acometer, incluso sen ningún tipo de reforma substancial nos orzamentos para o ano 2020.

Con relación ás dependencias de agarda, se o tema da cámara Gesell case é algo que non está instalado...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...o tema dos menores está absolutamente fóra de previsión. Hai, se acaso, un xulgado de menores, pero, como saben, a problemática é completamente diferente.

Finalmente, con relación ao tema da formación dos profesionais, no último apartado...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...—si, remato xa— hai unha cuestión: o problema na meirande parte dos casos é que son optativas, non son obrigatorias. Nós pensamos que terían que ser obrigatorias para todo o persoal que traballa nos Xulgados de Violencia sobre a Muller.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Villares.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Señora Prado, ¿sabe o que non cambia a sentenza da hepatite C? ¿Sabe o que non cambia, non? Que a realidade é que neste país morreu xente porque non se lle deu un medicamento. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Iso non o cambia a sentenza da hepatite C. (*Aplausos.*) (*A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben e nega esa*



afirmación con acenos.) Iso non o cambia a sentenza, non. (Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

(Murmurios.) Silencio, por favor.

(O señor Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.)

Silencio, señor Trenor. *(Murmurios.)*

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: O que non di é que non morrera xente neste país. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

(Murmurios.) (A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.) Silencio, señora Prado.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: A sentenza non elimina que neste país morrera xente porque non se lle pagou un medicamento. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Iso non o borra ningunha sentenza, señora Paula Prado. *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* É parte da súa historia, da historia do Partido Popular neste país. *(Protestas.) (A señora PRADO DEL RÍO: Tamén morre xente pola gripe...)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Si, si. Tamén igual morre xente na estrada parindo, dentro de pouco, efectivamente. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Efectivamente.

«O anunciado peche do paritorio do Hospital Comarcal de Verín non contribúe a garantir a igualdade de oportunidades e desfrute de servizos que a poboación demanda para unha digna calidade de vida das comarcas de Monterrei e Conso-Frieiras». Isto é o que di o Partido Popular de Ourense. Estas son as mocións que presenta o Partido Popular de Ourense. Supoño que a eles tamén lles chamarán alarmistas, indignos e abominables, *(Aplausos.)* como tivemos que escoitar na prensa por parte dalgún sicario do Goberno do Partido Popular. ¡En fin! Criterios hainos para todos os gustos. *(Aplausos.)*

Desde logo, ¡que decepción que se veña aquí defender, en nome dos dereitos das mulleres, que se recorten servizos! Xa dicía... *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.



A señora PRESAS BERGANTIÑOS: *(Murmurios.)* Non, non é un recorte; é mellor non ter urxencias pediátricas que telas... É a posverdade do Partido Popular d'Os mundos de Yupi. *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señora Prado, silencio. *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señora Prado, xa interveu vostede. Grazas.

(Murmurios.) Silencio.

(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.) Xa, xa. Non, se aplicamos o Regulamento, aquí quedaba falando moi pouca xente.

Seguimos.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Non sei se está recoñecendo que é violencia de xénero o que intenta facer a Xunta de Galiza ou se di, na súa teórica posverdade —tamén d'Os mundos de Yupi do Partido Popular—, que é violencia de xénero denunciar os recortes nos dereitos das mulleres. *(Aplausos.)* Creo que teñen un cacao importante nesa bancada. E é o mesmo cacao que lles impide recordar que, por exemplo, en xaneiro de 2017, chegamos a un acordo sobre ese Xulgado do Social de Lugo nesta Cámara, por iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, a través da miña compañeira Olalla Rodil. Afortunadamente, existen gravacións e existen os diarios de sesións porque se non estaríamos xa directamente volvéndonos tolos e tolas coa constante reescritura da historia que fan deste lado da bancada.

En todo caso, indo á cuestión que nos ocupa hoxe, cando falamos de violencia machista e de xustiza, o certo, o lamentable, é que por veces parece que falamos dun oxímoro, de algo que é incompatible case conxugar nunha Conso-Frieiras mesma frase. Son continuas as queixas que chegan tamén desde as e os propios profesionais do mundo da xustiza, non só desde as propias vítimas e dos colectivos que traballan con elas, sobre cuestións que aínda a día de hoxe non están corrixidas, que revitimizan estas vítimas, e tamén con cuestións que nos recordan como a xustiza ten moito que mellorar para quitar ese tufo patriarcal que a rodea. Recentemente falabamos nesta Cámara, por exemplo, das últimas sentenzas respecto da «Manada de Manresa».

En todo caso, tamén todo o asunto da xustiza devólvenos no espello a tremenda lentitude, a inaceptable lentitude que hai en todos os cambios que acordamos respecto deste aspecto. Aquí falouse do pacto de Estado. Eu quero recordar que tamén en xaneiro de 2017 aprobamos unha moción impulsada polo Bloque Nacionalista Galego onde incluíamos unha batería de medidas para o ámbito da xustiza que no día de hoxe, desgraciadamente, non están desenvolvidas, e aí hai responsabilidades compartidas, responsabilidades na Xunta de Galiza — nós entendemos que o esforzo non sempre é suficiente— e responsabilidades tamén por parte do propio Goberno central. Nós temos insistido unha e outra vez en como ese pacto de Estado serviu para lavar moitas caras e para facer poucos cambios.



No pouco tempo que me deixou o Partido Popular non podo poñer moitos exemplos. Poñerei só un que é sangrante. Hai máis de dous anos aprobouse este pacto de Estado, e unha das cuestións que tiña era a medida 110: «Establecer, no prazo máximo de dous anos, as unidades de valoración forense integral, das que poderán formar parte psicólogas, psicólogos...» etc. O prazo para poñelas en marcha era de dous anos; pasaron máis de dous anos e non son no Estado español, nin por asomo, un viso de realidade, tampouco no noso país. E tamén neste país se ten rexeitado o impulso de medidas similares, de medidas de reforzo do Imelga e un longo etcétera.

Polo tanto, sobrada conta hai de que queda moitísimo por facer tamén no ámbito da xustiza e de que debера ser un dos ámbitos prioritarios porque, no día de hoxe, constitúe unha forma máis de violencia machista; unha violencia institucional que, desde logo, non é admisible e que nos devolve no espello que aínda temos moito que facer e que exixirlles a estas dúas administracións.

Por estes motivos, desde o BNG votaremos favorablemente a proposta da señora Santos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Polo grupo autor da moción, ten a palabra a señora Santos Queiruga.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Moitas grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, quero agradecer o ton da maior parte dos grupos deste Parlamento, así como o apoio á iniciativa, e dicir que imos aceptar a emenda do Grupo Socialista e que non imos aceptar a emenda do Partido Popular.

A intervención da señora Prado foi tan previsible como decepcionante. Eu estou de acordo co dito polas outras deputadas. Dende logo, ¡menos mal que lle iamos dar respecto ás vítimas e que non se ía enganar, porque se isto non é enganar! Eu si que non vou falar das declaracións públicas de alcaldes do Partido Popular, como o de Vilanova e o de Noia, que as fixeron a peito descuberto —non lles roubaron o móbil— e que nos causaron tanta vergoña e tanto noxo ás mulleres deste país.

Estou de acordo coa señora Noa Presas en que unha sentenza xudicial non vai eliminar e erradicar que morreran as persoas que morreron por falla dun medicamento para a hepatitis C —está recorrida esa sentenza—, e que vostedes neguen a realidade —e xa se dará o debate, porque non toca nesta iniciativa, sobre o hospital de Verín e o peche do paridoiro— non vai facer desaparecer as vinte mil persoas que se manifestaron en Verín e a revolución das embarazadas, que están absolutamente escandalizadas, igual que gran parte da cidadanía galega —non soamente a de Verín e a de Ourense—, coa falta de humanidade do Grupo Popular, da Xunta de Galicia e das súas decisións políticas, digan o que digan vostedes.

Nós si que temos coherencia porque estas peticións fixémoslas cando gobernaba o señor Rajoy, o seu presidente M. Rajoy, e seguimos reclamándollelas agora que governa o Partido



Socialista. Nós mantemos a nosa posición crítica co pacto de Estado. A vostedes, se a Xunta lles promete construír unha casa e lles dá vinte millóns de cen, non poden vivir, poderán facer dúas paredes. Pois un pacto de estado cunha serie de compromisos, que non ten recursos económicos, non se pode levar a cabo e,, consecuentemente, non se pode protexer as vítimas. Están mentido e queren lavar a cara.

Vostedes si que queren lavar a cara na falta de compromiso, igual que coa cuestión dos orzamentos; como non queren recoñecer que votaron en contra das nosas emendas para a prevención da violencia machista, tan necesarias e moito máis cuantiosas (42 millóns fronte a 8,2), queren que nós fagamos o traballo do señor Rueda e da señora López Abella. Pois non, fágano vostedes e non nos utilicen como escusa ante a súa falta de compromiso, de acción e de previsión. E isto en todos os temas referidos á muller.

O Partido Popular demostra que vai seguir na mesma liña, na liña dos lazos, dos minutos de silencio, das camiñadas, de disfrazarse de violeta e contra a violencia machista, pero co seu *modus operandi* habitual de dicir, pactar, aprobar e non facer seguen na inacción e seguen sen recoñecer o drama social que é a violencia contra a muller en todos os seus ámbitos. Mentres sigan pactando coa extrema dereita, con Vox, que de forma noxenta nega a violencia machista, vostedes non teñen ningún tipo de autoridade moral para abrir a boca, porque...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

Silencio.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...son unhas persoas mesquiñas aquelas coas que pactan vostedes —e remato—.

Con respecto á comarcalización, Mire, señora Prado, para empezar, anote ben os datos, que eu os datos sobre as unidades xudiciais os dei ben. Anote ben.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Non é incompatible a comarcalización con ter xulgados exclusivos, e iso recólleo o pacto de Estado e recólleo o Consello Xeral do Poder Xudicial. Lea máis, estude máis e faga menos demagogia, señora Paula Prado. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Santos.

Pasamos á seguinte moción.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa extracción de berberecho nas rías de Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta moción non se presentaron emendas.



Ten a palabra, para formular a moción, o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Aínda que o temía, non toca aínda o debate de Verín —teremos tempo suficiente— pero xa me pedía o corpo dicir algunha cousa. Creo que queda aproximadamente unha hora e media para o debate de Verín e a ver se chega o Partido Popular coa mesma opinión que agora ou cambia outra vez, porque durante o día creo que cambiou catro ou cinco veces.

En fin, imos falar dunha cuestión que ten que ver co marisqueo en Galicia e que é froito da interpelación de hai dúas semanas, na que o debate coa señora conselleira permitiu chegar a algúns puntos comúns e a algúns desacordos. Practicamente case todos eses acordos xeran desacordos coñecidos, polo que a partir de aí é posible incluso acordar sobre o que se desacorda, porque tamén permite ás veces chegar a algún avance. E facendo un repaso de cales son os puntos de acordo e desacordo, pois a ver se somos quen de poder aprobar esta iniciativa, que basicamente vai na liña do que a propia conselleira dixo aquí hai dúas semanas. Polo tanto, cremos que é posible aprobala.

O que plantexamos é que temos un produto que non é exclusivo de Galicia, evidentemente, pero do que temos probablemente unha marca mundial, e que ten unha calidade recoñecida. Unha boa parte da xente que vive do mar ten unha capacidade de extracción e de comercialización que lle outorga unha situación de boas perspectivas, se somos quen de traballalo ben, tanto por unha cuestión da cantidade, se está ben traballado, como pola cuestión da exclusividade, que nese punto ten, dende logo, un valor de mercado en si mesmo.

Hai unha cuestión coa situación do berberecho que ten que ver coa súa evolución, coa situación actual e coa perspectiva de futuro. Nos tres planos, hai algún acordo e algún desacordo. No que ten que ver coa evolución histórica, nos últimos anos vén existindo unha variabilidade case impredecible de volume da extracción —non de todo impredecible, pero si impredecible, dado o escenario—.

A partir do 2012 a afectación de problemas biolóxicos da coñecida como *Marteilia* fai decaer profundamente o nivel de produción, e hai uns resultados, efectivamente, moi variables. Nesa análise concordamos co Goberno e con todos os grupos da oposición, como non podía ser doutra maneira, porque son datos obxectivos. O desacordo está nos problemas que ofrece este goberno. Como é habitual, este é un goberno que, cando existen problemas, desaparece. Non existiu apenas unha resposta real do que estaba pasando. Era unha resposta que xa os deputados e deputadas desta Cámara coñecemos habitualmente: «xa estamos traballando niso». Era habitual dende o 2012, que xa estaban traballando, pero non era quen ninguén de dar unha resposta que permitira saber que podía pasar. Basicamente, ninguén que traballara sobre este sector podía saber se ía aumentar, diminuír, se a previsión era boa ou se era mala. A única sensación, cando se abría o período de posible extracción, era a ver que atopamos, sen que ninguén saiba dicir se se debe investir máis en recursos ou se non, se os que traballan no sector deben apostar por buscar máis recursos materiais para traballar ou se non, porque non había ningunha resposta; un liderado da consellería absolutamente ausente.



Xa se estaba traballando, pero aínda non sabemos que pasou, nin sequera cos traballos iniciais, que nunca se fixeron públicos. E houbo unha evitación de autocrítica, utilizando algún truqueado dos datos. A señora conselleira non concordaba con isto, pero en realidade tam pouco discutiu moito, é lexítimo. Non concordaba, díxoo ela a semana pasada ou hai quince días; ata estou de acordo co que di a conselleira ás veces, non hai problema.

O plantexamento sobre o que discrepamos moitas veces, inclusive na comisión, ten que ver co feito de valorar que ás veces existía pouco produto pero se cotizaba moito, porque ao haber pouco produto o valor por unidade é moito maior, é unha cuestión de mercado. Presumíase da capacidade que ten cada produto para obter recursos económicos a partir del, de que teña moito valor. E cando o produto baixaba de valor, normalmente porque había moito, presumíase de que había moito. Entón, eran boas as dúas situacións. Se hai moito, porque hai moito, e se hai pouco, porque vale moito. Polo tanto, aí hai unha ausencia de autocrítica, dende o noso punto de vista, que non acaba de cadrar coa tendencia habitual da consellería, que si ten unha posición noutros temas, noutros produtos, e prefire que os produtos rendan moito en termos económicos e non en cantidades numéricas, pero neste caso contradiciáase a si mesma para iso.

Hai unha situación actual na que tamén concordamos: hai uns bos datos actuais. Era un escenario certamente difícil de prever, pero hai uns bos datos actuais, e aí tamén se pode comprobar que é evidente que hai un acordo natural, porque os datos son, evidentemente, bos. A día de hoxe, se non lembro mal, estamos xa no mellor ano dende o 2012 e aínda queda o último mes, polo tanto, indubidablemente, vai ser o mellor ano. Ademais, prodúcese un efecto moi interesante, que é que son os mellores datos en termos numéricos de cantidade, pero tamén en rendemento do produto, porque o produto agora xa empeza a ser moito mellor, non como era nos primeiros anos, que o produto incluso non tiña ás veces toda a calidade. Por tanto, iso é o que nós tamén denunciabamos, a pesar de non encontrar eco nesa cuestión.

Hai un certo desacordo aquí. Nós non compartimos a xustificación que fai a consellería de si mesma, dicindo que é grazas ás medidas da consellería. ¿Por que? Porque se non era culpa da consellería que existise un problema, é difícil asumir que é mérito da consellería que agora pareza desaparecer. Digamos que niso non concordamos. Polo tanto, nese equilibrio de acordos e desacordos facemos un plantexamento que xa introducimos máis ou menos no debate do pleno pasado, e a partir de aí nós queremos coñecer cal é a posición do resto dos grupos.

O noso plantexamento é que cremos que é moi importante que os informes de investigación e coñecemento sobre o sector se coñezan, e non só polos grupos parlamentarios, que tamén temos o noso interese en coñecelos —polo menos o noso grupo, pero entendemos que todos— senón tamén polas confrarías, que non tiveron acceso a moitas desas investigacións. E a pesar de que é un sector onde hai un coñecemento entre as persoas que traballan, e de maneira informal si que coñecen moitas veces os datos que se están a investigar, non se coñecen de maneira formal, non existen documentos escritos.

Non houbo intención da consellería de plasmar por escrito cal era a súa análise da situación, as súas conclusións e, por tanto, as súas recomendacións. Nós cremos que é necesario ofrecer



unha certa estabilidade ao sector, aínda que sexa para transmitir que non hai capacidade de prever, ou aínda que sexa para transmitir que as posibilidades non son tan boas como se desexara. Sempre é mellor ser capaces de predicir, polo tanto, nós apelamos á necesidade de ter certos informes e pedimos a través do primeiro punto eses informes.

Pedimos, ademais, que se faga unha segunda cuestión, que é facer un informe de previsión. Nós marcamos a tres anos vista, e ten o seu sentido. O único que obtivemos, e admitimos que é posible que a consellería o coñeza —é o que foi dito aquí hai quince días—, é que poden facer unha previsión ata final de ano, pero, claro, estamos a primeiros días de decembro e ata final de ano, a verdade, é unha previsión un pouco limitada. Nós plantexámola a tres anos. ¿Por que? Porque algunhas modificacións están levando os plans de explotación a ter que facerse a tres anos vista e non anualmente, como se facían ata o de agora. Se lle estamos exixindo ao sector que faga planificacións e ordenacións de como ten que traballar o produto e a extracción a tres anos vista, teremos que ser capaces de darlles, por tanto, unha idea de como vai estar o produto a tres anos vista. Basicamente, se non, estámolle pedindo a alguén que faga planificación e investimento persoal, como autónomos en moitos dos casos, para facer un traballo sen dicirlle se vai ser posible traballar ou non traballar. Polo tanto, como a Consellería ten os datos, utilizou traballo propio do sector para poder ter datos, que menos que facer un informe que lles permita traballar en función diso.

E por último, o terceiro punto que plantexamos é un aumento do investimento en investigación sobre este campo. ¿Por que? Porque cremos que, evidentemente, isto é o que nos vai dar a solución, xa non para o de agora, que agardamos que se manteña o bo funcionamento e a boa continuidade da extracción neste campo, pero si cremos que é bo que, se volvemos ter algún problema neste sentido, sexamos quen de dar resposta. É dicir, que non nos volva pasar que pasemos sete anos, como levamos dende o 2012, agardando ao último día, ou a que se inicie o libre marisqueo, para saber se hai berberecho ou non hai berberecho, ou se hai algún outro tipo de produto no mar; que non sexan as mariscadores e mariscadores os que teñen que ir ver que se atopan, un pouco ao aire, sen ningún abeiro e sen ningunha protección, ou, polo menos, sen ningún coñecemento. Por iso plantexamos que se aumente o nivel de investigación, os orzamentos de investigación. ¿Por que? Porque a partir de aí poderemos ser máis eficientes.

Polo tanto, cremos que é posible que isto sexa aprobado, basicamente porque así foi recibido hai dúas semanas. Fundamentalmente, foi dito literalmente, e creo que cito literalmente: Todos os informes que sexan necesarios quedan á disposición de que se poidan consultar. Iso foi dito pola conselleira no debate de hai dúas semanas. Polo tanto, entendemos que os informes que se fan en referencia ao punto 1 non haberá problema en aprobalos. Entendemos que se os plans de explotación se lles van exixir a tres anos ás confrarías, imos poder saber cal é a previsión a tres anos. Non lles estaremos pedindo ás confrarías que fagan o traballo que non quere facer a Consellería, admitamos que non.

E, en terceiro lugar, e aí pode ser que poidamos ter algunha discrepancia, solicitamos o aumento do orzamento en investigación, porque está moi ben falar do boa que é a nosa investigación, dos grandes investigadores que temos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.



O señor TORRADO QUINTELA: ...pero despois que non lles deamos os fundamentos e os recursos necesarios. E a iso vai a nosa proposta, a condición de que sexa aprobada por todos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra o señor Casal Vidal.

O señor CASAL VIDAL: Boa tarde.

Estamos a falar dun asunto verdadeiramente grave e que non está a ter solución de momento. A *Marteilia* chegou a Galicia no ano 2012 e aínda non sabemos nin como chegou, se foi a través da entrada nas depuradoras de bivalvos alleos. O único dato referencial é que o maior número destas depuradoras nas rías máis afectadas podería levar a pensar niso, pero non o sabemos. Nin sabemos cal é o mecanismo polo que se estende de maneira tan devastadora polos bancos marisqueiros de berberecho, deixándoos practicamente esquilados, cunha mortalidade que nos primeiros anos chegou ao cen por cento.

A produción de berberechos en Galicia o ano 2008 foi de 5 millóns de quilos. Baixou en picado a partir da chegada da *Marteilia* a partir do 2012, e once anos despois só puido recuperarse ata a metade, ata os 2,5 millóns de quilos.

Hai que facer números. Co prezo medio actual do berberecho, que é de 6,54 euros, supón unha perda para o sector de máis de 16 millóns de euros. Estamos falando dun dos *input* máis importantes do sector da pesca e do marisqueo, e, por poñelo en referencia, podemos comparalo, por exemplo, co que falaba esta mañá a conselleira, que de maneira tan forte reclamaba máis cota, por exemplo, para o xurelo. Bueno, pois estes 16 millóns de euros que perdeu a industria marisqueira, o sector marisqueiro, equivalerían a máis da cota que estamos pedindo a maiores á Unión Europea, equivalería a entre 40.000 e 80.000 toneladas de xurelo, dependendo do prezo en cada época, que vai variando, pero como nos dicían esta mañá os patróns, había días en que o chegaban a vender a 10 céntimos o quilo.

Se facemos un gran problema político de reclamar esas miles de toneladas de xurelo, ¿como non empezamos pola casa e nos preocupamos suficientemente de que eses 16 millóns de euros non se perdan por inacción ou por insuficiencia de orzamentos?

Os enormes riscos da globalización do mercado do marisco implican a necesidade de investir moito máis en control das importacións de bivalvos, neste caso do que parece que foi a orixe, que é a ameixa xapónica. Recentemente, coñecemos informes, e incluso un programa de televisión, que deixaba claros os buracos enormes que había de entrada de ameixa xapónica contaminada, da desembocadura do río Teixo, nas depuradoras galegas. Este é un risco que non é sostible, e xa non polo volume económico do propio produto que entra de contrabando, senón por todos estes parasitos, todas estas enfermidades que pode traer con el.

Isto evidencia unha clara insuficiencia dos orzamentos de investigación. Por iso, o punto 3 da moción parécenos realmente escueto. Pensamos que os riscos son tan grandes, a depen-



dencia da economía de moitas zonas de Galicia é tan importante, que o 5 % de incremento que se plantexa parécenos demasiado cativo. Polo tanto, seguimos de novo reclamando moito máis investimento para o Intecmar e para o Cima, porque a verdade é que o seu nivel de actuación consideramos que é excelente e que hai que apoialo, sen lugar a dúbidas.

¿Por que non afectou á ría de Noia e Muros e en cambio dende a ría de Arousa se estendeu rapidísimamente á de Pontevedra e á de Vigo? ¿Terá que ver con outros elementos medioambientais? ¿Terá que ver con que nas rías afectadas hai un maior número de depuradoras? ¿Van máis alá as causas da propia presenza do parasito? Como xa digo, ¿hai risco de extensión a outras rías por algún tipo de condicionamento? Pois sete anos despois de chegar o parasito, aínda non temos respostas.

A incidencia foi diminuindo a partir do ano 2016, pero non se sabe a ciencia certa o motivo. Se foi diminuindo a presenza do parasito en si mesmo ou se a poboación de berberecho foise facendo máis forte contra a infección.

Pénsase tamén que hai un hospedador que é o que leva o parasito dun berberecho a outro, pero non se ten aínda evidencia científica para poder actuar contra el e de que maneira. Resumindo, máis lles vale aos berberechos protexerse por si mesmos, porque a Xunta de Galicia non vai facer moito por axudalos, nin a eles nin ao sector marisqueiro. Evidénciase que temos riscos potenciais, de características catastróficas, e non se poñen os medios suficientes para abordalos.

Hai que dicirlles tamén aos señores do Partido Socialista que o outro día a directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro denunciou a paralización de todos os permisos de rexeneración dos bancos marisqueiros por parte do ministerio, proxectos presentados polas confrarías, dado que se trataban como se fosen meros traballos xerais en portos, como as dragaxes e outros tipos de traballos portuarios que implican estudos medioambientais...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CASAL VIDAL: ...e todo iso ten paralizados todos estes traballos e a posibilidade de perda de moitas subvencións adxudicadas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, isto depende do ministerio, isto depende do ministerio.

Por iso tamén nos gustaría que na réplica o portavoz do Partido Socialista nos dixera se é verdade ou é falso, porque a afirmación da directora xeral foi moi contundente. Non se deixa rexenerar ningún banco marisqueiro que necesite autorización do ministerio. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: É unha evidencia que no sector do marisqueo en Galiza tiñamos que ser unha auténtica potencia, pola calidade do noso produto, polas condicións das nosas rías para producir cantidade e calidade de marisco. Tiña que ser unha actividade moi potente no desenvolvemento económico e na creación de emprego.



A conselleira do Mar chegou no ano 2009 co compromiso firme, primeiro, de profesionalizar o sector; segundo, aumentar o número de permex; terceiro, dignificar as rendas das mariscadoras, e non cumpriu absolutamente ningún destes tres, xa non imos ao miúdo.

Dez anos despois, os datos son: 479 permex menos; 1.160 de mulleres. É dicir, aumentaron os dos homes e diminuíron en mil cento e algo os das mulleres. Un moi escaso relevo xeracional; non é atractivo polas duras condicións laborais, polas escasas posibilidades de formación, polo non recoñecemento de enfermidades profesionais, polo non recoñecemento de enfermidades profesionais, polo non recoñecemento de coeficientes redutores e polo escasísimo nivel de renda. As rendas medias están arredor dos 7.500 euros brutos; é dicir, todo un auténtico logro.

En canto ao tema do berberecho, a mortalidade do berberecho arranca do ano 2012, cando as capturas alcanzaron unha caída histórica, chegaron a ser soamente 350.000 quilos. Practicamente desapareceu da ría de Arousa, Pontevedra e Vigo estiveron en risco, e o mantemento do número de capturas vén case en exclusiva polo mantemento da ría de Muros-Noia e porque nesa ría a produción estivo en aumento.

Diante diso, debería ser a propia Administración a que dera a voz de alarma, a que subministrara os datos ao conxunto da ría, a que puxera os medios para determinar os factores que puideron influír nesa mortalidade e a que puxera as medidas correctoras para solucionar, pero, o que tivemos foi unha administración paralizada —pouco transparente é o máis suave que se pode dicir respecto da actuación que realizou—, dende logo nada dialogante, e que non asumiu responsabilidades como xestora e impulsora que tiña que ser deste ben público.

O primeiro que había que facer era recoñecer o problema para abordalo, pero fixo como que non ía con ela. Entón, opacidade respecto de que era o que estaba producindo a mortalidade do berberecho: respecto das patoloxías mariñas; da contaminación ambiental, que podía estar producindo a desaparición do berberecho; da falta de controis de puntos de verquido —na ría de Arousa seguen existindo 74 puntos contaminantes de verquido—; sobre se hai algún estudo respecto do uso indiscriminado de pesticidas; sobre as medidas de vixilancia de microorganismos como a cianobacteria no encoro do Umia; sobre a existencia ou non de circuitos pechados de auga nas depuradoras e como podía estar influíndo isto; sobre a influencia da mina de Touro; sobre a ausencia de control sanitario das especies importadas.

¿Tivemos algunha información respecto de cal destes elementos, en que medida, en que dimensión o conxunto deles, un máis que outro? Non, o que vimos foi simplemente dicir que había un problema. Tamén soubemos que desapareceron os elementos de estudo colgados dunha batea. Cousas que pasan, supoño, nas repúblicas *bananeras* pero que tamén lle pasaron á Consellería. E por moito que a conselleira veña dicir que toda a información é transparente..., ¡bueno! O sector pediulle reunións, pediulle mesas de diálogo, pediulle que se comprometera, pediulle medidas para a rexeneración dos lombos, das zonas de libre marisqueo, do bohío, de Cabío, e ¿que fixo a Consellería?, facerse de Covas, e cando xa a produción estaba en números negativos, colgoulle o morto ao sector e facede o que poidades. Iso si, sen un



compromiso por parte da Consellería en recursos nin en apoio, co cal, evidentemente, o mínimo que se pode pedir é información.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Polo Grupo Común da Esquerda, ten a palabra o señor Jove González.

O señor JOVE GONZÁLEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bueno, pois aquí estamos novamente para falar dun tema xa tratado noutras ocasións. De verdade é unha mágoa que agora non estea a conselleira de Pesca, porque creo que estea tema lle había interesar tamén. Precisamente pola mañá puxo cara de gran sorpresa cando nós pediamos máis investimento en investigación. Dixo que o Intecmar era un centro exemplar —por certo, unha apreciación coa que nós, dende logo, estamos de acordo—, onde se facía un gran traballo, e que o orzamento era suficiente. Bueno, pois aquí imos ver hoxe claramente un tema onde o Intecmar necesita non os recursos que ten, senón moitísimos máis.

Insisto nas felicitacións a este organismo e ao seu persoal polo seu bo facer, especialmente na súa unidade de patoloxía, e nós non nos conformamos. Sobre a *Marteilia* xa van sete anos desde que padecemos esta epidemia que, realmente, dezmoou no 2012 a poboación do berberecho en Galicia, provocando mortalidade masiva de ata o 80 %, facendo reducir a incidencia do bivalvo en Galicia do 50 % no ano 2000 ata o 30 % na actualidade.

Respecto desta propia moción do PSdeG, xa avanzamos que a imos apoiar. Nós tamén queremos ver eses informes que afirmou ter a conselleira sobre as previsións de que a epidemia de *Marteilia* está a remitir, pero, sobre todo, penso que o que queremos todos os grupos da oposición —polo menos todos os grupos intervinientes ata o de agora— é saber o porqué, por que está a remitir a *Marteilia* neste momento, pois a pesar de ter descuberto xa por fin o copépodo que actúa como hóspede intermediario, e isto é unha declaración realmente importantísima que fixo o outro día a conselleira —díxoo un pouco coa boca pequena pero é algo importantísimo, é un avance realmente importante—, aínda así seguimos sen coñecer a orixe desta praga, seguimos sen coñecer cales son os motivos desencadenantes dos brotes, e isto para nós é fortemente preocupante.

O feito da remisión do brote é, desde logo, unha boa noticia se se confirma que se mantén no tempo, pero non é de recibo que se afirme que se debe a causas naturais como hipótese principal. Non pode ser que levemos sete anos investigando sobre algo e agora a Consellería faga unha especie de triunfalismo sobre que hai causas naturais que están facendo remitir este parasito.

O feito da remisión do brote non pode facer que se investigue menos, pois son aínda máis as incertezas que as seguridades que existen neste momento. Dende logo, fai falta manter o esforzo investigador para saber se isto é produto da polución, se isto é produto dos verquidos, se son cianobacterias, se son outros axentes contaminantes. Saber a orixe, de onde vén isto, é o único que pode impedir que se volva repetir.



E, desde logo, preocúpanos especialmente a finalización o ano que vén, no ano 2020, do proxecto Cockles, que é principalmente o que nutriu de recursos a investigación neste campo nos últimos anos. Foron 3,6 millóns de euros que puxo a Unión Europea precisamente para avaliar como está o estado do berberecho. O ano que vén este proxecto desaparece, e nin a Xunta de Galicia nin este Parlamento teñen absolutamente ningún tipo de previsión de poñer recursos á disposición do Intecmar para suplir a desaparición deste proxecto.

Nós si presentamos unha emenda parcial, desde o Grupo Común da Esquerda, intentando precisamente paliar dalgún xeito as repercusións no Intecmar da desaparición e do fin do proxecto Cockles, de 100.000 euros, para proxectos de investigación das mareas vermellas e dos parasitos na acuicultura.

Sobre os informes solicitados por esta moción, á parte dos efectuados de forma autónoma polo Intecmar, tamén nos gustaría ter precisamente os informes que este proxecto Cockles prevía nos seus obxectivos sobre novas técnicas de xestión, desenvolvemento, procedementos, tecnoloxías de recuperación de bancos de berberechos, cuantificando os beneficios económicos e sociais, orientando e asesorando sobre boas prácticas a produtores, administracións, axencias ambientais, ONG, etc.

Tamén falamos hoxe pola mañá, na comparecencia da conselleira, sobre como defender o valor dos produtos galegos, especialmente do berberecho, onde unha gran parte do que se comercializa co nome de Galicia na súa tapa vén directamente desde Inglaterra ou desde Portugal, simplemente aquí se envasa e xa é produto galego. Desde logo, parécenos verdadeiramente un atraso, unha perda de capacidade de poñer valor engadido nun produto local de enorme calidade. Teño aquí unha foto, por exemplo, duns berberechos dun supermercado nestes últimos días. Aquí pon Pesca de Galicia, e sen embargo aquí pon extraído en Portugal.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor JOVE GONZÁLEZ: Desde logo, este tipo de cousas parécenos que son relevantes sobre a falta de exactitude no etiquetado dos produtos que se están vendendo, e entendemos que a Xunta debería facer unha clara acción para evitar este tipo de cousas que prexudican gravemente o sector do mar. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Jove.

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra a señora Salorio Porral.

A señora SALORIO PORRAL: Grazas, presidente.

Creemos que hoxe é de xustiza utilizar un anaco do meu tempo, do meu turno de intervención, para pedirilles ás responsables da oposición que se desculpen, porque no seu día o Partido Socialista de Galicia dixo que Feijóo era o máximo responsable dos falecementos dos enfermos da hepatitis C. O BNG dixo que o PP deixou morrer a pacientes por criterios económicos, e as Mareas de Podemos dixeron que a Xunta decidiu deixar morrer a uns pacientes cando na farmacia había medicamentos para salvarlos. Despois do auto de arquivo ditado pola xus-



tiza sobre este asunto, se queda algo de humanidade, de responsabilidade e de decencia na oposición, deberían ofrecer unha desculpa aos altos cargos que pasaron un calvario persoal durante anos, á Xunta e, por suposto, ao Partido Popular. (*Aplausos.*)

Dito isto, vou falar do berberecho, que para iso vin aquí. A intervención da conselleira na interpelación do señor Torrado, hai quince días, foi clarificadora por sumar información e datos. Creo que folga dicir moito máis.

Os datos do que vai do 2019 son positivos, e cabe sinalar que estes son un 13 % máis altos que a media dos últimos catorce anos en descargas e un 56 % máis en facturación. De xaneiro a outubro do 2019 descargáronse 2.250 toneladas de berberecho, cun valor económico aproximado de 15 millóns de euros. A estas alturas do ano, rondamos xa os datos da extracción do 2018.

Con referencia ao primeiro punto da moción, se ben podemos estar de acordo, tamén é certo que cabe matizar que existe abundante información pública con referencia tanto ao berberecho como á *Marteilia* que lle afecta a esta especie. Tanto é así, que mesmo o Cima ten publicadas na web as memorias de actividade ata o 2016, e estas vanse facendo públicas a medida que se van pechando accións de investigación. Ademais, cabe sinalar tamén que os proxectos financiados con fondos europeos soen traer aparelladas partidas para a publicidade dos seus contidos e dos seus resultados, como fai constantemente a Consellería. Sirva de exemplo o proxecto Cockles, que se atopa accesible na web. Mesmo en moitas ocasións o proxecto Cockles tamén volve ser exemplo deste caso, incluso están sendo difundidos os seus resultados a través das redes sociais, co que os fan máis accesibles, ao público en xeral, e aos profesionais do mar en particular.

Mais cabe sinalar neste punto unha cuestión que entendemos necesario participarlle ao resto da Cámara e pedirlle resposta ao grupo que demanda esta publicidade. Refírome á ausencia de peticións ao abeiro do artigo 9, de información e documentación en referencia a esta especie e á súa evolución. ¡Curiosa inqueda e curiosidade que xorde agora!

En relación co segundo punto, aventurar cal vai ser o comportamento dunha especie no medio mariño é cando menos complicado. As previsións a medio e longo prazo neste aspecto poden ser aventuradas, incluso facelo a curto prazo tamén o pode ser. Poden ser estragadas por múltiples factores; menciono catro exemplos. As choivas e a chegada de auga doce aos bancos marisqueiros afecta ao seu crecemento e viabilidade. As correntes e réxime de ventos afectan á chegada de alimento, á presenza de toxinas e ás temperaturas das augas. A presenza de depredadores ou patoloxías. O volume de extracción realizado anteriormente define directamente os reprodutores existentes para o seguinte ano.

Con todo, cabe sinalar o noso acordo por canto estes informes están xa realizados por parte dos biólogos de zona, e constato que estiveron á disposición dos interesados, que son as propias confrarías, e así nolo confirmaron varias delas.

Cremos, por tanto, que unha consellería que ten respondido á disposición desta Cámara o 95 % da información demandada, non terá problema en dar cumprida información neste



ámbito da petición; mesmo que lles sexan explicados nas xefaturas territoriais correspondentes, aos seus membros, por parte dos biólogos coñecedores dos mesmos.

Ao respecto do terceiro punto, cremos que tampouco hai impedimento en aceptalo, por canto a mesma conselleira, na súa intervención para dar conta do proxecto de orzamentos para o 2020, explicou nesta Cámara que o programa 561A, correspondente a I+D+i, medra nos seus fondos un 6,4 %, cifra superior á demandada neste punto. Esta contía é importante, pois vai máis alá da propia investigación que dá resultados nos transferidos ao sector.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora SALORIO PORRAL: Si, remato.

Sirva de exemplo o orzamento do Cetmar, que pasou de apenas 50 millóns de euros no 2009 aos máis de 292 millóns no 2018.

Para rematar, confirmarlles o noso apoio á moción, e tamén solicitar máis coherencia neste eido por parte dalgúns grupos da oposición.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Salorio.

Polo grupo autor da moción, ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Sorprenden tamén nesta moción, pero non hai ningún problema en dar algunha resposta ao que dixo a deputada, que tamén é sorprendente. A vantaxe de defender certos discursos coherentes permite poder dar respostas coma esta.

Mire, nós, o noso grupo, tiven eu a oportunidade de intervir neste pleno nun debate sobre a hepatitis C, e subscribo coma por coma e palabra por palabra o que dixemos. Vouno repetir, podendo ser non literal, descúlpeme se non o son, pois... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Bueno, eu creo que si fai falta. A resposta xudicial dirá o que diga, que non nos corresponde, pero nós discutimos aquí, no Parlamento, unha cuestión moral, cousa que seguimos defendendo. *(Murmurios.)* E discutimos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Estou falando dunha cuestión moral, se non lles importa, escoiten. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Discutimos unha decisión política, e unha decisión política que consiste en que non a todos os enfermos de hepatitis se lles deu o tratamento, cousa que non tería ocorrido con outro goberno. *(Aplausos.)* E permítanme un engadido. Esa decisión, que é unha decisión moral e política, que é a que nós discutimos e seguimos discutindo, é a que vostedes lles pesará toda a vida, se teñen a ben facelo.

Moitas grazas. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, por favor. ¡Silencio! ¡Silencio!



O señor TORRADO QUINTELA: E a partir de aquí, sobre a moción que viñeron discutir...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, silencio. Estamos xa na última intervención antes de votar. Silencio.

O señor TORRADO QUINTELA: ...sobre a iniciativa que algúns grupos viñemos debater, agradezo o apoio amosado. Por fin, señora conselleira, imos ter os informes que vostede dixo aquí hai xa dúas semanas. Seguramente tivo vostede influencia en que votara a favor o Partido Popular. Agradecemoslle ese voto a favor e celebrámolo. Hai algunha apreciación sobre o dito, creo que o señor Pancho Casal citou un par de cuestións. Creo que vostede debería revisar o protocolo e o procedemento de como se dan eses permisos, e podo compartir que é escueto o 5 % de investigación. Ocorreume unha cousa. Cando vostede dixo que era escueto, busquei a súa emenda para ver onde pedía aumentalo e non a atopei. Entón, vaime permitir que me diga vostede que é escueto, pero non lle encontrei onde me está proponendo aumentala, porque podería ter sido interesante.

É escueto, e nós entendemos tamén as dificultades que ten aumentar uns orzamentos que en termos xerais están bastante estruturados, porque as cuestións de persoal e o gasto corrente xa delimitan moita parte, pero nós cremos que empezar a aumentar unha boa parte é un paso. Seguramente se podería aumentar máis, e aí ten vostede toda a razón.

Insistir no agradecemento do apoio á moción, a ver se a partir de aquí, dese nivel de informes que podemos obter, temos a capacidade entre todos de poder dar algunha resposta un pouco máis solvente para o sector, que a está demandando, e podería ser produtivo para todos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos ás votacións das mocións. Pechen as portas.

Empezamos coa votación da primeira moción, a 3.1; non no debate, senón a 3.1 do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de dona María Ángeles Cuña Bóveda e dona Luca Chao Pérez.

Aceptáronse as emendas do Grupo Parlamentario Mixto e do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa atención á diversidade do alumnado nos centros docentes.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.



O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos agora á votación da segunda moción, 3.2, do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de dona Carmen Santos Queiruga.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D^a Carmen Santos Queiruga, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa situación dos xulgados de violencia contra a muller.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos agora á votación da seguinte moción, a 3.3, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado Quintela.

A esta iniciativa non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa extracción de berberecho nas rías de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta moción por 70 votos a favor.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos finalmente á moción 3.4, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez.

Aceptouse a emenda do Grupo Parlamentario Mixto. E do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego acéptase o que era a emenda de adición ao punto número 2, que se inclúe como punto 2.e).



(A señora Rodríguez Arias pide a palabra.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¿Dígame, señora Rodríguez?

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: En relación coa votación deste punto, na intervención da señora Blanco retou ao Grupo Popular a votar a favor do primeiro punto. Nós, na nosa intervención, dixemos que se o Grupo Socialista así o dispoñía, votaríamos a favor...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pero ¿que é o que quere vostede?

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Saber se podemos votar e se aceptan eles votar a favor deste primeiro punto. Votación separada... (A señora Rodríguez Arias pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señora Blanco, ¿acepta vostede a votación por puntos? Dígame se a acepta. (Murmurios.)

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Eu creo que, se escoitou enteira a miña intervención, escoitaríame tamén dicir que o tema da pobreza é un tema transversal, e que se vostedes queren votar en contra dos temas de vivenda... (Interrupcións.) ...e dos temas de emprego...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Xa está. Rematamos. Moitas grazas, señora Blanco. (Protestas.) (Murmurios.)

¡Silencio! ¡Silencio! O autor pode decidir como se vota, polo menos ata o de agora. Silencio. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Fortes murmurios.)

Pasamos a votar. Cada un que vote o que estime oportuno. Silencio, señor Pazos. ¡Silencio! Estamos votando. Non sei se o saben, pero estamos votando. (Murmurios.) ¡Silencio, que despois non saben o que votan! (Fortes murmurios.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa pobreza e a exclusión social.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos ao seguinte punto, de proposicións non de lei. Abran as portas, por favor.

Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. David Rodríguez Estévez, sobre a dotación pola Xunta de Galicia dos medios



persoais e orzamentarios necesarios ao Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, coa cobertura das vacantes de persoal investigador existentes

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz-adxunto e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. num. 33261).

Emenda de adición.

Débese engadir in fine, na parte resolutiva da iniciativa, o seguinte texto: "... antes de que remate esta lexislatura."

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boa tarde.

A investigación é fundamental para o futuro de calquera país, e a investigación é fundamental para o futuro do noso agro e do medio rural galego, que ten moitos retos por diante que precisan dunha investigación punteira. Retos como a diversificación produtiva, a sustentabilidade do modelo produtivo agrario e lácteo. Nomeadamente, a redución da dependencia dos insumos na agricultura e gandería, a produtividade dos cultivos forraxeiros, a loita biolóxica para as pragas e doenzas, a creación de novos produtos e un longo etcétera. E para unha agricultura familiar democratizada e sustentable é fundamental que a investigación sexa pública.

Poderemos escoitar moi boas palabras por parte do Partido Popular e da Xunta de Galicia, pero despois de dez anos as palabras xa non valen, o único que valen son os feitos e as cifras, e as cifras din que, a pesar de que o Plan estratéxico de Galicia 2010-2014 fixaba como obxectivo incrementar o gasto en I+D+i ao 2 % do PIB galego, a día de hoxe estamos no 0,94 %, menos da metade do obxectivo proposto polo Goberno Feijóo e moi por debaixo do nivel no que estabamos cando chegou Feijóo ao Goberno; non moi por debaixo, pero por debaixo.

No Plan 2015-2020, no Plan estratéxico de Galicia, o mesmo Goberno Feijóo rebaixou o obxectivo de incremento en gasto en I+D+i ao 1,5 % do PIB, pero incumprírase tamén unha vez máis, e Galicia estará por detrás no gasto en investigación no Estado español. Unha promesa incumprida máis do señor Feijóo, que se acumulan a un ritmo trepidante. Mentres aquí estamos no 0,94 %, a media estatal está no 1,24 %. Para chegarmos á media, teríamos que incrementar en 189 millóns de euros ese gasto.

As cifras son estas, e os feitos din que a aposta do Partido Popular é a aposta polo desmantelamento ou o debilitamento dos sistemas públicos de formación, asesoramento e investigacións agrarias. Así o temos denunciado no desmantelamento das oficinas agrarias



comarcais, onde sistematicamente se deixan sen cubrir as vacantes nos centros de formación agroforestal; e así se ve tamén no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, que é obxecto desta iniciativa; un centro que está nunha situación de precariedade practicamente desde que vostedes chegaron ao Goberno, onde do ano 2012 a 2013 reducíronse un 45 % as prazas cubertas de investigadores, e dende entón seguimos na mesma situación.

Neste centro de investigacións agrarias de Mabegondo, un centro cuns profesionais punteiros e uns grandes profesionais comprometidos, hai 22 prazas de investigadores das cales só están cubertas 11, e levamos moitos anos coa metade das prazas sen cubrir. Esta é a realidade, isto non é discutible.

Desprezo absoluto pola investigación agraria pública. A realidade tamén nos fala dun recorte no gasto corrente nos investimentos durante estes anos, gasto corrente que dificulta o correcto funcionamento do centro, e redución dos investimentos, que implica a deterioración das instalacións. Esta situación de recortes en persoal dificulta tamén o acceso deste centro e dos equipos que se poidan formar a fondos que se obteñen en concorrencia competitiva. A escaseza de equipos con suficiente persoal o que fai é que mesmo se poidan obter recursos fóra dos orzamentos da Xunta, o que mostra que, ademais de recorte económico, se produce unha mala gobernanza e unha —cremos nós— dilapidación de recursos.

Produce tamén o truncamento do desexable relevo na investigación, que é un labor de moito tempo, de moito estudo, de moita perseverancia e estabilidade, como tamén sucedeu na investigación da mellora xenética do millo, onde este centro contaba cun dos expertos máis importantes a nivel mundial, que se xubilou e que non ten relevo actualmente, ese traballo deixouse de facer. Cando se escatima en profesionais pasan estas cousas, pérdense coñecementos que son dun valor incalculable. E non é só a redución de recursos humanos e económicos, senón tamén a mala gobernanza e a ineficiencia na utilización dos fondos públicos, e todo este conxunto de cousas pon en risco a investigación pública para o futuro; unha investigación pública no agro fundamental para o noso futuro.

A Xunta de Galicia, na súa política de destrución do rural, aposta polo desmantelamento deste. Pero nós cremos que o futuro dese medio rural está no coñecemento, no coñecemento democratizado, e non só no coñecemento en mans das multinacionais.

Para tapar esta desfeita, o Partido Popular, para tapar a súa verdadeira política, opta pola publicidade e propaganda e, finalmente, pola frivolidade, como é o anuncio do traslado do banco de xermoplasma ao parque temático do medio rural de Sergude. Confirmen aquí que iso vai ser así, que hai a intención de trasladar o banco de xermoplasma ao parque temático do medio rural de Sergude, porque o coñecemos por comunicados da Xunta de Galicia, pero nada máis. Confirmen aquí se iso é certo.

Nós o que cremos é que vostedes queren reducir o medio rural a un parque temático, queren reduci-lo a algo que pode mostrarse nun museo, pero pouco máis. Mentres que fan este parque temático, desmantelan aquilo e aquelas estruturas que crearon ese banco de xermoplasma con anos de traballo.



Eu non sei se o Goberno galego entende que é un banco de xermoplasma, como funciona e que necesidades ten. A min paréceme que non, ou ben que lle importa pouco o que pase con este banco de xermoplasma. Unha cuestión que nin sequera foi consultada co persoal do centro, co persoal que traballa todos os días con este banco de xermoplasma, que precisa dunha óptima conservación e tamén da multiplicación en campos de cultivos, dos que moitas veces incluso están mal dotadas as instalacións do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo.

Estes profesionais son desoídos unha e outra vez. Polo tanto, cada vez é máis visible a súa política de destrución do rural para deixar vía libre para que esas grandes empresas e multinacionais, ás que vostedes favorecen, fagan negocio. Ese modelo tamén se reflicte na eliminación do paritorio de Verín, unha medida máis que desmantela o rural e que lle quita o futuro ao rural; ese modelo leva anos baleirando Galicia, baleirando o rural galego.

Fronte a ese modelo, nós cremos que o modelo de futuro ten que pasar polo coñecemento para crear emprego e riqueza para a maioría e para poder fixar poboación no rural. Ese modelo debe apostar por reforzar os servizos públicos e por non desmantelalos. Non hai outra maneira de fixar poboación que con servizos públicos. A pequena agricultura, esa que crea máis emprego e de mellor calidade, non se pode facer sen servizos públicos de investigación. Só poderán facer investigación e formación as grandes empresas, pero esas empresas son as que noutros lugares, noutras latitudes, traballan cuns traballadores con precariedade absoluta, que explotan absolutamente os traballadores e que provocan graves impactos no medio ambiente.

Débase apostar pola diversificación produtiva e a sustentabilidade, e para iso é imprescindible unha investigación pública reforzada e potente. Por iso, nesta proposición non de lei pedimos que se dote dos recursos humanos e económicos necesarios, pero nada máis que para cubrir as prazas que constan neste Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, esas 22 prazas que constan na relación que vén nos orzamentos e das que non están cubertas once. Que as doten de recursos económicos, porque o gasto en investigación, en persoal e en recursos económicos para investigación é un investimento de futuro que recibimos de volta multiplicado por moitas veces.

Ese é o futuro para revertir a situación do rural deste país. O que vostedes levan aplicando nestes dez anos, lévanos aos datos que coñecemos hoxe en día: un agro cada vez máis abandonado, máis envellecido; un rural cada vez máis abandonado e máis envellecido.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Sánchez.

Para a intervención dos grupos, en primeiro lugar ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Socialista, o señor Pérez Seco.

O señor PÉREZ SECO: Grazas, presidente.

Señorías, boa tarde.



O Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, do que falamos hoxe nesta iniciativa, é un centro de referencia na investigación agroalimentaria non só a nivel galego, senón tamén a nivel estatal e a nivel estranxeiro. Un centro cunha gran historia, un dos mellores centros de I+D+i que posúe a Consellería do Medio Rural, polo que son innumerables os proxectos que ten desenvolvido o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo. Proxectos como pode ser a investigación sobre o millo forraxeiro, como dicía antes o señor Sánchez; investigación sobre árbores froiteiras; investigación sobre silos; investigación sobre xestión sostible de pastos; investigación sobre a produción con especies gandeiras autóctonas e cruces, etc. É dicir, falamos dun inmenso legado que hai que seguir consolidando, mantendo e potenciando, polo que a transferencia de coñecementos, tanto desde o mundo rural á investigación como ao contrario, nestes dous sentidos da balanza, é unha función imprescindible para o bo funcionamento e o aproveitamento do labor de investigación do centro de Mabegondo.

Na actualidade, co cambio climático, a perda de poboación no rural e a falla de relevo xeracional faise cada vez máis necesario o labor do centro de Mabegondo, para poder adaptar as explotacións e todo o sector agroalimentario galego aos novos tempos e aos que están por vir. Sen embargo, nestes últimos anos estamos a ver como parece existir un desinterese por parte da Xunta de Galicia, e máis concretamente da Consellería do Medio Rural, en que o centro de Mabegondo siga funcionando a pleno rendemento. Iso obsérvase, como ben dixo o portavoz do Grupo Común da Esquerda, en que os investigadores están por debaixo do 50 % das prazas reais dispoñibles. Isto fai que moitos proxectos, tanto nacionais como estranxeiros, non se poidan desenrolar neste centro. Os investimentos en novos materiais e instalacións tamén parece que quedaron estancados, e reduciuse o número de fondos propios para o gasto corrente.

Vemos como nos orzamentos para 2020 a Consellería do Medio Rural, a través da Agacal, ten unha partida de pouco máis de 300.000 euros para un estudo de ideas en Sergude, máis exactamente no Pazo de Quián, onde a Xunta recreará a Galicia rural. Parécenos ben que se potencie e que se poña en valor o rural, para iso estamos na lexislatura do rural. Está ben que se fagan novas instalacións, novos proxectos, pero non se debe deixar de lado o que temos ata agora, como é o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, centro de referencia na investigación agroalimentaria.

Como dicía antes, o número de investigadores vai reducíndose, xa que os profesionais se van xubilando sen que haxa relevo por parte da Xunta, e esta situación lévanos a pensar que existe un desmantelamento deste centro. Digo desmantelar porque a non incorporación de persoal, e a idea da Consellería de mover do centro de Mabegondo a Sergude o banco de recursos fitoxénicos de Galicia, con sementes de todos os produtos da horta, parece indicar que a Consellería non ten moito interese no centro de Mabegondo.

Xa para rematar, presentamos unha emenda para poñerlle deberes á Xunta e que incorpore o persoal necesario para investigación no centro de Mabegondo antes de que remate esta lexislatura. Nós imos votar a favor desta iniciativa aínda que non sexa aprobada a nosa emenda, e, señor Sánchez, espero que teña máis sorte que cando debatemos esta mesma iniciativa na Comisión 7ª.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Pérez Seco.

Polo Grupo Mixto ten a palabra o señor Rodríguez Estévez-

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas de novo.

Hai 131 anos, en 1888, creouse a Granxa-escola Experimental da Coruña, con propósito de investigación, formación e difusión de coñecementos e tecnoloxía agraria. Á granxa uníuselle un ano despois a Estación de Fitopatoloxía de Galicia, situada nas mesmas instalacións. O actual Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo e o Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia proceden ambos daquelas institucións que nos seus inicios foron pioneiras, singulares e avanzadas no conxunto da España preindustrial. Estamos falando de 131 anos de historia.

A comezos dos anos setenta tivo lugar un punto de inflexión na situación da investigación agraria galega. Por primeira vez na historia, e grazas aos acordos co Banco Mundial, un conxunto de xoves titulados universitarios e universitarias foron enviados e enviadas a diversos centros de investigación e universidades estranxeiras para especializarse en diferentes áreas temáticas agrarias. Estamos falando de 131 anos de historia. Ao seu regreso, estes especialistas puxéronse mans a obra, dentro do recen constituído Centro Regional de Investigación y Desarrollo Agrario, no seu labor de xerar coñecemento aplicable, novidoso e útil para o desenvolvemento da agricultura galega. Contaban para iso con novas instalacións na finca do CRIDA 01, sitas en Mabegondo, onde están agora mesmo.

Podemos afirmar que o sistema de investigación agraria aplicada en Galicia comezou aquí un progresivo devalo desde finais dos anos oitenta, coincidindo coa desaparición dos instrumentos de transferencia de coñecementos aos agricultores, que facían de ponte entre a investigación e os destinatarios da mesma. Aquí podemos pararnos a estudar datas. E foi co Bipartito, a partir do ano 2006, cando se empezaron a poñer as bases para reconfigurar de novo o sistema de investigación da Consellería de Agricultura daquela, hoxe Consellería do Medio Rural. A súa posta en práctica partía dunha premisa, que era recoñecer na práctica o papel estratéxico da investigación aplicada, a transferencia de tecnoloxía e a formación agraria no desenvolvemento do rural galego, de forma compatible coa economía de recursos públicos.

Este era un CIAM en estado puro na súa premisa investigadora, un CIAM en estado puro na súa transmisión de coñecementos. E no CIAM a partir do ano 2009, falando de orzamentos, dicían que estaba por escribir «pero confiemos en que permitan continuar o labor de modernización dos centros de investigación da Consellería do Medio Rural, para seguir impulsando a tarefa de xerar e transmitir coñecemento ao sector agrario galego».

«Confiemos en que o novo goberno» —dicían alá polo ano 2009— «entenda que os investimentos en investigación e formación, e en transferencia de tecnoloxía, son investimentos produtivos e de futuro, nos que se basea a competitividade a medio e longo prazo



para a agricultura galega». Non o fixeron. O Goberno do Partido Popular que entrou a gobernar daquela non entendeu nada e tirou polo chan 131 anos de historia.

Non se repuxeron efectivos de persoal investigador de campo; hoxe estamos falando de que está por debaixo do 50 % dos efectivos. Non se efectuaron investimentos en maquinaria, instalacións e equipamentos científicos. O Goberno galego non atende a necesidade de persoal do centro, tanto de investigadores como de persoal laboral. Das 22 prazas de investigadores, 11 están vacantes. A escaseza de persoal dificulta o traballo e a captación de fondos procedentes de proxectos europeos, que estamos perdendo. Tamén existe carencia orzamentaria para a xestión diaria do propio centro, reducíndose ata dificultar enormemente a xestión do mesmo. E na lexislatura do rural, a Xunta de Galicia leva anos desmantelando e debilitando a investigación, formación e transferencia de coñecementos.

Por iso, vemos máis que necesaria esta proposición non de lei, e como dixo o señor Seco, esperemos que corra máis sorte que a que tivo na comisión.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rodríguez Estévez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes, señorías.

Disque houbo un tempo neste país de leite e mel en que a investigación pública estaba ao servizo do desenvolvemento e transformación económica do campo e mantiña en actividade un bo número de investigadores. E damos fe deste feitos aqueles que fomos testemuñas do esforzo feito pola poboación campesiña que transformou o rural, dando como froitos a revolución do leite. Transformación social e económica dos sectores agrícola e gandeiro, que saían do autoconsumo autárquico do XIX, xa no último terzo do XX, e que transforman o rural galego en leite e carne, tractores e actividade febril, dinamismo e esperanza. Esa revolución ten dous motores, que traballan nunha única engranaxe: as axencias de Extensión Agraria e o CIAM. A investigación agraria xa viña de vello: Granxa Agrícola de Monelos, de 1888, a Misión Biolóxica, Cruz Gallástegui, a hibridación do millo, as pratenses e o traballo de campo. A experimentación e a ansia común de sacar a Galicia do illamento e da pobreza económica en que recaera pola involución franquista.

E así, nos oitenta e noventa prodúcese o milagre e o campo bole —como lles dicía— nun frenesí de cambio que eu diría revolucionario. Logo chegan os bárbaros e decretan que hai que frear a recuperación, que as pequenas explotacións deben pechar e, sobre todo, que é preciso privatizalo todo para que todo resulte máis efectivo e máis rendible, non sabemos para quen. E coa insensibilidade e coa rapina propia da dereita, o público é desmantelado inmisericordemente. O asesoramento privado substitúe o público, e a investigación pública, ao servizo da sociedade agraria, é apaleada intencionadamente.



As oficinas agrarias son desmanteladas e o CIAM é saqueado, e a medida que os titulares das prazas de investigación se xubilan, estas quedan baleiras, orfas de continuidade, e a experiencia, a escola creada ao longo dos anos, estrágase e pérdese, porque a xeración de investigadores formada nos anos setenta do pasado século nos mellores centros de investigación agraria do mundo xubilouse coincidindo coas lexislaturas do señor Feixóo como presidente do Goberno galego. Moitos destes investigadores seguiron voluntariamente ata os setenta anos; a algúns deles negóuselles poder continuar cumpridos os sesenta e cinco. E aos investigadores que se formaron e realizaron as súas teses ao abeiro da súa experiencia e coñecemento non se lles deu a oportunidade de continuar por non convocar os procesos selectivos para cubrir as prazas de investigación vacantes, tendo que marchar, con máis de corenta anos de idade, con extensos e brillantes currículos adaptados ás liñas prioritarias de investigación agraria.

Este traballo de aniquilación leva dez anos, e xa deu os seus froitos. O 50 % das prazas sen cubrir e sen propósito da emenda por parte da Consellería. Entre as liñas de investigación máis salientables que quedaron sen investigadores, e que afectan aos sectores fundamentais do rural galego, destacan as seguintes.

Economía agraria. Xubiláronse os investigadores que realizaban estudos sobre aspectos económicos das explotacións agrarias de Galicia e publicaban anualmente os estudos de custos de produción do sector lácteo galego.

Mellora xenética do millo. A mellor colección de variedades autóctonas de millo de todo o Estado, do banco de xermoplasma do CIAM, non ten quen a custodie nin renove as sementes. Os traballos de selección e mellora dos novos híbridos adaptados ás condicións galegas están paralizados de xeito irreversible.

Mellora xenética de pratenses. Idéntica situación que a sinalada para o caso do millo. Por certo, o millo e mais a herba son os alimentos básicos do noso vacún, e se carecemos de responsables, o irremprazable patrimonio xenético dos bancos de xermoplasma vai ir desaparecendo, porque a semente, se non se renova cada certo tempo, perde poder xerminativo.

Sistema extensivo de produción de carne de vacún con base en pastos e forraxes. A liña de investigación chegou a ter no CIAM cinco investigadores, e agora non ten ningún. ¿Problemas de orzamento? Pensamos que non. Antonte anunciaron *a bombo y platillo* que van pulir dez millóns de euros nun escaparate de cen hectáreas en Quián, Sergude, nunha megalómana festa de propaganda en que converteron o rural galego nos últimos dez anos. E seica van levar para alí o banco de xermoplasma, ese tesouro que sobreviviu á barbarie do Partido Popular nos últimos anos mercede ao voluntarismo dun poucos. E seica ninguén vai facer as investigacións necesarias que aceleren a adaptación das nosas sementes á seca anunciada, esas que conforman o pasado e o presente e deberán estar no futuro da nosa alimentación. E seica a adolescente Agacal ía facer os posibles por subsanar as carencias, pero nada de nada.

Desde o BNG apoiaremos esta PNL e apoiaremos calquera política que afortale a investigación pública en beneficio dos sectores económicos do rural. Todos debiamos facelo, todos. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor Rivas Cruz.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Blanco Paradelo.

O señor BLANCO PARADELO: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Efectivamente, estamos ante unha iniciativa do Grupo Parlamentario de En Marea, rexistrada o 9 de xullo por Antón Sánchez García e Davide Rodríguez Estévez. Eu penso que por respecto ao outro autor deberían compartir o tempo na exposición, e tería vostede que ter ese turno tamén porque vostede é autor. Estamos falando de por aquel entón, xullo de 2018, cando En Marea era aquel grupo forte que gobernaba nas cidades; aquí eran o grupo maioritario da oposición; era a alternativa aquela que ía solucionar todos os problemas; e resulta que vostedes mesmos se converteron no seu maior problema.

Estaban felices por aquel entón porque un mes antes derribaran, xunto co Partido Socialista, un goberno do Partido Popular cunha moción de censura lexítima, pero infame e vergoñenta, apoiada nunha falsidade froito dun párrafo sectario que apareceu nunha sentenza. Daquela, señor Sánchez, vostedes clamaban contra todos os casos de corrupción. E hoxe e estes días, contra o maior caso de corrupción, que condena ao Partido Socialista por roubar 680 millóns dos ERE, vostedes non dixeron absolutamente nada. *(Aplausos.)* Por iso, eu quería dicir que, efectivamente, o Partido Socialista non vai pedir desculpas por ter acusado ao señor Feijóo de máximo responsable das mortes por culpa da hepatitis C, non vai pedir desculpas. E dicía o anterior deputado que unha cousa é a resolución xudicial e outra é a moral. Pois os xuíces falan moi claro nos caso dos ERE, e dixéronlles que vostedes son o partido máis corrupto de Europa, e vostedes non dixeron nada. *(Aplausos.)* E se queren, imos á parte da moral, e a moral é que roubaron 680 millóns que ían dedicados aos parados, ¡que hai que ter vergoña! *(Aplausos.)*

Indo á iniciativa, señor Sánchez, eu agradézolle moito que volva traer a iniciativa, porque nos dá a oportunidade de volver falar do Centro de Investigacións de Mabegondo e tamén do Agacal, que é de quen depende. Eu o que non sei é por que vostede sempre que presenta a iniciativa só pregunta por este centro de investigacións de Mabegondo. Non sei se ten algún interese persoal neste centro. A min gustaríame que mo aclarara porque vostede nunca fala dos outros centros. Ademais deste centro, teño que dicirlle que está tamén o Centro de Investigacións Forestais de Lourizán, a Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia en Leiro, o Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia, estrutura que ademais complementa con seis centros de formación e experimentación agraria en Sergude, Guísamo, Becerreá, Pedro Murias, Ribadeo, Monforte de Lemos e Lourizán. E vostede destes non fala de ningún. E di vostede que non só palabras, eu voulle dicir feitos.

Mire, o director de Agacal compareceu para explicar os orzamentos de que depende e son uns orzamentos que se incrementan máis dun 18 %, chegando aos 33,7 millóns de euros. Especialmente queremos dicir que se incrementan os investimentos reais no capítulo VI en máis dun 43 %, o investimento dedicado a I+D+i agrario, forestal e gandeiro galego. E as



transferencias de capital, o capítulo VII, increméntase case nun 24 %. Tamén quero dicir que hai que destacar a suba dun 30 % dos centros de investigación de Mabegondo e Lourizán e o mantemento do orzamento dos seis centros de formación, con case 700.000 euros. Por iso, tamén quero dicirlle que concretamente o centro de Mabegondo, que di o PSOE que non se ten interese no centro de Mabegondo e vostede fala de desmantelamento: capítulo II, gastos correntes e bens e servizos, no ano 2018, 313.160 euros; no 2019, 650.000 e no 2020, 713.000. ¿A que desmantelamento se refire vostede? Gustaríame que o explicara.

Por certo, di vostede nas súas emendas que cada vez vai ter menos persoal, e resulta que a partida de persoal, no capítulo I, crece un 6,36 %. ¿Non se dá conta de que non teñen absolutamente ningún rigor as súas afirmacións? O que eu lle quero dicir é que se está a traballar, como lle dixo o director de Agacal, na consolidación dunha estrutura administrativa de servizos centrais que permitan ao persoal investigador adicarse á súa función principal: a investigación. Tamén se está a traballar, como dixo, en conxunto con outros departamentos responsables da Xunta, para a dotación das prazas de persoal investigador, as que realmente engaden valor engadido fronte ás meramente centradas en labores de apoio á investigación. E terceiro —tamén llo dixo o director—, que se porá en breve un plan estratéxico integral para a formación no ámbito agrario, gandeiro e forestal —espero que lle guste o nome ao señor Rivas—, que incluírá a formación regrada e profesional, ademais dos certificados de profesionalidade e formación continua, e...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BLANCO PARADELO: ...que imparten os seis centros inscritos nesta axencia.

Polo tanto, nós non podemos aprobar unha iniciativa que parte de premisas falsas e quere chegar a conclusións [...].

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Blanco.

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Falando de moral, vostedes non son inmorais, son amorais, carecen de todo sentido da moral. *[Son miserables, son un partido corrupto de arriba a abaixo]. (Expresión retirada do Diario de Sesións polo señor presidente, Calvo Pouso, ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento.) (Interrupcións.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Non teñen nin a máis mínima decencia, ¡nin a máis mínima decencia! Non se pode debater con vostedes. Non se pode debater con vostedes porque ao que se dedican, como o señor Blanco Paradelo, cando non teñen argumentos nin feitos, é a botar merda,,,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio! ¡Silencio, señor pazos! ¡Silencio!



O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...a botar merda. Que o Partido Popular veña aquí falar e exixir aos demais algo sobre corrupción é dunha indecencia absoluta, ¡absoluta! (*Aplausos.*) Non teñen decencia. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) Berren o que queiran.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio! ¡Señor Pazos, silencio.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: E como non teñen decencia...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio! Desculpe, señor Sánchez... Señor Sánchez, desculpe un momento.

¡Silencio! Señor Pazos, chámoo á orde. ¡Silencio!

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Como non teñen decencia, non se poñen colorados cando menten. E non se poñen colorados, cando falan diante dese persoal que traslada as súas reivindicacións xustamente dende hai anos, ao mentir diante dese persoal que sabe o que vostedes fan.

Vostede vén aquí e mente, e non fala do que ten que falar, porque non ten decencia nin dignidade nin moral. Iso é o que fai. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

Ben, a partir de aí...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio! ¡Silencio! ¡Tranquilos! ¡Silencio, señor Blanco!

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Non estou insultando, estou definindo. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

Non, non, é unha definición...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Blanco, silencio, ou chámoo á orde. ¡Silencio!

Remate.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Espero poder rematar co tempo, porque levo dous minutos sen falar.

En canto á cuestión que nos trouxo aquí, desde hai sete anos este centro en realidade ten, de vinte e dúas prazas, once cubertas, e sobre iso o señor Blanco Paradelo non deu ningún argumento de por que se mantén o 50 % das prazas vacantes. Non deu ningunha explicación de por que, habendo un dos maiores expertos en mellora xenética do millo, non se fixo o relevo cando este se xubilou e non se preveu o relevo, e por que está nesa situación o banco de xermoplasma e a investigación en forraxes e en pratenses. Non dixó nada porque non teñen argumentos, porque, realmente, teñen que falar desas outras cousas das que vostede falou para non falar de que realmente están desmantelando todo o público, sexa na investigación agraria, sexa na sanidade, sexa nos servizos sociais. Vostedes e a súa ideoloxía neo-



liberal é o que fan. É o que fan. Recoñézano e digan que para vostedes non ten sentido gastar en investigación pública para que non pase o que pasa agora no mundo e o que está pasando en Galicia, que o monopolio do coñecemento o teñen as grandes multinacionais, e con iso crean unha dependencia enorme dos agricultores a nivel mundial. Iso é o que se consegue cando se lle quita o poder de ter servizos públicos á xente que non pode pagar por si mesma unha investigación como si poden pagar as empresas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...que investigan e despois fan negocio cos agricultores a custa de gobernos coma o seu...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Polo tanto, a verdade é esa, e o resto, o que veu facer vostede e o que fan xeralmente vostedes, é botar merda aos demais para non falar da súa realidade. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Miren, o artigo 104 do Regulamento di que se pode chamar á cuestión aos deputados sempre que estiveran fóra da cuestión, xa por digresións estrañas ao punto que se trate, xa por volver sobre algo que estivera discutido. Normalmente, neste parlamento, dende hai moito tempo, utilízanse os turnos por parte dos deputados para facer alusións a outros puntos, por parte de todos os grupos, sen discusión, de todos; tanto os dun lado, como os do outro, como os do medio; todos fan o mesmo. Normalmente pódese chamar á cuestión. O que si, dende logo, non facemos é prolongar o tempo. Se alguén quere utilizar o seu turno para falar doutra cousa, alá el; eu creo que non se debe de facer. Dende logo, unha aplicación estrita daría para chamar á cuestión. A min, dende logo, non me parece nada oportuno por parte de ningún, pero aquí téño visto por parte de deputados de todos os grupos; de todos, sen excepción. De verdade, de todos. Eu espero que non se repita e, se non, pois adoptaremos a decisión de chamar á cuestión no primeiro instante.

Dito isto, señor Sánchez, eu pídlle que retire da súa intervención o cualificativo de «miserables e corruptos» referido a todos os deputados deste grupo parlamentario. *(Murmurios.)*

Silencio.

Pídlle que retire esas palabras da súa intervención.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Non as retiro. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Vale, pois xa está. *(Murmurios.)*

Non, non, xa está. *(Murmurios.)* Xa está. *(Murmurios.)*



Retíroas eu. (*Murmurios.*) ¡Xa está! (*Murmurios.*) Non aparecen no *Diario de Sesións*, retíroas eu e chámoo á orde. (*Murmurios.*) E ten unha chamada á orde porque vai implícito na retirada por parte do presidente. Retíraas o que está, neste caso, en funcións do presidente e xa non aparecen no *Diario de Sesións*.

Así que imos continuar coa seguinte iniciativa.

Proposición non de lei do G. P. Mixto, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación de Galicia respecto do cambio climático e a deterioración ambiental

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. (*Murmurios.*)

Vou ter que seguir chamando á orde.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado Luís Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Engadir un novo punto ao final co seguinte texto:

«Crear o comité de crise fronte á emerxencia climática, coa participación de todas as administracións, co obxecto de estudar, planificar e coordinar todas as liñas de actuación así como as medidas que é necesario aplicar a curto, medio e longo prazo.»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Vilán Lorenzo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (10/PNP-004029, doc. núm. 54429)

Emenda de modificación.

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Declarar Galicia como país en estado de Emerxencia Climática, por estar ameazada toda a sociedade en xeral e tamén o mundo natural.
2. Elaborar e poñer en funcionamento, nesta lexislatura, un plan para revitalizar o medio rural galego, traballando a escala adecuada (proximidade, comarcalización) na administración dos recursos agrícolas e forestais.
3. Elaborar, antes do comezo do mes de marzo de 2020, unha estratexia para reforzar a prevención de incendios forestais -tanto con medios persoais como materiais e económicos- e na que se inclúa



unha Axencia de Prevención de Incendios (100% pública, dependente da Xunta de Galicia) que teña como obxectivos a coordinación e integración nun único dispositivo das accións de prevención de incendios e a comunicación fluída co dispositivo de extinción. A dita Estratexia terase en conta na aprobación do Pladiga2020.

4. Elaborar, antes do comezo do mes de marzo de 2020, un Estudo que teña como obxectivo o impulso da autoxeración e o autoconsumo de enerxías solar e xeotérmica (tamén no sector público) e a posta en marcha da explotación da potencia do mar para a xeración de enerxía renovable.

5. Establecer, nesta legislatura, un plan autonómico de descarbonización, ao amparo do Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima, co horizonte de acadar unha economía neutra de carbono no ano 2030, e que conteña, como mínimo, alternativas para a produción de enerxía a partir de fontes diferentes ao carbón (como biomasa, lodos de depuradora ou residuos agrarios) e solucións compensatorias para unha transición ecolóxica xusta.

6. Promover un Plan completo de I+D+i para o fomento de tecnoloxías e infraestruturas para a adaptación ao cambio climático nos sectores estratéxicos galegos, especialmente no agro, na xestión de residuos e na industria.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

De novo, boa tarde.

Vivimos nun tempo de emerxencia climática. Vivimos nun tempo de deterioración ambiental que acadou xa case un punto de non retorno, de non volta atrás. A transición cara a unha economía libre de emisións de efecto invernadoiro require un profundo cambio social e, por tanto, un profundo cambio político.

A situación da deterioración e de emerxencia climática global ocasionada por unha política de crecemento ilimitado e de depredación baseada na explotación depredadora dos recursos naturais é un mecanismo de distribución comercial inxusto —inxusto socialmente e inxusto ambientalmente— e un modelo de consumo que require un cambio radical nas políticas enerxéticas, industriais e de consumo que promoven as grandes corporacións e que as po-boacións sen crítica, en moitos casos, practicamos. A situación de desequilibrio ambiental e de desigualdade humana, norte e sur —que inclúe cada vez uns focos máis amplos de degradación ambiental no norte e de máxima pobreza no sur—, demanda medidas urxentes, accións enérxicas e unha visión interxeracional.

A ecoloxía política non é unha política máis dun programa de cambio, é un modelo sobre o que facer pivotar todo o resto da axenda climática, como están a formular moitos movementos en diferentes partes do noso planeta.

En Marea reconece como certos os seguintes feitos: o cambio climático é unha crise urxente que representa unha grave ameaza para a estabilidade mundial e para a propia existencia



humana. O Panel dos gobernos sobre o cambio climático emitiu un informe especial sobre o impacto do quentamento global e a necesidade de reducir as emisións globais de gases de efecto invernadoiro antes do 2030 para manter o quentamento a 1,5 graos e evitar os impactos máis catastróficos do cambio climático. Isto pode ser posible con accións ambiciosas das autoridades estatais, nacionais, subnacionais, da propia sociedade civil, do sector privado, dos pobos e das comunidades locais. O ritmo e a escala actuais da acción climática nacional non son suficientes para evitar danos significativos á economía, ao medio ambiente e á saúde humana nas próximas décadas.

Debemos formar parte da corrente de cambio global e asegurar programas de transición enerxética, industrial e do consumo que permitan abordar os retos da mudanza climática, á que determinadas grandes corporacións asentadas hoxe no noso país, en Galicia, contribúen decisivamente. Programas que teñan como piares a autosuficiencia enerxética sostible, o consumo responsable e a propia soberanía alimentaria. Se non collemos a bandeira da loita contra o cambio climático, imos traizoarnos xa non só a nós mesmos senón tamén ás vindeiras xeracións que están nas rúas demandando que non se lles roube o seu futuro. Hai que construír unha proposta de futuro sostible para a sociedade galega. Isto supón unha redefinición da propia política forestal, das explotacións agrarias e gandeiras, da nosa forma de consumir, do noso xeito de gobernos e do noso tecido produtivo, así como a mellora da concienciación na reciclaxe de todos os recursos naturais existentes e dos recursos naturais que xeramos.

A explotación dos nosos montes ten que pasar da economía depredadora do monocultivo do eucalipto e do piñeiro á recuperación de especies autóctonas e tradicionais, como poden ser carballos, castiñeiros ou bidueiros, ben adaptadas ao noso clima, cunha nova lei forestal de Galicia que prohiba as plantacións en todo o territorio destas especies foráneas e que fixe o obxectivo realista de substitución gradual do eucalipto e do piñeiro por especies frondosas autóctonas dotadas de financiamento adecuado. E isto é totalmente o contrario do que o Goberno galego está a facer coa revisión do novo Plan forestal.

En canto á xeración de enerxía, a única enerxía renovable que está nos plans da Xunta é a eólica, e precisamente é a que ten máis impacto ambiental. Acadar a soberanía enerxética significa impulsar a autoxeración ou o autoconsumo de enerxía solar, de enerxía xeotérmica, e poñer en marcha a explotación doutro tipo de enerxías. Débese apostar pola mobilidade eléctrica, a limitación de circulación de vehículos contaminantes e a creación dunha infraestrutura ferroviaria propia para as cercanías que vertebre o territorio e que reduza así o uso dos coches, o uso do vehículo privado.

É necesario adoptar medidas de simplificación administrativa para non poñer en perigo a consecución dos obxectivos en materia de mitigación da crise climática. A visión de catro anos e as boas palabras acompañadas moitas veces por parte do Goberno de nula vontade de cambio real son cousas do pasado. Estamos en estado de emerxencia; temos que actuar, temos que facelo de xeito colectivo e non podemos perder máis tempo.

Pedimos nesta proposición non de lei: declarar Galicia como país en risco de emerxencia climática por estar ameazada toda a sociedade en xeral e tamén o mundo actual; implementar



un plan neste curso político para revitalizar o medio rural galego, traballando á escala adecuada, proximidade e comarcalización na administración dos recursos agrarios e comarcais —non levar *caterings* dende O Porriño a Manzaneda para darlles de comer aos nosos nenos—; elaborar no prazo máximo de dous meses unha estratexia para reforzar a prevención dos propios incendios forestais, tanto con medios persoais como materiais e económicos, replantexando o actual sistema de extinción a ter en conta na aprobación do Pladiga do ano 2020; e elaborar no prazo máximo de tres meses un plan para impulsar a autoxeración e o autoconsumo de enerxía solar ou xeotérmica.

Señorías, pedimos nesta proposición non de lei, entre outras cousas, declarar a emerxencia climática. E declarar a emerxencia climática require asumir o cumprimento de compromisos políticos reais e de compromisos políticos que sexan vinculantes; moito máis ambiciosos que os que actualmente manexa o Executivo do señor Núñez Feijóo, coa seguinte asignación de recursos para facer fronte á crise climática: unha folla de ruta vinculante que sexa capaz de garantir as reducións de gases de efecto invernadoiro anuais necesarias, abandonar os combustibles fósiles, apostar por unha enerxía cento por cento renovable e reducir a cero as emisións netas de carbono o antes posible de maneira urxente e prioritaria, en liña coas indicacións do informe do IPCC para limitar ese aumento das temperaturas a 1,5 graos centígrados dos que falabamos antes.

Un estado de emerxencia implica redirixir todos os recursos dispoñibles da Xunta para afrontar a crise climática cos problemas asociados que conleva. A declaración de emerxencia climática supón iniciar un proceso de educación, de formación e de concienciación de toda a poboación sobre a verdade da crise ecolóxica e o enorme cambio necesario para frear a emerxencia.

Por iso, nesta proposición non de lei, pedimos o apoio de todos os grupos parlamentarios.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rodríguez.

Por parte dos grupos parlamentarios ten a palabra, en nome do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Voulles ler un titular dun medio de comunicación destes días: «O mundo en dirección contraria: consome cada vez máis enerxía, queima máis combustibles fósiles e aumenta as emisións». Este titular fálanos da dramática realidade, a pesar de todos os acordos sobre o clima, que quedan moi ben no papel, pero parece que se asinan para incumprirse. E así foi desde o de Río ata o máis recente de París do 2015, que xa era un acordo moi *light* e aínda así non se está cumprindo, tal e como están poñendo de manifesto os informes do Panel Intergubernamental para o Cambio Climático das Nacións Unidas, que están alertando e chamando a atención sobre as graves consecuencias que ten o incumprimento deses acordos.

Agora estamos no Cumio de Madrid, no COP25, e resulta que estes cumios teñen tamén as súas dúas caras. Por un lado, teñen a cara do debate público, da alerta, da alarma sobre a



gravidade da situación e da necesidade de tomar medidas; e teñen tamén a cara do espectáculo —dun espectáculo cínico e perverso, moitas veces obsceno— neste auténtico exercicio de cosmética, de camuflaxe, de engano masivo no que os principais responsábeis da crise do clima queren facerse pasar polos salvadores do planeta, comezando polo propio patrocínio: o dunha multinacional que se chama Iberdrola, a do famoso abrazo do Obradoiro. Na historia recente deste país hai dous abrazos memorables: o de Sánchez e Iglesias e, agora —e tamén antes—, no 2009, o abrazo memorable de Feijóo e o señor Galán na praza do Obradoiro (*Aplausos.*) para pagar os favores futuros.

E este tipo de cumios son tamén un exercicio de filibusterismo, como o do alcalde de Madrid, que parece que caeu do poni camiño da Almudena (*Risos.*) ou camiño de Mingorrubio —non sei para onde ía, pero a verdade é que caeu do animal e agora converteuse á loita tamén contra o cambio climático—, ou un exercicio de fariseísmo tamén da Xunta de Galiza, que tamén se apunta ao lavado de cara coa súa asistencia a este cumio e que defende e promove políticas que non van en contra, senón que favorecen o cambio climático —como comentaremos despois, se nos dá tempo—.

O importante aquí é centrar o debate, coma sempre, nas causas. E aquí vale a frase famosa, célebre tamén: «É a economía, estúpidos»; ou, se queren, mellor: «É o capitalismo, estúpidos». Porque é ese capitalismo depredador, voraz e baseado no espolio dos recursos o que está causando esta grave crise. E vímolos estes días, ademais, con esa apoteose do consumo do *Black Friday*, que a vostedes tanto lles gusta. Pois iso é destruír recursos; iso é ir contra o comercio tradicional, o comercio de proximidade, o comercio local, e favorecer ese comercio das grandes multinacionais que ten uns impactos negativos brutais.

As declaracións de emerxencia climática neste contexto están ben, quedan bonitas, pero non deixan de ser tamén unha moda que empezou en Gran Bretaña e que, se non está acompañada de medidas concretas, de compromisos concretos, e só é unha declaración para a galería, pois tamén acaba sendo un exercicio de camuflaxe e de simulación. E se ata o Partido Popular abraza este tipo de declaracións xa non sabemos o que pensar: pura cosmética, política Chanel, política Loreal, que é o que fai o Partido Popular. (*Risos.*) (*Murmurios.*)

Por iso, nós propoñemos medidas doutro tipo, empezando pola propia xerarquía do Goberno. Vostedes teñen unha media dirección xeral dedicada ao cambio climático, e nós propoñemos un comisionado, propoñemos unha axencia para o clima e para a meteoroloxía, e tamén propoñemos, a través dunha emenda, que se faga un comité de crise no que estean todas as administracións, que teñen que traballar xuntas para afrontar este grave problema e cambiar de raíz, a dirección, das políticas sectoriais que está facendo o Partido Popular en materia de residuos...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...en materia de mobilidade, en materia forestal, en materia mineira, en materia enerxética...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.



O señor BARÁ TORRES: ...ou de ordenación do territorio.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Hai que cambiar esas políticas para...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. Xa rematou o seu tempo.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Boa tarde —noite xa— a todos e a todas.

Alá polo mes de xullo, propoñiamos dende o Grupo Parlamentario Socialista unha declaración institucional para declarar Galicia en estado de emerxencia climática. Non soubemos moito —ou nada ás veces— de ningún dos outros grupos, e non foi adiante. Hoxe temos unha proposición non de lei do Grupo Mixto que, no seu primeiro punto, pide esa declaración, e non de estado, senón de risco de emerxencia climática. Xa se nos adiantaron o Congreso dos Deputados e o propio Parlamento Europeo, que así o ten declarado. Naquel momento nós criamos que, entre todos, podíamos facer que Galicia fose pioneira —sería a segunda comunidade autónoma en España en facelo—, pero, sexa como sexa, está ben facelo hoxe tamén.

Eu vou ler uns parágrafos que non son sectarios; son do secretario xeral da ONU. Non son sectarios porque non son os fallos dunha sentenza como a da Gürtel, que condenou por ser partícipes a título lucrativo polo delito de apropiación conforme o artigo 122 do Código penal. Son parágrafos non sectarios —porque non están nunha sentenza— que dixo o secretario xeral da ONU o día que abriu o Cumio do Clima: «Debemos facer máis do que se nos pide pola xente, debemos amosar ambición política. Se non, haberá unha traizón ao conxunto da familia humana e das xeracións vindeiras. Ou detemos a adicción ao carbón ou todos os nosos esforzos para enfrontar o cambio climático estarán condenados. Se non cambiamos urxentemente a nosa forma de vida, poñemos en perigo a vida mesma». Din estes parágrafos non sectarios; os sectarios só están nas sentenzas, polo que dixo o señor Moisés Blanco Paradelo.

Tamén o director xeral da OMS dixo: «O cambio climático non é só unha factura que deberán pagar as xeracións vindeiras, senón que se está a pagar xa agora a través da saúde das persoas».



Pois ben, fala de carbón e de ambición na mitigación, na adaptación e no financiamento contra o cambio climático, que é o que levamos anos dicíndolle ao Goberno do Partido Popular nesta Cámara. Un día, aí atrás, dicíase nos que —é verdade— calquera iniciativa, calquera proposición non de lei que se traía sobre o cambio climático, é pouco ambiciosa; sempre son pouco ambiciosas. Por moita ambición que teñamos, xa imos por detrás, porque o proceso xa está en marcha e non o imos poder parar aínda que queiramos. En todo caso, poderemos adaptarnos e poderemos mitigalo.

Nós fixemos unha emenda para intentar mellorar a petición da proposición non de lei do Grupo Mixto e engade dous parágrafos que estaban na nosa moción anterior, pois cremos que é importante que en Galicia exista un plan de descarbonización. Está moi ben vir aquí dicir non sei que doutros gobernos, e non facer nada con relación á descarbonización do país, que é imprescindible para que esa transición ecolóxica xusta exista. Cremos que é preciso ese plan autonómico de descarbonización —e por iso vai o noso parágrafo quinto— e tamén promover un plan completo de I+D+i para que existan novas tecnoloxías precisamente para nos adaptar a esa situación que xa existe e que nos vai acompañar a nós, dende logo, sen dúbida ningunha, ata o final das nosas vidas, e tamén ás xeracións vindeiras, especialmente no agro, na xestión de residuos e na industria.

Intentamos mellorar tamén a redacción dos catro primeiros puntos da proposición non de lei. Cremos que é importante dicir que non é que esteamos en risco, senón que xa estamos en estado de emerxencia climática. Non é que exista un risco, é que xa está aquí. Non é un risco, xa a temos. ¡Xa a temos!, xa vivimos con ela. Cremos que no parágrafo segundo a nosa proposta está, quizais, un pouco máis clara, e poñemos datas —antes do mes de marzo do ano 2020, do ano que vén— para elaborar, precisamente, unha estratexia de reforzamento da prevención de incendios forestais cunha axencia de prevención de incendios que sexa pública no seu cen por cento, e tamén un estudo que impulse esa autoxeración e autoconsumo de enerxía, de todo tipo de enerxías renovables que se nos propoñen na proposición non de lei.

Agardamos que a nosa emenda sexa aceptada.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán.

Polo Grupo Común da Esquerda ten a palabra o señor Cal Ogando.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Vaia por diante que imos apoiar esta iniciativa que trae hoxe o Grupo Mixto, o Grupo de En Marea, ben sexa no seu texto orixinal ou se fai algún tipo de transacción ou asume algunha das propostas do PSOE ou do BNG, coas que tamén estamos de acordo. Apoiaremos todas as iniciativas —como xa temos dito noutras ocasións— que vaian na dirección de combater o cambio climático con medidas concretas e con medidas decididas porque a situación é verdadeiramente unha situación de alarma e de emerxencia, como xa teñen manifestado os voceiros dos grupos que interviñeron antes ca min.



A propia Axencia Europea do Medio Ambiente, no seu informe *Cambio climático, impactos e vulnerabilidades*, di que España, o Estado español, é o país que presenta unha maior vulnerabilidade fronte ao cambio climático. Existen evidencias absolutamente alarmantes que indican a incidencia do cambio climático no Estado, como o incremento da temperatura nun grao e medio, que chega a dous graos nalgúns partes do territorio; un incremento do nivel do mar na costa atlántica e cantábrica de ata seis milímetros por ano; unha situación de seca crónica en boa parte de todo o territorio, con sete das dez concas hidrográficas con maior estrés hídrico de toda Europa, e a desaparición de case o noventa por cento da extensión dos glaciares no Estado, cun incremento acelerado nas tres últimas décadas. Estes son os datos concretos, os datos empíricos, que falan da gravidade da situación en todo o conxunto do Estado español en concreto.

A estas evidencias hai que sumarllas a incidencia nas causas xeradoras do cambio climático: un aumento das emisións de CO₂ que foi récord no presente ano, o que significou un incremento do 4,46 % respecto do ano anterior, así como unha desoladora situación en materia forestal, cun aumento dos incendios do 94 % por cento con respecto á década anterior, dos cales o 70 % se producen en Galicia.

Neste contexto, Galicia presenta unha serie de elementos intrínsecos específicos que a fan especialmente vulnerable fronte ao cambio climático, mais conta tamén, pola contra, con excelentes potencialidades para abordar con solvencia unha necesaria e profunda transición ecolóxica na industria, na agricultura, na enerxía e no transporte. O que fai falla é vontade política; o que fai falla é abandonar o negacionismo e poñerse a traballar decididamente ante esta emerxencia.

A xestión ambiental levada a cabo en Galicia nas últimas décadas acrecentou esta situación de vulnerabilidade fronte ao cambio climático. Logo de anos de negacionismo continuado, as consecuencias agroman en forma de múltiples problemáticas medioambientais que requiren un cambio profundo nas políticas públicas. A evidencia dos incontestables efectos causados polo cambio climático leva aparellada tamén un aumento na conciencia social en Galicia. Cada vez máis, a cidadanía urxe, polo tanto, as administracións públicas para que acometan as problemáticas medioambientais dende unha óptica integral que abrangue todas as políticas públicas.

Segundo o informe *Sociedade ante o cambio climático*, elaborado pola Universidade de Santiago de Compostela, nove de cada dez cidadáns son conscientes de que o cambio climático está a ocorrer, mais consideran de forma maioritaria que están pouco ou nada informados en materia de cambio climático. E para que isto ocorra, evidentemente, temos operacións de branqueo, como a que vivimos onte ou a semana na que se iniciaba o Cumio do Clima no Estado, na que a empresa que máis contribuíu ao cambio climático en Galicia e no Estado ocupa todas as portadas dos principais xornais explicando cales son as solucións do cambio climático. Vémoslo tamén en discursos negacionistas do socio da extrema dereita do Partido Popular e mesmo en membros destacados do Partido Popular. O negacionismo no Partido Popular está liderado polos expresidentes: tanto polo señor Aznar como por M. Rajoy. Vimos hai poucos días como Aznar dicía que non pasaba nada, que non había que xerar alarma co cambio climático —evidentemente, sabemos que defende os intereses de Endesa, a empresa



que máis contribúe ao cambio climático—. Vimos tamén a Rajoy cando dicía que o seu cuñado dicía que se non sabemos o tempo que vai ir dentro dunha semana, como imos saber o clima de dentro dez anos. O mesmo M. Rajoy —amosando o seu nulo coñecemento das cuestións climáticas— dicía que é coma cando chove e ninguén sabe por que. Non sei se cando o señor Trenor dicía pola mañá que había políticos que non tiñan capacidade para falar destas cuestións se refería ao señor Aznar, ao señor M. Rajoy ou a el mesmo, que esta mañá dixo que somos uns exaxerados por dicir que hai que ter en conta o cambio climático para legislar sobre o principal vector de afección social e ecolóxica do cambio climático. Parecíalle unha loucura e parecíalle exaxerado ter en conta a Directiva marco da auga.

Se fora polo PP, seguiríamos con este modelo de arrasamento depredador; este modelo neoliberal, do neoliberalismo de amiguetes que está depredando o territorio...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CAL OGANDO: ...que está privatizando os beneficios e externalizando os custos tamén en forma de depredación...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CAL OGANDO: ...e extinción medioambiental.

Pola nosa banda, máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Cal Ogando.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Trenor López.

O señor TRENOR LÓPEZ: Si, boas tardes.

Señor Cal, non vou reproducir o que dixen pola mañá respecto da súa intervención. Queda rexistrada no *Diario de Sesións*. Se quere consultar a literalidade, se lle produce algún pracer, eu convídoos a que o faga porque a min me produce vergoña allea volver reproducir aquí o que dixen pola mañá.

Dicía a señora Vilán que podíamos estar por diante da Unión Europea, que aprobou hai nada a Declaración de estado de emerxencia climática. Pero eu quero recordarlle que xa estamos por diante da Unión Europea. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Nós xa estamos por diante, e estamos por diante grazas ao grupo maioritario, porque aprobou unha proposta de resolución que dicía literalmente: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a declarar o estado de emerxencia climática en Galicia». *(Aplausos.)* ¡Xa está! *(Aplausos.)* ¡Está feito! *(Aplausos.)*

O que eu non entendo é o problema que teñen vostedes para recoñecer a realidade. Claro, eu entendo que cando pasan anos ao mellor hai algunha lagoa da memoria, pero é que isto foi hai dous meses. Hai dous meses trouxemos a esta Cámara unha proposta de resolución na



que vostedes non votaron a favor, na que vostedes votaron en contra. Tanto as Mareas de Podemos... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...como o Grupo Mixto votaron en contra, e o Partido Socialista e o señor Bará, o Bloque Nacionalista, votaron en contra. (*Murmurios.*) ¡Votaron en contra da Declaración de estado de emerxencia climática! Entón, ¿que veñen dicindo aquí de que podíamos ir por diante da Unión Europea? ¡Claro que imos por diante da Unión Europea! Grazas ao Partido Popular, non a vostedes, porque para calquera cousa importante para o país nunca podemos contar con vostedes, con ningún dos grupos da oposición. (*Murmurios.*) ¡Xamais! (*Aplausos.*) ¡Xamais! (*Aplausos.*)

¡Tan importante é a Declaración de estado de emerxencia que vostedes non a apoian! Tampouco quixeron apoiar que se activasen coa máxima urxencia as medidas da Estratexia galega de cambio climático; tampouco quixeron vostedes apoiar que se fomentase a adhesión de todos os concellos de Galicia ao Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía, outra iniciativa... (*A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Señora Vilán, por favor! Son declaracións, son estratexias con orzamentos. Pero, mire, créame que ten bastante máis contido todo isto que o que vostede está a propoñer, e ademais voulle dicir por que. E ademais votaron vostedes tamén en contra de que houbera un proceso de transición ecolóxica máis ordenado e xusto. Vostedes votaron en contra diso. ¡Votaron en contra diso!

Miren, señorías, o cambio climático é unha realidade incuestionable e Galicia está preparada para afrontar ese reto. Aprobamos xa a Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050, o Plan rexional integrado de enerxía e clima 2019-2030 (*Murmurios.*), que inclúe cento setenta medidas coas cales se van mobilizar máis de mil douscentos cincuenta millóns de euros ata o 2023. Este documento estratéxico é o instrumento planificador da loita fronte ao cambio climático. Vai servir para establecer as grandes liñas de acción na loita contra o cambio climático dende unha perspectiva rexional centrada en Galicia, e permitirá tamén contribuír aos obxectivos establecidos a nivel global nesta materia. É unha estratexia que abrangue todos os eidos e estruturas ao redor de catro ámbitos: mitigación das emisións, adaptación aos seus impactos, investigación e innovación e, por último, a dimensión social, gobernanza e sensibilización. Cada un destes ámbitos leva aparellado unha serie de obxectivos que teñen medidas concretas, moitas de carácter transversal, e nas que se implican case todos os departamentos da Xunta de Galicia.

¿Pero vostedes coñecen cales son estas liñas? ¿Coñécenas? Non, non as coñecen. Porque vostede propón na súa emenda unha liña que está xa aprobada na estratexia: a de investigación. É que esa é unha das liñas que está aprobada, e non a leron. ¡É que non leron a estratexia! Se non, non presentaría vostede esa iniciativa. É que a min me está sorprendendo o descoñecemento absoluto e total que teñen os grupos da oposición da Estratexia galega e do seu plan integral. Tan importante é que non perderon nin un minuto en lela; tan importante.

Dende outubro, somos das poucas comunidades autónomas —a cuarta— que ten aprobada unha folla de ruta, a través dun proceso participativo de verdade, do que formaron parte



máis de seiscentas noventa persoas de diferentes ámbitos, que levan traballando dous anos...
(A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señora Vilán, vouna chamar á orde. Vai avisada varias veces.

O señor TRENOR LÓPEZ: Publicouse no *Boletín Oficial de Galicia* e á vostedes tamén puideron facer aportacións. ¡Nin unha!, ¡nin unha! Vostede díxome que a súa grande aportación foi ir visitar a anterior conselleira. ¡Esa foi a súa grande aportación á Estratexia de cambio climático! Díxoo aquí na anterior moción, na que debatemos isto.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Señorías, vostedes puideron apoiar a Declaración de estado de emerxencia en Galicia e non o fixeron. Vostedes...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...podían ter apoiado a Estratexia galega de cambio climático, e non o fixeron. Vostedes...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...podían ter apoiado o pacto dos alcaldes, e non o fixeron, e non o fixeron única e exclusivamente por miopía, por non preocuparse polos problemas de Galicia...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. Xa rematou o seu tempo.

(O señor Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.)

Moitas grazas. (Aplausos.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Señor Trenor, nós non apoiamos a súa declaración porque vostedes tiñan asociada esa redución de CO2 para o ano 2050. Nós emendámola e pediamos que iso fose para o 2040; penso que era bastante máis ambicioso.

E desa declaración saíu a Estratexia galega para o cambio climático e a enerxía 2050, da que vostede falou, e o plan operativo. Esta estratexia e este plan operativo, que se desenvolven para comezar a implantalos de aquí ao ano 2023, recollen na súa maior parte propostas simples en estudo e propostas sen orzamento. A responsabilidade da loita contra o cambio climático volve recaer outra vez na cidadanía, pois a Xunta evita reclamar unha redución das



emisións das industriais máis intensivas en carbono pola vía do abandono da xeración eléctrica con carbón. E por iso nós votamos en contra.

Pola contra, e coa escusa do secuestro de carbono, vai dar cobertura a unha nova vaga de eucalipto, seguindo o ditado do *lobby* pasteiro- enerxético, como xa vimos nalgunha portada de *La Voz de Galicia* na que dicía que o eucalipto fixa máis carbono que o propio castiñeiro ou que o propio carballo. Ou sexa, disparates. ¿Como imos apoiar iso?

Polo que atinxe ao amortecemento dese impacto da mudanza climática, o plan que vostedes sacaron non contempla o alongamento da superficie dos espazos protexidos incluídos na Rede Natura nin as zonas húmidas a arranxar, claves para o amortecemento do cambio climático, como xa nos advertiu a propia Comisión Europea.

No que atinxe á investigación, as cantidades orzadas de aquí ao ano 2023 non chegan a medio millón de euros. Isto non abonda para asegurar un seguimento eficiente do cambio climático no noso país. Medidas como a investigación dos seus efectos sobre os recursos hídricos, os ecosistemas terrestres, mariños e costeiros, o sector primario, o medio urbano, a saúde e os hábitats máis vulnerables, ou a investigación para mellorar os sistemas de monitoreo nin sequera teñen asignado orzamento. E polo que atinxe á gobernanza e á dimensión social, fallan programas e intervencións específicas no ámbito da educación ambiental non-formal e outras medidas de sensibilización, difusión e participación social nas que algunhas ONG e algunhas asociacións ecoloxistas levan moitos anos traballando.

Sobre as emendas, aceptamos a do Bloque Nacionalista Galego e agradecemos a súa aportación. Pídenos que a incluíamos ao final, pero preferimos incluíla no punto 1 e cunha pequena transacción. Onde dicimos «rectificación e mellora», «melloras técnicas dispoñibles». Despois mirámolo pero non modifica a súa emenda.

E sobre a emenda do PSOE, a ver... As emendas número 1 e número 2 do Partido Socialista non modifican para nada —penso eu— o texto orixinal. A número 4 tamén estamos dispostos a incluíla no noso número 4 e agradecemos tamén a aportación. E das outras, da 5 e da 6, case mellor mañá ao longo da mañá falamos, a ver se damos concluído.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rodríguez Estévez.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Prezas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas demandas da comunidade hospitalaria referidas ás deficiencias existentes en distintas especialidades e o futuro do servizo de cociña do Hospital Comarcal de Verín

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha autoemenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.



(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (10/PNP-004156, doc. núm. 56220).

Emenda de adición.

Débase engadir un novo parágrafo na parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:

<<Reverter de inmediato o peche do paridoiro no Hospital de Verín, devolvendo a este hospital o servizo coa dotación de persoal axeitada para a maior calidade asistencial.>>

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Adición in fine:

“e recuperar de forma inmediata o servizo de paritorio.”)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Quixera, en primeiro lugar, enviar o noso profundo recoñecemento e alento a todas as persoas que neste momento continúan pechadas no Hospital de Verín defendendo a nosa sanidade pública. (*Aplausos.*) Grazas por defender a nosa sanidade pública ante as actuacións do Goberno galego, que son indecentes e covardes, porque están actuando de forma indecente e covarde, e hai que dicilo con todas as letras. (*Aplausos.*)

Indecencia e covardía é o que levamos visto desde que o pasado 22 de novembro comunicaron sen previo aviso que ían pechar o servizo de paridoiro e de urxencias pediátricas; só temos visto mentira tras mentira e manipulación tras manipulación. Non pode cualificarse doutra maneira, e hoxe con esta iniciativa imos, primeiro, desmentir todas e cada unha desas mentiras e, segundo, exixir o que está pedindo o pobo, o que pediu o pobo o pasado sábado cunha manifestación de máis de vinte mil persoas, segundo os datos da propia protección oficial: que rectifiquen, señores do Partido Popular. Aínda están a tempo de rectificar esa política de desmantelamento, que, ademais, hai que dicir que non é nova —tal e como se recolle tamén nesta iniciativa— porque a súa axenda oculta é converter o Hospital de Verín nun centro de saúde grande.



Por iso, xa trouxemos aquí queixas sobre o servizo do bloque cirúrxico, con problemas de persoal. Xa se falou e xa estaba prevista esta manifestación sobre os problemas de dermatoloxía, derivada constantemente a Ourense por falta de persoal. E falamos tamén da sospeita cada vez máis confirmada de que a súa folla de ruta é pechar a cociña de Verín cando se abra a nova cociña do CHUO; esa é a súa folla de ruta.

E hai que dicir que é indecente tamén como se xestou todo isto, de costas ao persoal e mentindo sobre cal é realmente a intencionalidade do Goberno. Mentiron vostedes porque non foron quen nin sequera de dicirlle anticipadamente á xente do Hospital de Verín o que querían facer. Foron dun día para outro, á primeira hora da mañá, aproveitando que nin sequera estaba o máximo responsable da área de xinecoloxía nese hospital. Unha auténtica vergonza que amosa tamén a forma de actuar da Xerencia de Ourense, con premeditación e aleivosía. E iso é o que explica tamén que moitos profesionais marchen de Ourense por como se traballa alí e por como se organiza o Sergas nesa provincia.

E non só era algo programado, unilateral e premeditado, senón que o Goberno galego veu a esta Cámara mentir, porque o pasado 13 de novembro, nove días antes de que fixeran pública esta decisión, eu quero recordar que o BNG lle preguntou aquí ao conselleiro de Sanidade polo futuro desta situación ante as continuas queixas que había en Ourense pola demora de consultas de pediatria. Preguntamos abertamente, exiximos que o conselleiro dese aquí as listas de agarda do Servizo de Pediatria Hospitalaria dos tres hospitais de Ourense. Non o fixo, seguimos esperando. Pero non só iso. Eu díxenlle ao conselleiro de Sanidade literalmente que a súa axenda oculta era que, nuns anos, en Verín non houbera nin partos nin urxencias pediátricas. Mal sabía eu que non ía tardar anos, que ía tardar exactamente nove días. Iso é unha absoluta vergonza. Mentiron e sacaron unha nota de prensa que dicía literalmente que o Sergas estaba traballando para garantir a atención pediátrica nos hospitais de Ourense e que estaba tomando todas as medidas para garantila nos hospitais de Verín e Valdeorras. E non tardaron nin quince días en tomar esa decisión. Debera caerlles a cara de vergonza, debera caerlles a cara de vergonza. *(Aplausos.)*

Se esta falta de decencia xa invalida de por si que o señor Almuíña siga como responsable político da sanidade neste país, onte perdeu tamén unha oportunidade de rectificar despois de facerlle perder á xente do Hospital de Verín dúas horas e media da súa vida.

E, ademais, é que vostedes deberían aprender do pasado. Deberían aprender do pasado e do que esa comarca xa dixo no seu día: basta xa aos experimentos coa sanidade, ¡basta xa! Xa llo dixo ao señor Feijóo cando nos meteu neses experimentos de fundacións que en realidade eran privatizacións e que tivemos despois que rescatar outros con cartos públicos. Basta xa de xogar coa sanidade das persoas e do noso país. Deberan ter aprendido que non se xoga con esa cuestión e que a xente non o vai permitir.

Que fagan isto é inaceptable pero, desde logo, hai unha cuestión que a xente da zona nos transmite e que nós tamén entendemos así, que xa é o colmo dos colmos. Que fagan isto é inaceptable. É inaceptable porque están xogando con nais que teñen os mesmos dereitos que calquera outra nai do noso país e con nenos e nenas que deben ter os mesmos dereitos se son da Mezquita, de Viana, de Cualedro, de Oímbra ou de Verín que se son de calquera outra



parte do país. Pero xa o que é o colmo é que nos tomen por imbéciles, que é o que están intentando facer cando nos intentan inculcar esa política do medo. Están intentando tomar as nais como imbéciles, están intentando tomar a veciñanza como imbécil e os propios profesionais como imbéciles, e iso non é aceptable.

Eu xa lles digo que en Ourense hai moito tempo que a xente perdeu o medo. E iso é o que se demostrou tamén este sábado: que a xente está disposta a loitar, como está toda esa xente que está hoxe pechada no hospital. (*Aplausos.*)

E poden aproveitar hoxe para emendar esta errada decisión, que, por riba, está asentada en mentiras; é que nos queren facer pasar por estúpidos e estúpidas. A primeira gran mentira é que isto é unha decisión técnica. Queren vostedes vestir isto de decisión técnica, de que é algo que din *los expertos*, cando en realidade é unha decisión política. É unha decisión política do Partido Popular, de ningún gabinete técnico; é de Núñez Feijóo, de Vázquez Almuiña e do Partido Popular. (*Aplausos.*) E iso é o primeiro que teñen que asumir. Porque que o conselleiro tardase dez días —que é unha vergonza— en ir dar a cara a Ourense —que nin sequera se atreveu a ir a Verín— non fai que automaticamente esa decisión sexa do Espírito Santo; é da Consellería de Sanidade e é da Xunta de Galiza.

E, por riba, temos que escoitar que nos digan que é unha cuestión de seguridade, impondo ese discurso do medo coma se fósemos parvos e parvas. Falsean os datos porque, por riba, estiveron vostedes semanas falando de corenta e cinco partos, cando o propio persoal do hospital certifica que foron xa máis de sesenta, cando sabemos ademais desa estratexia de derivación a Ourense que estiveron facendo para autoxustificarse e cando sabemos, ademais, que están falando vostedes con base nuns estudos de 2009, sen acabar de ler a letra completa nin falar de que tamén sinalan que, en caso de desprazamentos grandes, é recomendable, aínda que sexa unha ratio menor, etc.

Pero xa independentemente de que a cuestión de fondo é que non somos números, que somos persoas, e de que os servizos públicos están para pensar en cumprir dereitos e non en cumprir números, nós preguntamos: se estabamos en tal perigo en Verín, ¿por que hai apenas uns anos que reformaron o paridoiro? ¿Por que? ¿Por que ata este momento se estaba dando esta situación? ¿Por que se dan ratios inferiores a esas que vostedes din en todos os hospitais comarcais de Galiza? ¿É que van pechar todos? ¿É que despois de Verín vai ir O Barco? ¿É que despois do Barco vai ir A Mariña? ¿É que despois vai ir algún outro? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) ¡Estamos como para crelos! Xa dixeron que non hai menos de quince días e despois fixérono, señores. (*Aplausos.*) Polo menos ruborícense un pouco, ¡ruborícense un pouco! (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Ademais, basean todo nun cuestionamento e insulto ás e aos profesionais. Que hai falta de pericia, din agora. Acaban de galardoar hai pouco o propio Hospital de Verín por un programa piloto sobre a depresión posparto —entre outras moitas cuestións que teñen recibido de recoñecemento— e agora a culpa vai ser das e dos profesionais, que xa lle estiveron contestando. É que ademais ten narices que o goberno que precariza,



que o goberno que chama da noite para a mañá unha persoa para traballar nun quirófano, sen saber se esa enfermeira ou enfermeiro ten experiencia nese quirófano ou non, e un longo et-cétera, que o Goberno que precariza o persoal, que o fai facer quilómetros, que fai que teña unhas condicións absolutamente abusivas, que fai que haxa médicos deste país que teñan recoñecidas —e que teñen que pagar vostedes do noso salario público— multas polas condicións abusivas —quinze mil euros en maio de 2019 a un pediatra de Ourense—, di que é falta de pericia dos profesionais. Son vostedes os que poñen en risco os profesionais e as persoas que traballan nos hospitais coas súas condicións laborais. (*Aplausos.*) Teñan un pouco de vergonza.

E ademais —grandes argumentos enriba da mesa— agora n'*Os mundos de Yupi* do Partido Popular é máis perigoso ir a un hospital e ter urxencias pediátricas, se tes un pequeno, que ir a un hospital e que non haxa urxencias pediátricas. Iso é como dicir que é máis seguro, para non coller unha gripe, durmir ao aire libre a tres graos baixo cero que durmir nunha casa con calefacción.

É que son argumentos que rozan o ridículo, señores do Partido Popular.

Eu non sei se alguén pode defender que para un meniño que estea en Malzavos, que estea en Pradocabalos, que estea en Oímbra, que estea en Cualedro —dá igual que estean moito máis achegados á cidade—, pode ser menos perigoso que os seus pais, ao mellor, decidan que non poden ir ata Ourense porque son unhas décimas de febre que que teña urxencias pediátricas cerca.

E tamén rozando o absurdo temos o conselleiro onte dicíndonos que «a ver, que non é un infarto, que é un parto». Primeiro, iso estao dicindo nunha provincia onde non hai hemodinámica vinte e catro horas (*Aplausos.*), onde se alguén ten un infarto ás catro da mañá acaba en Vigo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...acaba en Vigo, que é onde queren vostedes que acabemos parindo.

Desde logo, non nos enganan, sabemos cal é a realidade porque xa denunciámos hai quince días neste Parlamento...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...a realidade é que vostedes fixeron unha política laboral que hoxe en día fai que haxa unha falta de pediatras que é o que explica que vaian tomar esta decisión, porque non foron quen de atraer pediatras. E remato cunha única reflexión: se é tan perigoso ter este servizo en Verín...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...¿por que sacaron prazas de pediatría para intentar cubrilas? ¿Por que? Paren de mentir... (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Xa rematou o seu tempo. Ten despois outro turno.

Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Hai unha planificación ordenada e sistemática de recortes e redución de servizos nos hospitais comarcais. Indiscutible. Defendemos no noso grupo que había unha concentración encuberta de servizos, defendemos que as modificacións estruturais e normativas estaban feitas para isto.

Cando se aprobou a reforma da lei de saúde, que non afectaba neste caso a Verín pero si a outros que están perdendo os servizos, dixemos e mantemos, claramente, que esta reforma foi por causa de algo que non din porque se avergoñan; non o din pero fano por iso. Fano por estas cousas, para tomar este tipo de decisións. Evidenciamos constantemente a perda de servizos dos hospitais comarcais.

Hai dúas semanas aquí —hai tres preguntaba o BNG— os socialistas traíamos unha iniciativa sobre Verín. Leo literalmente: «A nova reorganización permite garantir servizos en Verín». Hai dúas semanas. Tres días despois perdeuse o paridoiro. Non é que vostedes recorten, é que parece ademais que desfrutan facendo sufrir a xente. ¡É que é lamentable! (Aplausos.) Porque veñen aquí dicir que están garantindo un servizo e sabían, mentres o estaban dicindo, que tiñan o machete na man para cortar un servizo. Sabíano e dino con toda a enteira do mundo.

E ademais, para aferrarse a unha decisión, están facendo algo lamentable. Primeiro, un xerente que intenta —intenta, porque non pode, porque non dá— abuchear cidadáns e profesionais cunhas formas lamentables. Teñen un conselleiro e a un presidente intentando desprestixiar os profesionais que non había calidade, que non había decencia e que non había pericia —onde non hai pericia é no goberno da Xunta; aí si que non hai pericia ningunha. (Aplausos.)

¡Están xogando cos titulares! Cando só criticabamos a oposición, era porque eramos uns alarmistas. Explíquenno vos: ¿son alarmistas e están disparando contra os profesionais da sanidade pública, que é o que nos din a nós, os seus alcaldes, que se manifestaron o outro día en Verín? ¿Son alarmistas e están manifestándose e están en contra da sanidade pública tamén os seus alcaldes? Descúlpeme, ¿son alarmistas e están en contra dos profesionais, están intentando desprezar a sanidade pública os seus compañeiros de Ourense que acaban de votar en contra e pedir a reintegración deste servizo? ¿Son tamén alarmistas? ¡Porque igual son alarmistas tamén! ¿Ou é que agora, como di o PP, xa non hai alarma sobre isto e agora é unha posición política? ¡Hai que ter cara para defender esta historia!

Están defendendo ademais unha política do medo. Explicouno aquí a señora Presas perfectamente: a política do medo é que non é seguro. ¿Quérenme dicir que o último neno nado naceu



sen seguridade? ¿Ese é o problema? ¿Non houbo seguridade para esa nai e ese neno? ¿Non a houbo? Porque, se ese é o problema, entón temos outro problema. Nós defendemos que si. ¿Por que? Porque nós cremos neses profesionais.

Por certo, están vostedes defendendo que hai algúns profesionais que defenden que había que retirar ese servizo. Vale; e hai moitos outros que din que non. ¿Sabe que quere dicir iso? Que as posicións técnicas moitas veces non son verdades unánimes e obxectivas. E hai posicións políticas: porque é unha decisión política recortar servizos nos hospitais comarcais e agora en Verín, tamén. É unha decisión política.

E, por certo —que antes cando se alarmaba aquí dicían que «non» abertamente—, despois de Verín irán os demais comarcais. E se algún deputado ou deputada, ou algún alcalde ou alcaldesa, concelleiro ou concelleira do Partido Popular cre que non, que o mire ben. Vaille tocar despois defender algo no que non cre; porque cre que só lle vai tocar a outro e non é certo. Se o criterio é o que din que é —que non é— deberían quitalos todos. Pero non o fan. ¿Por que? Porque están facendo, incluso, experiencia piloto para ver como se comporta a xente; pero a xente xa saben como se comportou —saíu á rúa—, os seus alcaldes tamén, as súas concelleiras tamén, os seus votantes e as súas votantes tamén, o seu grupo provincial na deputación tamén.

Están perdendo vostedes a oportunidade de demostrar, xa non que hai un consenso fóra da Consellería, senón que no Partido Popular hai un consenso para dicirlle ao conselleiro que se vaia, que reverta o servizo, que o poña outra vez en Verín e que por favor deixen de intentar abuchear a xente que está en contra das súas decisións; porque hai moitos profesionais e moitos cidadáns que non o entenden. E como é imposible entender cando están utilizando uns criterios unha vez e outros criterios, outra, é obviamente unha decisión política, voluntaria. Están enfrontando profesionais, están facendo que existan profesionais dun hospital e doutro enfrontándose como se fose un matrimonio que se separa e quere pelexar por un fillo ou por unha filla. Están enfrontando profesionais para defenderse dunha decisión que foi absolutamente errática...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...e que coma sempre ten en contra a todo o mundo menos á Consellería. Agora tamén ten en contra a bastantes do Partido Popular. Por favor, revertan esta decisión. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

O distrito sanitario de Verín, co hospital comarcal de Verín como referencia, engloba a comarca de Verín —vinte e cinco mil habitantes no ano pasado— e parte de Viana —cinco mil habitantes. Máis de trinta e unha mil persoas.



Nos últimos anos este hospital foi e está sendo obxecto de recortes na súa atención. Falamos da pediatría, e estámolo vendo estes días: xa non se garanten as gardas de vinte e catro horas, co cal hai datas nas que se deriva a atención sanitaria directamente a Ourense. Verín está a unha hora de Ourense, pero pobos da Mezquita, pobos de Vilariño de Conxo, pobos de Viana do Bolo ou da alta Sanabria, que están sendo atendidos aí, poden estar a dúas horas ou máis de Ourense.

Houbo modificacións de citas en cardioloxía. É tremendo para os seus usuarios que este servizo remate e sexa derivado a Ourense. En canto ás anestesistas, tres de catro prazas: unha de baixa non se cubre. Dende o 1 de setembro do ano 2019 o hospital de Verín non ten servizo de dermatoloxía. É común no Sergas a redución de servizos nas áreas máis despoboadas do país, de modo que se afonda na súa discriminación. Canto ao servizo de cociña —como tamén pide a señora compañeira Noa Presas na súa proposición non de lei— está externalizado, sendo a mesma empresa concesionaria para a cociña e para a cafetería, de maneira que comparten persoal.

Pero fíxense vostedes, o pasado 11 de setembro, nunha reunión do xerente da EOXI de Ourense co persoal: «a Xunta anunciou a creación de novas prazas no hospital, entre elas a de matrona». Dous meses despois pechan o paridoiro; por iso é que o papel aguanta todo o que lle poñan enriba. E onte aquí —xa se dixo nun slogan que soltou o señor conselleiro— pedimos a dimisión do señor conselleiro xa fai unha semana polo tema do peche de paridoiro e o servizo de pediatría. Pero isto mesmamente tamén podería ser, porque sacou un slogan que podía ir contra as quince ou vinte mil persoas que ían avanzando nunha marcha, manifestándose —xente da súa tamén— a favor da non-supresión destes servizos. Pois sae o señor conselleiro cun slogan que di: «un parto non é un infarto». Pero, ¿a que conselleiro con dous dedos de fronte, despois da indignación que hai nas comarcas da Limia, se lle ocorre dicir isto? E pregunto eu aos deputados e deputadas do PP de Ourense que están nesta Cámara representados e representadas: ¿que opinan disto? ¿Que opinan disto despois de ver as alcaldesas e os alcaldes do Partido Popular manifestándose a favor de que se manteña o servizo?

¿Que opinan vostedes da parte resolutiva desa moción que se presentou na propia Deputación de Ourense —pedir á Consellería de Sanidade que dote, manteña e mellore os servizos que se veñen prestando no hospital comarcal de Verín para garantir a calidade asistencial da veciñanza no oriente ourensán, nomeadamente do servizo de paridoiro, e trasladar estes acordos á Presidencia da Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade, dirección do Sergas, xerencia do CHOU, profesionais médicos e sanitarios? ¿Que opinan vostedes?

Isto foi a moción que onte aprobou o Partido Popular, Democracia Ourensana e Cidadáns. Eu non sei se o Partido Popular, se os deputados e deputadas desta Cámara do Partido Popular están de acordo ou non con esta moción. Gustaríame sabelo.

Miren, cesen vostedes a política de desmantelamento dos hospitais comarcais. Porque se dixo aquí, e esa é unha realidade: despois de Verín vai o Barco de Valdeorras —xa está, o dermatólogo sacárono ao mesmo tempo. Isto é un experimento, como moi ben se dixo aquí. O próximo vai ser Monforte, despois vai a Mariña e despois vai ir o Salnés.



Reúnanse coa comunidade hospitalaria de Verín e escóitena, ofrezan un servizo de calidade como ata agora se estivo prestando no paridoiro de Verín. E manteñan o persoal de cociña deste servizo.

Nós non queremos máis que, dende aquí, primeiro, dicir que imos apoiar —como non— esta proposición non de lei. E queremos aproveitar tamén a ocasión para darlle azos e apoiar tanto o persoal como os veciños e veciñas de Verín que están hoxe encerrados no hospital, e toda a cidadanía en xeral que asiste ou que utiliza ese centro hospitalario. Porque eles son os que están agora mesmo facendo fronte para que un servizo que é vital, como pode ser o paridoiro de Verín, non se peche e para que as súas mulleres non teñan que dar a luz nun taxi ou nun coche particular.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rodríguez Estévez.

Por parte do Grupo Parlamentario Común da Esquerda ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Nós imos apoiar, como non pode ser doutro xeito, esta proposición non de lei; e de feito mañá interpellaremos tamén o conselleiro de Sanidade, ¡que xa debería estar aquí comparendo *motu proprio* ante a gravidade do peche dun servizo como é o servizo de partos no hospital de Verín!

E eu teño que lembrar que hai dous anos aquí estabamos a debater a modificación da Lei de Saúde e ese recorte e esa redución de áreas. E o que se trasladaba dende o Partido Popular, e que se chegou a dicir a través de algún voceiro no debate nesta Cámara, é que ía servir para mellorar a calidade, para blindar a asistencia nos hospitais comarcais e incluso para achegar o servizo sanitario á cidadanía.

¡É indecente! Porque naquela altura nós dixemos xa que para o que ía servir é para continuar baleirando de contidos os hospitais comarcais. Negouse a maior, pero agora temos xa peche de servizos e, evidentemente, fíxose referencia aquí a outros servizos que contan con problemas. Non é o único, e non simplemente dermatoloxía. Antes do verán xa advertimos: estábanse a trasladar intervencións cirúrxicas, hospitais privados e tamén a Ourense porque non había anestesistas suficientes. Advertimos tamén, xa hai máis dun ano, que tres prórrogas na xubilación dun pediatra ían significar a supresión deste servizo de partos se a Xunta non substituíra. Preguntamos en comisión como ían facer e non deron ningunha resposta. Iso si, negaron que fosen suprimir os servizos, e hoxe temos sobre a mesa esta cuestión. Efectivamente, o Partido Popular non cre no rural, e eu, se fose deputada do Partido Popular dun concello do rural, sentiríame profundamente avergoñada hoxe nesta Cámara. ¡¿Con que cara pode ir un deputado, unha deputada do Partido Popular ás súas comarcas despois do que acaba de acontecer?!

É bastante evidente que os seguintes son os resto dos hospitais comarcais; porque vostedes nunca creron na deslocalización dos servizos, en achegar os servizos a cidadanía. Por iso



non dotan de servizos os hospitais comarcais, por iso atención primaria no rural, e fundamentalmente na provincia de Ourense, cada vez está peor e xa trasladamos aquí nalgũa ocasión a exigua cantidade —menos de dez matronas para atención primaria, nunha provincia enteira. ¿Como? ¿Como diante queren vostedes que a xente se anime a ter fillas e fillos? ¿Para que vale pasarmos os deputados e deputadas desta cámara meses, semanas, enchéndonos a boca falando de demografía e desa Lei de demografía? Se baleiramos de servizos o rural, se tratamos a xente do rural como cidadáns e como cidadás de segunda e lles retiramos os servizos —retírallos a Xunta de Galicia, por suposto—, ¿para que serve?

¡Dá igual o debate que teñamos! Hai un problema gravísimo e chámase falta de equidade no sistema, e aquí explicouse. Probablemente a peor cousa que podería ter feito o conselleiro de Sanidade foi a que fixo, que é xustificar a súa decisión covarde atacando os profesionais sanitarios, os mesmos que, como dicía a deputada proponente, teñen que sufrir a precariedade laboral, e dos e das que por enriba se rin. ¿Como non van estar enfadados?

Dende logo, eu súpome ao apoio que se dá a esas persoas que están alí pechadas. ¡É a segunda vez neste ano que se teñen que pechar para defender o seu hospital, que é o dereito de toda unha comarca! ¡Esta é a situación! Así lles pagan os servizos prestados, trasladando que non teñen experiencia, que perden a pericia, que son un perigo. ¡Así tratan os profesionais sanitarios! ¿Como non van estar enfadados?

E en troques de botarse as mans á cabeza, de trasladar cousas que eu encontro absolutamente insultantes, como a que dixo o conselleiro cando fixo a comparación cun infarto —aquí fíxose referencia a iso en todas as intervencións—; en troques diso... Porque, evidentemente, os profesionais, as matronas, teñen unha pericia absolutamente brillante, levan traballando anos en condicións complicadas... ¡E claro que cando hai un parto previsto que ten complicacións se deriva! Fíxose sempre, vaise facer sempre; nunca houbo problema de calidade asistencial. Un parto normal pode ser atendido nun hospital comarcal. Trasladar agora aquí algo que non está amparado na evidencia científica para xustificar unha decisión política, unicamente amparada en criterios económicos e organizativos, eu creo que é covarde. E trasladarlles a responsabilidade aos profesionais creo que está fóra do que deben ser as responsabilidades do máximo responsable da saúde de todas as galegas e de todos os galegos.

Afortunadamente, nisto e tamén na eliminación desa cociña —porque, efectivamente, podían aproveitar para trasladalo a un servizo cen por cento público e directo neste momento—, teñen a posibilidade de rectificar. E rectificar é de sabios. Se mañá o conselleiro de Sanidade vén aquí e di...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ...—remato xa— que volve poñer a pediatría no hospital, que volve abrir o paridoiro do hospital, nós recoñeceremos e asumiremos que fai ben porque, evidentemente, rectificar é de sabios; senón, mentres tanto...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.



A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ...vostedes o único que fan é incidir na inxustiza e tratando a xente do rural coma se fosen cidadáns de segunda.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Boa noite, señorías.

Señor Torrado, desde logo, os desta bancada non desfrutamos facendo sufrir a xente. É un máis dos insultos que temos escoitado reiteradamente. (*Aplausos.*) Mire, lean o auto da hepatite C e pidan desculpas polas mentiras, polas falsidades, polos insultos, ao presidente, ao conselleiro e a todo este grupo. Lean o auto e pidan desculpas.

Desde logo, señora Solla, Verín non era área sanitaria; o cal desmonta bastante ese discurso que vostede dixo, ¿non?

E referíndome tamén ao señor Torrado, quero dicirle que nunha intervención anterior falou de se o Partido Popular cambiaría de opinión... Teñen vostedes o campión de cambiar de opinión, ¿eh? A hemeroteca e a biblioteca do señor Pedro Sánchez non resisten esa afirmación. ¡Son demoledoras! ¡Demoledoras!, con quince días de diferenza.

Falemos de Verín. Debatenos na Comisión de Sanidade sobre Verín. Efectivamente, convocáronse dúas prazas interinas de pediatría e non apareceu ningún aspirante a cubrilas. Hai convocada unha praza de dermatoloxía e está en trámite a convocatoria dunha praza de traumatoloxía. Desgraciadamente, é moi fácil que non se cubra ningunha delas pola situación actual de déficit de profesionais, do que xa dixemos que non era un problema galego, senón un problema nacional e, inclusive, europeo.

Sabiamos que vostedes viñan falar do paridoiro. Miren, señorías, as nais, nos medios de comunicación, dixeron —teño dous exemplos—: «Ter que ir parir a Ourense dende Verín aumenta o perigo do meu embarazo. Teño un embarazo de alto risco; se, por desgraza, teño algún problema, podo ter un serio desgusto». Un exemplo. Segundo exemplo: «Alégrame parir no hospital, no meu hospital. Paréceme fatal que este paridoiro peche en poucos días. É unha vergoña para a comarca». Lamentablemente, este segundo caso rematou co ingreso do neonato no hospital de Ourense por unha complicación que así o aconsellou. Afortunadamente, semella que sen consecuencias de gravidade.

Eu entendo como persoa e entendo como médico de familia as queixas destas mulleres. Son sentimentos, son emocións... E defenden a súa bisbarra. Enténdoo, ¿como non o vou entender? Pero as opinións profesionais cualificadas van xustamente no sentido contrario... (*Murmurios.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio! Ata agora escoitouse con toda atención as intervencións de todos os portavoces. Espero que nesta tamén sexa o mesmo.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Prima a seguridade fronte á proximidade ou á comodidade. Vou ler textualmente declaracións de expertos. O Doutor Doval, xefe do servizo de xinecología —desde logo, non sospeitoso de ser do Partido Popular, porque eu non o coñezo, e dicía nun artigo que fora militante de Esquerda Unida e candidato do Bloque Nacionalista Galego—, di: «Sen equipos especializados, un fallo no parto pode deixar nun neno secuelas de por vida. É unha decisión técnica e non política; non é un problema económico. O peche do paridoiro de Verín é para atender con garantías o neonato. O control do embarazo e o posparto era e vai seguir sendo en Verín. As prazas de xinecólogos seguen alí as tres que hai, e as dúas de matronas. Non sei onde está o aforro. Eu entendo que hai un problema de información técnica para contrarrestar contra temas emocionais. En que haxa un parto fóra do hospital inflúen moitos factores non soamente a distancia». Doutor Fernández Cebrián, xefe de servizo de pediatría: «Con menos casos é fácil que poida haber riscos. Dende o punto de vista neonatal, sempre é mellor trasladar, nunha situación na que vai haber compromiso, o bebé na mellor incubadora, que é o útero materno. Incrementáanse os riscos por debaixo de 600 partos. Ese é o motivo fundamental, un motivo de criterios de calidade asistencial e de seguridade do paciente, que nese caso é o recén nacido.»

Señora Presas, en Verín non hai pediatras no cadro de persoal dende o ano 2006 —non vou recordar quen gobernaba no ano 2006—. Tampouco houbo nunca hospitalización pediátrica, polo que a atención dos neonatos contou sempre cunha garda localizada de pediatra, que estaba só para esa función. Entón, é imposible que se pechen as urxencias pediátricas, como se está a afirmar de xeito falaz, nin que haxa listas de espera en pediatría.

O presidente do Colexio Médico de Ourense, o doutor José Luis Jiménez —tampouco sospeitoso de pertencer ao Partido Popular— di textualmente: «Véxoo unha decisión correcta, se atendemos aos criterios técnicos dos profesionais de pediatría e xinecología, que son os que mellor coñecen a realidade da situación. Manter un xinecólogo e un pediatra de garda para un parto cada catro días é, como mínimo, cuestionable. Pero ademais, neste momento, non hai suficientes especialistas nas dúas áreas e a non eficiencia trae efectos colaterais.

Señorías, 44 médicos do hospital de Ourense —21 xinecólogos e 23 pediatras— asinaron un documento no que aluden a criterios de calidade asistencial e tamén ás recomendacións das principais sociedades científicas. É un informe do Ministerio do ano 2009 o que fala dos 600 partos. A sociedade de pediatría fala dun mínimo de 300 partos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Remato, presidente.

Señorías da oposición, ¿vostedes serían quen de manter este servizo despois de escoitar a opinión dos expertos? ¿Cometerían esa irresponsabilidade? ¿Que escoitaríamos de vostedes



sobre o presidente da Xunta ou sobre o conselleiro de Sanidade se ocorrese algún problema despois das advertencias dos xefes de servizo e as recomendacións dos expertos?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Remato, presidente.

Este grupo parlamentario e o Goberno que o sustenta van primar sempre a seguridade de nais e nenos sobre calquera outra circunstancia de manipulación ou presión sindical ou política, veña de onde veña. O contrario sería realmente irresponsable e non imos apoialo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Xa rematou o seu tempo.

Moitas grazas.

Polo Grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Señor Centeno, non son sentimentos, son dereitos; *(Aplausos.)* dereitos das mulleres deste país. E sabemos que cando volven os recortes son os nosos dereitos os primeiros que se poñen na picota, pero non o imos permitir.

E mire, é que vostedes mesmos se desacreditan, porque a escusa é o número de partos, e ao mesmo tempo vostedes defenden que están intentando atraer pediatras a este hospital. Entón, paren de mentir, digan a verdade, digan que a súa política laboral negligente primeiro non planificou nin desde o Estado co señor Rajoy nin en dez anos co señor Feijóo na Xunta de Galiza o relevo xeracional dos pediatras. Digan iso, e digan despois que os pediatras escapan de Ourense pola desorganización desa xerencia. *(Aplausos.)* Teñen sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza —citeille unha antes, cítolle outra agora—, e por dúas veces que o recorreu a Xunta de Galicia tiveron que dicir que é imposible ir de Ourense a Valdeorras en 20 minutos. Teñen votedes un problema porque os e as pediatras de Ourense non queren rotar, como estaban facendo e organizando vostedes. Busquen outros incentivos para unha carreira laboral atractiva e para atraer profesionais a este hospital, pero non nos mintan dicindo que é máis seguro non ter pediatras que telos, porque iso é facernos pasar por estúpidos. E non mintan tampouco coa cuestión do número de partos, porque eu xa non vou ir a outros datos de hospitais comarcais, pero é que, mire, ¿por que non son seguros 109 partos, por exemplo, en 2017? ¿Por que non tomaron esta medida en 2017? En cambio, en 2015, 130; en 2013, 111. Mire, é que non é unha cuestión do número, é unha cuestión da organización laboral da Xunta de Galiza e da organización do Sergas.

E mire, hai expertos, efectivamente, que din unhas cousas e hai outros moitos expertos e profesionais que din outras. Hoxe ten dúas entrevistas nos medios de comunicación o responsable de xinecología do Hospital de Verín, que o que di é que realmente a folla de ruta é querer pechar o hospital, e o mesmo o responsable do Hospital de Valdeorras, que o que di



é que é delirante isto porque están falando de cuestións técnicas sen poñer datos enriba da mesa.

Falou vostede dese informe do 2009, pero teño a seguinte parte que fala das distancias. E, claro, o señor conselleiro, como non ten que parir el, atrévese a dicir que, bueno, que non é como un infarto, que desde que empezas a parir tes tempo de sobra para ir a Ourense, para ir de compras, para ir ao hospital e para facer outras cousas.

Iso é indecente, iso atrévese a dicilo porque non vai parir el. E iso é machismo tamén, claro que si, por iso tamén o feminismo galego vai saír ás rúas mañá. *(Aplausos.)* Efectivamente, por iso hai máis de dez convocatorias do feminismo galego mañá, porque tamén é machismo, claro que si. A causa última é esa incapacidade que lles dixen.

E xa o que é o colmo que nos vendan é que esta é a lexislatura do rural e que isto é para incentivar o rural, porque temos declaracións dese mesmo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...do incapacitado para dirixir a área sanitaria de Ourense, que di: «Suprimir servizos no rural é discriminación positiva». Pois miren, non nos discriminen, faga o favor, non nos discriminen...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Rectifiquen iso, rectifiquen esa decisión. Porque hoxe está pedíndoo o pobo e, como se dixo aquí e como lle recordei noutra intervención, é o que están pedindo os seus propios concelleiros e concelleiras.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¿A emenda do PSOE acéptaa?

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Si, aceptamos a emenda do Partido Socialista e agradecemos a vontade dos demais grupos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, xa rematou o seu tempo.

Moitas grazas.

(Aplausos.)


O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Suspendemos o pleno ata mañá ás dez da mañá.

Moitas grazas e boas noites.

Suspéndese a sesión ás oito e cincuenta e un minutos da noite.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

